



CÁTEDRA

Revista eumesa de estudios
Pontedeume Nº 11



PRESENTACIÓN

*Con este volume de **Cátedra**, dá comezo unha nova andaina da nosa **Revista eumesa de estudos**. Quedan atrás os dez primeiros anos dunha publicación que a día de hoxe ninguén pode negarlle un lugar de interese dentro das revistas de investigación que se publican no noso país, no ámbito da historia local.*

Este novo exemplar recolle un índice alfabético de autores e dos traballos que ao longo desta primeira década de vida da revista, foron publicados nela. Tamén aporta como novidade un cambio na súa presenza estética tanto no seu exterior como no interior da mesma.

Quero agradecer a todos os colaboradores e coordinadores de Cátedra este novo exemplar da revista, cargado como sempre dunha variedade de traballos dos distintos eidos do saber, que nos fan descubrir coa súa lectura novos aspectos sobre a nosa vila e comarca.

Remato esta pequena presentación desexando ás persoas que participaron e colaboraron coa revista que os vindeiros dez anos sexan tan fructíferos como os primeiros.

Noraboa a todos

Belarmino Freire Bujía
Alcalde de Pontedeume

A PESCA ARTESANAL EN PONTEDEUME NOS DOUS PRIMEIROS TERCIOS DO SÉCULO XX

Esperanza Piñeiro de San Miguel e Andrés Gómez Blanco

A pesca foi desde sempre unha actividade vital para Pontedeume. Polo seu enclave privilegiado, onde as augas doces do Eume se calman e se ensanchan como para mellor recibir o abrazo salitroso das augas da ría, a vila de Pontedeume acolleu embarcacións diversas, unhas especializadas nas capturas mariñas e outras, no comercio marítimo. Ao longo da historia, moitos dos seus habitantes atoparon na pesca e marisqueo unha profesión, ou un complemento aos baixos ingresos obtidos polos seus traballos na agricultura, na artesanía ou na industria.

O noso traballo é un achegamento ao pasado pesqueiro de Pontedeume nos dous primeiros tercios do século XX. As abundantes referencias documentais e bibliográficas, e as antigas edificacións para usos marítimos, como os varadoiros ou os almacéns de aparellos, constatan a importancia da pesca para a economía da vila. Utilizamos, ademais, fontes orais, entrevistando aos seus protagonistas, os pescadores, que nos relatan os seus afáns, preocupacións e ilusións nuns tempos difíciles, con artes e aparellos artesanais, e sen medios técnicos para a navegación e a localización de bancos pesqueiros. A dureza do traballo no mar é a principal característica. A valentía e o tesón definen aos pescadores, que aman e respectan o mar, e que manteñen claros comportamentos ecoloxistas e de solidariedade.

Comezamos ofrecéndolle as **Historias de Vida** de dous pescadores xubilados, como exemplo dunha forma de traballar na pesca que xa forma parte da historia.

MANUEL PLACER PIÑEIRO, "Lolo Placer"

Naceu en Pontedeume cando o sol iluminaba a vila por vez primeira nese ano que se iniciaba: o 1 de xaneiro de 1930. Era o segundo fillo de Moncho Placer, pescador de baixura, e Concha Piñeiro, nacida como o seu home en Pontedeume, que axudaba a reparar os aparellos e criaba os 8 fillos que tiveron: sete nenos, que a medida que crecían ían todos ao mar, e unha nena.

Ten Lolo seis anos cando a guerra civil divide os españois, xerando dor, morte e fame. Gran parte dos mestres son represaliados.

"Xa case non quedaban bos mestres, non había máis que pao e eu non volvíñ á escola. O noso pai foinos ensinando algo nunha pizarra na casa. Despois, de maior, sempre me interesaba saber en que mundo estaba. Collía libros, mapas... para poder defenderme".

Lolo recorda o pasado con nitidez. É un home afábel, con fortes preocupacións sociais, afán de xustiza e un grande sentido do humor. As lembranzas dos tempos duros chegan matizadas por retallos de momentos alegres e pola nostalxia dun tempo que se foi.

"A vida do mar foi moi triste. Os tres irmáns maiores empezamos de pequeniños co meu pai. O máis vello tiña 11 anos, eu tiña 10 e o outro, 9. Remábamos os tres nun remo. E meu pai, co outro, e aínda nos axudaba no noso remo. Non tiñamos motor:

Case sempre levábamos de aparello un bou, larghando e tirando nas praias. Era un aparello miserable. Collíamos pancho, xurelo, piñón... Para comer e a ver se ghanábamos para comprar as patacas de semente e o pan de ración.

Algunha vez fomos ao trole, un aparello coma unha sábana cadrada para pescar no medio do mar con dúas barcas. Ou ao xurelo co medio mundo, un aparello redondo ao que se lle mete o enghado abaixo e, despois, levántase".

En 1942, o pai lévaos á Comandancia de Ferrol. Explica que necesita dos seus nenos para ir ao mar e que se fai responsábel deles. Aínda que o caderno de navegación non se concedía até os 14 anos, Lolo aquel día recíbeo con 12 anos, e o seu irmán, con 13. Xa os consideran adultos.

O bote chámase igual que o pai, Moncho. Van vogando deica a ría de Sada ou á de Ferrol, pescan toda a noite para regresar á amañecida. Descargan o peixe en Pontedeume e unha vendedora chamada Balbina, a Toura, encárgase da venda de case todas as capturas dos pescadores de baixura.

Durante moitos anos, Lolo Placer continúa pescando co seu pai de forma intermitente, no tempo que lle deixa libre a tarrafeira na que se embarca.

"Cando tiña 13 anos, embarquei nunha tarrafa chamada María, con motor de gasolina, que levaba unha lancha a remolque para traer o peixe. O armador e patrón do barco era o Lameiro, moi nombrado en Pontedeume e moi boa persoa. Alí botei ata os 26 anos.

Éramos 14 ou 15 tripulantes. Eu empecei como chavaliño de a bordo, o rapaz da lancha de remolque: tiña que chamar á xente para marchar, limpar, buscar a augha. Co tempo cheguei a ser patrón da lancha."

Van pescar ao cerco, sobre todo sardiña. As roupas de auga son de tela empapada en aceite de liñaza, polo que sempre están mollados. Nos pés, zocas de madeira de bidueiro. Saían ás sete da tarde para regresar á Coruña á hora da venda, ás oito da mañá.



Lolo Placer co seu fillo Lito levantando as betas.

"Éramos os únicos pescadores que comíamos nun bar. De almorzo, cascarilla con pan. A xantar íbamos ao restaurante Numancia. O primeiro día, quedei de garda no barco mentres iban os outros a comer. Cando volveron, fun eu solo, descalzo. Puxéronme sopa e unha fonte de carne asada con pementos. Eu eso nunca o vira. Coa verghonza sólo comín sopa e marchei con fame. Ao outro día, a camareira mandoume comer: Está todo pago, vas descontar o que onte non comiches. De postre deume tortilla francesa con azucre e melocotóns en almibar. Eu non sabía o que era.

Aprendín que o que vai con verghonza polo mundo, vale máis que non vaia. Pero a verdade, sempre por diante".

Con 27 anos, casa con Juana Leira, que era de San Martiño do Porto. Terán cinco fillos. Os tres varóns irán con el ao mar, pero axiña o deixarán. Non seguirán a profesión familiar.

Lolo, despois dun paréntese en terra, traballando de ferralleiro con Rodolfo Lama, para Astano, volve a pescar co seu pai, no mesmo bote de remos.

"Estábamos neghros coa fame. Había gran cantidá de peixe pero paghábano moi mal. Moitas veces viñamos do mar e íbamos ao marisco, ás nécoras con nasas, ou ás ameixas, berberechos e ostras, que moitas había. Un día, en dúas horas debaixo da ponte de ferro, collemos 80 centos de ostras. Paghaban a peseta cada unha.

Esta ría foi moi rica en linguado, camarón, faneca, pescadilla, barbadás... Hoxe está todo limpo. Non hai nada. Bótanlle a culpa ao mariñeiro, por acabar con todo, pero non é así. Porque había especies que nunca se collían e tamén desapareceron. É pola contaminación.

Centola había cantidá. En Sada e Pontedeume sacou a fame ós pobres. As xibas viñan desovar á ría na primavera e saían os choquiños, riquísimos. Hoxe veñen a desovar e non sae nada; é coma unha viña na que saen as uvas e de pequeniñas fanse pasas”.



Lolo Placer no seu barco *Tiburón*.

O bote é de remos. Saen ás 6 da tarde e, deica que regresan ás 8 da mañá, non paran de vogar. Só, no tempo de largar, esperar vinte minutos e recoller o aparello, que case sempre era o bou. Non levaban nada de comer, na casa non había porque eran os tempos difíciles da posguerra, e todo era traballar.

" Un día viñamos tan rendidos de fame e sono que o corpo non aghuantaba máis. Paramos un pouquiño a botar un pitillo e quedamos os catro durmidos.

Cando non podíamos co remo, íbamos hasta a pena do Mourón, na parte de Redes, a pescar panchos á liña, cun cebo de tripa de sardiña, que é o que máis enghada o peixe.

Antes, esta costa era fanequeira. Hoxe non, sólo hai onde están os barcos afundidos. Nosoutros víramos afundir un barco, o Vikingo, na ría de Ares. Quedara a cuberta ao aire. Leváramos á tripulación a Ares e logho o barco foise a pique totalmente. Alí é onde cría a faneca.

Outros días do verán íbamos á praia de Ber, en Boebre, a coller patexo, un cangrexo que non vale para comer. Vendíase para abono das terras”.

Pasan os anos e Lolo Placer faise cun barco de seu, o *Tiburón*, que merca en Ares. De aparello utiliza betas, que non pesan e pode manexalas el só. Adquire tamén dúas emisoras, para o barco e a casa, e poder comunicarlle o que pesca á súa muller, que xa o vende polas casas antes de desembarcalo. Así gañan o dobre. Retírase con 60 anos

Lolo fala do seu pasado no mar con emoción ao lembrar os seus compañeiros:

"Manolo e Antonio, ós que chamábamos Manoplas; Pepe Gallo que andaba a remos con nós e era un esclavo coma min; Manolo Toneche e Lolo Toneche que anduveron no barco do meu pai a remos; o Roli, moi traballador; da tarrafa recordo a Toñito Lameiro fillo, e ao motorista, ao que chamábamos Manolo o Alquiler, porque o seu pai tiña un negocio de alquiler de bicicletas.

¿Empezar de novo e volver a pasar as que pasei? Non. Ao mar, nin pensalo. De aí non sacas máis que esclavitude. Coas que pasamos no mundo, non sei como estamos aquí.

Pero era bonito pescar. Moita vista ao que estás facendo. Tes que levar na memoria onde vas ir cada día. Para poder pescar, o mariñeiro ten que saber o que hai no fondo do mar sen velo nunca. Ten que saber onde hai pedras, areas, a profundidade... Vai pasando de xeración en xeración.

Tamén ten moitos pelighros. Un día íbamos nunha lancha de vapor de 9 metros, chamada Carmela, do meu irmán Moncho. Íbamos catro: meu pai, meu irmán, Antonio Manoplas e mais eu. Ao anoitecer estábamos en Covas (Ferrol), deixamos o barco fondeado e fomos no bote. Empezou temporal. A veces aparece un mar que

Pescadores de Pontedeume. De esquerda a dereita: Curao *O Andalus*, Gabriel *O Topete*, Ramón Placer (pai de Lolo), Román *O Marta*, Sindo Placer e Antón *O Garnacho*.






1.Estacas
2.Pedra de S. Victorio
3.Pedro Moca
4.A Zamborela
5.A Pena
6.Entrepedras
7.A Campa
8.Pedra da Campa
9.As Vacas
10.A Cercada
11.Arteselo
12.Sabadelle
13.Punta Dagra

14.O Asno
15.Area Morta
16.Os Curbeiros
17.Río Sande
18.Coido
19.Almieiras
20.Punta do Lapipe
21.Río Dana
22.Altar
23.O Frade
24.Porto escondido
25.Chamoso
26.A Isla

27.O Carballiño
28.A Penela
29.Praia da Madalena
30.A Tasca
31.Fabal
32.Espiritu Santo
33.As Croas
34.Lamelas
35.Portiño
36.Home de Pau
37.A Pía
38.San Calcón
39.As Veas

A pesca artesanal en Pontedeume nos dous primeiros tercios do século XX



- 40.A Rabaleira
- 41.Zopazos
- 42.Pedra Santa
- 43.Ferreiro
- 44.Peido da Vella
- 45.A Macuca
- 46.A Mina
- 47.Baixas de Centroña
- 48.O Loureiro
- 49.O Cabalo
- 50.Cartaxes
- 51.Punta Celeiro
- 52.Louxeira

- 53.Angieira
- 54.Ber
- 55.Lastre
- 56.Porto Mazas
- 57.A Cruz

TOPÓNIMOS DA RÍA DE ARES SEGUNDO LOLO PLACER.



Romería do día da festa do río Eume nos anos 50.

non se sabe de onde ven e que chega arriba do monte. Veu outro mar e deunos tempo de ir a terra a unha praiña. Foi aínda peor. A resaca movía a area e levábanos os pés. O Manoplas non sabía nadar, poñíase detrás miña co medo, e a forza do mar facía que se colase por debaixo do bote. E veña a axudalo. Non éramos capaces de sacar o bote, que se clavaba na area. Por fin sacámolo. E como non tiñamos nada ghanado, decidimos ir á praia de Ríos. O Manoplas pasara tanto medo que dixo: Eu non quero a miña parte, ide vos. Logho tranquilizouse e collemos unha boa pesca de robaliza.

O mar é moi serio, haille que ter respecto, pero non se lle pode ter medo".

ANTONIO GARCÍA SÁNCHEZ, "Toñito Lameiro"

É exemplo de dedicación de toda unha vida ao mar. Fillo e neto de mariñeiro, di con orgullo: *"Todo canto sei do mar aprendino na casa"*.

Naceu en Sada, nas Figueiras, o 12 de novembro de 1927. A casa do avó estaba a carón do mar, unida por un breve carreiro coa rampla do Lameiro, chamada así polo alcume familiar, que vén de antigo. Hoxe ese espazo está ocupado polo porto. Alí, nesa rampla, amarraban as lanchas. Alí empezou Toñito a vogar e a axudar na pesca, mentres ía á escola de dona Pancha Morlán, unha mestra que morreu centenaria e case cega, tras recibir unha merecida homenaxe da poboación.

A pesca artesanal en Pontedeume nos dous primeiros tercios do século XX



O *Pilarita*, de Lameiro, e a lancha de David.

Entre as súas primeiras lembranzas, está o accidente producido o día da festa da Virxe do Carme, no que unha lancha, con máis de 100 persoas a bordo, embarrancou, virou e produciu a morte dun neno, un dos seus primos. Tamén recorda, durante a 2ª República, a inauguración do comezo das obras do porto de Sada.

"Vin como poñían a primeira pedra do porto enriba da rampla, cun peso de prata e outros documentos debaixo, e cemento polos lados. Ao outro día, a pedra, que era grande, de cantería, apareceu tirada abaixo, no mar; e xa lle roubaran o peso. Aquela pedra quedou sempre alí e servíanos de paso para subir á rampla".

O seu pai, Antonio García Couceiro, coñecido tamén coma Toñito Lameiro, sempre tivo lanchas de seu, con varios mariñeiros. O noso entrevistado, Toñito Lameiro fillo, comezou a ir con el a pescar. Lembra que a primeira vez foron pescar para esconderse, pois en plena guerra había medo de que viñeran a buscar o seu pai á casa, a 'pasealo', e durmían no barco.

"Ao acabar a guerra, en Sada empezou a haber unha flota de barcos grandes, porque comprou barco Chichi, e tamén Cristovo, e Cuco... e a xente iba embarcar neles. Ademais, volveron meus tíos do fronte e a casa era pequena para tanta xente. En 1940, meu pai acordou vir para Pontedeume coa familia: miña nai, chamada Francisca, miñas irmás, Fina e Paca, e mais eu.

A guerra deixou moito medo. Recordo que cando explotara o polvorín de Ferrol, aquí escoitámolo e non sabíamos o que era. Empezouse e dicir que era un desembarco e moitos homes escapaban polos montes de Bremao.



Pescadores na comida en honor do Xefe da Garda Civil de Pontedeume.

En Pontedeume empecei co meu pai pescando ao palangre, o bou e a rapeta, nunha lanchiña de oito metros con motor de marca Universal, que custara 8.000 pesetas. O motor montouno Julio Salorio, que tiña aquí un taller. Con esa lancha, chamada María, pescamos moito mocartiño, que nos compraba Chelo en Sada para levar á Coruña e enviar para Italia. Había moito peixe, pois o mar descansara durante a guerra, porque os barcos tiveran que amarrar por falta de homes e de combustible.

Un día esa lancha perdeuse nunha riada. O motor apareceu, e metémosllo a outro barco que compramos, chamado tamén María, que durou moitos anos. Era unha tarrafilla, cunha lancha a remolque na que estivo Lolo Placer de patrón".

Medio Pontedeume pasou pola súa casa, a pescar nos barcos do seu pai ou nos seus. Cando vendían na Coruña, enviaban a toda a tripulación a comer ao restaurante Numancia, na rúa San Andrés. Despois cambiaron para o denominado a Marina. Os cartos para a comida e a gasolina eran a montemaior.

"A gasolina de cupo custaba a dúas pesetas, pero era escasa. Había que mercala de estraperlo. Na Coruña, aos taxistas vendíana a 20 pesetas ou a máis.

Os mariñeiros que viñan comigo eran boa xente. Tiñan outro choio, que era ir ás pinas ao monte para vender polas casas. Eran duros e, cando tocaba traballar a bordo, traballaban. Daquela, todo era a man. Aos envasadores dáballes un peso e dous caldeiros de peixe. Na descarga na Coruña sempre había unha cola de pobres e todos levaban unha presa de peixe. Había para todos. Os tempos eran malos".



No *Pilarita* pescando cuns amigos para levar o peixe ó asilo.

Pescan ao cerco: sardiña, xarda, xurelo, bocarte. Ademais da ría de Ares, van pola ría da Coruña e polo Orzán, por fóra do Boi. Dormen todos no barco ou na lancha de remolque. As redes teñen que encascalas cada tres ou catro meses. Deben mergullalas en auga fervida con casca de carballo e mais piche mesturado con chapapote. Fano nos antigos almacéns de Pontedeume. Despois lévanas nun carro, daqueles chamados zorras, a tender, durante cinco ou seis días, no piñeiral de Cabanas, ou por riba dos xuncos de Betanzos ou do pazo da Lancra (hoxe denominado de Mariñán).

"Un día na Ghabeira, collemos 4.000 quilos de calamares nun lance. De sardiña, o lance de máis pesca foi en Campelo. Chamárame o vello Mouzo, pois eu xa tiña a bordo do Pilarita unha telefonía 'gran sol' de seghunda man: Lameiro, vente para aquí que hai moito peixe. Collín 8.000 quilos e deixamos que moita sardiña se fose por riba dos corchos.

Antes había moito peixe. Chegaban todos os barcos cargados. Antes contábase por medida, que era de 100 quilos. Agora cóntase por caixa, que é de 20 quilos. Viñeron outras artes modernas e xa non hai peixe. En Pontedeume non nos dragan a barra e teñen que quedar os barcos fóra. Este muelle fixérono cando a guerra, recordo que cando eu cheghei acababan de terminalo. Debían continualo, porque fixeron portos noutros lados, pero non aquí".

Entre os homes do mar din que o raposo é de mal agoiro e que a bordo non se debe nin nomear, pois pode producir accidentes, naufraxios ou mala pesca. Non embargante, o pai de Toñito Lameiro dicía que lle traía boa sorte. En tódolos barcos que tivo, sempre levou pintado na proa un raposo.

"Cada ano encargáblle ao pintor Pío Rosado que lle volvese a pintar o raposo, en todos os barcos (menos no último), para traer boa sorte. Os de Mque augardos, ao ver o raposo, dábanlle o cu aobarco e botábanlle os cornos.

No mar había quen pescaba e quen non. Fora sorte ou fora noxo. Non había aparatos, e todo era a vista e a experiencia. Era traballar e buscar. Para min era ghloria miña andar ao mar entre homes de 60 anos (porque non había seguro e non podían retirarse). Eu, con 16 anos xa empecei a mandar, pero aprendía moito deles.

En Pontedeume cheghou a haber moitos barcos: unha baca de arrastre do Piruleiro, con 7 ou 8 homes. Algúns dos nomes de barcos que recordo son: Pepe, Lameiro, Ramonín, Nos vai, Amalita, División Azul, Parrala, No soplas, Brusco... Cada barco levaba máis de 20 homes. E outros pescaban nos seus botiños ou mariscaban. Tamén se fixeron aquí, no varadero, moitos barcos que marchaban para outros portos".

Toñito Lameiro casou con Pilar Leira, de Centroña, e tiveron dous fillos, Antonio e Pili. Agora ten 76 anos e fala con paixón dos problemas pasados e presentes da pesca. Lembra os esforzos por conseguir melloras para Pontedeume, das xestións de Sarmiento e mais do seu cuñado Nicolás Barro, entre outros, para conseguir a Casa do Pescador. Lembra os seus anos como membro do Cabido e, a continuación, como Patrón Maior (1976-1989). E lembra, tamén, máis dun susto no mar.

"Caéronme, por dúas veces, homes ao mar. Un caeu larghando a un banco de xurelo, manghousa na pedreira e puidemos collelo. O outro caeu unha noite cando íbamos por fóra das Xacentes pescando aghullas. Deixamos o peixe sen coller e chamamos por el, ¡Parrocha! Subímolo a bordo e nunca máis quixo ir ao mar. E eu tamén caín envasando peixe. Espeteime coma se me tirara de cabeza ao mar... ¿Sería que eu, no barco novo, non lle pintara o raposo na proa?

A risa de Toñito Lameiro é franca, igual que a súa mirada. Lolo Placer díxéranos del: *"É unha das mellores persoas do mar que coñezo".*

Homenaxe ó Home do Mar. De esquerda a dereita: Manuel, o conserxe da Confraría; Toñito Lameiro; A Raíña do Mar de Pontedeume; Román, O Marta; un señor da Coruña e David.



O ASOCIACIONISMO DOS PROFESIONAIS DO MAR

Nas primeiras décadas do século XX, intensifícase o asociacionismo, que viña desenvolvéndose con forza desde a segunda metade do século anterior. Prolifera asociacións con fins culturais, recreativos, deportivos, políticos, etc. Entre as clases traballadores fórmanse sociedades de socorros mutuos, de resistencia ou sindicatos. E entre os profesionais do mar, despois de que no século XIX desaparecesen os antigos Gremios de Mareantes, créanse, igualmente, diferentes asociacións. Faremos unha alusión das máis importantes.

Hermanad Marítima de Puenteume, 1908

Constitúese o 14 de xaneiro de 1908, baixo a presidencia interina dun dos seus promotores, Celestino Varela. Segundo o seu regulamento, a sociedade mantén un carácter relixioso xunto a fins sociais, culturais e materiais para tódolos traballadores do mar, tanto pescadores como mercantes. No artigo 1º indica que ten por obxecto el mejoramiento moral, religioso, individual y social de sus individuos, por medio de la instrucción, el ahorro y el ejercicio de los derechos de los ciudadanos según autorizan la Constitución y las leyes. No artigo 2º especifica que Solo podrán ser socios los marineros ó navegantes de oficio mayores de diez y seis años.

Nesa reunión elíxese a primeira Xunta Directiva:

Presidente: Celestino Varela

Vicepresidente: Cipriano Leira

Bibliotecario: Manuel Leira

Contador: Ramón Santos

Depositario: Ramón Hernández

Secretario Xeral: José A. Freire

Vocais: José Mª Placer, Jesús Placer, Antonio Piñeiro, Juan Antonio Martínez e Gabriel Piñeiro

Sociedad de Marineros Pescadores, 1914

De ideoloxía anarquista, foi impulsada pola CNT, que neses anos se estendía con forza entre os traballadores do mar de toda Galicia, fundamentalmente por medio de la asociación El Despertar Marítimo.

Nace como sindicato de clase, exclusivo para mariñeiros pescadores, na defensa dos seus intereses fronte ós armadores por medio da folga e a negociación. Defínese a marxe de ideas relixiosas e políticas.

Do seu regulamento, aprobado polo Goberno Civil da provincia con data 5-11-1914, extractamos:

"Art. 1. Integrada por los marineros pescadores que se dedican a dicha profesión

en la industria de la localidad y sus contornos, queda constituida esta sociedad, apartada de todo matiz político y religiosos, con el objeto de favorecer la cultura intelectual de los trabajadores, dedicarse a la defensa profesional del gremio que la constituye y colocarse en el ejercicio práctico de la solidaridad, para el mejor fin de la emancipación económica y social de todos los trabajadores.

Art. 2. Para llevar a la práctica los fines indicados, son fundamentales:

1. La propagación societaria de los principios económicos sociales, lo mismo entre los trabajadores de la ciudad, como en el seno de los del campo, celebrando conferencias, mítines y en general todos aquellos actos que permitan las circunstancias.

2. Impedir por medio de la acción directa todos los atropellos de que puedan ser víctimas sus asociados, así como el apoyarlos en todas cuantas reclamaciones sugieran.

3. Ejercer la solidaridad con todas las sociedades obreras que persigan los mismos fines, ya sean éstas locales, nacionales o extranjeras.

Art. 4. La cuota que satisfará cada asociado será de 0,10 pesetas semanales".

O local social establécese na rúa Real, 8, baixo. A comisión organizadora que tramitou a aprobación dos estatutos estaba formada por: Jacinto Piñeiro, Jesús López, Pedro Salgado, Andrés Leira e José Torrente.

Unión de Pescadores de Puente deume, 1919

A súa constitución ten lugar o 16 de febreiro de 1919, despois de que fose aprobado o seu regulamento. A xunta Directiva elixida é a seguinte:

Presidente: Raimundo Martínez, domiciliado en Empedrado, 41.

Secretario: Ángel Placer, S. Agustín, 29.

Vicesecretario: Joaquín López, Mancebo, 1.

Contador: Rogelio Vilela Ares, Tahona, 6.

Depositario: Jesús Leira, Pescadería, 37.

Vocais: Ramiro Vázquez, Antonio López, José Piñeiro, Eduardo Díaz e Antonio Piñeiro.

Funciona como unha sociedade de clase para defensa das condicións laborais e de vida dos seus afiliados, que mantén lazos de colaboración coa UGT. Polo seu Regulamento, sabemos que se define allea a todo matiz político-relixioso, así como os seus fins e funcionamento. A cota que deben aportar os seus socios é de 25 céntimos semanais. O local social está na rúa das Virtudes.

Gremio de Armadores de Tarrafas y demás artes de pesca de Puentedeume, 1920

No seu domicilio social da rúa San Agustín, 7, constitúese o 4 de outubro de 1920. É unha organización empresarial fronte ás reivindicacións dos pescadores mariñeiros. Elixen a Xunta Directiva:

Presidente: Miguel Montero Leira

Vicepresidente: Ramón Varela González

Tesoureiro: Miguel García Fernández

Secretario: Ramón Montero Leira

Vocais: Manuel Andrade Monzo e Francisco Tiz Gestal.

Polo seu Regulamento, coñecemos o funcionamento:

"Art. 2. Para realizar sus fines, empleará los medios siguientes:

1. Mantener o estrechar las buenas relaciones con las demás sociedades o gremios de esta industria y similares, y solidarizar la acción de todos en los asuntos de interés común.

2. Facilitar la armonía y concordia entre patronos y obreros interviniendo en sus diferencias y procurando resolverlas favorablemente y con criterio justo e imparcial, con objeto de impedir las extralimitaciones abusivas o violentas.

3. Intervenir, en general, en cuantos asuntos afecten a la conveniencia del gremio o de los individuos que lo integran, procurando defender y fomentar sus intereses mediante mutuo auxilio y empleo de los procedimientos legales.

Art. 5. La cuota de entrada se fija en 50 pesetas y la mensual en cinco para las tarrafas de vapor. Para las de remos 40 de entrada y cuatro mensuales, y para jávegas quince y dos.

Art. 9 (...) es indispensable que siempre que se produzca algún incidente entre patronos y obreros que pueda dar lugar a la huelga, debe ponerse en conocimiento del Presidente, para que el Gremio trate de resolver el conflicto sin tener que sujetarse en poco ni en mucho a negociaciones previas que dificultarían su solución posterior".

Esta asociación mantén relacións de colaboración con outra que se constituíra o ano anterior, é dicir, en 1919 na capital: *Gremio de Armadores de Pesca de La Coruña.*

Reglamento
de
La Hermandad Marítima
de
Puertedeume.
Bases Generales.

Artículo 1.º- Con el nombre de la Hermandad Marítima de Puertedeume se constituye una sociedad cuyo objeto es el mejoramiento, moral, religioso, individual y social de sus individuos, por medio de la instrucción, el ahorro y el ejercicio de los derechos de ciudadanos según autorizan la Constitución y las leyes.

Art.º 2.º Solo podrán ser socios los marineros o navegantes de oficio mayores de diez y seis años.

Art.º 3.º La Sociedad queda bajo la advocación de la Virgen Santísima del Carmen patrona de los barcos de pesca, á la que cada año el día de su festividad se le dedicará una función religiosa.

Iguálmante en un día próximo á dicha festividad se celebrará una acto fúnebre por los socios

Reglamento del «Póito de Pescadores» de Puertedeume
Capítulo Primero
Generalidades

Artículo 1.º El Póito de Pescadores de Puertedeume, es una asociación cooperativa de pescadores, que persigue la completa redención de dicha clase, extendiendo la cultura entre sus asociados; estableciendo en su favor los distintos seguros sociales y explotando, sin el auxilio de intermediarios, la industria pesquera.

Artículo 2.º Esta asociación, será ajena a toda idea política religiosa o de lucro.

Artículo 3.º En cumplimiento de lo expuesto, tiene como objetivos próximos:

- A) Organizar convenientemente la venta de los productos de la pesca de sus asociados.
- B) Adquirir embarcaciones y artes, para la explotación por la asociación de la industria pesquera.
- C) Establecer entre ellos los distintos seguros sociales.
- D) Aumentar la cultura general y profesional; y
- E) Organizar convenientemente la exportación y manipulación de los productos de la pesca.

Pósito de Pescadores de Puentedeume, 1922

Os Pósitos de Pescadores van creándose por toda a costa española impulsados pola administración. Son organizacións interclasistas de armadores, patróns e mariñeiros para a organización e fomento das actividades pesqueiras. Defínense como asociacións cooperativas para organizar, sen o auxilio de intermediarios, a industria pesqueira. O primeiro que funciona en Galicia é o de Cambados, en 1917.

O Pósito de Pontedeume constitúese o 31 de decembro de 1922, no local denominado Palacio. O seu local social establecerase na rúa Santiago, nº 4 e , a partir do ano seguinte, na rúa Real, 30. A primeira Xunta Directiva queda formada así:

Presidente: Manuel Fernández Doldán

Vicepresidente: Victoriano Vázquez Rodríguez

Secretario: Enrique Piñeiro Otero

Vicesecretario: Ángel Prieto

Contador: José Placer Pérez

Vicecontador: Juan Antonio Martínez Vázquez

Depositario: José Piñeiro Otero

Vicedepositario: Andrés Pena Calvete

Vocais: Manuel Vázquez Rodríguez, Ramón Montero Leira, Manuel Leira Varela, Vicente Freire Leira, Ángel Villar Allegue, Constantino Vázquez Rodríguez, José Fonte Martínez, Jesús Vázquez Otero e Francisco Rodríguez Corbeira.

Para o sostemento económico da sociedade, cada socio, nun principio, debe achegar unha parte, ou quión, por cada embarcación. A partir de novembro de 1923, substitúeno por unha cota de 50 céntimos mensuais.

O Pósito de Pescadores conta coa axuda da Caixa Central de Crédito Marítimo, creada por Real decreto de 19-10-1919, que subvenciona moitas das súas actividades. Unha das primeiras é a posta en funcionamento dunha escola, segunda consta na acta da Xunta xeral extraordinaria de 25-6-1923:

"(...) las enseñanzas de la infancia empezarán el 25-6-1923. Se acordó que no podrán ingresar en dicha escuela nada más que los hijos de los pescadores. Se acordó dar ingreso a los hijos de viudas de pescadores, siendo ésta que no tenga algún hijo que sea mayor de edad y éste que anda a la mar no es socio no tendrá derecho en dicha escuela. (...). Se nombra Profesor de la sección cultural infantil a D. Frutos Fernández Martínez".

En meses sucesivos, algúns socios doan material para esa escola, polo que se lles agradece por escrito. Por exemplo: *"a Manuel Iglesias por el obsequio de un aparato para el aprendizaje del telégrafo Morse de señales, (...) y a Constantino Amado por el regalo de cuatro tableros de ajedrez"*.

Tamén funcionan clases nocturnas de adultos, de máis de 14 anos.

O Pósito de Pontedeume mantén contactos con outros pósitos. En 1923 delega en Rodrigo Sanz López, para que asista en Madrid á Asemblea de Pósitos de España e remita as conclusións.

En 1924 envía ao seu presidente para acompañar a Alfredo Saralegui (Xefe da Sección Social da Caixa de Crédito Marítimo e impulsor destas asociacións) na visita ao Pósito de Moaña, para axudarlle a solucionar os problemas alí presentados.

Nos primeiros anos de funcionamento, a marcha económica da asociación é positiva. Conta cunha cantina, mércase unha mesa de billar e diverso material escolar. Mesmo fan donativos a outros pósitos cando se producen accidentes e naufraxios. Pero a Xunta Xeral do 14-2-1925 acorda poñer en marcha dúas novas iniciativas que, lonxe de acadar os beneficios esperados, van provocar a súa creba. Estas iniciativas son adquirir unha tarrafa e establecer unha Cooperativa de Consumo.

Efectivamente, entre os obxectivos do Pósito, o seu regulamento especificaba: "Adquirir embarcaciones y artes para la explotación por la asociación de la industria pesquera". Mercan unha tarrafa e elixen como a seu mestre a Evaristo García. Pensan que cos beneficios poderán axudar a amortizar un préstamo que lles permita construír un edificio social. En 1926, acordan inscribir aos tripulantes desa tarrafa nas listas do retiro obreiro obrigatorio, así como pagar as cotas que deben para os retiros do conserxe e o profesor, que xa estaban inscritos. Os gastos, por tanto, incrementáanse e a contabilidade reséntese.

En 1925 créase a *Sección Cooperativa de Consumo del Pósito de Pescadores de Puenteume*. Vai funcionar como cooperativa de consumo e pretenden *"extender paulatinamente sus operaciones a la venta de efectos pesqueros"*. Inician a súa andadura cunha subvención de 500 pesetas da Caixa Central de Crédito Marítimo, que lles concederá ate un total de 2.000 pesetas.

O día 10-5-1925 len o Regulamento desta Sección e elixen como director-xerente a Elías García; como secretario-contador, a José Cabezal; e como vocais inspectores, a Encarnación Regueiro e a Ángel Cortizo. A praza de encargado é para o socio Cipriano Leira.

Axiña non se producen máis que perdas. En 1926, os vocais da Xunta Inspectora do Pósito, Jerónimo Barro Lage e Miguel López Torre analizan a contabilidade e cualificana de *"desastrosa, debido única e exclusivamente a la falta de ventas, cuyo reducido beneficio no compensa los imprescindibles gastos que dicha sección origina, (...) deciden la clausura de dicha sección de la Cooperativa y la liquidación de sus existencias"*.



Selo do Pósito de Pescadores.

Ante as dificultades económicas, o presidente do Pósito dimite e elixen a Constantino Fonte, que argumenta falta de tempo. En Xunta xeral de 21-11-1926, o elixido é Miguel López Torre, quen acepta co compromiso de intentar sanear a economía do Pósito. As débedas son tantas que, en xullo de 1929, por embargo de mobles e aparellos, deciden disolver a sociedade.

En xaneiro de 1930 crean o Pósito Infantil de Puenteume, adscrito á Escola Nacional do Pósito de Pescadores desta localidade. Pretenden formar a rapaces que no futuro poidan organizar un Pósito renovado e cun bo funcionamento económico "que puedan dirixirlo en el día de mañana mediante el conocimiento práctico y teórico de su mecanismo y estructura", tal como sucederá durante a Segunda República. Así, atopamos o Pósito de Pontedeume integrado na Federación Rexional de Pósitos Marítimos e de Pescadores de Galicia Norte, que nace o 29 de decembro de 1935.

A guerra civil e a posterior dictadura franquista truncan o asociacionismo. Todas as sociedades, sindicatos e partidos políticos non controlados polo novo réxime son prohibidos. A principios dos anos 40, os antigos pósitos de todo o litoral español transfórmanse en Confrarías de Pescadores, dependentes do Sindicato Vertical.

A Confraría de Pescadores de Pontedeume, en 1947, recibe aprobadas as súas ordenanzas. Está dirixida por un Cabido, e o presidente pasa a denominarse Patrón Maior.

En 1948, Bernardo Zabala Ayerbe é o Patrón Maior, que considera como necesidades máis urxentes para os pescadores da vila o dragado do porto e a falta de subministración de combustible e equipamentos: "las embarcaciones tienen que ir a vender a otras lonjas, sobre todo en bajamar. Y no pueden venir otras, de otros puertos, a vender aquí". En 1950, engádese a preocupación pola escaseza de ostras, que orixina a prohibición da súa extracción durante tres anos e a súa posterior recuperación.

Adaptada ás novas necesidades e á nova lexislación, a confraría segue funcionando até a actualidade.

A ANTIGA PONTE GÓTICA SOBRE O RÍO EUME EN AGOSTO DE 1721: ALGUNHAS PRECISIÓNS DOCUMENTAIS E UN DEBUXO INÉDITO DE FERNANDO DE CASAS Y NOVOA*

Alberto Fernández González

"...el puente hes berdaderamente obra ynsigne de romanos y el mas largo que he bisto en hespaña... yo considero que uniuersalmente todas las prouinzias de este reyno unas mas y otras menos, son ynteressadas en la conseruacion de dicho puente... hes actualmente util para el servicio del rey, puede ser utilisima y mui precisa si se llega a formarse astillero para fabricas de nauios en el puerto del Ferrol..."

(D. Rodrigo Caballero y Llanos, intendente xeneral do Reino de Galicia. 16 setembro 1721. Arquivo Municipal de Pontedeume).

Recentemente publicáronse dous interesantes traballos que analizan as diferentes transformacións e mutilacións históricas que sufriu a vella ponte gótica de Pontedeume¹, unha obra promovida e financiada, alá polo ano 1380², por Fernán Pérez de Andrade, apelidado pola posteridade o Boo e polos seus descendentes o Vello³. Esta achega pode ser agora parcialmente completada gracias á nova documentación achada no Arquivo Histórico Nacional⁴, que inclúe un debuxo inédito

* Este traballo intégrase dentro do proxecto de investigación PGIDT01PXI21003PR, financiado pola Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Xunta de Galicia.

1. Refírome aos dous artigos de J.F. CORREA ARIAS ("A Ponte do Ume", *Cátedra*, nº 2, 1995, 15-56; y "A Ponte do Ume II", *Cátedra*, nº 7, 2000, 7-44). Autores como P. PÉREZ COSTANTI (*Notas viejas galicianas*, Santiago, 1993 [1ª ed., 1925-1927], 405-406), A. COUCEIRO FREIJOMIL (*Historia de Puente de Ume*, Pontedeume, 1981 [1ª ed., 1944], 130-136); o I. RIVADULLA CONDE ("As sete pontes de Fernán Pérez de Andrade", *Vntia*, nº 3, 1987, 62-66), entre outros, xa achegaran noticias sobre esta obra, pero sen levar ao cabo un estudo sistemático.
2. A construción da ponte gótica debe situarse entre os anos 1380-1386, conservándose en pé deica 1863. Segundo destacou CORREA ARIAS ("A Ponte do Ume"..., 17-18, 24-26), a súa erección estivo condicionada por unha serie de factores estratéxicos e económicos, aos que se deben unir as especiais características que reunía a vila: Pontedeume era nesa época un importante burgo mercantil e mariñeiro, paso de peregrinos cara a Compostela -o que xustifica a capela e o hospital da ponte-, e a residencia dun poderoso señor que, mediante a obra, comunicaba as súas terras situadas a ambos lados da ría.
3. Sobre este personaxe histórico, véxase J. GARCÍA ORO (*Don Fernando de Andrade Conde de Villalba 1477-1540*, Santiago, 1994, 19-30); C. CASTRO ÁLVAREZ ("Sobre el eslabón perdido y los parientes cercanos de Fernán Pérez de Andrade o Boo", *Cátedra*, nº 9, 2002, 59-68); y J.C. LÓPEZ SANGIL ("Fernán Pérez de Andrade III, o Boo. Sus relacións con la iglesia y el monacato: Monfero y la Granja de Saa", *Cátedra*, nº 9, 2002, 117-148).
4. J.F. CORREA ARIAS ("A Ponte do Ume"..., 34), ao estudar a documentación dos anos 1718-1721 que se conserva no Arquivo Municipal de Pontedeume (en adiante A.M.P.), destacou as contradicións que presentan os documentos, suxerindo posibles erros de transcripción do escribán Andrés del Río, se ben recoñecía que as súas hipóteses poderían conter erros de certa magnitude. Apuntaba tamén este autor que en caso de atopar os documentos orixinais enviados ao Consello de Castela poderíanse aclarar moitas dúbidas ao respecto. Pois ben, tiven a fortuna de encontrar no Arquivo Histórico Nacional (en adiante A.H.N.). Sección Consellos. Autos obrados polo señor D. Rodrigo Cavallero..., atado. 35246-3, s. f. o expediente que foi remitido a Madrid, e, unha vez cotexado coa copia de Pontedeume, podo afirmar que os dous testemuños coinciden. Non obstante -e malia as importantes carencias documentais-, considero que deben ser revisados algúns erros e inexactitudes sinaladas.




Figura 1: Antiga ponte gótica sobre o río Eume en agosto de 1721. Fernando de Casas.

to do desaparecido viaducto baixomedieval, delineado por Fernando de Casas en agosto de 1721 (Fig. 1), e que, até a data, constitúe a imaxe máis antiga que se conserva da vella estrutura⁵.

O levantamento arquitectónico do autor da fachada do Obradoiro, como veremos máis adiante, forma parte da peritaxe da ponte efectuada por este famoso mestre barroco e outro artífice da localidade na data sinalada anteriormente; non embargante, para clarexar algunhas cuestións escuras da documentación, cómpre contextualizarmos axeitadamente a avaliación do viaducto e analizarmos os trámites administrativos desde o momento en que se inician, concretamente o 12 de xullo de 1718.

Ese día, Antonio de Saavedra, procurador xeral de Pontedeume, notifica ao Consello de Castela⁶ o grave deterioro que presentaba a ponte da vila. Os seus arcos e estribos atopábanse danados e, ademais, a calzada, "*por la parte del Arenal*", no se reconstruía aínda⁷, de xeito que as mareas asolagaban o cruceiro e impedían o tránsito normal de pasaxeiros⁸. En febreiro de 1719 vólvese a teimar na necesidade de arranxar o viaducto, manifestando o novo procurador da localidade que "*aunque se mando reparar no se hizo uno ni otro*" *conque corrio mayor ruyna en graue daño y*

5. Tamén contamos cos planos e as propostas restauradoras do arquitecto compostelán Miguel Ferro Caaveiro (*Puentedeume reconocido de orden del Real y Supremo Consejo de Castilla por D. Miguel Ferro Caaveiro Arquitecto de la Santa Yglesia, Ciudad, y Arzobispado de Santiago, en 1784*), que reproducen integramente a estrutura da desaparecida ponte medieval. Desde logo, debo recoñecer que estes valiosos documentos gráficos -unha copia do proxecto orixinal, cedida pola familia Castiñeira, se conserva na Biblioteca Municipal de Pontedeume- son máis completos que o esbozo de Fernando de Casas, que, en realidade, só reproduce un tramo da ponte pola parte da vila; pero, non embargante, os planos do Arquivo Histórico Nacional son 63 anos anteriores. Existen outras imaxes da ponte baixomedieval, como a de P. Texeira (*Descripción de España y de las costas y puertos de sus reynos*), do ano 1634; e un mapa anónimo, datado cara a 1589, que se conserva na British Library (Figura 3), e que recentemente foi reproducido e comentado (A. VIGO TRASANCOS -dir.-. *Planos y dibujos de arquitectua y urbanismo. Galicia en los siglos XVI y XVII*), mais son vistas moi xenéricas.


6. Este Alto Tribunal era o encargado de vixiar todo o relativo a pontes e camiños, pero practicamente tiña competencias en case todos os temas do reino: supremo tribunal en materia de xustiza, alto organismo administrativo e gardián das leis do Estado. Sobre os seus membros e as súas funcións no marco cronolóxico que estamos estudiando, véxase FAYARD, J., *Los miembros del Consejo de Castilla (1621-1746)*, Madrid, 1982 [1ª ed. en francés en 1979].

7. Entre os anos 1705-1710 lévase ao cabo unha importante reforma na ponte: reconstrúense algúns tramos, pero os traballos no se rematan totalmente, e ademais, segundo amosa un texto de 1710, la "*parte del arenal... quedó por acabar de acerse llegando las llenas del mar*" (CORREA ARIAS, J.F., "A Ponte do Ume"..., 33). No ano 1718 vólvese a mencionar este mesmo sector do viaducto situado cara á parte de Cabanas, polo que, posiblemente, o tramo permanecía aínda sen amañar desde os primeiros anos do setecentos. Non se pode descartar algunha reparación parcial, pero, en todo caso, insuficiente.

8. A.M.P. Expedientes de ríos, pontes, portos e afíns 1588-1935, carp. 109, s. f.

9. Pedírase "*por lo menos azer calçada y camino seguro*" (*idem, idem*).

A antiga ponte gótica sobre o río Eume en agosto de 1721:
algunhas precisións documentais e un debuxo inédito de Fernando de Casas y Novoa



perjuicio desta dicha villa", e, polo tanto, era imprescindible que se tomasen "las providencias necesarias mandando visitar dicha puente con maestros arquitectos y de reconozido sus daños azerlos reparar por el menos coste con la brevedad posible antes de experimentar mas ruyna" ¹⁰. De feito, a intervención xa estaba taxada, e incluso se tiña "echo postura a ellos de treinta y siete mill ducados y mandado repartir en dicho Reino de Galicia" ¹¹, mais as reformas aprobadas polo Consello no foron finalmente executadas debido ás graves dificultades económicas que tiñan as cidades galegas.

Este sistema de *repartos* ou *repartimentos* para financiar as obras das pontes fora unha práctica habitual en Galicia durante os séculos XVI e XVII ¹², non embargante, no setecentos, adoitábase obter os recursos mediante arbitrios sobre o viño e a fanega de sal, e do cobro dos dereitos de portádego ¹³. Neste senso, cómpre mencionarmos que Pontedeume e Betanzos disputaban desde o ano 1718 pola aplicación dun arbitrio sobre o viño, o vinagre e o aceite que se vendía na provincia ¹⁴. Este litixio -como veremos- está directamente relacionado coas reformas do viaducto, xa

10. *idem*.

11. A.M.P. Expedientes de ríos, pontes... Autos obrados polo señor D. Rodrigo Cavallero..., carp. 109, fols. 1-2.

12. A Real Audiencia, especialmente a partir do ano 1560, era o órgano que xestionaba e executaba o procedemento. En 1595 repartíranse os gastos de rehabilitación da ponte entre as sete provincias galegas (COUCEIRO FREIJOMIL, A., *Historia...*, 134; CORREA ARIAS, J.F., "A ponte do Ume"..., 28-29). A pesar de que o mecanismo administrativo non está do todo claro, segundo S. ALVARADO, M. DURÁN, y C. NÁRDIZ (*Puentes históricos de Galicia, A Coruña, 1989, 29-30*), pódense apuntar algúns trámites: en primeiro lugar, o alcalde solicitaba ao Consello a obra, logo este enviaba a petición á Audiencia para que establecese a súa necesidade e conveniencia mediante a consulta a peritos e testemuñas; unha vez efectuados os informes eran remitidos ao Alto Tribunal para que resolvese, e en caso afirmativo, o Consello debía propor o procedemento de financiamento, que xeralmente era mediante repartimentos ou sisas. Se a proposta era aceptada polo Consello remitíase ao corrixidor para a publicación das condicións e fianzas preceptivas. Tales dilixencias eran enviadas de novo ao Consello para a súa resolución definitiva, e este, finalmente, comisionaba á Audiencia para que se encargase da intervención previsa.

13. S. ALVARADO, M. DURÁN y C. NÁRDIZ, *Puentes históricos...*, 30.

14. No ano 1717 a cidade de Betanzos solicitara ao Consello de Castela "lizenia y facultad para vsar de el aruitrio de tres quartas partes en octaua de vino vinagre y acyte que se vendiese en ella y su partido por tiempo y espacio de seis años". Co seu produto pretendía satisfacer os 257270 reais en que estaban taxados os "reparos de las casas consistoriales, el reloj las carceles tres puentes, los expolones o surgideros de la marina y orillas de la ria". Ante os plans do Consello brigantino, que pretendía aplicar o canon en toda a provincia, a corporación de Pontedeume decide o 5 de xaneiro de 1718 "hazer contradicion del arbitrio que pretende dicha ziudad", dando poder a "don Domingo Antonio Garrido, agente de negocios en la corte", para que interpoñía un recurso en Madrid (A.M.P. Libros de actas capitulares ou do pleno 1700-1745, carp. 3, Consistorio 5 xaneiro 1718, s. f.). O tributo foille concedido a Betanzos o 4 de abril de 1718 (A.M.P. Expedientes de ríos, pontes... Autos obrados polo señor D. Rodrigo Cavallero..., carp. 109, fols. 1-2), pero a vila eumesa continuou litigando coa capital.

que a localidade eumesa, a raíz dunha real cédula emitida o 3 de abril de 1720¹⁵, quedou liberada das imposicións destinadas a reparar as obras públicas da cidade brigantina, polo que solicitou ao Consello que *"su producto se conuirtiese en los reparos prezisos y necesarios de dicho puente"*¹⁶. A petición foi aceptada o 5 de outubro dese mesmo ano, pero o Alto Tribunal decidiu reter os fondos¹⁷ até que o intendente xeral do Reino de Galicia¹⁸ -nese momento desempeñaba o cargo Rodrigo Caballero y Llanos, que tamén exercía de corrixidor real da Coruña e Betanzos-, se informase da necesidade e conveniencia das obras e do custo das intervencións proxectadas¹⁹.

O intendente escribe a Madrid sinalando que *"para concluir esta dependencia se deben enviar peritos y maestros practicos en obras de puentes"*²⁰, e así, poucos meses despois, concretamente o 22 de febreiro de 1721, recibe a orde de se trasladar *"al puente de que se hace menzion y con maestros ynteligentes y de toda ciencia y hexperienzia, y agais reconocimiento de los precisos reparos de que necesita el dicho puente de la villa de Puentes deume con citazion de cinco ziudades ó villas cauezas de partido mas proximas, los quales dichos maestros formen traza, planta y condiciones y conforme a ella declaren deuajo de juramento el coste que podra tener arreglándose en ello a lo justo"*²¹. Unha vez feitas estas dilixencias, o intendente do reino tiña que remitir ao tribunal toda a documentación *"para que en su vista se tome la prouidencia conueniente"*, se ben, de momento, o custo das reformas ía correr por conta *"de la dicha villa de Puentes Deume y del efecto que se expresa"*²².

15. O Consello de Castela resolve que *"deue subsistir dicho adbitrio en dicha ziuad su jurisdiccion y partido [refírese a cidade de Betanzos] y no lo establezcan ni usen de el en esta villa [é dicir, Pontedeume], Santa Marta y mas expresadas"* (A.M.P. Libros de actas capitulares ou do pleno 1700-1745, carp. 3, Consistorio 17 abril 1720, s. f.). Neste mesmo pleno tamén se acorda notificar ao Concello de Betanzos as novas disposicións do tribunal madrileño: *esixiríase que deixase de administrar o "adbitrio que tiene puesta en esta villa" e devolvese os fondos indebidamente sisados (idem).*

16. A vila eumesa solicita ao Alto Tribunal que ordene aos *"cosecheros y abastecedores de dichas tres especies [viño, vinagre e aceite] o depositarios de dicha villa... en cuio poder pararen las cantidades de maravedies adeudadas por dicho arbitrio desde su ymposizion asta el en que ceso la restituysen entregasen y depositasen en el Mayordomo o depositario general de dicha villa o en la persona que fuese de nuestro agrado para que con su producto se conuirtiese en los reparos prezisos y necesarios de dicho puente"* (A.M.P. Expedientes de ríos, pontes... Autos obrados polo señor D. Rodrigo Cavallero..., carp. 109, fols. 2-2 v.).

17. O Consello resolve o 5 de outubro de 1720 que *"la justicia de dicha villa de Puentes deume cobrase de las personas en cuio poder se allasen las cantidades pertenecientes al aruitrio que se refiere de todo el tiempo que se vso de el las quales hiciese depositar en persona lega llana y abonada con la solemnidad nezesaria por su quenta y riesgo y no dispudiese de ellos sin nuestra horden ynuaiando razon de su ymporte"* (idem, idem).

18. Co establecemento da Intendencia Xeral de Galicia no século XVIII prodúcese unha pugna entre esta institución e a Real Audiencia, que ata ese momento xestionaba o sistema de repartimentos para financiar as obras das pontes. O enfrontamento conclúe finalmente coa perda de atribucións da Audiencia (S. ALVARADO, M. DURÁN y C. NÁRDIZ, *Puentes históricos...*, 30).

19. A.M.P. Expedientes de ríos, pontes... Autos obrados polo señor D. Rodrigo Cavallero..., carp. 109, fols. 2-2 v.

20. A notificación de Rodrigo Caballero debe datase o día 8 de novembro de 1720 (A.H.N. Sección Consellos, atado. 35246-3, s. f.).

21. A.M.P. Expedientes de ríos, pontes... Autos obrados polo señor D. Rodrigo Cavallero..., carp. 109, fols. 2-2 v.

22. *idem*, fol. 2 v. É dicir, o Consello permitía empregar o arbitrio retido nas reformas da ponte, pero só o correspondente ao municipio de Pontedeume, e non, como se cría, o de toda a provincia. Polo tanto, os 257270 reais non quedaron a disposición do Concello para seguir mantendo a ponte en bo estado porque nunca foron concedidos á vila eumesa. Ademais, como evidencian os propios trámites efectuados, íase valorar a posibilidade de repartir os gastos entre as cinco localidades máis próximas ao viaducto. En definitiva, o auto do 22 de febreiro de 1721 ten en conta a anterior resolución de 1718 que, como sabemos, aprobara as reformas a costa do Reino de Galicia. Lamentablemente, no Arquivo Municipal de Pontedeume non se conservan os consistorios dos anos 1722-1729, e a perda documental é aínda maior no Arquivo Municipal de Betanzos, de maneira que non se pode aclarar definitivamente a cuestión tributaria. Só se pode apuntar que en setembro de 1721 non existía aínda unha sentenza firme ao respecto, pois nesa data, segundo expresa o intendente no seu informe, había *"pleito pendiente entre dicha ciudad y la villa de Puentes de Eume sobre heste arbitrio deue cobrarse en toda su prouinzia o solo*

Caballero, en cumprimento das disposicións de Madrid, fixa a inspección da obra para o día 7 de xullo e nomea "*para el reconocimiento, plano y tasacion que se an de hacer a Fernando de Casas, maestro de la Catedral Metropolitana de Santiago a quien se le hago saber dicho nombramiento por el mismo escribano que pasare a la dicha ciudad de Santiago, y a Joseph Ferron*"²³ *maestro en Puentes de Eume*"²⁴. Mais, o arquitecto compostelán estaba moi atarefado nese momento dirixindo as obras da capela catedralicia de Nosa Señora do Pilar, e ademais a data prevista para a avaliación do viaducto coincidía cos preparativos das importantes festas anuais en honor do Apóstolo, de xeito que Casas escusa a súa presenza en Pontedeume²⁵.

Rodrigo Caballero, tal e como dispuxera o Consello de Castela, tiña que empuzar á "*vista ocular y reconocimiento*" da ponte as cinco localidades máis próximas á vila de Pontedeume. Enviou, por tanto, senllos autos de citación aos concellos de Betanzos²⁶ e A Coruña²⁷, ás vilas de

en el territorio de su correximiento" (A.M.P. Expedientes de ríos, pontes... Autos obrados polo señor D. Rodrigo Cavallero..., carp. 109, s. f.). E debemos ter presente que esta referencia é a última noticia ao respecto xa que o auto do 22-11-1721 mencionado por J.F. CORREA ARIAS ("A Ponte do Ume"..., 34) corresponde en realidade á citada orde do 22 de febreiro.

23. Este artífice barroco figura no catálogo de artistas galegos recompilado por J. COUSELO BOUZAS (*Galicia artística en el siglo XVIII y primer tercio del XIX. Compostela, 1932, 345*) como autor, no ano 1716, da reedificación da fachada da capela dos Remedios de Mondoñedo. Tamén débese sinalar que este arquitecto xa recoñecera os danos da ponte en febreiro de 1719 (A.M.P. Expedientes de ríos, pontes..., carp. 109, s. f.).

24. A dilixencias inicianse o día 20 de xuño de 1721 (A.M.P. Expedientes de ríos, pontes... Autos obrados polo señor D. Rodrigo Cavallero..., carp. 109, fols. 1-2).

25. A.H.N. Sección Consellos. Autos obrados..., atado. 35246-3, s. f. Fernando de Casas expresa as súas alegacións o 26 de xuño, solicitando ao intendente que nomee outro técnico. Con todo, Rodrigo Caballero estaba moi interesado na peritaxe do mestre compostelán, de maneira que escribiu ao cabido da catedral de Santiago para que permitise viaxar ao arquitecto a Pontedeume. A carta é vista pola corporación catedralicia o 15 de xullo, pero ata o 12 de agosto non se concede permiso a Casas para abandonar a cidade (Arquivo da Catedral de Santiago (en adiante A.C.S.). Actas capitulares 1717-1722, atado. 492, fols. 279 v, 283). Debemos ter en conta que o mestre de obras da basilica non podía ausentarse da cidade durante as festas do Apóstolo xa que tiña a obriga de deseñar e dirixir a fabricación das diferentes estruturas que se levantaban en honor do santo, como, por exemplo, os espectaculares castelos de lume (FILGUEIRA VALVERDE, J., *Historias de Compostela, Santiago, 1970, 132, ss.*). Por outra parte, como indicara o propio artista, no verán de 1721 estaba traballando intensamente na conclusión da capela do Pilar (A.C.S. Capela do Pilar. Relacións de xornais das obras de construción da mesma 1718-1721, atado. 395, s. f.; Comprobantes de contas 1720-1723, atado. 972 A, s. f.).

26. A resposta da corporación brigantina decídese no pleno celebrado o 4 de xullo. Segundo manifesta a cidade, "*la relacion de dicho despacho quanto a necessitar la puente citada de la villa de Puente deume de reparos algunos hes siniestra pues se alla la mas reparada y tratada que tiene este reino pues con el pretexto de ella y de sus reparos consume dicha villa y se sus hombres de cauillo della crezisimas cantidades que redituan cada año sus propios de que jamas se les ha tomado quenta de horden del Supremo y Real Consejo sino las que ellos forman entre si como quieren por ser villa de señorio, no teniendo otros motiuis mas que los citados por distribucion de dichos propios que administrados sin fraude llegaran a mas de veinte mill reales cada año*". Pola contra, Betanzos tiña "*las obras publicas en mal estado y en urgente necesidad de reparalas... y con expecialidad los puentes por donde entra todo comercio y auasto en carros y cauallerias, lo que no subzede asi en dicha villa de Puente deume que ademas de no ser su puente paso tan prezio como los de esta no pasan por ella carros que hes lo que suele destruir los puentes como se experimento en estos, ademas de ser vn pueblo corto dicha villa la qual y las demas comprendidas en la prouincia y partido desta ciudad le son deudoras de muchisimas sumas que ha gastado por ellos de sus cortos propios*". O Concello de Betanzos aproveitou a ocasión para recordar ao Alto Tribunal -non esquezcamos que os autos ían ser enviados a Madrid- "*que con la mesma siniestra relacion y subreticamente a ganado dicha villa para que no se entendiere el aruitrio en ella y otras opuestas a la facultad consiguída por esta ciudad*", polo que solicita aos maxistrados do Consello de Castela que "*se siruan no solo despreciar esta cautelosa pretenzion sino tanuién confirmar la facultad concedida para entablar dicho aruitrio en la referida villa y mas comprendidas en su partido y prouincia*", xa que, ao fin e ao cabo, Betanzos era "*cabeza de partido en contribuciones y gouierno politico y economico*", e Pontedeume só estaba exenta da xustiza ordinaria da cidade "*por ser de señorio*" (A.M.P. Expedientes de ríos, pontes... Autos obrados polo señor D. Rodrigo Cavallero..., carp. 109, fols. 8-9). Tamén se decide que o procurador xeral da cidade e Alonso Dorrendo, mestre de obras públicas, representen a Betanzos no recoñecemento da ponte.

27. O consistorio coruñés acorda o 23 de xuño asistir á inspección do viaducto, pero, iso si, sen "*apartarse ni priuarse del derecho y justa defensa que le asiste para no deuer ser comprendida en el repartimiento del coste del puente referido*", nomeando a José Lorenzo de Castro, "*alcalde mayor de la ciudad de la Coruña*", para que defende os intereses municipais (*idem*, fol. 13).

Ares e Ferrol²⁸, e ao consistorio compostelán²⁹, aunque finalmente, segundo amosa a documentación, só acudiu á peritaxe o rexedor da cidade herculina, amosándose, por certo, moi reticente a participar no reparto dos gastos. O alcalde maior da Coruña propón ao intendente do reino que os primeiros fondos para levar ao cabo as obras da ponte terían que saír, en xustiza, do portádego que posuían os monxes do convento de Santa Catarina de Montefaro³⁰. Efectuáronse as xestións pertinentes e un escribán informou aos relixiosos das medidas proxectadas, pero finalmente comprobouse que os frades non percibían a peaxe do viaducto desde o ano 1707, a raíz dunha orde do rei Filipe V que requisaba as alcabalas e portádegos para empregalos nas súas custosas campañas militares³¹; de xeito que, unha vez esclarecidas as circunstancias e feitas as dilixencias oportunas, comunicóuselle ao veciño da vila que ese ano tiña arrendada a peaxe da ponte que *"en adelante no pague a ninguna persona el ariendo de dicho pontazgo antes lo tenga en su poder a lei de deposito"*³².

28. O 7 de xullo notificase a citación á vila de Ares e ao día seguinte é informado o concello ferrolán (idem, fols. 13 v.-14).

29. La corporación compostelá resolve o 29 de xuño solicitar a suspensión do auto de citación. Alega que a cidade do Apóstolo *"no hes de las mas ymediatas a la villa de Puente deume... y quanto a ciudad esta mas inmediata la de Mondoñedo que solo dista nueve leguas y esta de Santiago dista mas de doze leguas"*, de maneira que *"a esta prouincia no le sigue beneficio en dicho puente por no conducirse por el cosa alguna de su conueniencia ni ser puente precisa a la maior parte del Reino solo si podra serlo a los lugares ymediatos"* (Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. Fondo Municipal. Consistorios 1721, atado. 112, fols. 281-282). Debido ás razóns esgrimidas polo Concello compostelán, enviouse á cidade de Mondoñedo a preceptiva citación para que concorrese ao recoñecemento da ponte. A resposta da corporación mindoniense, datada o 31 de xullo, é, en extracto, a seguinte: *"...ni la ciudad de Santiago ni el procurador de la villa de Puente deume tienen fundamento ni motivo para laudar ni pretender yncluir a esta ciudad en la dependencia que expresa el real despacho y decreto del señor D. Rodriguez Cauallero por que Su Magestad y su Real Consejo solo fueron seruidos comprender a las ciudades o villas cauezas de partido mas ymediatas a la referida de Puente deume y las mas ymediatas son las de Vetanzos, Coruña y Santiago y las villas de Ferrol, Santa Marta, Neda, Villalba, la Graña, Mugarbos, Puente de Garcia Rodriguez como hes publico y notorio; y asimismo que desde esta ciudad ay mas de doce leguas a dicha villa de Puente deume y desde las otras ciudades y villas referidas cauezas de partido no ay ni con muchisimo tanta distancia con lo qual concurre el que para esta ciudad ni para ninguna villa ni lugar de sus prouincia no sirue el puente que se pretende componer ni necesitan de el y quien lo necesita son los naturales de las referidas villas y ciudades por hir alli a buscar sal y otras cosas y pasan por dicho puente muy frequentemente a la romeria de San Andres de Teijido y otras partes lo que no se berefica en los naturales desta ciudad y su prouincia por tener camino separado para hir a dicha romeria y villas y lugares en su distrito donde ay salinas y alfolies por su Magestad (Que Dios Guarde) como son las villas de Riudeo y Viueiro, y por ultimo no necesitan los naturales para su manutencion por lo qual suplica esta ciudad al señor yntendente se sirua menospreciar las pretensiones de dichas ciudades de Santiago y villa de Puente deume como lo hespera por ser contraria a la mente y expresion de Su Magestad y señores de su Real Consejo"* (A.M.P. Expedientes de ríos, pontes... Autos obrados polo señor D. Rodrigo Cavallero..., carp. 109, fols. 17 v.-18).

30. *idem*, fol. 18 v.

31. Con anterioridade, J.F. CORREA ARIAS ("A Ponte do Ume"..., 48) sinalara o erro cometido por algúns autores -entre eles Vaamonde Lores e Couceiro Freijomil-, á hora de datar a perda do portádego en 1717, establecendo acertadamente a súa data no ano 1707. Non embargante, CORREA ("A Ponte do Ume II"..., 17, 20) non está tan atinado ao relacionar a expropiación da peaxe co deterioro das instalacións do hospital situado en medio da ponte, que, como sabemos, estaba encomendado ao coitado dos frades. Coido que a documentación de 1721 é moi clara ao respecto, pois o propio notario da vila, unha vez consultados os papeis oficiais que custodiaba no seu despacho, certifica detalladamente a data e as circunstancias da perda do portádego. O testemuño do escribán Andrés del Río é o seguinte: *"En cumplimiento del auto original del señor yntendente y superintendente general... aviendo buscado los papeles de mi oficina en ellos y entre los rexistros de ynstrumentos publicos que ante mi han pasado en el año pasado de setezientos y siete al folio ocho de el comienza un testimonio de una Horden de Su Magestad Dios le Guarde que relaciona pretende valerse de las alcaualas portazgos y mas derechos que expresaua para los gastos de la futura campaña y que se paso a notificar al conuento de Santa Catalina de Montefaro no cobrase a lo adelante el portazgo del puente desta villa por el licenciado D. Antonio Varela Vermudez avogado de la real audiencia deste reino..."* (A.M.P. Expedientes de ríos, pontes... Autos obrados polo señor D. Rodrigo Cavallero..., carp. 109, fols. 19 v.-20). No Arquivo Municipal de Pontedeume consérvanse algúns protocolos deste notario, mais, desgraciadamente, perdéronse os correspondentes ao ano 1707. A expropiación do portádego debe relacionarse, polo tanto, coas medidas adoptadas por Filipe V no contexto da Guerra de Sucesión. Como é evidente, a máxima preocupación do monarca nesa etapa crítica do seu reinado era aumentar os ingresos da coroa para manter o exército. Sobre o impacto do conflito na nosa comunidade, véxase D.L. GONZÁLEZ LOPO ("Galicia en la Guerra de Sucesión", en Rande 1702, arde o mar. III Centenario de la Batalla de Rande, Vigo, 2002, 103-115); y J.R. NÚÑEZ-VARELA ("Algunas incidencias de la Guerra de Sucesión en la antigua provincia de Betanzos", *Revista de Neda*, nº 1, 1998, 41-59).

Fernando de Casas e José Ferrón efectúan o 22 de agosto unha primeira medición da ponte baixomedieval, con asistencia do notario e en presenza do intendente do reino, o rexedor da Coruña, e o alcalde e o procurador xeral de Pontedeume. A lonxitude do viaducto foi establecida en *"nueuezientas y setenta y cinco varas"*, sen contar, iso si, *"la maior distanzia que desde el fin de dicho puente a parezido preciso añadir de calzada firme con algunos arcos a trechos para salvar diferentes pantanos"*, de maneira que los dos maestros, *"despues de concluida la referida mensura de la longitud de dicho puente pasaron a medir la expresada tierra pantanosa que necesita de dicha calzada y allaron que tenia de largo trescientas y veinte y cinco varas"*³³.

Ese mesmo día, José Lorenzo de Castro, que así se chamaba o rexedor coruñés, expresou a posibilidade de que os desperfectos do viaducto fosen debidos á negligencia do Concello de Pontedeume, polo que solicita unha peritaxe detallada dos danos, *"señalando especificamente los reparos maiores prezisos que necesita el puente, como el coste que tendra cada uno, exponiendo si algunos ó todos an sido por avenidas ó otro caso fortuyto que no pudo preuenir la deligencia y el cuydado de quien deuia tenerlo: ó si algunos y todos resultarian de permitir que las carauelas, taratanas y otros vajeles se amarasen en los arcos y puente dicha lo que parece no pudo dejar de causar algun quebranto y mozion en ella a cuio daño deue ser responsable quien tenia facultad y derecho para estorvarlo: y si de no permitir el amarro de vajeles no los vbiera, ó fueran menores los daños; si algunos de los reparos que oy se allaren y consideraren maiores han prouenido de no hauer reparado en tiempo y remediado los menores y a poco coste"*³⁴.

Pola súa banda, Antonio Ares, procurador xeral da vila eumesa, presentou unha instancia perante Rodrigo Caballero para que *"dichos arquictetos tengan asimismo presente y declaren si es verdad como la es: el que dicho puente; por aquella parte de la mar donde se amarran las carabelas y mas bajeles quando acaecen benir al puerto de esta villa, no reciuió daño alguno"*³⁵, pois, contra o parecer do alcalde herculino, consideraba que os desperfectos do viaducto se debían a *"su*

32. A partir do ano 1707, segundo refire o escribán de Pontedeume anteriormente citado, colocáronse cédulas en *"las casas vajas del ayuntamiento para admitir las posturas del portazgo del puente y rematarle por termino de un año a la persona que por el mas diese y por no auer otro maior postor que Antonio Manso vezino que fue desta villa se le remato por un año en ciento y cinquenta y cinco reales pagados en la ciudad de Vétanzos con la obligación de cobrar de dicho portazgo lo mesmo que se solia cobrar por parte de dicho conuento de Montefaro cuio año comenzo a correr en veinte y ocho de hene-ro de dicho año de setezientos y siete"* (A.M.P. Expedientes de ríos, pontes... Autos obrados polo señor D. Rodrigo Cavallero..., carp. 109, fol. 20). A peaxe do viaducto estaba no ano 1721 en mans de Domingo Antonio da Fraga, xastre e veciño de Pontedeume. As tarifas, segundo manifesta o propio interesado o 21 de agosto, son as seguintes: *"de caballeria de carga de pescado grueso dos quartos de vellon; de cada carga de sardina dos maravedis, de los ganados bacunos por cada pieza dos maravedis y voluiendo por dicho puente de las ferias en donde van no pagan; de los mulares que pasan a las ferias por cada pieza tres maravedis y si buehuen (no pagan ninguna cosa) y paga de arriendo en cada vn año ciento y cinquenta y cinco reales que tiene pagado asta julio deste presente año y esta pronto retener"* (idem, fols. 20-20 v.).

33. A.H.N. Sección Consellos. Autos obrados..., atado. 35246-3, s. f.

34. *idem, idem*. Curiosamente, o procurador xeral de Pontedeume expresara ese mesmo día a necesidade de penalizar o amarre das embarcacións, pois, segundo explica, *"las carauelas que bienen del reino de Portugal y nauios de diuersas partes y otras embarcaciones a la ria y baya desta referida villa junto al puente de ella despues de anclados hechan los cables en dicha puente y desagueros della amarrando dichos cables en ella para que dichas carauelas y mas embarcaciones esten mas seguras y en ello se siguio y sigue gran daño a dicha puente"*. La petición foi aceptada polo intendente e establécese unha multa *"de cien ducados aplicados para reparos y conserbacion del mismo puente"* (A.M.P. Expedientes de ríos, pontes... Autos obrados polo señor D. Rodrigo Cavallero..., carp. 109, s. f.). É posible, polo tanto, que a acusación do alcalde herculino derive da solicitude do procurador da vila.

35. A.H.N. Sección Consellos. Autos obrados..., atado. 35246-3, s. f. Como podemos comprobar, o procurador da vila, ante as acusacións do rexedor da Coruña, matiza as supostas causas do deterioro da ponte.

antigüedad y abenidas de la mar y rio del Heume que por bajo de ella pasa, cuyo rio biene desde mas de seis leguas por entre balles y montañas debesas y peñascos que quando biene muy crezido aranca los robles y otros arboles que trae su corriente con otras mas maderas y se atrabiesan contra dicho puente... como sucedió habra cosa de tres meses poco mas o menos que araso leña maderas y robles, lo que pudo alcansar el corriente de dicho rio y se atrabeso contra dicho puente; que a no se haber reparado en la manera pusible se hubiera caydo"³⁶. É máis, a xestión do Concello, segundo afirma o procurador da vila, era irreprochábel xa que *"desde tiempo ynmemorial, luego que acaecia alguna disminucion por donde la tubiese dicho puente le an echo reparar los alcales hordinarios y procuradores generales que fueron desta villa y lo son al presente, cada vno en su tiempo"*³⁷.

O día 23 de agosto, *"como a las ocho de la mañana"*, levouse ao cabo a inspección ocular da construción medieval. Queríase aproveitar a baixamar, *"para que con esa coyuntura se pudiese reconocer vien el puente por sus fundamentos"*³⁸. Segundo constata a documentación, os dous técnicos *"andubieron por diferentes arcos devajo del puente viendo y considerando los reparos que necesita: y despues dicho señor yntendente general dio horden a los maestros peritos cuios nombres van expresados en los autos antezedientes para que continuasen el reconocimiento por menor y fuesen haziendo sus apuntaciones a fin de comparecer a hacer la declaracion juridica y autentica en la forma que el consejo tiene mandado: por lo que mira al preciso coste que tendra la obra: por lo que toca a las condiziones y calidades con que se deuerá executar: y por lo que corresponde al dibujo ô planta y perfil que se deue remitir al Consejo"*³⁹.

A data escollida para a valoración final de Casas e Ferrón foi o 28 de agosto. O dictame dos dous arquitectos é moi importante porque describe con precisión as dimensións⁴⁰, o estado de conservación e as características da vella ponte gótica. Así, *"desde la Puerta de la villa donde principia asta el cruzero y calzada que va al lugar de Cauañas y otras partes... hallaron tener todo dicho puente vn mill y quinze varas que hacen tres mill y quarenta y cinco pies en cuia distancia tiene dos mill trescientos y quarenta pies en que yncluye cinquenta arcos de a veinte y quatro veinte y seis y ueinte y ocho pies en gueco entre pilar a pilar; cuios pilares tienen sus cortamar por uno y otro costado; y los sietecientos y cinco pies restantes sigue en rectitud sin cortamar, en cuia distancia yncluye ocho arcos y a ocho y nueue pies en gueco"*⁴¹. A altura da construción era variábel, xa que *"al principio, acia a la puerta de dicha villa y primeros arcos, tiene veinte y quatro pies y sigue en diminucion asta los referidos cinquenta arcos, en donde tiene catorçe pies de alto y*

36. *idem, idem.*

37. *idem.*

38. *idem.*

39. *idem.* Polo tanto, o bosquexo de Fernando de Casas debe datarse entre o 23 e o 28 de agosto de 1721.

40. Segundo se explicou anteriormente, os dous peritos realizaron o 22 de agosto unha primeira medición da ponte e do terreo pantanoso adxacente. Sen embargo, agora se indica expresamente que as dimensións que figuran na declaración oficial do día 28 son máis precisas: *"...sin envargo de la medición que antes de oy hauian echo por vn cordel y para asegurar mas bien la han buuelto a medir por vara"* (*idem.*), polo que temos que valorar especialmente esta última avaliación.

41. As dimensións da ponte xa foron sinaladas anteriormente por J.F. CORREA ARIAS ("A ponte do Ume"..., 35-36). Débese revisar, sen embargo, a localización da torre do Risco e colocala entre os arcos 41-42, pois, como veremos, o segundo torreón da ponte non estaba situado entre a arcada 40 e a 41, como se cría.

sigue en diminuzion asta lo vltimo donde tiene de alto nueve pies en cuya altura se yncluye el alto de el antepecho que tiene a vno y a otro costado en toda la referida distancia de los tres mill y quarenta y cinco pies"⁴². A peritaxe tamén indica a anchura da calzada por onde se transitaba, que tiña "doce pies ynclusos los dos referidos de los antepechos"⁴³, e sinala así mesmo as proporcións dos tallamares, que sobrepasan a anchura da calzada "cada vno seis pies y medio excepto en once de ellos que son desde el veinte y nueve asta el quarenta, que no relievan mas de tres pies y medio"⁴⁴.

A localización das dúas torres, o hospital e a capela do Espírito Santo completa a descrición do viaducto: "Y asimesmo hallaron que sobre el pilar de entre el octauo y noueno arco contando desde dicha Puerta de la Villa, tiene vn torreón sin techo, el qual tiene de alto diez y ocho pies; y siguiendo mas adelante asta el veynte arcos ay vna casa sobre dicho puente que llaman el ospital en donde suelen recojer algunos peregrinos que transitan por dicho puente de dibersas partes en romeria a Santiago de Compostela; cuya casa tiene su capilla y altar en que se celebra el santo sacrificio de la misa; siguiendo mas adelante sobre el pilar de entre los arcos quarenta y uno y quarenta y dos tiene otro torreón"⁴⁵ (Fig. 2) con su techo de madera y teja y dentro y a vn costado de el vna ymagen de pinzel de nuestra señora cuya adbocacion es de el risco"⁴⁶.

Segundo refire o documento notarial, Fernando de Casas e José Ferrón, despois de ter medida a estrutura, "pasaron a reconozar los materiales de que esta fabricado dicho puente y hallaron que esta sentado sobre vna calzada de manposteria muy crecida y echa a piedra perdida cuia altura en partes tiene a catorze pies y partes a diez y en otras a menos, y de grueso en la superficie subperior de ella en partes a mas de cinquenta pies; y dicha altura llega asta descubrirse la superficie quando la mar esta vaja, de manera que llega a quedar en seco la primera

42. Os peitoris da ponte tiñan unha altura de tres pés e medio "desde la subperficie de la calzada sobre dicho puente" e un pé de "grueso" (A.H.N. Sección Consellos. Autos obrados..., atado. 35246-3, s. f.).

43. Se aos 12 pés restámoslles os 2 que suman os peitoris da ponte queda unha calzada cunha anchura útil de 10 pés

44. *idem, idem*

45. Segundo deu a entender J.F. CORREAARIAS ("A Ponte do Ume"..., 35), o recoñecemento de 1721 situaba a torre do Risco entre os arcos 40-41. Non obstante, tanto o orixinal que se enviou a Madrid como a copia que permanece en Pontedeume sitúa o segundo torreón en medio das arcadas 41-42. No último traballo que CORREA ("A Ponte do Ume II"..., 14-16) dedica á ponte sobre o río Eume inclúese unha reconstrucción hipotética que recrea o estado da ponte no ano 1721 -agora, grazas a Fernando de Casas, contamos cunha imaxe contemporánea da estrutura- realizada por F. SARMIENTO CALVO a partir dos planos de Miguel Ferro, datados como sabemos en 1784, e outros posteriores de Gabriel Vittini (Fig. 2). Esta oportuna reprodución, malia a súa enorme precisión en liñas xerais, volve a situar erradamente a torre do Risco entre los arcos 40-41.

Por outra banda, na mencionada inspección de 1784 (*Puentedeume reconocido de orden del Real y Supremo Consejo de Castilla por D. Miguel Ferro Caaveiro...*) menciónase claramente que o segundo torreón estaba colocado sobre a cepa 41, é dicir, como é evidente, entre o arco 41 e o 42: "Sobre las Cepas 8, y 41, estaban colocados dos torreones, ô fuertes para resguardo del Puente, que despues por la debocion de los fieles se erigieron en adoratorios, uno con la advocacion de San Antonio, que existe en parte, y el otro con la de Nuestra Señora del Risco, que està enteramente arruinado" (*ibidem*). Ao meu entender, os planos de Ferro Caaveiro confirman unha vez máis esta localización da torre, pero, iso si, á hora de confrontar as anotacións e os deseños deste arquitecto compostelán debemos ter en conta que o tramo da ponte situado entre os arcos 28 e 29, sinalado coas letras G e H, malia a súa extensión e de incorporar dous tallamares, é valorado na peritaxe como unha cepa grande: "G. H. Porcion de mazizo que forma una Cepa en que se incluye la medida de un Arco, en que està a la parte del Mar una Escalera para vajar al Agua desde el Puente, la qual està tan deteriorada que a penas se puede usar de ella". Por tanto, esta sección do viaducto constitúe un enorme machón no que estriban o arco anterior e o inmediatamente posterior, como volve a indicar o arquitecto noutro dos seus debuxos: "7.8. Cepa grande donde està la Escalera arruinada que deve construirse de nuevo ensanchando tambien en esta parte el transito del puente" (*ibidem*). Así pois, Casas, Ferrón e Ferro sitúan a torre do Risco entre os ollos 41 e 42 da ponte.

46. A.H.N. Sección Consejos. Autos obrados..., atado. 35246-3, s. f.




Figura 2: Reconstrucción hipotética da ponte medieval no ano 1721.
F. Sarmiento Calvo e J. F. Correa Arias.

ylada, de canteria de dichos pilares los cuales en todo el demas edificio son de silleria de canteria labrada por la parte exterior y los maçisos de manposteria cuios macisos an reconocido no tienen argamas de cal alguna tan solamente la piedra suelta. Y lo mismo an reconocido que en las juntas y lechos de la silleria doelas de los arcos y antepechos que no tienen rajass ni argamas, y dichas juntas y lechos uan abiertas en la mayor parte que dan lugar, a que se puedan por ellas registrar lo ynterior del maziso el qual como llevan declarado no tiene argamas de cal arena ni varro, de manera que las aguas se trasporan en abundancia por ellos de parte a parte y lo mesmo hace por las juntas y lechos de las doelas de los arcos en tiempo llovioso, cuia falta tiene dicho puente en evidente riesgo de ruyna por la falta de dicha argamas e yn complicaçion de la piedra de silleria y maçisos que con el discurso de largo tiempo se fue gastando con el fluxo y reflugo del mar y avenidas que abundan en el rio Eume, causadas de las muchas montañas que desde su orixen desaguan, en el las que tambien causaron disquisiarse algunos sillares y desplomarse algunos lienzos de los pilares y cortamar y algunos de ellos gastados con el salitre en manera que es preciso renovarensse"⁴⁷.

Os dous peritos dictaminaron finalmente que "sin dilazion se procure el remedio de la ruyna, a que esta expuesto dicho puente la que subsediendo sera mui sensible a este Reino expecialmente al puerto de el Ferrol, villa de la Graña, Neda, y otros muchos de el contorno de esta villa por lo mucho que por el se transita"⁴⁸, propoñendo unha serie de intervencións precisas para manter e consolidar a ponte e evitar así a súa perda. Segundo o proxecto de reforma, deberíase arrannar en primeiro lugar "la calzada sobre que esta fundado dicho puente por quanto las aveni-

47. *idem, idem*.

48. *idem*.

das llevaron mucha cantidad de piedra de ella expecialmente de el gueco de los arcos, dejando los pilares desde donde principia la silleria socauados por lo qual necesitan socialzarse con rajuela mui recia asentada con buen argamas de cal y arena y dicha rajuela apretada muy fuertemente a golpe de martillo de manera que lave los corriente de el río y sus continuadas avenidas, no le mueba; y en el gueco de entre pilar a pilar hacer una calzada de piedra la mas recia y crecida asentada y apretada a cuchillo formando de pilar a pilar, con concauo en la subperficie subperior, en manera que sirua de estribo y para que la corriente yncline su potencia al medio de dicho gueco y no contra los pilares la qual a de ser asentada en seco sin argamasa, y en lo restante y fuera de el gueco de dichos arcos, a menester echar cantidad, de piedra en partes que le falta para la firmeza de dicha calzada, para que a menester seis mill carros de ella y de la mas crecida"⁴⁹. Tamén suxiren os dous arquitectos, ao comprobaren que tanto os sillares como os tallamares teñen "mazisos de piedra suelta sin argamas", que é "muy preciso el que se mazisen y refigen com buen argamas de cal y arena de buena calidad, cuia mescla a de ser dos partes de arena y vna de cal, cojiendo desde la superficie exterior de la silleria a lo ynterior dos pies, y en los angulos agudos de los cortamar tres: para lo qual, es necesario quitar a trechos sillares para que con mas facilidad y conocimiento pueda ejecutarse dicho maziso y en donde se hallaren pocos lechos en los sillares se le deuen echar algunos de caueza travando con ellos contra el maziso, expecialmente en los angulos agudos de los cortamar y pies derechos de los arcos, para lo qual a menester para cada arco con su pilar y los dos cortamar unos con otros a doze sillares de quatro pies de largo y dos de ancho y el alto de las yladadas según en las que quadraren. Cuyo maziso y sillares a de ser asta la septima ylada que es asta donde llega la creciente de la mar"⁵⁰. Ademais, unha vez afianzada a obra, debíanse "ennajar con rajuela muy recia y fuertemente apretada todas las juntas y lechos de dicha silleria doelas y pies derechos de los arcos y en lo restante de dicha septima ylada, ariua yncluso los antepechos se a de rajar y revocar toda la silleria con dichos antepechos de manera que dichas juntas queden bien asentadas de rajas y cal de buena calidad, y los sillares que en diferentes partes estan desplomados y disquisiados an menester ponerlos en plomo refijarlos y revocarlos en la manera ariua referida como tambien echar todos los que faltan y otros que estan gastados y redificar los espolones y escaleras mazizas que estan a los costados de dicho puente y echarle toda la piedra de manposteria y silleria que le falta dejandoles bien refijados de cal y rajas"⁵¹.

Casas e Ferrón recoñecen así mesmo a calzada da ponte, sinalando que "está en muchas partes undida y faltosa de piedra en manera que no dispide las aguas por los desaguederos las que son muy perjudiciales a los arcos y pilares trasporandose como se trasporan por ellos en tiempo llubioso, por lo qual es necesario ygualar dicha calzada en las partes que esta vndida y echar la manposteria que le falta en manera que haga vertientes a dichos desaguederos refijar y rajar las juntas de ella y la ylada que esta en medio como haze concauo ô canal deve quedar conbexo para que no paren en ella las aguas como ahora se experimenta"⁵².

49. *idem*.

50. *idem*.

51. *idem*.

52. *idem*.

Os traballos de rehabilitación do viaducto, tendo en conta "el coste de los materiales de el contorno de esta villa de que se pueden valer para y aprouechar para dichos reparos y de los jornales de oficiales y peones atendiendo a que las crecientes de la mar ympiden el que se trauaje en todas las oras diarias que es costumbre en dicho contorno", foron taxados polos dous mestres en "ciento y sesenta y siete mill reales vellon en que ynchuyen los reparos que ademas de los que van referidos necesita la referida casa llamada el óspital", aos que habería que engadir os "veinte y ocho mill reales"⁵³ que custaría a reconstrucción dunha das primitivas calzadas situadas ao final da ponte, "en el paraxe que llaman el crucero", que tería unha lonxitude de "trescientas y cinquenta varas castellanas"⁵⁴.

Como expliquei anteriormente, o rexedor da Coruña acusou ao Concello de Pontedeume de non reparar puntualmente os estragos da ponte e permitir o amarre das embarcacións, dúas causas que, ao seu xuízo, poderían ter provocado a ruína da vella estrutura; pero como os dous peritos refutan os seus argumentos dictaminando que os danos do viaducto "no creen ayan sido por los tales amarrados, ni les toca juzgar si la villa a tenido o no posibilidad para haçer continuamente los reparos que necesita vna obra tan grande tan larga y tan antigua"⁵⁵, solicita finalmente ao intendente que exima a súa cidade do reparto previsto⁵⁶.

Que eu saiba, non se conserva ningunha base documental que permita establecer certaíramente a materialización final das reformas proxectadas⁵⁷.

53. Estes 28000 reais cos 167000 anteriores fan un total de 195000 reais, unha cifra considerablemente inferior á postura de 37000 ducados do ano 1718.

54. "... y respecto de que al fin de el puente en el paraxe que llaman el crucero se terminaua por lo antiguo con dos expolones o calzadas la una que encamina acia la villa de el Ferrol y otras partes como la de Ares y la otra acia Cauañas que las aguas biuas de la mar an comido los fundamentos de dichas calzadas haiendolas puesto ynviles y tambien por hauerse combertido en playta ynundando la mar las salidas de dichas calzadas, tienen por preciso hacer vna sola calzada que continúe la linea recta de el puente con poca difirencia, asta encontrar la tierra firme que es en la heredad llamada de Anido, y Chousa de viñales de el mismo nombre donde a de rematar la referida calzada y se compone la longitud de ella de trescientas y cinquenta varas castellanas y deve llevar el mismo ancho que el de el puente con sus zimientos de manposteria la mas crezida y que suba sobre la superficie de el terreno, en la parte que menos tres pies de forma que nunca puedan dominarlas ynundaciones y que vaya guarnezida por la parte subperior de ambos costados con canteria labrada en la manera que lo esta la referida que va a Cauañas, y enpedrada, en la misma forma, cuya obra tasan, en veinte y ocho mill reales, sin que sea visto entenderse que con dicha cantidad se pague el ymporte que pueda tener las heredades y cercados que ocupare..." (idem).

55. idem.

56. Segundo expresa o alcalde herculino, o Concello tiña "crecidos y anuales dispendios en el servicio de Su Magestad y causa publica como son los aloxamientos de la plana maior el costear la leña y luces de los cuerpos de guarda y castillos de su prouincia la composicion y reparaciones del hospital de San Andres en que esta aquartelado el regimiento de Valencia pagar los alquileres de tres casas en que se allan aquartelados los inbalidos que siruen los artilleros y los granaderos del reximiento de Victoria... y otras cosas" (A.M.P. Expedientes de ríos, pontes... Autos obrados por el señor D. Rodrigo Cavallero..., carp. 109, s. f.).

57. Débense aclarar algunhas inferencias erróneas: o auto non ordena expresamente a reparación do viaducto, pois, como se explicou anteriormente, o Consello de Castela resérvase a decisión final, que non descartaba un posible reparto de gastos entre as localidades máis próximas a Pontedeume, como aprobara o propio tribunal en 1718. Por outra banda, as dilixencias de Rodrigo Caballero teñen un simple carácter informativo dentro do complexo mecanismo administrativo de financiamento de obras públicas: peritaxe de danos, taxación das reformas necesarias, condicións da obra, etc. É máis, o intendente do reino inclúe no expediente que enviou a Madrid un ponderado informe final, datado o 16 de setembro de 1721, que permite aclarar a cuestión; pero, iso si, debemos ter presente que este documento non é executivo e Caballero só manifesta unha serie de recomendacións aos maxistrados do Consello. Eis, en extracto, o informe: "...soy de parecer que Vuestra Alteza se sirua mandar se saque al pregon esta obra publicandose en las siete cauezas de prouinzias de este reino y en la villa de Pontevedra por treinta dias señalando dia y hora para el remate en esta capital o donde fuere seruido para que los maes-

A antiga ponte gótica sobre o río Eume en agosto de 1721:
algunhas precisións documentais e un debuxo de Fernando de Casas y Novoa




Figura 3: Vista de Pontevedra. Anónimo. 1589. British Library (A. VIGO TRASANCOS, dir).

tros que concurrieren con vistas de la declaracion que han hecho los peritos la qual deuera hir ynsera en los despachos que se dieren... tambien me parece combeniente que a costa del fondo que se destinare para esta obra asista un sobrehesitante de toda yntegridad y justificacion para que reconosca diariamente si se executa de toda ley y con las calidades que expresan los peritos... yo considero que uniuersalmente todas las prouinzias de este reyno unas mas y otras menos, son ynteresadas en la conseruacion de dicho puente... la maior dificultad como en todos los negocios que necesitan de dinero hes discurrir fondos que puedan ser efectiuos y menos grauosos... y ciñendome en este ynforme solo al negocio de que se trata deuo poner presente a Vuestra Alteza que en las citaciones que para este reconozimiento se an echo a las ciudades... casi todas representan que no deuen contribuir en esta obra... porque tienen cortisimos propios y se allan con graue nezesidad de diuersas obras publicas que nezesitan para su peculiar uso cotidiano... en ninguna prouincia de hespaña hes mas ynconbrable que en Galicia el repartimiento que se hagase casa por casa respecto a la diferencia que ay en las poblaciones de las Castillas y Andaluzias a la de Galicia por que en aquellos paraxes hes la costumbre biuir unidos en un mismo pueblo todos los que cultiban los campos de su territorio pero en Galicia biuen exparcidos y separados, y en los campos, en chozas ó pequenas casas, singulares y a distancias unas de otras, con que si por exemplo un alguazil, y un escribano se encargan de la cobranza... para hacer la diligencia con cada vezino... sobre un real que deua pagar... le cargan doze de costas..." (A.M.P. Expedientes de rios, puentes... Autos obrados polo señor D. Rodrigo Cavallero..., carp. 109, s. f.). Rodrigo Caballero termina o seu informe propoñendo ao Alto Tribunal a seguinte solución: "como la ciudad de Vetanzos hes la caueza de prouincia del territorio de Puentes de Eume y hesta distante dos leguas y hes la prouincia mas ynnmediata y con maior frecuencia tiene el uso del puente... y ay pleito pendiente entre dicha ciudad y la villa de Puentes de Eume sobre heste arbitrio deue cobrarse en toda su prouincia o solo en el territorio de su correximiento... que el referido arbitrio del vino se cobre en toda la prouincia de Vetanzos como pide la ciudad... y que la mitad de su producto cada año se entregue por termino de diez a la villa de Puentes deume para su puente o por menos tiempo si la mitad de los valores cubrieran el remate de las obras, y que la otra mitad la cobre la ciudad de Vetanzos" (idem, idem). Por conseguinte, se ben non podemos descartar unha posibel intervención nas partes máis deterioradas da ponte, carecemos de datos precisos para poder establecer certamente se as reformas proxectadas se levaron ao cabo. E é que, ademais, segundo consta no recoñecemento do ano 1784, o viaducto non foi reparado nesa data: "...y en el año de 1721 se hizo nueva vista del Puente a presencia del Yntendente General del Reino, Don Rodrigo Cavallero, y los Peritos declaran ser necesario renovarlo generalmente, lo que no se ha executado, porque el año 26 estavan caidos dos Arcos de los que siguan al del Adoratorio de Nuestra Señora del Risco, y aunque se fabricaron de nuevo, se allan al presente arruinados, procedido de su mala construccion..." (Pontevedra recoñecido de orden del Real y Supremo Consejo de Castilla por D. Miguel Ferro Cavaeiro...).

E xa, para rematar, só resta comentar o levantamento arquitectónico da ponte sobre o río Eume (Fig. 1), trazado, como sabemos, por Fernando de Casas y Novoa en agosto de 1721.

Trátase dun debuxo sobre papel, delineado a tinta china sobre trazos a lapis, que inclúe escala gráfica. O alzado reproduce os dez primeiros arcos do viaducto gótico e os seus correspondentes tallamares apuntados, dispostos en ambos lados da antiga construción baixomedieval para romper coa súa estrutura a forza da corrente. A planta da ponte amosa o interior das cepas e o perímetro da calzada por onde se transitaba. Tamén se representan os muros de contención do acceso pola banda da vila e aparece debuxada, situada entre o oitavo e noveno ollo, a denominada Torre da Ponte.

O mestre barroco ilustra artisticamente a cimentación de pedra perdida da ponte, pero, non obstante, ao contrario que o fillo do seu discípulo e sucesor na dirección dos talleres catedralicios, non prestou demasiada atención aos animais emblemáticos do primeiro señor de Pontedeume⁵⁸.

Por último, sinalar que no extremo dereito do documento gráfico, xusto enriba da sinatura do arquitecto compostelán, figura a seguinte lenda explicativa: *"En la planta y alzado presente esta demostrado parte del Puente Deume por sus medidas cuyo puente tiene de largo tres mill y quarenta y cinco pies de los que se ocupan dos mill trescientos y quarenta pies con cinquenta arcos y cinquenta y dos cortamares"*⁵⁹ *los ambos costados en la manera que muestra dicha planta y alzado. Y los sieteientos y cinco pies restantes siguen sin cortamares en cuia distancia yncluye ocho arcos. El alto de dicha puente principia en el primer arco con veinte y cuatro pies desde la calzada echa sobre que esta fundada esta sobre el antepecho que por ambos costados tiene y sigue dicha altura en catorce y acaua en lo ultimo con nueve pies de alto en que tambien yncluye el alto de dicho antepecho"*⁶⁰.

58. Miguel Ferro, no seu proxecto do ano 1784, reproduce o oso e o xabarl, e incluso menciona as dúas esculturas no seu recoñecemento: *"entre el segundo y tercero arco como se sale por la puerta de la villa, y en los guecos que dejan los tajamares, estan colocados dos bultos de canteria, que representan en mala escultura, un jabali, y un oso, cada uno con su inscripcion de letra maiuscula al estilo del siglo 14"* (idem).

59. Esta referencia de Fernando de Casas coincide ca descrición e os debuxos de Miguel Ferro Caaveiro: non esquezamos que a *"cepa grande"* da ponte tiña dous tallamares.

60. No extremo esquerdo do plano hai outras dúas anotacións: na parte superior figura *"Perfil de la puente de la villa"*, e na inferior *"Plano de la puente de la villa"*.

NOMBRES ILUSTRES EN LAS CALLES, PLAZAS Y JARDINES DE PONTEDEUME

Carlos de Castro Álvarez

INTRODUCCIÓN

Vivimos en una calle que tiene un nombre. A veces, bastante corriente; otras, más pomposo y de procedencia o justificación nada clara, aunque se trate de un nombre propio de persona. Lo pusieron hace tiempo por algún motivo, de repente, sin previo aviso, sustituyendo a otro con pocos o cientos de años de antigüedad, o para bautizar una calle de nueva creación: la villa crece inexorablemente y las necesidades de comunicación y relación a todos los niveles convierten el bautismo en una necesidad imperiosa. Lo vemos por doquiera: en las guías telefónicas, en los recibos de distinta procedencia, en las cartas que mandamos y recibimos cada vez menos por mor del correo electrónico, en los carnés, en nuestras maletas... y lo escribimos en mil impresos de todo tipo. Nos es un nombre tan conocido como el de nuestros hijos o amigos. ¿Pero qué méritos ha reunido esta persona para estar tan presentes en nuestras vidas como uno más de la familia? A veces sabemos que fue un militar o un político, un prohombre de nuestra administración local, un benefactor de la villa, con suerte, un literato de renombre nacional, pero, muchas otras veces, ni eso. Podemos decir que nos da igual, que, al fin y al cabo, no nos va la vida en ello. Pero la villa, como entidad colectiva, tiene que conservar su memoria y el historiador local que se precie debe mantener siempre su llama encendida.

Convencido de ello, hace tiempo que nos interesamos por los nombres de las calles, plazas y jardines de la villa de Pontedeume, por su procedencia etimológica, pero también por los mecanismos del proceso de denominación con toda su complejidad, por los padres y padrinos y por los factores que actuaron y actúan en dicho proceso, no muy distintos al de otras villas. El presente artículo es un pequeño avance: nómina de nombres propios de persona que figuraron o figuran en las placas de las calles, plazas y jardines. Con sólo una excepción: la del Club Firrete, que incluimos por razones obvias. De ellos desgranamos, de forma sucinta, la que podemos llamar partida de nacimiento y los méritos de la persona en cuestión.

Nos hemos extendido, lógicamente, en aquellas personas cuyos méritos residen en haber favorecido a la villa de una u otra manera, limitándonos a reseñar brevemente las personalidades de sobra conocidas a nivel de Galicia o incluso del Estado español. Aunque no ha sido siempre así:

la pobreza documental, aunque más bien la premura con que hemos preparado este avance, explican el poco espacio dedicado a algunos nombre, a los que, no obstante, en otro momento, no dejaremos de hacer justicia.

El resultado es una nómina un tanto descompensada, pero pensamos que válida para que los habitantes de Pontedeume puedan saber algo más, con poco esfuerzo, de ese nombre que les es tan familiar y a la vez tan desconocido.

NOMBRES ACTUALES

CASTELAO, AVENIDA O PASEO

Antigua entrada a la nacional VI, bordeando Olmo. El nombre fue puesto en sesión de la Corporación Municipal del 28 de octubre de 1993.

Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao (1886, Rianxo; 1950, Buenos Aires). Dibujante, pintor, escritor y político gallego. Figura destacada del galleguismo, fue diputado durante la Segunda República y ministro del gobierno en el exilio.

CLUB FIRRETE, CALLE

Calle situada en la zona del Aguabar, desde Atocha al Camino Estrecho. Bautizada por acuerdo municipal de 28 de octubre de 1993.

El nacimiento del **Club Firrete de piragüismo**, cuyo nombre hace referencia a una variedad de gaviota que encontramos en la ría Ares, está relacionado con la organización de la Bajada del Río Eume, hoy en día, con 37 ediciones celebradas, la prueba de piragüismo más antigua de A Coruña. La primera tiene lugar en 1966, impulsada por la Federación Gallega de Piragüismo, entonces dirigida por don Jacinto Regueira, apoyada decididamente por la Comisión de *Festas das Peras*, el Concello de Pontedeume y el Centro de Iniciativas Turísticas Ría de Ares. Este acontecimiento fue el caldo de cultivo para que en 1968 se fundase el club de piragüismo Brema-OJE, que pasa a denominarse en 1970 Náutico Firrete. Su primer presidente fue Jesús Antonio Fornos, al que siguieron Julio Gómez Garabana, Manuel Fonte, Jorge Salgado Cortizas, Eduardo Vega Piñeiro y Ramón Piñeiro Oliveira. En 1992, con el patrocinio de Autopistas del Atlántico, se convierte en el club Náutico Firrete-Autopistas del Atlántico.

- FABERO GÓMEZ, A., *Lembranza de don Antonio Couceiro*, Alfoz nº 5, 1990.
- ERIAS, A., *A chegada do ferrocarril a Betanzos*, Anuario Brigantino, 1983.
- FILGUEIRAS, J., *Rvdo D. Ricardo Sánchez Varela*, O Comarcal nº 57, 2002.
- GARCÍA, P. y BAQUERO MÉNDEZ, *Villanueva de Castro*, Ulpiano, GEG, T. 30.
- GÓMEZ BLANCO, OCAMPO VIGO y PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, *Ilustres nas rúas de Ferrol*, 1995.
- LÓPEZ CALVO, J. A., *O arcebispo Rajoy y la Ilustración*, Cátedra nº 10, 2003.
- RINCÓN VIRULEGIO, A. *Pondal, Eduardo*, GEG, T. 25.
- VILANOVA RODRÍGUEZ, A., *Horta y Pardo, Constantino*, GEG, T. 17.
- VILARIÑO, S., *Villanueva Rodríguez*, Valeriano, GEG, T. 30.
- VILARIÑO, S., *En el centenario de la fundación del hospital-asilo Agustín Tenreiro*, Festas as Peras, 2002.
- VILARIÑO, S. *Cambios en el callejero local*, Alfoz, nº 3, 1990.
- VILARIÑO, S., *Nova denominación de rúas eumesas*, Alfoz, nº 27, 1993.

STATUS REPRODUCTOR DA ANDORIÑA DAS VILAS *Delichon urbica* EN PONTEDEUME, ASÍ COMO NOS CONCELLOS QUE CONFIGURAN A RÍA DE ARES

Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez

INTRODUCCIÓN

Pontedeume é, sen dúbida, o núcleo de maior entidade en toda a ría de Ares, malia que esta non leva o seu nome, quizais por estar situada lonxe da bocana, en augas pouco profundas, formando parte do esteiro mesmo do río que lle serve para conformar o seu topónimo composto.

En Pontedeume, así como no resto dos concellos que delimitan a ría de Ares: Cabanas polo leste e Fene e Ares polo norte, realizamos, no outono de 2003, un censo de niños de andoriña das vilas *Delichon urbica* para coñecer o seu status reproductor, cousa que nunca se fixera até o momento, polo que non existen datos fiábeis nos que poder basearse para cuantificar o declive da especie naquela bisbarra dunha maneira racional.

Dos catro concellos que teñen parte do seu territorio na beira da ría, tres deles, Ares, Fene e Pontedeume conservan, aínda, unha pequena poboación residual de andoriña das vilas.

ANTECEDENTES ORAIS RECOLLIDOS NA VILA

Antes de iniciar o estudo preguntamos a varias persoas maiores sobre as andoriñas das vilas que estaban a aniñar en Pontedeume e a resposta que obtivemos de todos aqueles que as coñecían foi de que agora, comparando co que antes din que había, case non queda nada. É dicir: que as andoriñas e os seus niños foron a menos rapidamente nos últimos anos.



A andoriña das vilas *Delichon urbica*, amosa cores escuras por riba a abrancazadas por abaixo. Diferénciase doutras andoriñas dunha simple ollada por amosa-la rabadiilla de cor moi branca.

Esta percepción é absolutamente coincidente con outras partes de Galicia, onde as aves ou desapareceron por completo: casos de Vigo, A Guarda, Boiro, etc. ou se atopan en moi pouca cantidade, cando hai uns anos había, segundo o dicir das súas xentes, moitísimas máis. Referímonos a Pontevedra-capital, Noia, Cee, Fisterra, etc.

AS CAUSAS DESTE GALOPANTE DECLIVE


Preguntamos igualmente cales poderían ser as causas desta diminución e obtivemos respostas dispares, pero había unha moi coincidente: o aumento do nivel de vida da poboación que trouxo consigo que as fachadas das casas, onde as andoriñas aniñan, se coiden en exceso: pintándoas, encalándoas, construíndo galerías, etc. coa conseguinte destrución dos seus niños tempada tras tempada, ás veces mentres se atopan aniñando.

Logo, de máis a menos, foron outras as razóns que nos expuxeron, demostrando en todo momento a simpatía que sentían por estes paxaros que lles acompañaron nas rúas e prazas durante a tempada morna dende os primeiros xogos até a vellez:

- a) - O uso de insecticidas durante o verán para acabar coas pragas de moscas e mosquitos que tanto molestan, pero que constitúen, non embargante, o alimento destas aves nunha alta porcentaxe. Deste xeito, escasea, en primeiro lugar, a comida e, en segundo, poden inxerir insectos afectados gravemente polo insecticida, pero que aínda son capaces de voar.
- b) - A contaminación ambiental no máis amplo sentido.
- c) - A construción de novas edificacións pouco axeitadas para pegar nelas os niños, polo exceso de materiais modernos que as aves rexeitan: aluminios, plásticos, vidros, pinturas, etc. xa que a lama pega mal neles.
- d) - A destrución sistemática dos niños polos inquilinos das vivendas, pois as aves ensucian demasiado e meten, ademais, moito barullo cando están a criar durante o verán.

E nós, a todas estas razóns que compartimos e que dalgún xeito pretenden explicar a precaria situación das aves en Pontedeume e noutros moitísimos lugares da nosa rexión, engadiríamos un par delas máis que xa expuxemos nos xornais (Fernández de la Cigöña, 2003b):

- 1º - A proliferación de parasitos externos, ás veces moi abundantes, que poden acabar con adultos e xoves, sobre todo se están debilitados por falta de alimento. Lembremos que nos niños por nós inspeccionados en Salvaterra de Miño (Pontevedra) había carrachos abundantes en cada un deles da especie que cremos identificar como *Ixodes ricinus*.
- 2º. - O aumento, nestes últimos anos, dos seus inimigos naturais, moi especialmente das pequenas aves rapaces, protexidas pola lei dende hai algunhas décadas e que capturan moitos exemplares ao remate dunha tempada.



Cando as colonias son mestas, os niños aparecen, ás veces, pegados os uns ós outros (Colonia en Salvaterra de Miño, Pontevedra).


Para nós, todas estas causas aquí apuntadas, sen precisar a orde de preferencia, están a influír negativamente nas poboacións das andoriñas que se ven desta maneira moi afectadas. O presente traballo soamente pretende cuantificar as poboacións nidificantes nunha época concreta, o ano 2003, para, baseándose nestes datos, poder, nun futuro, estudar a evolución destas aves tan características das vilas do contorno da ría de Ares.

OS REDONDOS NIÑOS DAS ANDORIÑAS

Exteriormente teñen forma de bóla, cunha pequena abertura superior, para facilitar a entrada. A estrutura está feita exclusivamente por grans de lama, unidos uns aos outros, proporcionando unha superficie moi enrugada por fóra. Por dentro, non embargante, as paredes son lisas, case pulidas. Dous niños que analizamos polo miúdo procedentes da colonia existente na ferraxaría de Pilar Soto, en Salvaterra de Miño (Pontevedra), no verán de 2003, pesaron 425 e 430 gramos respectivamente.

No seu interior atopamos algunhas pedriñas de granito, de tamaño moi pequeno, formando a parte baixa da cama, mesturadas cun algúns froitos de ligustro *Ligustrum vulgare*. Por riba, había algúns corpos secos de bolboretas e carunchos, e, tamén, élitros e patas de escaravellos voadores. Cubrindo estes materiais, a xeito de saba, víanse algunhas palliñas de herba seca de 6 centímetros de lonxitude como máximo (Fernández de la Cigña, 2003a).

A posta consiste en 3 ou 4 oviños brancos, lisiños e brillantes. Os dous membros da parella constrúen o niño e, tamén, ambos chocan durante 13 ou 14 días. Despois de permanecer nel uns 20 días, os poliños abandonan a estrutura, pero axudan na alimentación dos irmáns das novas pos-



Nalgúns lugares podemos atopar niños que prolongan a abertura de entrada por un corto corredor (segundo pola dereita), para evitar que poidan ser predados dende o exterior. Nesta característica parécese ós da andoriña dáurica *Hirundo daurica*, aínda que nesta última especie o corredor é moitísimo maior.

tas, polo que se xuntan, ao cabo duns meses, moitos paxaros arredor dun só fogar. Fan até 3 postas por ano, iniciando a construción dos niños a pouco de chegar de África a principios de marzo. Marchan en outubro, unha vez acabada a reprodución da última niñada.

O QUE NOS SABIAMOS SOBRE ESTAS AVES

Trátase dunha andoriña pequena, posto que só acada os 13 cm. de lonxitude. Amósase moi escura por riba (azul mariño lustroso) e branca por abaixo. Ten rabadilla moi visíbel desta mesma cor branca. Cría en colonias, ás veces moi apertadas, nas facianas das casas, fáblicas, igrexas, etc. escollendo a parte de abaixo de cornixas, balcóns e viseiras, de xeito que a esferiña do niño quede protexida polo sainte, ficando, entón, unha estrutura pechada, case redonda, cunha pequena entrada na parte alta.

ALIMENTACIÓN

As andoriñas das vilas consumen insectos voadores que capturan ao voo. Por iso, a finais do verán coa desaparición destes, vense na obriga de emigrar aos cuarteis de invernada no continente africano. Non marchan pola friaxe, como se podería pensar nun primeiro instante, senón pola desaparición da súa comida cotiá.

MATERIAL E MÉTODO EMPREGADO

O censo, como xa dixemos, realizámolo durante os meses de outubro e novembro de 2003, camiñando polas rúas das vilas e anotando todos os niños que divisabamos. Clasificamos os niños de tres maneiras diferentes:

1º. - Os que se atopaban enteiros e con sinais evidentes de ter criado neles hai pouco tempo. No cadro figuran baixo a columna "Ent" (Enteiros).

2º. - Os que se atopaban máis ou menos destruídos. No cadro aparecen baixo a columna encabezada por "Semi" (Semi destruídos).

3º. - Os que se atopaban completamente destruídos, sinalando a súa presenza no lugar tan só pola marca dun círculo de barro. Estes aparecen baixo a columna: "Marc" (Marcados).

Ademais de contar os niños nas súas diferentes clases, anotamos as alturas ás que se atopaban sobre o chan da rúa da seguinte maneira: B (baixo), cando se atopaban á altura do baixo; 1º, se estaban á altura do 1º andar; 2º, se no 2º. andar, etc. Tomouse, tamén, a orientación das fachadas dos edificios que contiñan os niños mediante un compás, polo que as orientacións que reflectimos son as magnéticas e non as verdadeiras. Sinaláronse non só os puntos cardinais: N=norte, S=sur, E=leste e W=oeste, senón tamén os intermedios: NW=noroeste, NE=nordés; SW=sudoeste e SE=sueste. As alturas aparecen na columna sinalada cun "H" e as orientacións baixo a encabezada por "Or". Por último, a columna "Tt" (Totais), indica as sumas de cada clase de niños e sinala, na parte de abaixo, a cantidade total de niños censados en cada concello. Durante o proceso seguiuase puntualmente o método que xa describíramos no traballo que publicamos sobre as andoriñas de Gondomar e do resto do Val Miñor (Fernández de la Cigña, 2003a).

AS COLONIAS NA VILA DE PONTEDEUME

O número total de niños censados: 28, é, se o comparamos con outros concellos da provincia da Coruña, case unha cantidade elevada, dentro da escaseza xeral que observamos en toda ela. Tamén é verdade, que dos 95 concellos que conforman a provincia soamente censamos 50. Isto é: o 52,3% do total, polo que os datos son, aínda, provisionais, pero, aínda así, xa nos permiten ter unha idea aproximada da distribución desta andoriña polo territorio coruñés.

PONTEDEUME E O RESTO DOS CONCELLOS CORUÑESES

Este traballo que estamos a desenvolver forma parte dun moito maior que intentamos realizar a nivel galego, por iso podemos establecer comparacións con outros lugares e diferentes provincias. Pontedeume con 28 niños ocupa o posto número tres dentro da provincia da Coruña, lugar que comparte con Betanzos, Curtis e Fisterra; tal e como podemos ver no cadro que fixemos e que encabeza o concello de Sada de maneira moi destacada. Ares pasa ao posto número oito con 13 niños, mentres que Fene con 5 niños ocupa o posto doce, xunto con Cee e Noia. Por último, Cabanas, que delimita a ría polo norte e leste, carece de niños desta especie.

1º. - Sada con 121 niños

2º. - Ribeira con 66

3º. - Betanzos, Curtis, Fisterra e **Pontedeume** con 28



Non hai en ningunha poboación do contorno da ría de Ares mestas colonias de niños como se poden atopar noutros lugares de Galicia. Colonia en Salvaterra de Miño (Pontevedra), unha das maiores que temos censado.

- 4º. - Oroso con 27, todos eles en Sigüeiro
- 5º. - Carral con 17
- 6º. - Corcubión e Proba do Caramiñal con 16 cada un
- 7º. - Arzúa con 15
- 8º. - **Ares** e Padrón con 13
- 9º. - Miño e Rianxo con 12 cada un
- 10º. - Muros con 10
- 11º. - Teo con 6, todos na aldea de Pontevea
- 12º. - Cee, **Fene** e Noia con 5 cada un

Carecen de niños de andoriña das vilas, entre outros, os seguintes concellos da provincia de A Coruña: Abegondo, Aranga, Bergondo, Boimorto, Boiro, Cabanas, A Capela, Carnota, Cesuras, Coirós, Dodro, Frades, Irixoa, Mesía, Monfero, Mugar dos, Narón, Neda, Oleiros, Outes, Oza dos Ríos, Paderne, O Pino, Rois, Touro, Vilarmar e Vilasantar.

Se comparamos estes datos que acabamos de expor cos que temos das provincias de Pontevedra e Ourense, chegamos á conclusión de que o territorio da Coruña fica bastante distanciado de Pontevedra que é a que máis ten, e algo por debaixo da de Ourense, que lle segue a continuación. Da de Lugo, nada podemos dicir polo momento, pois os censos que realizamos naquela provincia aínda son moi parciais e non permiten ter unha visión nin sequera aproximada da situación actual das aves naquel territorio.

Cos datos que estamos a manexar, aínda provisorios, como xa dixemos, Pontedeume ocupa o posto número 23 de toda Galicia, compartindo a cantidade, ademais de con Betanzos, Curtis e Fisterra, como xa adiantamos, co concello pontevedrés de Mos.

AS ANDORIÑAS DAS VILAS EN PONTEDEUME. NÚCLEOS DE NIDIFICACIÓN

Prospectamos a vila o día 23 de outubro de 2003, atopando niños sobre todo na parte vella: praza Real, rúa dos Ferreiros, Pescadería, Inmaculada, Cantón, etc.

Agás no edificio do Concello, onde se atopa a colonia máis mesta que fomos quen de ver: até 10 niños; o resto dos grupos aparecen moi espallados e contendo moi poucos niños, de xeito que hai até un total de 10 edificios que teñen un só por fachada. Isto está a indicar claramente unha pobreza grande e unha situación de precariedade moi forte. O resultado do censo foi como segue:

NÚCLEOS DE NIDIFICACIÓN NA VILA DE PONTEDEUME						
Edificios ocupados	H	Or	Ent	Semi	Marc	Tt
Praza Real, 1 (Casa do Concello)	2º	NW	9	-	1	10
Rúa Real, 36	1º	E	1	-	-	1
Rúa dos Ferreiros, 2 (Librería Cunqueiro)	4º	SE	1	-	-	1
Rúa dos Ferreiros, 6 (Xoiería Casanova)	1º	SE	-	1	-	1
Rúa dos Ferreiros, 18	1º	SE	1	1	-	2
Rúa dos Ferreiros, 24 (Mesón Nicolás)	B	SE	1	-	-	1
Rúa dos Ferreiros, 32	1º	SE	1	-	-	1
Praza da Angustia, 1	1º	S	-	-	1	1
Praza do Conde, 10	1º	S	1	-	-	1
Rúa do Ferrol (Edificio de Correos)	3º	N	-	-	1	1
Rúa da Pescadería, 1 (Regalos Cacharreira)	1º	SW	4	-	-	4
Rúa da Inmaculada, 16 (Droguería Mouríño)	1º	SW	1	-	-	1
Rúa María (Mercería María José)	B	SE	1	-	-	1
Rúa do Cantón, 7	1º	NE	1	-	-	1
Rúa do Cantón, 7	1º	NW	1	-	-	1
TOTAIS			23	2	3	28

Polo tanto, no outono de 2003, o total de niños que atopamos ascendeu a 28, dos que 23 estaban enteiros, 2 semi-derruídos e 3 atopábanse tan só marcados nos edificios. Da mesma observación do cadro, podemos deducir que a andoriña das vilas, en Pontedeume, prefere para aniñar as partes inferiores dos edificios: baixos, primeiro e segundo andar; mentres que nas orientacións non hai unha preferencia acusada por ningún dos puntos cardinais, aínda que unha pequena maioría escolleu as fachadas orientadas cara ao poñente, quizais por seren as máis mornas e protexidas dos

ventos dominantes durante a tempada de aniñamento, no que soe reinar o nordés que, ás veces, cando se presenta no verán, pode resultar molesto de máis pola súa intensidade.

OUTRAS ESPECIES DE ANDORIÑAS NIDIFICANTES

Tamén aniña no núcleo urbano de Pontedeume ademais da andoriña das vilas, a andoriña común *Hirundo rustica*. Os seus niños axiña se distinguen da primeira por teren a forma dunha cunca, no canto de ser esféricos, aparecendo enteiramente abertos por arriba. Ademais, entre os grans de barro dos que están igualmente feitos, aparecen herbas diferentes que penduran do niño.

De tódolos xeitos, a cantidade debe ser insignificante, pois por se tratar dunha ave eminentemente rústica non soe aniñar dentro dos grupos compactos das construcións que configuran as vilas e cidades da nosa rexión, preferindo as aldeas e casaríos illados. Detectamos o niño á altura do primeiro andar, dun edificio de baixo e dous andares, situado na rúa O Vilar, concretamente onde se acha a panadería Ríos, fachada que está orientada cara ao sueste.

AS ANDORIÑAS NA VILA DE ARES

Censamos esta vila o día 23 de outubro de 2003, xa no lusco fusco dun serán con bastante friaxe e chuvia intermitente. Os niños atópanse moi espallados, habendo soamente dous lugares nos que se contabilizaba máis dun. Aparecen situados, principalmente, pola parte antiga do núcleo urbano e a pouca altura sobre a rúa, non existindo nos edificios que dan directamente cara ao mar. Polo que puidemos comprobar, están colocados preferentemente en baixos e segundos andares das casas, ocupando de maneira dominante as fachadas que miran cara ao poñente. Seméllanse, nestas características, as andoriñas de Pontedeume, que tamén escollían edificios de non moita altura, ou as partes baixas dos altos, mantendo polas fachadas que están orientadas cara ao oeste unha marcada querencia que excede en varios puntos ás outras orientacións. Hai, na rúa Real, nos números 49 e 95 senllos niños de andoriña común *Hirundo rustica* na parte baixa das edificacións e que se poden confundir cos da andoriña das vilas se non se miran con coidado.

Ás veces os niños atopan apoios extras para non se caer. Neste caso, os cables da luz fan de alicerce a moitos niños espallados por Pontedeume adiante.



Status reproductor da andoriña das vilas -*Delichon urbica*- en Pontedeume, así como nos concellos que configuran a ría de Ares.

NUCLEOS DE NIDIFICACIÓN NA VILA DE ARES						
Edificios ocupados	H	Or	Ent	Semi	Marc	Tt
Rúa do Fomento, 6 (Supermercados Froid)	B	W	3	-	1	4
Rúa do Fomento, 8 (Supermercados Froid)	B	NW	4	-	-	4
Rúa dos Anxos, 40	B	S	1	-	-	1
Rúa dos Anxos, 42 (El Tilo Reggina)	B°	NW	1	-	-	1
Rúa dos Anxos, 59	2°	E	2	-	-	2
Rúa Real, 59	B	SE	1	-	-	1
TOTAIS			12	-	1	13

A nivel provincial, polo número de niños, a pesar de tan discreta cantidade, Ares sitúase no posto número 9, mentres que se falamos a nivel galego descendería até ocupar o lugar número 31, compartíndoo con Albarellos, no concello ourensán de Monterrei. Todo isto, dunha maneira enteiramente provisional e contando cos datos que barallamos ao día de hoxe: nadal de 2003, cando temos censados un total de 157 concellos en toda Galicia.

AS ANDORIÑAS EN FENE

O concello de Fene ten a maior parte do seu territorio virado cara á ría do Ferrol, onde se miran as poboacións de Perlío e Fene, as de maior entidade, pero, non embargante, a parroquia de Santa Eulalia de Limodre, situada na parte meridional, verte as súas augas á ría de Ares, sendo esta a causa da súa inclusión no presente traballo, no que se recollen os concellos que sendo da ría de Ares teñen poboacións nidificantes de andoriñas das vilas no seu territorio.

Prospectamos a vila de Fene e a parroquia de Perlío no mediodía do 19 de novembro de 2003, atopando soamente uns poucos niños espallados e moi afastados entre si. Tanto Fene como Perlío forman parte realmente dunha soa unidade urbana, non habendo separación entre moitas rúas de ambas poboacións que comezan sendo de Fene e rematan en Perlío e viceversa. Os niños aparecen, polo que puidemos comprobar, en estradas xerais e avenidas de moitísimo tráfico, situados a bastante altura e con certa tendencia a ficar orientados cara ao mediodía.

Nesta fotografía podemos ver claramente os tres tipos de niños que distinguimos nos censos: os enteiros: terceiro pola esquerda; os medio-derruídos: terceiro pola dereita e os simplemente marcados: primeiro e segundo pola dereita e a esquerda.



NUCLEOS DE NIDIFICACIÓN EN FENE						
Edificios ocupados	H	Or	Ent	Semi	Marc	Tt
Avenida das Pías, 4 (Mary-Luz, Electricidad)	B	S	1	-	-	1
Avenida do Concello, 3 (Safari Park)	5º	W	2	-	-	2
TOTAIS			3	-	-	3

NUCLEOS DE NIDIFICACIÓN EN PERLÍO (FENE)						
Edificios ocupados	H	Or	Ent	Semi	Marc	Tt
Avenida Marqués de Figueroa, 60 (Farmacia)	4º	SE	1	-	-	1
Rúa Cruceiro, 5 (Carnicería Viñas)	3º	SE	1	-	-	1
TOTAIS			2	-	-	2

Fene, incluída a parroquia de Perlío, ocupa polo número de niños censados o posto número 13 da provincia da Coruña, lugar que comparte, igualmente, coas vilas de Cee e de Noia.

RESUMO

Censáronse os niños de andoriña das vilas *Delichon urbica* existentes nos concellos que configuran a ría de Ares durante o outono do ano 2003, atopándoos nas poboacións de Pontedeume, Ares, Fene e Perlío. Contabilizáronse, en total, 46 niños: 28 en Pontedeume, 13 en Ares, 3 en Fene e 2 en Perlío; o que fala ben ás claras da precariedade da situación actual da devandita especie nesta parte nor-occidental da provincia da Coruña.



Niño de andoriña desprendido da parede, no que apreciamos a súa estrutura feita exclusivamente de barro.

BIBLIOGRAFÍA EXCLUSIVAMENTE CITADA NO TEXTO

- * FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA, E. 2003a. A andoriña das vilas *Delichon urbica* no concello de Gondomar e no resto do Val Miñor. REM (*Revista de Estudios Miñoranos*), número 3: 201-209. Gondomar.
- * FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA, E. 2003b. Compartindo a casa coas andoriñas das vilas. *La Voz de Galicia* (Edición de Vigo). Data: 15 novembro: L-15.

FERNANDO DE ANDRADE E A SÚA PARTICIPACIÓN NAS BATALLAS DE ITALIA DO SÉCULO XVI

Xesús Andrés López Calvo

1. INTRODUCCIÓN

O polígrafo e historiador eumés Antonio Couceiro Freijomil escribía en 1944: "*D. Fernando de Andrade y Pérez das Mariñas, hijo y sucesor en el señorío de Pontedeume de Diego de Andrade, es una de las figuras de más extraordinario relieve en la historia de Galicia, lo cual contrasta grandemente con el inexplicable olvido en que los gallegos hemos tenido su memoria*"¹.

Idéntico sentimento expresa o historiador César Vaamonde Lores verbo do mesmo tema: "*Es sumamente doloroso para Galicia que la memoria de Andrade, uno de sus más preclaros hijos, permanezca casi en absoluto oscurecida, sin que haya habido quien tratase de reivindicarla y enaltecerla, pues aun cuando lo hubieran hecho La Coruña y Puente deume -¡que no lo hicieron!- sería un pequeño triunfo para aquel que, émulo del Gran Capitán, se cubrió de gloria en Italia, en los espléndidos días de nuestras victorias en aquel país. Por esto hacemos notar, como un triste ejemplo, la indiferencia de Galicia, el olvido de España y la injusticia que todo ello encierra*"².

Lonxe de investigacións con halo romántico, e coa rigorosidade metodolóxica a que nos ten acostumados, o profesor da Universidade de Santiago, José García Oro, publicou, en 1994, un inestimábel ensaio sobre a traxectoria do noso personaxe nun intento da súa rehabilitación histórica³; o dito ensaio tivo a súa prolongación coa publicación, un ano máis tarde, do codicilo que continúa o testamento de Fernando de Andrade, e recentemente ven de publicar un novo estudo sobre o Señorío dos Andade no Renacemento⁴.

1. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *Historia de Puente deume y su comarca*, Santiago, Editorial Compostela 1994, 237.
2. C. VAAMONDE LORES, "Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes", en *Boletín de la Real Academia Gallega*, 8 (1914) 91-95, 154.
3. Cf. J. GARCÍA ORO, *Don Fernando de Andrade, conde de Villalba (1477-1540)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia 1994.
4. J. GARCÍA ORO, *Testamento y codicilos de Don Fernando de Andrade. (Pontedeume, 30 de agosto y 28 de septiembre de 1540). Addenda a Don Fernando de Andrade, conde de Villalba (1477-1540). Estudio Histórico y Colección Documental*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia 1995. O orixinal consérvase no Archivo General de Simancas, Consejo Real 51-8. Tamén, J. GARCÍA ORO- M.J. PORTELA SILVA, *Pontedeume y sus señores en el Renacimiento*, Pontevedra 2003, Fundación Caixa Galicia y Sociedad Filatélica, de Arte y Humanidades 'Ence'.

A nosa pretensión con este traballo é dar a coñecer uns sucesos militares, aínda a sabendas que o facemos sen a perfección que se merecerían os lectores, onde tivo un destacado protagonismo o primeiro Conde de Andrade e sexto Señor de Pontedeume, Fernando de Andrade e Pérez das Mariñas.

Non é a nosa pretensión esaxerar en relatos nin restaurar lembranzas. Ao sumo intentaremos elaborar unha insignificante achega ao conxunto da investigación sobre a historia militar española e sobre un dos seus personaxes. Facémolo no momento en que se conmemora o quinto centenario das batallas de Ceriñola (28 de abril de 1503) e Garellano (29 de decembro de 1503) onde Fernando de Andrade combateu como oficial de Gonzalo Fernández de Córdoba, o Gran Capitán (1453-1515)⁵. Sirva esta pequena contribución -entre outras cousas- para compensar as queixas feitas no seu día por Couceiro Freijomil e Vaamonde Lores.

2. FERNANDO DE ANDRADE E PÉREZ DAS MARIÑAS: UNS APUNTES BIOGRÁFICOS E UN CONTEXTO

Non faremos neste apartado máis que unha breve síntese dos datos que achegan algúns estudos xa publicados⁶. Fillo de Diego de Andrade e María das Mariñas nace Fernando en 1477. É o primoxénito dunha estirpe na que había dúas irmás máis: Tareixa e Violante. A primeira casará con Rodrigo de Moscoso e converteranse nos condes de Altamira, e a segunda fará o propio con Pedro Bermúdez de Castro, Señor de Montaos e Peñaflo. Estas alianzas matrimoniais darán aos Andrade as rendas do noroeste galego⁷.

Cando conta con 13 anos e residía en Granada na Corte dos Reis Católicos, perde ao seu pai, o cal provocará unha situación de inestabilidade no goberno do señorío a causa da súa minoría de idade. Ao cumprir os 18 anos recibe da súa nai os dereitos de primoxenitura e morgado da súa familia. En 1500 contrae matrimonio con Francisca de Zúñiga, viúva aínda nova de Diego de Acevedo, e filla de Sancho de Ulloa, conde de Monterrei⁸. Da súa unión nacerán tres fillas: Tareixa,

5. Cf. J. F. C. FULLER, *Batallas decisivas del Mundo Occidental*, Madrid, Ejército 1984.

6. Por exemplo os xa citados de García Oro e tamén M. J. VÁZQUEZ LÓPEZ, "Aportación al estudio de la nobleza gallega en el Medioevo: la Casa de Andrade", en *Estudios Mindonienses* (1990) 797-820.

7. "Los Andrade terminan el Medioevo reacios a recibir títulos nobiliarios distintos de su apellido cargado de abolengo y misterio. Don Diego se había negado no sólo a usurpar honorificencias sino también a recibirlas dentro de la legalidad. No quiso prestarse a ser Conde de Lorenzana, gracia que, al parecer, le hacía Enrique IV. De los Reyes Católicos recibió en fecha imprecisa el título de Conde de Villalba. Pero ni él ni su hijo Fernando alardearon de esta distinción. Siguieron llamándose Andrade que era, en su acendrado concepto dinástico, toda la grandeza auténtica que se pueda desear". J. GARCÍA ORO, *La nobleza gallega en la Baja Edad Media*, =Bibliófilos gallegos, Biblioteca de Galicia XX, Santiago de Compostela, El Eco Franciscano 1981, 157.

8. O seu primeiro matrimonio foi co seu curmán Diego de Acevedo, fillo do arcebispo compostelán Fonseca e de María de Ulloa, irmá de Sancho de Ulloa pai de Francisca. Este primeiro matrimonio durou moi pouco, xa que Diego de Acevedo interveu na campaña do Rosellón nos exércitos de Fernando o Católico, e alí faleceu, en Salsses, a consecuencia das feridas recibidas en combate. En 1496 nace o fillo de ambos Alonso, chamado así polo seu avó paterno, o arcebispo Alonso de Fonseca pero, chegado o momento D^a Francisca prefere a súa filla do segundo matrimonio Tareixa de Andrade para nomeala herdeira dos seus estados no canto do seu fillo varón. Como é lóxico Alonso de Acevedo non permitirá os manexos da súa nai e ademais conta co apoio do seu famoso avó, o arcebispo Fonseca. Isto provocará enormes preitos entre ambas familias. Francisca de Zúñiga falece en 1526. Cf. M. J. VÁZQUEZ LÓPEZ, "El Señorío de Monterrei, los Biedma, los Stúñiga y los Ulloa", en *Estudios Mindonienses* 13 (1997) 187-308. Tamén M. VÁZQUEZ BERTOMEU, "El Arzobispo Don Alonso II de Fonseca. Notas para su estudio", en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 47 (2000) 112, 87-131.

Fernando de Andrade e a súa participación nas batallas de Italia do século XVI

Catarina, que morrerá sendo a condesa de Cifuentes, e unha terceira da que descoñecemos o seu nome pero si sabemos que estaba casada cun tal Vasco de Seixas. A primeira, casará con Fernando de Castro e Osorio, Conde de Lemos, e continuará a liñaxe dos Andrade na persoa do seu fillo Pedro. Fóra do matrimonio creceron, polo menos, outros dous rapaces máis. O primeiro tamén chamado Fernando que alardeará dos apelidos do seu pai e que será colocado honorificamente na Igrexa dentro dos beneficios patronais da familia. O segundo, Martín Sánchez, habido dunha muller solteira chamada Xoana Fernández que por manda testamentaria quedará baixo a tutela do seu outro irmán natural e ordenándose que sexa tamén formado na carreira eclesiástica.

A estancia na corte itinerante dos Reis Católicos supónlle a Fernando de Andrade a posibilidade dunha formación de academia militar. Cos reis e os seus capitáns viviu a mobilización xeral do Reino de Castela e a chamada especial ao nobres a concorreren con todos os seus efectivos á acometida final contra o Reino Nazarí de Boabdil. Cabe supoñer que foi aquí onde se inicia un trato de confianza con quen uns anos máis tarde foi o seu patrocinador, Luis Portocarrero, Conde de Palma⁹.

Para contrarrestar o empuxe de Carlos VIII de Francia, que soñaba con apoderarse do reino de Nápoles, ábrese o horizonte militar de Gonzalo Fernández de Córdoba, o Gran Capitán. Este horizonte tamén se fai efectivo para Fernando de Andrade no verán de 1500 e aínda que o supoñemos enrolado na Armada Española non temos noticia del até 1502 onde figura como capitán do estado maior de Luís Portocarrero, xunta con García de Ayala, Alonso Niño, Alonso de Carvajal, Luís Méndez Figueroa e Hernando de Quesada.

Combate ao lado do Gran Capitán e despois de se converter no heroe de Seminara e Gaxellano regresa a España en 1504 tal vez coa consigna de reorganizar as unidades do Exército unha vez concluídas as campañas de Italia. Entre as recompensas que recibe polos seus éxitos militares está o título de Conde de Caserta que, ao parecer, non chegou a ilusionalo xa que nunca o usou nas súas subscricións documentais, tal vez debido a que preferiu xogar desde Galicia o papel señorial que lle correspondía.

En 1511 regresa a Italia e, finado xa o rei Católico, o rexente Cardeal Cisneros chámalo á Corte e encoméndalle o mando de tropas reais coas que en máis dunha ocasión contivo aos nobres que se opoñían ao rexente, como ocorreu en 1517 contra o propio Duque de Alba.

En 1520 preséntase en Santiago a fin de pedir nas Cortes voz e voto para os procuradores de Galicia a quen se negara ese dereito para favorecer aos de Zamora. En Santiago o soberano hospedouse no convento de San Francisco, e alí presentáronse o arcebispo Alonso de Fonseca IV, Fernando de Andrade e o conde de Benavente, para pedir a entrada nas Cortes en representación de Galicia xa que era Reino só de por si, que tivera voz e voto nas antigas Cortes de Casela e que era cousa recente que Zamora a representara. Negóuselles a entrada e entón o conde de Andrade dixo que se no se lle daba satisfacción xuntábase co procurador de Toledo Pedro Laso, que acaba-

9. En 1503 a Coroa española propúñase coa expedición a Sicilia reunir "en ese Reyno a nuestro sueldo dos mil peones empuñados e lanças terciadas e coraçadas e casquetes e espadas para que nos vayan a servir a nuestro reyno de Sicilia". A operación de recrutamento realizaríaa o Gobernador "cogiéndolos por su voluntad y por via de repartimento". Cf. J. GARCÍA ORO, *Galicia na Baixa Idade Media. Igrexa, señorío e nobreza*, Noia, Toxosoutos 1999, 258-261.

ba de ser desterrado de Santiago por oporse ao desexo do soberano, e estaba en Padrón. Esta actitude de Fernando de Andrade válelle a inimidade do emperador Carlos V e o conseguinte desterro¹⁰. Anque meses máis tarde este noméao capitán xeneral da armada que o conduciu a Flandes e que zarvou da Coruña o 20 de maio de 1520, este cambio de actitude por parte do emperador non se trataba dunha condonación do desterro senón que así conseguía neutralizar a poderosa influencia e o ascendente moral que Fernando de Andrade tiña en Galicia.

En 1522 regresa por terceira vez a Italia en novas campañas militares contra os franceses, como por exemplo a conquista da cidade de Armiro, e tamén como xefe de escolta do cardeal Adriano de Utrech, bispo de Tortosa e un dos rexentes de Castela que fora elixido papa para suceder a León X.

Desexoso de acrecentar os descubrimentos no Novo Mundo, organizou unha expedición a América do Sur poñendo ao mando a Diego García que partiu de Fisterra o 15 de xaneiro de 1535 e, anque chegou a explorar as costas de Brasil e Paraguai, a expedición malógrase resultando un fracaso¹¹.

Entre 1531 e 1536 figura como corrixidor-asistente de Sevilla e a partir dese ano retírase da vida pública simultaneando a súa residencia na Coruña e Pontedeume. Nesta última vila inviste cuantiosas sumas para crear e dotar institucións relixiosas como o convento de frades agostiños e a igrexa parroquial de Santiago na que estableceu varias fundacións e capelanías.

Outorga testamento en Pontedeume o 28 de setembro de 1540 e parece que falece o 11 de outubro de 1540 aos sesenta e tres anos de idade, tal e como sinala a inscrición sepulcral da igrexa parroquial de Pontedeume¹². No momento do seu falecemento áchase casado en segundas nupcias coa nobre francesa Xoana de Leyva.

Con este percorrido bibliográfico intuimos que nos encontramos ante unha testemuña excepcional de dúas Españas moi diferentes: a dos Reis Católicos de pacificación interna e expansión mediterránea, da que fora axente na súa xuventude; e a de Carlos V, implicada ata o esgotamento no escenario bélico europeo e mediterráneo, que o mesmo Andrade viu complicarse día a día. A súa traxectoria vital ben o fai acreedor do cualificativo de personalidade de Galicia.

10. Cf. M. J. VÁZQUEZ, *Aportación al estudio de la nobleza gallega...*, a. c., 818.

11. Mariño distinguido nacido en Palos de Moguer, Diego García xa acompañara a Díaz de Solís no descubrimento do Río da Plata, percorre os mesmos territorios que explorou Sebastián Cabot. A expedición, da que se esperaban felices resultados, malógrase pola excesiva cobiza do mariño. Malia que foi acollido favorablemente polos indios en todas as rexións que exploraba, acabou poñéndose a mal con eles ao querer facelos escravos e embarcalos para Europa. Regresa a España en 1530. Cómpre reseñar o comportamento nobre que Andrade ten con Diego García malia que este no lograse o obxectivo da expedición e, polo tanto, perdese o investimento de Andrade; que malia todo o recomenda para participar nunha nova empresa americana, a expedición de Pedro de Mendoza que, entre outras cosas notables, trouxo consigo a fundación da cidade de Bos Aires. Cf. A. VILANOVA, *Los gallegos en la Argentina*, (Vol. I), Buenos Aires, Ediciones Galicia, 1957.

12. Recibiu sepultura na capela maior da igrexa de Santiago de Pontedeume. Os seus restos trasladáronse en 1758 a outro sepulcro labrado no lado do evanxeo da dita capela. Neste sepulcro hai unha inscrición da época do traslado que di así: "AQVI JACE EL EXMO S. D. FERNANDO DE ANDRADE CONDE DE VILLALVA SR. DE PVENTEDEUME Y FEROL QUE FUE ENTERADO EN VN PANTEÓN DENTRO DE LA CAPILLA MR. DE ESTA IGLESIA EN XI DE OTVBRE DE 1540 Y SE TRASLADARON SVS HVESOS EN ESTE NICH0 EN 28 DE FEBRERO DEL AÑO DE 1758". Cf. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *O. c.*, 263.

Unha vez que fixemos o encadre contextual do noso personaxe entremos no episodio polo que mostramos interese: a súa participación nas campañas de Italia como oficial do Gran Capitán.

3. SINOPSE DAS GUERRAS DE ITALIA NO SÉCULO XVI

O enfrontamento entre Francia e a Casa de Habsburgo será, salvo breves períodos excepcionais, unha constante durante os séculos XVI e XVII. A común política italiana, o problema de Navarra e, sobre todo, o cerco dos Estados dos Austrias en torno a Francia manterán viva unha hostilidade que se manifestará periodicamente en conflitos abertos en moi diversos puntos de Europa, e incluso fóra dela. As distintas circunstancias nas que se desenvolverá esta inimizade marcarán varias etapas diferenciadas.

Nun primeiro período, o escenario dos enfrontamentos limitárase case exclusivamente a Italia. A rivalidade a causa de intereses opostos na península italiana, fora contribución á monarquía española da Coroa de Aragón que, como restos da súa expansión mediterránea, conservaba Sardeña (1325) e Sicilia (1409), mentres que o Reino de Nápoles, anexionado en 1442, pasara en 1458 a unha rama bastarda de Aragón, á morte de Afonso V. Fernando II de Aragón, o Católico, recibira a lección viva do seu pai Xoán II e coñecía con detalle os reinados dos seus antepasados Pedro III, Pedro IV e Martiño o Humano. Desde moi novo era rei de Sicilia, illa que non coñecía porque, precisamente pola súa xuventude, seu padre non o deixara ir visitala. En Nápoles reinaba Ferrante, fillo bastardo de Afonso V e curmán de Fernando, con cuxa irmá Xoana estaba casado. O rei de España aceptaba a situación, non se sabe se por magnánimo respecto familiar ou porque cría que aínda non chegara a hora. Do que estaba convencido era que os dereitos ao trono de Nápoles eran seus, como maior descendente directo de Afonso V¹³.

Pola súa parte, Francia reivindicaba os dereitos sobre o trono napolitano da dinastía dos Anjou, que reinaran entre 1282 e 1442. O rei francés, Carlos VIII, imbuído de ideas románticas e cabaleirescas de cruzada, iniciara os movementos. En 1493 asegurárase a neutralidade do emperador Maximiliano, a cambio do Artois e o Franco Condado, o de Fernando o Católico, a cambio do Rosellón e da Sardeña. Ao ano seguinte, á morte do rei napolitano Ferrante I, Carlos VIII invadiu Italia camiño de Nápoles atravesando Florencia e Roma. A Liga formada por Venecia co papa Alejandro VI Borgia, Ludovico Sforza -Rexente de Milán-, o emperador Maximiliano I de Austria e os Reis Católicos amosouse como unha forza suficientemente disuasoria para decidir a súa retirada, mentres o exército de Gonzalo Fernández de Córdoba repoñía no trono de Nápoles á rama bastarda de Aragón en 1497, por un período que será efémero.

Co ascenso ao trono de Francia de Luís XII (1462-1515) a situación ía cambiar radicalmente. Ao noveleiro e fantástico Carlos VIII sucédele un home de talante diferente, co que non se podía realizar a mesma política. Fernando o Católico deuse conta e modificou a súa táctica diplomática. Luís XII no acto de proclamación fíxose nomear rei de Francia, das Dúas Sicilias, de Xerusalén e duque de Milán. O rei de Francia comprendeu que non podería facer efectivos estes

13. Cf. J. A. VACA DE OSMA, *Los Reyes Católicos*, Madrid, Espasa 2001, 228.

títulos se tiña como adversario ao rei Católico, e aveuse a entrar en negociacións con Fernando, que por entón procura o apoio do Papa para desposuír de Nápoles á dinastía bastarda¹⁴. A predisposición dos dous soberanos a se entenderen no reparto de Italia culminou co tratado de Marcoussis de 5 de agosto de 1498, un tratado discutido e turbio que presaxiaba que a guerra non tardaría en rexurdir, xa que outro tratado do francés coa casa de Savoia permitía o tránsito do seu exército a Italia polos desfiladeiros das montañas. Nestas condicións o exército francés puido ocupar o ducado de Milán en menos de quince días. A invasión francesa de Nápoles era cuestión de días. Tras o fracaso por conseguir como aliados aos venecianos (Venecia estaba en guerra cos turcos) Fernando o Católico comprendeu que non lle quedaba outra alternativa que abandonar Italia á ambición francesa ou entrar en guerra con Francia para defender os seus dereitos.

Mentres se levaban ao cabo as conversas secretas para repartirse mediante un tratado bilateral o reino de Nápoles, en maio de 1500 facíase á mar unha poderosa escuadra concentrada en Málaga ao mando do Gran Capitán. En torno a el reunírase un importante grupo de soldados experimentados que brillarían por si propios en diferentes campañas: Diego López de Mendoza, Alonso de Silva, Sancho de Villalba, Pedro de Paz, Diego Zamudio, Gonzalo Pizarro, Pedro Navarro, Diego García de Paredes, e outros distinguidos cabaleiros da guerra de Granada¹⁵. A escusa para a formación desta armada era acudir en auxilio dos venecianos na súa loita contra os turcos, se ben o seu verdadeiro obxectivo consistía en protexer as costas de Sicilia contra os franceses e tomar posicións estratéxicas para o reparto de Nápoles.

A presenza da escuadra do Gran Capitán convenceu aos franceses de que a conquista do reino de Nápoles era imposible sen a aceptación española. Desde estas premisas o 11 de novembro de 1500 asínase o tratado de Granada. Nel Fernando o Católico e Luís XII de Francia acordaron repartirse o reino de Nápoles¹⁶. Tratábase dun tratado redactado con mala fe e intencións cobizosas. O papa Alejandro VI e o colexio cardinalicio deron por bo o tratado de repartimento, declarando a Súa Santidade que *"sólo le movía a hacerlo la consideración de los piadosos intentos de las partes contratantes, e la indigna conducta del rey Fadrique de Nápoles, cuya traición a la república cristiana le había hecho perder todo derecho, si es que alguno tenía, a la corona de Nápoles"*¹⁷.

14. Cf. L. ALBERICH BARRIO Y OTROS, "Edad Moderna. Período de apogeo, desde la rendición de Granada hasta la muerte de Isabel la Católica", en ID., *Historia de España* Vol. IV, Madrid, Promoción y Ediciones 1990, 150.

15. Cf. MARQUÉS DE LOZOYA, *Historia de España* (Vol. III), Barcelona, Salvat 1967, 161-174.

16. Ao rei Católico adxudicábaselle a Apulia e Calabria, quedando para o francés a rica Terra de Labor e os Abruzzos. Pero cedo inicianse discordias entre españois e franceses sobre a quen correspondía a Capitanata, a Basilicata e o Principado.

17. Segundo os monarcas español e francés, Fadrique extralimitárase ao comprometer a seguridade de toda a cristiandade atraendo sobre ela aos turcos, os seus máis encarnizados inimigos, aínda que a realidade era moi distinta. Se Fadrique III de Nápoles buscara a axuda dos otomanos debíase a que estaba informado dos propósitos do seu parente Fernando de Aragón e do cobizoso Luís XII de Francia para apoderarse dun ou outro xeito do seu reino. Cf. L. ALBERICH Y OTROS, *o. c.*, 163. Non era este o primeiro preito que mantivo o Papado coa Coroa de Nápoles. Inocencio VIII (1484-1492) entrou en guerra con Ferrante de Nápoles, quen se negaba a pagar o tributo que o Papa esixía como soberano do rei. Inocencio ofreceu o trono de Nápoles a un pretendente francés, René de Anjou. Co ascenso ao solio pontificio de Rodrigo Borja, sobriño de Calisto III (1455-1458), co nome de Alejandro VI, o Papado alcanzou o seu máis baixo nivel de degradación. Cardeal e Vicechanceler da Igrexa romana durante 35 anos, home encantador, culto e de vida notoriamente disipada, Borgia abriuse paso até o trono papal a forza de subornos. En Florencia, o frade dominicano Girolamo Savonarola, convencido de que Deus o inspiraba para que rescataa ao Pontificado da súa vergoña, denunciou ao Papa, á Curia e á familia Borgia, e apelou aos reis cristiáns para que destronaran a Alejandro e salvaran a Igrexa. Cando en 1494, o rei francés Carlos VIII apareceu en

Fernando de Andrade e a súa participación nas batallas de Italia do século XVI

Desde o principio producíronse friccións entre españois e franceses polo reparto de Nápoles que desembocaron na reapertura das hostilidades. A superioridade numérica francesa obrigou a Fernández de Córdoba a utilizar o seu xenio como estratega, concentrándose na defensa de prazas fortes á espera de reforzos. Cando estes chegan, o exército de Luís XII foi derrotado por Fernando de Córdoba na batalla de Ceriñola, tumba literal da infantería francesa ante a artillería española, onde falece o xeneral en xefe do exército francés Duque de Nemours apoderándose de todo o reino. Mandou Luís XII un novo exército que foi vencido, igualmente á beira do río Garellano. Como consecuencia os franceses tiveron que render a praza forte de Gaeta deixando libre o campo aos españois. Por fin, o tratado de Lyon de 1504 concedeu o trono de Nápoles á Monarquía española, que se apresurou a nomear a Gonzalo Fernández de Córdoba como vicerrei.

A súa actuación política como vicerrei de Nápoles amosa a auténtica dimensión da figura histórica do Gran Capitán que ben merece novos e puntuais estudos. Non embargante, o que nos atinxe obríganos a cinguirnos ás súas vitorias sobre os xenerais de Carlos VIII e Luís XII. Executor da súa maxistral mostra de arte militar foi Fernando de Andrade. A continuación ofrecemos a xustificación desta afirmación.

4. A TERCEIRA BATALLA DE SEMINARA: 21 DE ABRIL DE 1503

Seminara é unha pequena cidade italiana da provincia de Regio Calabria. Escenario de tres batallas entre as tropas españolas e as francesas, estas últimas acaudilladas por Roberto Stewart, Señor de Aubigny. As dúas primeiras (xuño de 1495 e decembro de 1502) foron gañadas polos franceses e a terceira (venres 21 de abril de 1503) polos españois, sendo nesta última onde cobra capital importancia a estratexia e o enxeño militar de Fernando de Andrade¹⁸. O propio D'Aubigny salvouse de caer en mans de Andrade gracias á súa garda escocesa. Esta vitoria xunta coa de Ceriñola, lograron a entrada triunfal de Gonzalo Fernández de Córdoba en Nápoles o 14 de maio de 1503.

A narración máis antiga e máis clásica desta batalla é obra do cronista da Coroa de Aragón, Jerónimo Zurita, contida no capítulo 24 da súa "Historia de Fernando V"¹⁹. Outra versión ofrécenola en Armas y triunfos o cronista galego Gándara²⁰, non embargante seméllanos máis con-

Italia para afirmar as súas pretensións sobre Milán e Nápoles, Savonarola saudouno como un salvador, pero cando Carlos chegou a Roma, o Papa logrou convertelo no seu máis submisio e obediente servo, e en Florencia, o pobo, alarmado ante os crecentes excesos de Savonarola, guindou a este á fogueira como herexe. En 1497 o fillo favorito de Alejandro, Juan, Duque de Gandía, morreu asasinado en turbias circunstancias. Na súa dor, o Papa anunciou que decidira emendarse e consagrarse á reforma da Igrexa. Unha comisión de cardeais recibiu o encargo de trazar un plan de reforma, que foi esquecido cando, ao ano seguinte, o novo rei de Francia, Luís XII, que aspiraba á anulación do seu matrimonio, ofreceu, en compensación polo favor, nomear a César, fillo do Papa, Duque de Valence. En Alejandro VI os intereses familiares pasaban por encima de todas as consideracións. Cando morreu, en 1503, os Estados Pontificios apenas eran máis que unha posesión da familia Borgia. Cf. G. GULKIN, "Los Papas del renacimiento", en C. HOLLIS (ED.), *El Pontificado*, Barcelona, Plaza y Janés 1965, 115-116.

18. Cf. J. A. YAQUE LAUREL, "Seminara, batalla de", en: G. BLEIBERG (DIR.), *Diccionario de Historia de España*, (Vol. III), Madrid, Revista de Occidente 1969, 638-639.

19. Narración está recollida en: B. VICETTO, *Historia de Galicia* (Tomo V), Ferrol, Nicasio Taxonera Editor 1872, 244-252.

20. Cf. *Ibid.*, 254-255.

trastada a descrición e análise que se fai dela na Historia de España dirixida por Menéndez Pidal e que, a continuación, reproducimos:

"Luis Portocarrero había llegado a Mesina el 5 de marzo, pero no desembarcó en Regio hasta el 25, reagrupando inmediatamente a todas las compañías dispersas en Calabria. Indirectamente prestó un servicio a Gonzalo de Córdoba, porque obligó a D'Aubigny, único que podía aconsejar eficazmente al duque de Nemours en tan difíciles circunstancias, a permanecer en Calabria sin concurrir a la concentración dispuesta por su jefe frente a Barletta, antes al contrario restándole aún más lanzas D'Aubigny tomó la iniciativa de las operaciones, llevando una parte de sus tropas sobre Terranova, que defendía Alvarado: éste efectuó un rápido repliegue sobre líneas de más fácil defensa mientras pedía auxilios que, por orden de Portocarrero, fue a llevarle Manuel de Benavides, con trescientos jinetes y seiscientos infantes. Los franceses levantaron el campo sin arriesgar la lucha y se retiraron a San Martín en la llanura de Gioia. Como en este momento Piñeiro obtiene también una victoria sobre el príncipe Rossano (5 de abril de 1503), que le había tendido una emboscada, se confortan los ánimos. Antes de salir al campo, murió Portocarreo en Reggio, a consecuencia de una enfermedad. Fernando de Andrade, conde de Villalba, comandante supremo de la infantería gallega, el cuerpo de tropas más numeroso, fue reconocido entonces como jefe, con la protesta de Hugo y Juan de Cardona, que le negaban la experiencia suficiente. A él correspondía, sin embargo, la responsabilidad de haber provocado la tercera batalla de Seminara ordenando cruzar el Petrace hacia la llanura de Gioia. D'Aubigny decidió aprovechar la ocasión que se le brindaba, porque conociendo las dificultades interiores del ejército español -había enviado un trompeta a formular el desafío- juzgaba que en ellas estaba su mejor aliado: la mayor parte de los soldados gallegos amenazaban ya con desertar si no se les pagaba, y fue preciso un gran esfuerzo de los oficiales para contenerlos. El caudillo francés creyó que no le sería difícil repetir por tercera vez la victoria en el mismo campo que, en dos ocasiones, le había servido de escenario de éxitos. El choque se produjo el 21 de abril de 1503 a dos millas de Gioia, en el camino de población a Seminara.

Primera experiencia: la inutilidad de la artillería en una batalla campal. Los franceses, que poseían siete falconetes, comenzaron disparando, pero fue de nuevo la caballería la que decidió el resultado de la acción. Esta vez la caballería francesa, con poca cohesión, fue sorprendida de frente y de espalda por los hombres de armas y jinetes españoles, y dispersada. Los cuadros de infantería suiza, atacados por la infantería, se vieron envueltos por los jinetes españoles, que los destruyeron. Paulo Jovio explica que se trató de una batalla rapidísima, de apenas media hora, y destructiva, pues el ejército francés quedó deshecho y solamente una bandera suiza, de quinientos hombres, resistió en el campo hasta su completa destrucción. Hecho más notable: las fuerzas estaban muy equilibradas, trescientos hombres de armas y seiscientos caballos franceses contra cuatrocientos y quinien-

Fernando de Andrade e a súa participación nas batallas de Italia do século XVI

*tos respectivamente de los españoles, cuatro mil infantes de éstos contra tres mil del duque de Nemours. Los resultados son decisivos: con el ímpetu de la victoria, Andrade se apodera de Gioia y cerca a D'Aubigny en el castillo de Angitola, donde se rinde treinta días más tarde. Con excepción del príncipe de Rossano, ha desaparecido toda resistencia en Calabria"*²¹.

Unha valoración dos efectos desta batalla ofrécenola Jerónimo de Zurita na xa citada obra de Benito Vicetto, non sen certo halo romántico, típico da res gestarum, ou metodoloxía típica da investigación histórica de finais do século XIX:

*"Fue esta batalla un viernes a veinte y uno de abril (de 1503), -y es de las muy señaladas y famosas que hubo en aquella guerra, por haber sido acordada de ambas partes muchos días antes, y porque fue en ella vencido un tan famoso capitán (Aubigny) que con tanta honra quedó vencedor en el mismo lugar en la guerra pasada, hallándose el rey don Fernando en la jornada (y el Gran Capitán Gonzalo de Córdoba). Entre los otros que se señalaron en ella (la batalla) fue muy loable el esfuerzo de Luis Méndez de Figueredo, por cuyo consejo señaladamente se gobernaba en las cosas de la guerra Don Fernando de Andrade, -y así mismo se señaló de muy buen caballero Gonzalo de Avalos, al cual por andar do Fernando (de Andrade) proveyendo otras cosas le dio cargo de la gente de armas de las compañías de don García de Ayala y de Portocarrero, y de la suya, y de ella se hizo una batalla (batallón)"*²².

O propio historiador Vicetto trata de someter a xustiza dita valoración do Conde de Andrade en Seminara e apostila: *"Se ve tangiblemente en Zurita, gran intención de herir la gloria de Fernando de Andrade y de los gallegos. En otro pasaje de su libro dice este cronista al hablar de la toma de Vélez Málaga, que en las primeras escaramuzas dieron los moros una mala mano a los gallegos, que peleaban sin orden ni concierto alguno; achaques quiere la muerte. Y ahora para rebajar la gloria militar del general gallego, afirma que don Fernando de Andrade se gobernaba en las cosas de la guerra por Figueredo; de modo que, según él, el ilustre vencedor de Seminara, venció... venció por encantamiento, puesto que carecía de autonomía"*²³.

Para comprender o silencio desta xesta militar e o seu protagonista o propio Vicetto recolle as crónicas de Gándara no seu libro *Armas y Triunfos*:

"El francés salió de Gioia, y dio vista a Seminara; pasó el río y entró por la vega, presentó la batalla a los nuestros (...) los españoles mataron muchos franceses, y entre ellos algunos capitanes, -y les cogieron trece banderas, que ponen por orla de sus armas los señores de la casa de Andrade, y el conde don Fernando las puso

21. L. SUÁREZ FERNÁNDEZ-M. FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, "La España de los Reyes Católicos (1474-1516)", en R. MENÉNDEZ PIDAL (DIR.), *Historia de España*, (Vol. XVII), Madrid, Espasa Calpe 1978, 588-590.

22. B. VICETTO, *O. c.*, 251.

23. *Ibid.*

por trofeo en la capilla mayor de la iglesia de Santiago de la villa de Puentes de Eume, a donde está enterrado, y allí estuvieron hasta nuestra época (...) El día siguiente supo el Gran Capitán la felicidad de este suceso (la victoria de Andrade), y no le celebró con la solemnidad de alegría que debiera, pareciéndole que don Fernando de Andrade se adelantaba mucho con la gloria de tanto triunfo,, y lo que menos bien llevaba era, que fuese igual a él en puesto:-y así escribió al rey católico pidiéndole licencia para volverse a España, y el rey le respondió luego entendiéndose: y ordenó a don Fernando (de Andrade) que se quedase por general de la caballería con que se compuso todo" ²⁴.

A igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume conserva entre o seu inventario de patrimonio artístico, unha magnífica peza denominada portapaz, xoia para utilizar dentro da liturxia da Eucaristía, traído, segundo a tradición por un capitán que acompañou ao de Andrade na campaña de Calabria, aínda que estudos sobre a peza parecen decantarse de que se trata dunha peza de finais do XV fabricada nunha ourivaría castelá²⁵.

5. A BATALLA DE CERIÑOLA: 28 DE ABRIL DE 1503

Os franceses levaran a Nápoles os seus máis famosos capitáns: D'Armagnac, Duque de Nemours²⁶, D'Aubigny, o Señor da Palisse, o célebre Bayardo, o cabaleiro sen medo e sen tacha, Señor de Allegre, Luis de Ars... "*A diario había duelos caballerescos, entradas en campo enemigo, trampas arteras y retos altisonantes. Y entre duelo y reto, Fernando de Andrade, capitán español, reconquistaba Seminara y el gran D'Aubigny caía prisionero en Melito. Se acercaba la hora gloriosa del Gran Capitán, que el 27 de abril de 1503 decide salir de Barletta camino de Ceriñola*"²⁷.

Reproducimos neste apartado do noso traballo a descrición do desenvolvemento desta batalla que Antonio Martínez Teixidó fai na súa Enciclopedia del arte de la guerra:

"La batalla de Ceriñola es el resultado de una audaz maniobra del Gran Capitán para batir de una forma definitiva a las tropas francesas del duque de Nemours. Las operaciones se habían iniciado nueve meses antes, cuando los españoles

24. *Ibid.*, 255.

25. Cf. A. COUCEIRO FREIJOMIL, O. c., 421. O punzón do artífice puidera pertencer ao prolífico ourive valisoletano do século XVI Pedro Ribadeo. En calquera caso trátase dunha peza de 23 x 12 cm. de prata sobredourada. Sobre un zócolo poligonal levántase unha fornela gorecida por un dosel de mazonería gótica, flanqueado por dous pináculos en cuxo interior sitúase a imaxe da virxe e o neno. O zócolo ornamentase con motivos xeométricos calados en cuxa fronte colócase a cruz potenziada dos Mendoza. O doselete componse dunha variada asociación de elementos arquitectónicos do máis puro gótico hispano-flamenco. As figuras da virxe e o neno son un medio relevo rodeado por unha orla de raios rectos e sinuosos en alternancia. Malia que o pregado dos panos é coidadoso, os rostros e anatomías son de torpe execución. A virxe aparece coroada e aos seus pés sitúase unha enorme lúa crecente que se lle engadiu á peza posteriormente. Cf. M. LARRIBA LEIRA, *Catálogo de la Exposición Galicia no Tempo*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia-Arzobispado de Santiago 1990, 334.

26. Luis de Armagnac, Duque de Nemours (1472-1503) era fillo do gobernador de París e Ille-de France, decapitado por intento de conspiración contra Luís XI en 1477. Cf. L. ALBERICH Y OTROS, O. c., 167.

27. J. A. VACA DE OSMA, *Los Reyes Católicos...*, o. c., 242.


mantenían la plaza de Barletta en situación crítica. Finalmente, la llegada de refuerzos procedentes de la Santa Liga animó al Gran Capitán a sacudirse el incómodo bloqueo al que estaba sometido. Así, un 28 de abril de 1503 salió el Gran Capitán con todo su ejército y, bajo un calor abrasador, se dirigió al norte a una posición previamente elegida distante unos veinticinco kilómetros de Barletta. El avance se hizo exponiendo el flanco a las tropas francesas; cruzaron el río Ofanto y la llanura de Cannas (la de la célebre batalla de Aníbal) y llegaron a la aldea de Ceriñola, sita sobre una suave colina. Don Gonzalo, conocedor de que el duque andaba siguiendo sus pasos, dispuso de poco tiempo para los preparativos. Perfeccionó el obstáculo que al pie de la colina proporcionaba un pronunciado foso, clavando estacas afiladas y removiendo la arena; parapetó el flanco izquierdo del despliegue que había pensado y dispuso el municionamiento de sus tropas.

El duque de Nemours alcanzó la posición esa misma tarde y se mostró favorable a descansar y presentar batalla al día siguiente. Reunió el Consejo de Guerra y fue asesorado para atacar de inmediato. Haciendo suya la opinión de sus generales, inició los preparativos. Dispuso un orden escalonado, situando en un primer escalón la caballería pesada francesa, las gentes de armas, y él mismo se puso al frente. En el centro formaban los piqueros suizos y gascones. En el tercer escalón dispuso la caballería ligera, al mando de Ivo de Alegre. Los tres bloques formaban una diagonal hacia la derecha. El Gran Capitán ordenó los piqueros alemanes en el centro, a su derecha la infantería española, al mando de Pedro Navarro, Paredes y Pizarro, y a su izquierda la caballería de Rubio. La caballería ligera, con Pedro de la Paz, Diego Mendoza y Fabricio y Próspero Colonna se desplegaba en las alas, con la misión de provocar el combate y efectuar la persecución. Las cuatro piezas de artillería las situó en lugar destacado.

El Gran Capitán adivinó que la acometida francesa se produciría por oleadas, de forma sucesiva, y que el éxito radicaría en contenerlos y batirlos en el obstáculo que hallarían. En efecto, el mismo duque de Nemours murió en la primera embestida, e igual suerte corrieron los arrogantes piqueros suizos, los combatientes más afamados de Europa. Caídos en la maraña del foso, imposible de superar el erizo de picas alemanas y sometidos al fuego de costado de los tiradores españoles, los suizos se retiraron ante el inesperado avance de la línea española. Así lo hicieron también los caballeros del tercer escalón, hostigados por la caballería ligera española.

Los franceses perdieron 3000 hombres, toda su artillería (trece piezas) y la mayor parte de sus banderas y bagajes. Las pérdidas del Gran Capitán fueron mínimas. Es preciso recabar en lo reducido del tamaño de estos ejércitos. El Gran Capitán mandaba 6000 hombres y el duque de Nemours 8000²⁸.

28. A. MARTÍNEZ TEIXIDÓ, *Enciclopedia del arte de la guerra*. Barcelona, Planeta 2001, 158-159.



Esquema da batalla de Ceriñola segundo deseño da "Enciclopedia de la Guerra" de Antonio Martínez Teixedó.

Despois da batalla de Ceriñola o Papa Alejandro VI, vendo que os franceses se achaban en mala situación, iniciou negociacións cos españois, disposto a preparar unha expedición hispano-pontificia que percorrera a Italia do norte e do centro. Aínda que as negociacións chegaron a bo termo, non ocorreu o mesmo coa expedición, que tivo que suspenderse ante a repentina morte do Papa, o 18 de agosto de 1503²⁹.

A morte do Sumo Pontífice demorou as operacións, xa que os franceses tomaron posicións nos arredores de Roma para decidir o nomeamento de sucesor a favor do cardeal D'Amboise, ministro favorito de Luís XII, e Gonzalo Fernández de Córdoba tamén destacou un corpo ao mando de Mendoza e Fabrizio Colonna en previsión de que fose necesario intervir a favor da política española. Pero o conclave, vendo os perigos de elixir un Papa parcial, elixiu o 22 de setembro a Francesco Piccolomini, un italiano indefinido que adopta por nome Pío III e que fina ao mes da súa proclamación despois de anunciar que se propoñía convocar un Concilio Euménico para a reforma da Igrexa. Sucedeuno un sobriño de Sixto IV, Girolamo della Rovere, Julio II (1503-1513)³⁰.

5. A BATALLA DE GARELLANO: 27-28 DE DECEMBRO DE 1503

As derrotas de Luís XII na fronteira de España e nos campos de Italia non diminuíron o máis mínimo a súa ambición de posuír este país e apartar ao Gran Capitán das vantaxosas posicións que ocupaba. Así Luís XII organizou unha formidábel escuadra no porto de Génova ao

29. Cf. E. DE LA VEGA, *Sucesos militares durante los reinados de los Reyes Católicos hasta Isabel II*, Sevilla 2000. Inclínándose sempre do lado máis forte, Alejandro VI e o seu fillo, César Borgia, proxectaban unirse ao exército francés, pero contraen a malaria, enfermidade endémica que azoutaba Roma con especial virulencia aquel verán. O Papa morre, pero César por ser máis novo puido resistir a enfermidade aínda que perde as rendas do poder no momento que máis as necesitaba.

30. Cf. R. AUBENAS-R. RICARD, "El renacimiento", en: A. FLICHE-V. MARTIN (DIR.), *Historia de la Iglesia*, (vol. XVII), Valencia, Edicep 1974, 165-215. Fernando o Católico tiña, por esta orde, tres candidatos: Piccolomini, Castro e Carvajal, e un obxectivo indispensable: que non fose Papa o cardeal Della Rovere, a quen consideraba entón profrancés.

Fernando de Andrade e a súa participación nas batallas de Italia do século XVI

mando do marqués de Saluzzo, xunta cun corpo de mercenarios suízos ben dotados de cabalería e artillería. Xunta con este núcleo de militares profesionais ben disciplinados, uníronse á expedición multitude de cabaleiros voluntarios. En Francia presentárase como unha campaña para vingar o honor nacional aldraxado. Este exército, que ascendía a máis de trinta mil homes, ademais da escuadra, foi posto baixo o mando do mariscal da Trémouille. Para asegurar o éxito da campaña instaláranse en Roma grande depósitos de vituallas e equipamentos militares, ademais de abundantes cartos para subornar personaxes e recrutar mercenarios³¹.

A morte do Papa Alejandro VI, a elección de Pío III e a doenza do mariscal francés da Trémouille, deron tempo a Gonzalo de Córdoba para prepararse e acometer o avance do exército francés mandado polo marqués de Mantua.

O que se dá en denominar a Batalla do Garellano foi en realidade a longa, e pesada, campaña do outono-inverno de 1503. O anovado exército francés, con máis de cinco mil suízos e un tren de artillería como nunca antes se vira, despregárase fronte a un fondo de fortalezas defendidas por tropas españolas.

Na noite do 27 de decembro, as tropas españolas cruzan o río Garellano. O Gran Capitán envía a Bartolomé de Alviano ao norte, a Suio, mentres que a Fernando de Andrade mándao ao sur, directamente a Traietto. O groso do exército atravesaría o río co Gran Capitán. Tense discutido moito se o marqués de Saluzzo se deu conta algunha vez da estratexia ideada por Gonzalo; se o marqués puidese ver que o ataque de Alviano era simplemente una estrataxema, as cosas serían diferentes. Pero nunca o tivo claro. O nerviosismo da súa xente, embarcando a toda présa os canóns para a defensa de Gaeta (moitos foron a parar ao fondo do río, e os demais a mans dos españois), amosaba que o ataque os collera por sorpresa. Aínda así Gonzalo de Córdoba pasou un momento de verdadeiro perigo cando Próspero Colonna foi rexeitado e el tivo que dirixir persoalmente os lansquenets bávaros até que chegou Bartolomé de Alviano coa infantería despregada. O éxito foi total. Uns días despois rendíase Gaeta e con isto púxose fin á presenza francesa no reino de Nápoles. Iso é o que ocorreu no Garellano, que non foi unha batalla no sentido clásico da palabra, aínda que na súa execución vemos moitos trazos do que foron as campañas das guerras modernas³².

Recorremos, de novo, ás descrições ofrecidas por Antonio Martínez Teixidó:

*"En el Garellano, tres meses después (de Ceriñola), dispondría (el Gran Capitán), de 12.000 hombres. El Gran Capitán se enfrentó a los dos elementos más poderosos del final de la Edad Media: los caballeros franceses y los piqueros suizos, y les hizo frente con la fortaleza del obstáculo y del fuego, en una táctica eminentemente defensiva. Gonzalo ponía en práctica los elementos de lucha aprendidos durante la Reconquista: caballería ligera (a la jineta), información, el ardid y la fortaleza defensiva"*³³.

31. Cf. L. ALBERICH BARRIO Y OTROS, *o. c.*, 176.

32. Cf. J. ENRIQUE RUIZ-DOMÈNEC, *El Gran Capitán. Retrato de una época*, Barcelona, Círculo de Lectores 2002, 351.

33. A. MARTÍNEZ TEIXIDÓ, *O. c.*, 159-160.

A descripción más detallada da batalla ofrécenola R. Menéndez Pidal e condensámola aseguir:

"La ofensiva española tuvo todo el aire de una gran operación de guerra moderna y fue la muestra del genio militar de Gonzalo de Córdoba (...) El plan de Gonzalo consistía en construir un puente más arriba de las posiciones que ocupaban franceses y españoles para cruzar el río por sorpresa y atacar al enemigo de flanco (...) las lluvias de diciembre le obligan a cambiar el emplazamiento proyectado para el puente, en busca de un lugar más seco. De este modo, la distancia que han de recorrer las tropas es mucho mayor. Pasada la Navidad todo está dispuesto: Diego de Mendoza y Fernando de Andrade reciben la misión de permanecer delante de Sessa para cubrir un posible ataque de flanco y engañar a los franceses.

Al alba del 28 de diciembre de 1503, Bartolomeo D'Alviano comenzó a lanzar el puente a cuatro millas al norte de las posiciones francesas (...) componían la vanguardia tres mil quinientos infantes, los veteranos de García de Paredes y de Pedro Navarro. A continuación marchaba Gonzalo con el centro, treinta hombres de armas, doscientos caballos ligeros de la compañía de Próspero Colonna y los dos mil piqueros alemanes. En conjunto, la mitad del ejército era la que pasaba. Diego de Mendoza y Fernando de Andrade retenían trescientos hombres de armas y cinco o seis mil infantes (...) La maniobra alcanzó un éxito que superaba todas las esperanzas que, en avanzadilla, vigilaban el paso del río desde las colinas advirtieron la presencia del enemigo cuando toda la vanguardia se encontraba ya en la orilla derecha y se replegaron a Castelforte. Inexplicablemente los franceses renunciaron a defenderse en este punto que abandonaron (...) Alviano llega al real francés y encuentra el lugar abandonado y el puente roto y pasa la noticia a Gonzalo. Éste adivina pronto el plan enemigo y su gravedad: hay que impedir a Saluzzo, a cualquier precio, que consolide las defensas avanzadas de Gaeta, en Mola o Castellone, porque el ejército español no se encuentra en condiciones de resistir el invierno que ahora comienza en línea de bloqueo. Toma entonces una decisión muy rápida, ordenando a Próspero Colonna adelantarse con los doscientos jinetes para alcanzar al enemigo y forzarle a la lucha; seguirá Alviano con la infantería mientras los pontoneros reparan a toda prisa el puente francés a fin de que pasen Diego de Mendoza y Fernando de Andrade (...)

Bartolomeo D'Alviano concibe una maniobra de envolvimiento: mientras Próspero Colonna acomete de frente a los franceses, el irá con la infantería a flanquearles por la derecha. Los movimientos no se sincronizan y Próspero es rechazado primero y dispersado después, sin que Alviano tenga tiempo de completar la maniobra. Es un momento grave. Si las lanzas francesas atacan a los alemanes que ahora llegan y los destruyen, la situación puede volverse por pasiva. Gonzalo Fernández tiene conciencia de la importancia de esta hora, se coloca junto a la bandera de los tudescos y les grita: "Hermanos, no me abandonéis, me prometis-

Fernando de Andrade e a súa participación nas batallas de Italia do século XVI

teis vencer o morir". Los piqueros responden cerrando el cuadro, tendiendo sus armas y avanzando irresistiblemente. En este momento la infantería de Alviano aparece desplegada en el horizonte; el marqués de Saluzzo decide renunciar a la batalla, deja un destacamento a las órdenes de Bernardino Adorno con la misión de retrasar el avance contrario haciéndose aplastar por el rodillo de los infantes alemanes y se retira definitivamente a Gaeta. La acción de Garellano ha terminado; en un despliegue genial de facultades Gonzalo Fernández puede jactarse de conseguir a una precio mínimo la total destrucción de un brillante ejército" ³⁴.

La Historia de España de Modesto Lafuente narra así o final do choque:

"Llegó en esto la retaguardia que al mando de Andrade había cruzado por el puente de abajo, y el esforzado general español mandó a los tres cuerpos de su ejército embestir al enemigo por tres puntos diferentes. Aterrados, envueltos y atropellados los franceses, huyeron desordenados y dispersos abandonando artillería, banderas, acémilas y bagajes, acosados por la caballería ligera española, atajados por grupos que les cortaban el camino, y sufriendo horrible degüello y estrago (29 de diciembre). Los que pudieron librarse de las espadas españolas lograron entrar en Gaeta, y Gonzalo acampó aquella noche en la inmediata villa de Castellone (una legua y media), donde dio a sus soldados el descanso de que tanto habían menester, después de haber andado y peleado todo el día en un terreno blando y fangosos y en medio de una lluvia incesante. Los franceses habían dejado en el campo de tres a cuatro mil hombres, con cerca de otros tantos de baja entre prisioneros y extraviados, y perdido aquel magnífico tres de artillería que era la admiración de Europa y que parecía hacerlos invencibles".

O primeiro de xaneiro, outra data simbólica, o exército francés capitulaba. O Gran Capitán volve a entrar en Nápoles baixo arcos de triunfo.

Iníciase con estas victorias do Gran Capitán un expoñente temperán da rivalidade franco-española que continuará coas victorias de La Bicoca, Pavía e San Quintín. Estes éxitos da infantaría española fundáronse na adopción do cadro de piqueros suízos e no uso do arcabuz como arma de fogo decisiva no combate. Naturalmente a conxunción de ambos elementos necesitaban o contraste da experimentación e isto é o que ocorre co Gran Capitán en Italia. A primeira batalla de importancia, a de Seminara foi unha experiencia dos lansquenets alemáns capitaneados por Hans von Ravensstein. Despois, en Ceriñola, gracias á cooperación dos capitáns españois, púidose derrotar á até entón irresistible infantaría suíza. Isto facilitou a evolución de certos conceptos de estratexias de combates como os atrincheiramentos para obstaculizar o ataque de piqueros e ás pequenas formacións de arcabuceiros (mangas) de gran mobilidade e disciplina de fogo³⁵.

34. Cf. L. SUÁREZ FERNÁNDEZ - M. FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, *La España de los Reyes Católicos...*, o. c., 606-609.

35. Cf. F. REDONDO DÍAZ, "El ejército del emperador", en *Revista Española de defensa* (2002) 149-150.

6. A ACADEMIA DO GRAN CAPITÁN

A mediados de 1574, o poeta e erudito granadino Luis Zapata de Chaves (1526-1595), autor do poema Carlo famoso, onde describe as xustas e os torneos do emperador Carlos V, interresouse polo mito do Gran Capitán na súa *Miscelánea*³⁶. Zapata foi o primeiro en entender que o novo mundo saído da crise española tras a derrota da Invencíbel necesitaba aceptar o temperamento dunha serie de "personajes hors série"³⁷. Zapata crea así a Academia do Gran Capitán, e razón do xeito seguinte:

*"No sólo en la conquista del reyno de Nápoles el gran Gonçalo Hernández hizo del reyno la gran ganancia, mas crió (como buen hortelano que haze plantales y almáciga para trasplantar) tantos famosos cavalleros y escojidos capitanes que para conquistar el mundo uviera jenerales, si la ocasión se les pusiera delante. Mas an sido nuestros príncipes tan cristianos que solamente an encarado a los que por grandes derechos y grandes ofensas los an provocado. De los discípulos de cuya milicia diré algunos que se me acordaren, porque se vea cuándo el buen cazador haze buenos halcones, y cuándo el buen montero encarnando los buenos canes (...) Desta escuela salió el Próspero Colona, que fue cavallero y general señalado. Y el famoso Antonio de Leyva, de los que fuera menester para sus hechos historia particular, mas iré, pues son tan conocidos, solamente nombrándolos. Y don Remón de Cardona que cañoneó a Venecia. Y el ya dicho conde Pedro Navarro. Y el conde Hernando de Andrada. Y el conde de Meliro don Diego de Mendoza que destas romerías sacaron estos caualleros y otros sus estados"*³⁸.

A lista é máis exhaustiva que a relación que reproducimos. O propio Zapata engade que "y otros muy muchos, quel buen maestro saca buenos ofiçiales"³⁹. É bo mestre é Gonzalo de Córdoba cuxas dotes creadoras de bos cabaleiros e capitáns permitiron elevalo á categoría de mito⁴⁰.

7. CONCLUSIÓN

As batallas non son a guerra, podería dicirse máis ben o contrario: son unha interrupción das operacións cotiás para dar entrada a un elemento festivo, a un ritual, onde se dirime a superioridade dun exército sobre o contrario. Sempre tiña ocorrido así, despois de As Navas de Tolosa (1212) e Bouvines (1214) até Azincourt (1415) e Nancy (1477). As batallas amosaban a parte máis cruenta, mais tamén máis aleatoria, da guerra, entendida entón como unha dimensión máis da política, segundo argumentaría poucos anos máis tarde Nicolás Maquiavelo (1469-1527) na súa obra

36. L. ZAPATA, *Miscelánea*, (Edición de Pascual de Gayangos), Madrid, Imprenta Nacional 1859, 192-194.

37. J. PÉREZ, "Un gentilhomme humaniste: Luis Zapata et sa *Miscelánea*", en A. REDONDO (ED.), *L'Humanisme dans les lettres espagnoles: études réunies et presentes*, París, J. Vrin 1979, 288-298.

38. Citado por J. ENRIQUE RUIZ-DOMÈNEC, *El Gran Capitán...*, o. c., 654-655.

39. Cf. *Ibid.*..., 656.

40. Cf. J. A. VACA DE OSMA, *El Gran Capitán*, Madrid, Espasa Calpe, 1998.

El Príncipe, anticipándose varios séculos ao famoso dito do xeneral prusiano Von Clausewitz: Como competir cos heroes da Historia naquela xeografía que vira a victoria de Aníbal en Cannas contra os xenerais romanos Emilio Paulo e Claudio Varrón? Como inventar unha estratexia máis brillante, máis ousada ou máis imaxinativa, que as precedentes?⁴¹.

Seminara, Ceriñola e Garellano so os nomes propios dun novidoso eixo sobre o que xira toda a estrutura da arte de facer guerra ao inicio da nosa idade moderna. Europa descobre que a lanza dos cabaleiros foi destronada pola pica dos infantés. Desde abril de 1503 até o crepúsculo de Rocroi, por século e medio, a infantaría española pasará a ser a protagonista das batallas. Esta foi a concepción xenial de Gonzalo de Córdoba: unha adaptación das táctica suízas e italianas reforzando ambas con potencia de fogo que, co seu equipo de oficiais, pasa a encarnar os comezos dunha hexemonía militar que se imporá en todo o continente. Un deses oficiais foi Fernando de Andrade. Por primeira vez manéxase combinadamente Infantaría, Cabaleiría e Artillería. Revolucionou a técnica militar mediante a reorganización da infantaría en coronelías, o embrión dos futuros tercios.

Esta reforma militar provocará enormes eloxios entre os seus contemporáneos. Sobraban besteiros e faltaban arcabuceiros, había demasiados xinetes lixeiros e faltaba unha sólida infantaría. Así o exército expedicionario non podía facer outra cousa que una vixilancia do adversario. O Gran Capitán abrigaba a esperanza de que sería positiva a reunión das compañías ao mando dun capitán en columnas (e italiano *colonna*) ao mando dun coronel (*colonello*). Deste xeito naceron as coronelías que facilitaron tamén as arelas de ascenso social no exército e permitiron unha profesionalización do uso das armas. Ao organizar o exército en coronelías poñíase fin a un sistema táctico e permitía acadar vantaxe ante un inimigo mellor equipado. Concibiu a guerra moderna como un traballo de equipo, onde cada individuo tiña unha función imprescindible. O problema residía en que os bos profesionais eran caros, tanto por seren mercenarios, como polo esforzo educativo que significaba aprenderen unha tarefa específica. Gonzalo reconsidera o papel da cabalería pesada. Era un problema importante, case sen solución debido aos constantes debates. Os expertos non se poñían de acordo sobre a súa función e por isto era unha cuestión difícil de asumir por parte dunha sociedade nobiliaria fascinada polos modelos cabaleirescos. Desde a tradición militar castelán, as coronelías non tiñan sentido algún: o uso da cabalería lixeira á xineta parecía suficiente para o acoso dos adversarios⁴².

Os franceses, con máis elementos militares que os casteláns, ocupan territorios de Nápoles e o Gran Capitán necesitado reforzos péchase en Barletta á espera dos mesmos. Estes chegarán mandados por Fernando de Andrade que xa tiña demostrado a súa formación militar na terceira batalla de Seminara. Este triunfo unido ao obtido no mar pola escuadra do rei Fernando mandada por Lezcano en augas de Otranto, obrigará ao máis brillante xeneral de Europa, o duque de Nemours, a levantar o asedio de Barletta. O Gran Capitán puido abandonar a cidade e cos reforzos que trouxo Andrade tomar a ofensiva vencendo aos franceses en Ceriñola e Garellano.

41. Cf. J. E. RUIZ DOMÉNECH, "Ceriñola, la consagración del Gran Capitán", en *La aventura de la Historia* 5 (2003) 54, 32-39

42. Cf. C. GAIER, "La cavalerie lourde en Europe occidentale du XII^e au XIV^e siècle", en *Revue internationale d'Histoire Militaire*, 31 (1971) 386;

Coa victoria de España en Nápoles, demostráronse en Europa as cualidades do exército español, no que se aliaban a paciencia para esperar unha ocasión favorábel, a intelixencia para utilizar os novos medios bélicos, combinando a infantería e a cabalería, as armas brancas e de fogo nas proporcións máis convenientes; e por último unha vez establecido o combate, a capacidade resolutiva dunha infantería cuxo ardor combativo estaba intensificado pola presenza de fidalgos, "segundones" de casas nobres, que noutras nacións desdeñaban combater a pé.

Pero se por encima dunha xesta de tipo militar interésanos resaltar unha das consecuencias políticas máis determinantes destas campañas de Italia é que por primeira vez desde os tempos da Roma clásica existe unha *Weltpolitik*⁴³ e é España quen a exerce. En efecto, desde finais do século XV, e de maneira crecente durante século e medio, España está en todas partes. Todos os pobos do Occidente europeo encóntranse con ela, ou nos seus propios territorios ou nas súas empresas.



Relevo do sepulcro de Fernando de Andrade que se atopa na igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume.

Mentres a inmensa maioría dos matrimonios reais na Idade Media foran españois, desde os Reis Católicos iníciase a época dos estranxeiros. España, que estivera dentro de si mesma, consagrada á empresa de reconquista, apenas lograda a unidade cambia de instalación histórica: está en Europa. Anteriormente houbera "saídas", como a expedición de cataláns e aragoneses a Oriente a comezos do século XIV, e con maior importancia cos dominios da coroa de Aragón en Nápoles e Sicilia; tamén coa conquista castelá das illas Canarias. Pero agora trátase da presenza constante da nova nación española en Italia -fronte aos intentos de dominación francesa-, Rosellón, o Franco Condado, os territorios borgoñeses, o Milanesado, Inglaterra, o Norte de África e os turcos. Non digamos cando pertenzan á Coroa española todas as terras herdadas por Carlos V do seu avó Maximiliano I de Austria, e máis cando, ao ser elixido Emperador, o Rei de España se atope mesturado en todos os asuntos alemáns en rivalidade constante con Francia. Estas Campañas de Italia, onde Fernando de Andrade tivo o seu militar protagonismo, contribuíron ao desprazamento social e histórico de España en Europa. Con elas iníciase un novo estilo de diplomacia, de comercio, de guerra, un sistema de alianzas que non se tiña coñecido nos séculos medievais, unha colaboración das pequenas unidades sociais -por exemplo, as cidades italianas- coas grandes potencias. En definitiva, o estilo da Idade Moderna é en moi alta proporción unha creación española.

43. Concepto que identifica a práctica dunha política universal. Cf. J. MARÍAS, *España inteligible. Razón histórica de las Españas*, Barcelona, Círculo de Lectores 1996, 179.

FONTES, LAVADOIROS E POZOS NO MUNICIPIO DE ARES

Fernando García González*

Esta catalogación foi realizada no ano 1995, non embargante preferimos non actualizala aínda tendo en conta que en dez anos son moitas as cousas que cambiaran.

Con esta catalogación preténdese ter unha visión todo o minuciosa que foi posíbel das fontes, pozos e lavadoiros ou ríos, como se lles chama máis comunmente, do concello de Ares. Para conseguilo foi imprescindible a axuda de moitos veciños que con amabilidade e incluso afecto axudáronnos a atopar estas pequenas obras moitas veces agochadas ou de difícil acceso. Tamén recorreremos no posíbel aos arquivos municipais e outro tipo de fontes escritas, aínda que con escasos resultados debido ao tipo de elementos que catalogamos. Para rematar engadimos algúns destes elementos que aínda desaparecidos fisicamente non o están da memoria de moitos dos nosos veciños.

Dividimos o municipio en tres partes, seguindo a propia división parroquial: San Vicente de Caamouco, San Xosé de Ares, e San Pedro de Cervás. Os elementos desaparecidos agrúpanse por separado.

É difícil establecer unha tipoloxía nestes elementos, porque se trata dun grupo moi heteroxéneo que vai dende a monumentalidade da fonte de Papellas, con abovedado, escudo e escalinata, ata un simple oco no chan tapado cun frontal dunha lavadora. Aínda así establecemos unha clasificación sinxela que permite un primeiro achegamento aos elementos.

Clasificáronse as fontes en tres tipos: **simples**, aquelas que non teñen ningún elemento monumental salientábel; son as máis abundosas e as máis heteroxéneas, algunhas teñen algún tipo de construción simple pero de gran calidade e outras son pouco máis cun cano. Existe unha tipoloxía específica dentro deste tipo de fontes, é a que representan as fontes con apertura frontal para limpar o manancial. **Con estrutura**, aquelas que teñen elementos constructivos de certa importancia e que son as menos, e **Mananciais**, cando case non está alterada a súa forma natural; polo xeral trátase de mananciais nas praias.

Os ríos ou lavadoiros resultan máis doados de catalogar porque existen uns elementos comúns a todos eles. Poden ser: **sen pía**, **con pía** ou **con pía e teito**. A maior parte dos lavadoiros

*Fotografías: José Antonio Cartelle Cudilleiro

sufriran moitas modificacións ao longo do tempo, moitos presentan pías antigas de pedra e foran cubertos logo con teitos de cemento, e tamén é moi posíbel que moitos foran no inicio pouco máis cunha charca con pedras cerca dunha corrente de auga ou dun manancial, como o caso do lavadouro de Leiro na parroquia de Cervás.

Moitos lavadoiros aparecen xunto a fontes, en moitos casos a fonte desauga directamente no lavadouro, aínda así temos preferido separalos ao facer o catálogo.

Finalmente os pozos catalogados só son aqueles de carácter público e dada a súa escaseza é innecesario establecer unha tipoloxía.

En canto ao uso da auga non existe un rexistro municipal sobre a potabilidade das mesmas. Nalgúns casos un cartel advirte de que non é potábel, no resto a única indicación posíbel é se os veciños a usan ou se foi abandonada.

A PARROQUIA DE SAN VICENTE DE CAAMOUCO

É a máis pequena e oriental das parroquias aresáns, o seu principal núcleo de poboación é Redes.

1-FONTES

FONTE DE REDES

Tipo: Fonte simple

Localización: Redes, na avenida de Gaspar Rodríguez.

Estado: Da fonte: Bo

Da auga: En uso.

Máis información: A fonte actual foi construída en 1952. Atópase en medio duna rúa encostada a unha parede.

FONTE DA SOLAINA

Tipo: Fonte simple

Localización: Solaina, na estrada de Ares a Redes


Estado: Da fonte: Bo.

Da auga: En uso

Más información: Forma un regato nunha localización bastante ampla rodeada de árbores. Conta cuns bancos ao redor.

Fonte de Redes.





Fonte: Instituto Geográfico Nacional

PARROQUIA DE SAN VICENTE DE CAAMOUCO

- | | |
|--------------------------|-------------------------|
| 1 Río de Rodelas | 6 Río de Redes |
| 2 Fonte do Raso | 7 Fonte de Redes |
| 3 Fonte de Ortecelo | 8 Fonte da Solaina |
| 4 Manancial de Ortecelo | 9 Fonte e río de Ixobre |
| 5 Manancial de Sabadelle | |

Fonte da Solaina.



FORTE DO RASO

Tipo: Fonte simple.

Localización: Raso, na estrada a praia antes de chegar ao camping a man esquerda no camiño que leva a Pezoas.

Estado: Da fonte: Bo

Da auga: Descoñecido.

Máis información: No estado actual foi construída polos veciños en 1973. Aínda que sexa tan moderna responde a un mode-

lo de fonte moi repetido no concello. Un cubo cun cano no fronte e con frontal aberto para a limpeza do manancial.

MANANCIAL DE SESELLE

Tipo: Manancial.

Localización: Redes, na praia de Sabadelle.

Estado: Da auga: En uso.

Máis información: É o típico manancial de praia que brota directamente das rochas do cantil.

MANANCIAL DE ORTECELO

Tipo: Manancial.

Localización: Mourón, na praia de Ortecelo.

Estado: Da auga: En uso.

Máis información: Manancial de praia.

FONTE DE ORTECELO

Tipo: Fonte simple

Localización: Mourón, case que chegando a illa, collendo un desvío a man esquerda que leva á praia de Ortocecelo.

Estado: Da fonte: Regular

Da auga: Descoñecido

Máis información:

FONTE DE IXOBRE

Tipo: Fonte simple

Localización: Ixobre, no camiño que ven da Solaina, ao chegar ao cruce do camiño que vén de Barracido a man dereita.

Estado: Da fonte: Regular, anegado e con maleza.

Da auga: Non se usa.

Máis información: Trátase dun conxunto de fonte e lavadoiro bastante integrado. A fonte abastece o lavadoiro.

2-LAVADOIROS

RÍO DE REDES

Tipo: Lavadoiro con pía e teito.

Localización: Redes, no camiño que ven de Curmá.

Estado: Bo.

Máis información: Recentemente reparado pala Escola Obradoiro A Ponte. É un dos de maior monumentalidade. O teito e de tellas cunha cuberta de madeira sostida por piares de pedra labrada de escaso grosor, deixando o conxunto sen ningunha parede, o que lle dá moita lixeireza.



Río de Redes.

RÍO DE IXOBRE

Tipo: Lavadoiro con pía.

Localización: Ixobre, no cruce dos camiños que ven da Solaina e Barracido.

Estado: Regular, moita maleza e anegado.

Máis información: Non parece ser utilizado na actualidade. Aproveita a auga da fonte do mesmo nome.

RÍO DE RODELAS

Tipo: Lavadoiro con pía e teito

Localización: Rodelas, na estrada Ares-Redes pasado Seselle pero antes de chegar ao cruce da praia do Raso atópase a man esquerda a estrada de Rodelas.

Estado: Bo.

Máis información: Construído a principios do século XX por un emigrante americano. Ten certa monumentalidade.

A PARROQUIA DE SAN XOSÉ DE ARES

Nesta parroquia concéntrase a meirande parte da poboación do municipio, así como a vila que é a súa capital. Por iso atopamos nela unha maior variedade destes elementos, incluído os máis monumentais, e tamén o maior número de elementos desaparecidos.

1-FONTES**MANANCIAL DE ESTACAS**

Tipo: Manancial

Localización: Ares, na praia de Estacas.

Estado: Da fonte: Bo.

Da auga: En uso.

Máis información: Sitúase na praia o pé do cantil ao nivel máximo das mareas. Ten un pequeno cano e unha pía aproveitando a forma da rocha.

FONTE DO PARQUE DE ALFOLÍ

Tipo: Fonte simple.

Localización: Ares, na avenida de Gabeiras preto do Club de Remo.

Estado: Da fonte: Bo

Da auga: Da traída.

Máis información: Esta fonte foi creada e posta no parque pola Escola Obradoiro A Ponte no ano 1994.

FONTE DE PAPELLAS

Tipo: Fonte con estrutura


Localización: Ares, rúa Praia de Estacas.

Estado: Da fonte: Regular, boa edificación aínda que mal conservada.

Da auga: Non é potábel. Sen uso.

Máis información: É a máis monumental das fontes do concello e tamén a que conserva mellor a súa antiga estrutura, aínda que sufrira continuas modificacións ata datas moi próximas. Non resulta doado datar unha edificación desta natureza, podemos dicir que antes da metade do século XVII xa era citada nas fontes municipais como unha das dúas fontes que abastecen o pobo.

A fonte está semiaterrada aproveitando un desnivel, accédese ao cano por unhas amplas escaleiras con chanzos de pedra, a parte principal da fonte compoñe un espa-



Manancial de Estacas.



Fonte de Papellas.

zo abovedado con bóveda de canón decorado cun arco de medio punto con molduras e un escudo na clave. Sobre o arco hai un pequeno beiril. Sobre esta estrutura corre un camiño que conduce a outra fonte antiga, a de Goterras. Na beira deste camiño había unha tapa que permitía limpar o manancial, pero foi tapada ao asfaltar o camiño. Na fonte tamén se atopan pequenas construcións para facilitar o uso de sellas e caldeiros aos veciños que ían por auga.

Na actualidade o cano está selado e carteis indican que esta fonte centenaria non é potábel.

FONTE DA IGREXA

Tipo: Fonte simple

Localización: Ares, na cabeceira da igrexa parroquial de San Xosé.

Estado: Da fonte: Bo, recen arraxada.

Da auga: Potábel, da traída.

Máis información: A Fonte actual data dos anos cincuenta do século XX. É, xunto á do mercado, a primeira que funcionou no pobo co sistema de traída nos anos trinta. Nun principio foi colocade na praza da igrexa, trasladándose logo a á súa localización actual. A auga provén dun manancial do lugar de Loureirois onde se construíron un pozo e uns depósitos para abastecer estas fontes. A construción é de cemento, moi sinxela: un podio sobre o que se sitúa a billa pechada por atrás cun pano no que aparece a data de construción e, antes, o xugo e as frechas da Falanxe que logo foran picadas.

FONTE DO MERCADO

Tipo: Fonte simple

Localización: Ares, rúa da Franxa, encostada ao Mercado Municipal.

Estado: Da fonte: Bo.

Da auga: Potábel, da traída.

Máis información: Un pouco posterior á da igrexa responde a mesma tipoloxía e ten a mesma orixe.

Fonte do Mercado.



FONTE DEL PARQUE ROSALÍA

Tipo: Fonte simple.

Localización: Ares, no parque municipal Rosalía de Castro.

Estado: Da fonte: Bo.

Da auga: Da traída.

Máis información: Foi construída en 1995 pola Escola-Obradoiro A Ponte.

FONTELIDE

Tipo: Fonte con estrutura.

Localización: Ares, Avenida de Mugardos.

Estado: Da fonte: Malo.

Da auga: Non é potábel, en desuso.

Máis información: A edificación actual é de cemento e data dos anos cincuenta do século XX, mais trátase en realidade dunha das fontes máis antigas e que abasteceu durante máis tempo a unha parte importante dos habitantes da vila, tamén foi utilizada como lavadoiro. É, xunto Papellas, unha das dúas fontes que o concello de Ares mantíña limpas e en bo uso xa na primeira metade do século XVII; tamén sabemos que foi reedificada en 1754. Desta reedificación conservamos aínda algunha memoria fotográfica, pois foi conservada ata a derradeira reedificación.

FONTE DE BESOXO

Tipo: Fonte simple

Localización: Ares, lugar de Besoxo.

Estado: Da fonte: Regular.

Da auga: Non se usa.

Máis información: Trátase dunha fonte moi sinxela del tipo de O Penedo en Lubre ou de moitas das que atopamos en Chanteiro e Cervás, pero á que máis se asemella é á fonte de Santa Olaia en Lubre, coa que comparte estar situada nunha especie de corredor entre tapias de lousa.

FONTE DE BULLEIRO

Tipo: Fonte simple.

Localización: Lubre, no camiño de Maiobre.

Estado: Da fonte: Bo.

Da auga: En uso.

Máis información: Forma parte dun conxunto cun lavadoiro. Atópase no cruce de dous camiños, e baixo o nivel dos mesmos polo que hai que baixar por unhas escaleiras. Na actualidade o conxunto é de cemento.

FONTE DE PELES

Tipo: Fonte simple

Localización: Lubre, preto do camiño de Maiobre.

Estado: Da fonte: Malo.

Da auga: Non se usa.

Máis información: De moi difícil acceso, case imposíbel. Ten moita maleza e gando solto.



Fonte de Santa Olaia.

FONTE DE SANTA OLAIA

Tipo: Fonte simple

Localización: Lubre, preto da estrada Ares-Chanteiro.

Estado: Da fonte: Bo.

Da auga: En uso.

Máis información: Trátase dunha fonte das chamadas caladas pois non ten chorro se non que vaise reenchendo pola diferenza do nivel freático. Encóntrase ao final dun corredor entre a traseira dunha casa e unha tapia de lousa.

FONTE DE PORTA DA SEIXAS

Tipo: Fonte Simple

Localización: Lubre, lugar de Porta de Seixas.

Estado: Da fonte: Bo.

Da auga: En uso.

Máis información: Atópase nun recuncho preto ao lavadoiro que abastece. Ten forma de pozo cun cano que sae da súa base. Este é de pedra pero o conxunto é de cemento e está moi alterado.

FONTE DE GOLMAR

Tipo: Fonte simple.

Localización: Ares, Lubre. Na beira da estrada Ares-Chanteiro

Estado: Da fonte: Bo

Da auga: En uso.



Fonte de Golmar.

Máis información: Forma parte de un conxunto cun lavadoiro, en tempos tamén había nas inmediacións un muíño. forma un conxunto de elementos que aproveitan a corrente do río Novo.

FONTE DA TELLA

Tipo: Fonte simple.

Localización: Ares, Maiobre, no camiño de Lubre ao cemiterio de Cervás.

Estado: Da fonte: Bo.

Da auga: En uso.

Máis información: Forma parte de un conxunto cun lavadoiro. Aínda que se atopa nun lugar afastado mostra un antigo traballo de cantería na súa elaboración, quizais por tratarse dunha fonte de sona no concello.

Fonte da Tella.

FONTE DO PENEDO

Tipo: Fonte simple

Localización: Lubre.

Estado: Da fonte: Malo

Da auga: Sen uso.

Máis información: Está practicamente cuberto pola maleza. Responde a un modelo moi estendido no que por enriba do cano atópase un cubo coa cara do fronte descu-



berta permitindo así ver o interior e limpalo. Este modelo tamén o encontramos en fontes coma a de Vigo, Leiro na parroquia de Cervás, O Raso en Caamouco ou Santa Olaia na de Ares.

FONTE DE PEDRÓS

Tipo: Fonte simple

Localización: Ares, Lugar de Pedrós.

Estado: Da fonte: Bo

Da auga: Non se usa

Máis información: É de cemento aínda que parece reconstruída. Forma parte de un conxunto cun lavadoiro, pero está algo lonxe del.

2-LAVADOIROS

RÍO DE GOTERRAS

Tipo: Lavadoiro con pía.

Localización: Ares, Seguindo a rúa Praia de Estacas na súa bifurcación que leva a Papellas.

Estado: Moi malo.

Máis información: Aliméntase dun regato. Atópase en total abandono e é de difícil acceso. No século XVII existía unha fonte neste lugar chamado entón Gotierre.

RÍO DO CAMIÑO DE PEDRÓS

Tipo: Lavadoiro con pía e teito.

Localización: Ares, na Rúa do Mazote na súa intersección co camiño de Pedrós.

Estado: Mal estado, inzado de maleza.

Máis información: Tanto a pía como o teito son de cemento. Aproveita o mesmo regato que o Río Novo e que ven de Golmar, onde atopamos outro lavadoiro e fonte. Produce unha abundosa colleita de berros.

RÍO NOVO

Tipo: Lavadoiro con pía e teito.

Localización: Ares, Besoxo. Na estrada Ares-Mugardos xunto ao desvío para Besoxo.

Estado: Regular.

Máis información: Era o lavadoiro máis utilizado nesta parte da vila polo seu gran caudal. É tamén un dos máis fermosos, coa pía de pedra, o teito a dous augas con cuberta de madeira de pares e un potente muro pechando dúas bandas da edificación. Forma co río de Golmar, os dous de Porta de Seixas e o do camiño de Pedrós un conxunto de aproveitamento das augas do río Novo.

Río Novo.



RÍO DE BULLEIRO

Tipo: Lavadoiro con pía.

Localización: Lubre, no camiño a Maiobre.

Estado: Bo.

Máis información: Forma un conxunto cunha fonte, ambos os dous a un nivel máis baixo co camiño.

RÍO VELLO DE PORTA DE SEIXAS

Tipo: Lavadoiro con pía e teito.

Localización: Lubre, lugar de Porta de Seixa.

Estado: Regular.

Máis información: Atópase na metade dun prado, é moi sinxelo e pequeno, ten o teito de madeira e tellas. Ten unha innegábel beleza algo rústica e a súa localización engade moito para facer deste lavadoiro un dos máis fermosos.

RÍO DE PORTA DE SEIXAS

Tipo: Lavadoiro con pía e teito.

Localización: Lubre, Lugar de Porta de Seixas.

Estado: Bo

Máis información: É de cemento de grandes proporcións. Aínda que está na mesma corrente de auga que o anterior aliméntase cunha fonte engadida ao mesmo conxunto. Moi posibelmente existira antes outro lavadoiro máis sinxelo aproveitando a fonte que é evidentemente máis antiga.

RÍO DE GOLMAR

Tipo: Lavadoiro sen pía.

Localización: Lubre, na estrada Ares-Chanteiro.

Estado: Regular.

Máis información: Trátase dun lavadoiro aproveitando a corrente dun regato chamado río Novo. Está formado por unhas pedras de lousa inclinadas sobre a corrente do río.

RÍO DA TELLA

Tipo: Lavadoiro con pía e teito.

Localización: Maiobre, preto do camiño Lubre-Cervás.

Estado: Bo.

Máis información: Forma conxunto cunha fonte. Como noutros moitos casos a fonte é máis antiga e de pedra, mentres co lavadoiro é de cemento, neste caso cuberto con pranchas de fibrocemento. Aínda así trátase dun lavadoiro bastante grande.

RÍO DO PENEDO

Tipo: Lavadoiro con pía.

Localización: Lubre, lugar do Penedo.

Estado: Bo.

Máis información: É unha pía sinxela ben conservada máis con moita maleza. Ten unha fonte moi preto dela pero non a abastece senón que ten un cano propio.

RÍO DE PEDRÓS

Tipo: Lavadoiro con pía e teito.

Localización: Ares, lugar de Pedrós.

Estado: Regular.

Máis información: É de cemento e de boas dimensións. Ten problemas de asolagamento.

3-POZOS**POZO DE LOUREIROS**

Localización: Ares, preto do campo de fútbol.

Estado: Malo.

Máis información: Foi o pozo que abasteceu a primeira rede de subministración de auga na vila de Ares. Pertenceu a María Luísa Caruncho que o doou á vila.

POZO DE SAN ANTONIO

Localización: Ares, Rúa María.

Estado: Bo. Non se utiliza.

Máis información: Trátase dun dos dous pozos públicos cos que contaba a vila xunto ao de San Andrés, actualmente desaparecido, xa no século XVII. É un pozo sinxelo, sen roldana para a extracción da auga.

Pozo de San Antonio.





Fonte: Instituto Geográfico Nacional

PARROQUIA DE SAN PEDRO DE CERVÁS

- | | |
|----------------------------------|-------------------------------|
| 1 Fonte e río da Virxen | 12 Charca dos Frades |
| 2 Fonte de Pedrameá | 13 Fonte e río de Bordocedo |
| 3 Fonte e río da Grela | 14 Fonte e río de Leiro |
| 4 Fonte e río de Outeiro | 15 Río de Güille |
| 5 Fonte e río do Cal | 16 Fonte e río do Xuncal |
| 6 Fonte e río de Pedrachá | 17 Fonte da Ribada |
| 7 Fonte de Vigo | 18 Fonteíña e río de Fonteíña |
| 8 Fonte das cancelas | 19 Fonte e río da Torre |
| 9 Manancial do Galo | 20 Fonte e río da Queira |
| 10 Fonte do convento | 21 Fonte e río de Mariocos |
| 11 Fonte dos Prados de Montefaro | |

LA PARROQUIA DE SAN PEDROS DE CERVÁS

É a parroquia máis occidental e máis grande. Os principais núcleos de poboación son Cervás e Chanteiro. É na parroquia onde atopamos o maior número de fontes e lavadoiros, o cal non é de estrañar pois se trata da única parroquia onde non existe ningún sistema de abastecemento de auga e a que ten máis entidades de poboación.

1-FONTES

FONTE DA VIRXE

Tipo: Fonte simple.

Localización: Chanteiro, xunto á capela de Nosa Señora da Mercé.

Estado: Da fonte: Malo

Da auga: Non se usa.

Máis información: Moi difícil de atopar por acharse chea de maleza.

FONTE DE PEDRAMEÁ

Tipo: Fonte simple.

Localización: Chanteiro, lugar do Curro.

Estado: Da fonte: Regular.


Da auga: En uso.

Máis información: Tamén é chamada Pomoulo ou fonte sagrada. Ten sona de dar auga moi boa. Na actualidade é un oco no chan tapado cun frontal dunha lavadora e cun cazo metálico para coller a auga.

FONTE DA GRELA

Tipo: Fonte simple.

Fonte da Grela.



Localización: Chanteiro, lugar de Outeiro.

Estado: Da fonte: Bo.

Da auga: En uso.

Máis información: Foi recentemente restaurada pola Escola Obradoiro A Ponte.

FONTE DE OUTEIRO

Tipo: Fonte simple.

Localización: Chanteiro, na estrada Ares-Chanteiro, no desvío ao Outeiro.

Estado: Da fonte: Bo.

Da auga: En uso.

Máis información: Forma parte dun conxunto cun lavadoiro. É pouco máis que un cano na parede que rodea ao lavadoiro.

FONTE DO CAL

Tipo: Fonte simple.

Localización: Chanteiro, na estrada Ares-Chanteiro.

Estado: Da fonte: Regular.

Da auga: Bo.

Máis información: Forma parte dun conxunto cun lavadoiro. É de granito formando unha especie de podio. Recorda a fonte da Tella en Maiobre.

FONTE DE PEDRACHÁ

Tipo: Fonte simple.

Localización: Chanteiro, lugar de Pedrachá.

Estado: Da fonte: Regular.

Da auga: En uso.

Máis información: Conta tamén cun lavadoiro. Como moitas outras fontes e co fin de aproveitar o manancial atópase nun corte artificial dunha pendente.

Fonte de Pedrachá.





Fonte de Vigo.

FONTE DE VIGO

Tipo: Fonte simple.

Localización: Chanteiro, preto da estrada Ares-Chanteiro.

Estado: Da fonte: Bo.

Da auga: En uso.

Máis información: Ten un lavadoiro xunto a ela. É do tipo sinxelo con un cubo cunha cara libre para acceder ao manancial. Toda en pedra ben traballada malia a súa simplicidade.

FONTE DAS CANCELAS

Tipo: Fonte simple.

Localización: Chanteiro, na estrada Ares-Chanteiro no lugar de Monteiro.

Estado: Da fonte: Bo.

Da auga: En uso.

Máis información: Algúns veciños sosteñen que o nome de Cancelas fai referencia a unhas antigas portas de algunha construción de carácter agrario. Forma un conxunto moi compacto co lavadoiro.

FONTE DO GALO

Tipo: Manancial.

Localización: Chanteiro, na ladeira de Montefaro.

Estado: Da fonte: Malo.

Da auga: Seco.

Máis información: Trátase dun oco nun terraplén e, cando o visitamos, non tiña auga.

FONTE DE BORDOCEDO

Tipo: Fonte simple.

Localización: Cervás, no camiño a Montefaro.

Estado: Da fonte: Regular.

Da auga: Non se usa.

Máis información: Está parcialmente cuberto de maleza. Ten un gran caudal e o acceso é difícil.

FONTE DE LEIRO

Tipo: Fonte simple

Localización: Cervás, no camiño a Montefaro.

Estado: Da fonte: Regular.

Da auga: Non se usa.

Máis información: Forma parte dun conxunto cun lavadoiro. O cano estragouse. Recorda a outras coma a fonte de Vigo. A talla das pedras que a conforman ten moita calidade.

FONTE DA RIBADA

Tipo: Fonte simple

Localización: Cervás.

Estado: Da fonte: Regular.

Da auga: Non se usa.

Máis información: É sinxela, de pedra tallada cun cano no chan para a saída da auga.

FONTEIÑA

Tipo: Fonte simple

Localización: Cervás.

Estado: Da fonte: Regular.

Da auga: En uso.

Máis información: Feita con pedra de granito labrada atópase incrustada nun desnivel. Na actualidade atopámola cuberta dunha forma rudimentaria cunha prancha de fibrocemento.

FONTE DA TORRE

Tipo: Fonte simple

Localización: Cervás.

Estado: Da fonte: Bo.

Da auga: En uso

Máis información: A construción actual data de 1887. É de cantería e ten un lavadoiro ao seu carón.

FONTE DE MARIOCOS

Tipo: Fonte simple.

Localización: Cervás, na estrada Cervás-O Baño.

Estado: Da fonte: Regular.

Da auga: Non se usa.

Máis información: Forma parte dun conxunto cun río. Atópase en bo estado aínda que necesita limpeza.

Finalmente nesta parroquia atópanse as seguintes fontes que non puideron ser visitadas por encontrarse inzadas de maleza: FONTE DO XUNCAL, FONTE DE GALGOS, FONTE DA QUEIRA, FONTE DE LAGARES, MANANCIAL DE SANTA MARIÑA e FONTE DO XUNCAL. As fontes coñecidas como DO CONVENTO DE MONTEFARO e a DOS PRADOS DE MONTEFARO, están en zona militar.

2-LAVADOIROS

RÍO DA VIRXE

Tipo: Lavadoiro con pía.

Localización: Chanteiro, xunto á capela de Nosa Señora da Mercé.

Estado: Malo.

Máis información: Como no caso da fonte é moi difícil o acceso pola maleza.

RÍO DA GRELA

Tipo: Lavadoiro con pía e teito.

Localización: Chanteiro, lugar do Curro.

Estado: Bo.

Máis información: De bo tamaño, de cemento aínda que a pía é de pedra. Foi recentemente reparado pola Escola Obradoiro A Ponte.

RÍO DE OUTEIRO

Tipo: Lavadoiro con pía.

Localización: Chanteiro, Lugar de Outeiro.

Estado: Bo.

Máis información: Aínda se usa. A pía está rodeada dunha cerca metálica.

RÍO DO CAL

Tipo: Lavadoiro con pía e teito.

Localización: Chanteiro, na estrada de Ares.

Estado: Bo.

Máis información: Non é moi grande. Na actualidade é todo de cemento.

RÍO DE PEDRACHÁ

Tipo: Lavadoiro con pía.

Localización: Chanteiro, Lugar de Pedrachá..

Estado: Bo.

Máis información: Aínda en uso. Recordra moito ao lavadoiro de As Cancelas, cunha pía tamén de pedra.

RÍO DAS CANCELAS

Tipo: Lavadoiro con pía.

Localización: Chanteiro, na estrada Ares-Chanteiro.

Estado: Bo.

Máis información: Trátase dunha boa pía feita de granito.

RÍO DE BORDOCEDO

Tipo: Lavadoiro con pía.

Localización: Cervás, Montefaro.

Estado: Regular.

Máis información: Ten moita auga, antigamente daba auga a Mugardos.

RÍO DE LEIRO

Tipo: Lavadoiro sen pía.

Localización: Cervás, no camiño a Montefaro.

Estado: Regular.

Máis información: Trátase dunha charca alimentada pola fonte que se atopa preto. Na beira da charca colocárase unhas pedras para facilitar o lavado.

Río de Leiro.

RÍO DE GÜILLE

Tipo: Lavadoiro con pía e teito.

Localización: Cervás, na estrada Ares-Chanteiro.

Estado: Regular.

Máis información: Na actualidade está feito todo de cemento e cuberto con viguetas prefabricadas e pranchas de fibrocemento.

RÍO DE FONTEIÑA

Tipo: Lavadoiro con pía e teito.

Localización: Cervás.

Estado: Regular.

Máis información: Atópase bastante separado da fonte do mesmo nome. O teitume é de cemento aínda que a pía é de pedra o que fai pensar en dúas etapas constructivas diferentes.



RÍO DA TORRE

Tipo: Lavadoiro con pía e teito.

Localización: Cervás.

Estado: Bo.

Máis información: Pode que fose construído no 1887 coma a fonte. Segue en uso.

RÍO DE MARIOCOS

Tipo: Lavadoiro con pía.

Localización: Cervás, na estrada Cervás-O Baño.

Estado: Regular.

Máis información: Necesita unha limpeza. Forma parte dun conxunto cunha fonte.

O mesmo que pasaba coas fontes ocorre cos seguintes lavadoiros aos que non foi posíbel acceder: RÍO DO XUNCAL, RÍO DE GALGOS, RÍO DA QUEIRA e CHARCA DOS FRADES.

ELEMENTOS DESAPARECIDOS**POZO DE SAN ANDRÉS**

Aparece citado en documentos municipais dos séculos XVII e XVIII, xunto co pozo de San Antonio. Seguindo estas fontes estaba preto da capela de San Andrés, tamén desaparecida, pero que sabemos se atopaba nas inmediacións da rúa que aínda hoxe leva o nome do santo, na cabeceira da actual igrexa parroquial de San Xosé. É moi posíbel que fose ao construír esta igrexa que ambos os dous elementos, fonte e capela, desaparecesen.

FONTE DA IGREXA

Foi unha das primeiras fontes con auga da traída da vila, cando esta viña de Loureiros. Estaba situada ao carón da casa do gremio de mareantes na praza da Igrexa. A fonte foi derruída na metade do século XX e construída outra na cabeceira da igrexa.

FONTE DA MEDIANÍA

Como a anterior foi colocado co primeiro sistema de traída no cruce da avenida de Mugardos coa rúa dos Anxos, nun lugar moi céntrico da vila de Ares.

FONTE DA REGA DA FRAGA

Atopábase no lugar do mesmo nome na estrada de Ares a Chanteiro moi preto de Lubre. Podería haber restos cubertos pola maleza pero non puidemos localizalos.

LAVADOIRO DE PAPELLAS

Aproveitando a corrente do regato da Cachorra, o mesmo que parte de Goterras e preto, da fonte monumental de Papellas atopábase este lavadoiro composto dunhas pedras formando unha sorte de pía.

LAVADOIRO DE FONTELIDE

A propia fonte antiga servía de lavadoiro, pero ademais na outra banda da estrada Ares-Mugardos había un pequeno lavadoiro hoxe totalmente desaparecido.

POZO DAS ALIANZAS

Foi construído no ano 1908 para abastecer á escola. Trátase dun dos primeiros establecementos educativos construídos polos emigrantes, as Alianzas Aresáns de Instrucción. O pozo foi tapado cando as escolas se conectaron á rede de subministración municipal.

FONTE DE GOTERRAS

Os documentos municipais citan esta fonte no século XVII. No mesmo lugar hai, aínda hoxe, un lavadoiro que máis ben parece recoller auga dun regato que dunha fonte. Mais a maleza que non permite facer un recoñecemento e a falta de testemuñas que nos falen dela, fai pensar que hai moito que desapareceu.

NOTAS PARA UNA HISTORIA POSTAL. MARCAS POSTALES DE PONTEDEUME: S. XVIII-XIX

Andrés García Pascual

En los siglos XVIII y XIX, Puente deume tenía la categoría postal de Cartería (en el siglo XVIII se denominaba "caxa"), dependiente de la Administración Subalterna de Betanzos que a su vez dependía de la Administración Principal de Correos de Lugo.

Durante el siglo XVIII y la primera mitad del XIX, se recibía el correo tres veces por semana procedente de Betanzos y Ferrol. A mediados del siglo XIX se formó una conducción diaria entre Betanzos y Ferrol con la correspondiente parada en Puente deume, de Betanzos se recibía el correo procedente de la línea de Madrid a La Coruña con todas las otras vías y de Ferrol se recibía el de Ortigueira. Esta línea se servía a caballo desde Betanzos a Ortigueira por Puente deume y Ferrol. Desde Puente deume se servía la correspondencia, por medio de peatón, a Capela y a Ares de donde seguía, también por peatón, hasta Mugardos.

A mediados del siglo XIX, Puente deume era un caso singular entre las carterías de la provincia de La Coruña, donde la mayoría se sostenían a base de unos ingresos aleatorios que dependían del número de correo manejado ya que cobraban un cuarto por cada carta, era el caso de Ares, Boiro, Caramiñal, Carral, Cedería, Jubia, Laracha, Mugardos, Ordenes, Puente Ulla, Puentes de García Rodríguez, Rianjo y Sada. También había las carterías que cobraban una retribución anual del Estado, en este caso había seis que cobraban 400 Rs. de vellón y eran Arteijo, Camariñas, Lage, Mugía, Vimianzo y Zas. Y finalmente estaba el caso de Puente deume que tenía una retribución anual de 1800 Rs. de vellón.

De datos como los citados y del número de marcas postales utilizadas podemos deducir la importancia del servicio de correos en la villa de Puente deume.

Durante el periodo prefilatélico hemos localizado seis marcas de origen, una de abono y una de porteo, hasta la fecha no se conocen marcas de certificado ni de franqueo previo, no perdemos la esperanza de que algún día aparezcan. En época filatélica tenemos cinco marcas postales. También contamos con una marca administrativa de correos que fue utilizada como marca de origen en época filatélica y con tres marcas de organismos que gozaron de franquicia postal.

MARCAS PREFILATELICAS

Se consideran marcas prefilatelicas a las utilizadas para señalar el correo con anterioridad a la aparición del sello adhesivo (en España en 1850), aunque algunas se siguieron usando con posterioridad a esta fecha. Podían ser manuscritas o de cuño de mano, cuños que se confeccionaron en madera, los más antiguos, y posteriormente se realizaron en metal.

Las indicaciones postales manuscritas las encontramos en algunas cartas entre los siglos XVI y XVIII y generalmente son de porteo o indicaban la urgencia o el hecho del certificado.

Las marcas con cuño de mano aparecen en nuestro país a partir de 1717, en el marco de una gran reforma del correo que coincide con el nombramiento, el año anterior, de D. Juan Tomás de Goyeneche como "Juez Superintendente y Administrador de las Estafetas de dentro y fuera del Reino", con lo que el correo deja de estar arrendado a particulares pasando a depender del Estado, por medio de la Real Hacienda.

Téngase en cuenta que trascurría el reinado de Felipe V que, con el sentido totalitario de los Borbones, quería controlar todos los resortes del Estado. El correo, con anterioridad, estaba arrendado a particulares; en concreto, el título de Correo Mayor lo ostentaban miembros de la familia Tassis. Francisco de Tassis llegó a España bajo la protección de Felipe I "El Hermoso", que conocía los buenos servicios que prestaba esta familia, de origen italiano, en los dominios de su padre Maximiliano I. La familia Tassis llegó a controlar los correos de media Europa.



Volviendo a las marcas postales diremos que servían para señalar la correspondencia cumpliendo distintas funciones postales; con arreglo a éstas podríamos formar cinco grandes grupos que englobarían el 95 % de las marcas conocidas: origen, abono, franqueo previo, certificado y porteo.

Como decía anteriormente de Puentedeume se han encontrado, hasta la fecha, marcas de tres de estos grupos y de ellas nos ocuparemos.

Marcas de origen.

Son las que, con distintos formatos y colores, se estampaban en el anverso o reverso de los sobrescritos para indicar el origen, el tránsito o la llegada. Las más antiguas presentaban las iniciales de la región o el nombre de la población, posteriormente el de la región postal (que no siempre coincidía con la geográfica) y, por último, se unieron nombre de población y región postal.



Utilizada en tinta negra de 1772 a 1779.

(Esta marca a suscitado, en los últimos tiempos, alguna controversia, ya que para algunos podría tratarse de una marca de Betanzos, opinión que no comparto, ya que las piezas que se conocen están salidas o transitadas en Puentedeume, esto por si solo no seria definitivo ya que aun así podrían haber sido marcadas en Betanzos, pero lo que si es cierto es que no se conoce ninguna carta con esta marca salida de Betanzos y es más, en los años de uso de esta marca Betanzos contó con dos marca y es muy rara la convivencia de dos marcas para la misma función en una misma administración.)

GALICIA

Utilizada en tinta roja de 1781 a 1787.



Utilizada en tinta roja en 1799 y en azul en 1800. La **B** indica la dependencia de la Administración de Betanzos.



Utilizada en tinta azul en 1803, en roja de 1808 a 1810 y en negro sin fecha conocida. La **B** indica la dependencia de la Administración de Betanzos.

GALICIA
PUENTE
DEUME

Utilizada en tinta azul de 1821 a 1823 y en roja de 1823 a 1826.

•••G•••
•PUENTE•
•DEUME•

Utilizada en tinta roja de 1830 a 1857 y en verde de 1844 a 1846.

(Esta marca en color rojo fue usada, a falta de otra, como marca de origen de 1850 a 1857. Se conocen dos sellos de la Plancha I del 6 ctos. y uno del de 5 Rs. de la emisión de 1850 obliterados por esta marca.)




Marcas de abono.

Surgen estas marcas a raíz de los acuerdos establecidos entre la Renta de Correos y otros organismos oficiales y autoridades, que acogiéndose a un sistema de demora en el pago, emplean para señalar la correspondencia estas marcas, que indican que el porte se "abonará" con posterioridad y el mismo se anotara en un registro al efecto. Estas marcas toman diferentes formatos, siendo las más comunes las abreviaturas: A, AS, AB, etc.; incluso se conocen casos de la palabra "ABONADA" al completo.

Se utilizaron mayoritariamente por la Administración de Justicia para los pleitos de oficio y para demorar el pago hasta la resolución de los ordinarios, por lo tanto todas las poblaciones cabeza de Partido Judicial que tuvieran Administración de Correos, tenían que señalar, bien con el cuño oportuno o bien de forma manuscrita, la marca de abono en el anverso de los pliegos y se señalaba el porte, a satisfacer más adelante, en el reverso. De Puente deume solo se conoce una marca manuscrita.



De forma manuscrita sin fecha conocida.



Marcas de porteo.

Son signos numerales y abreviaturas de carácter monetario con las que se señalaban los sobrescritos para indicar el porte a pagar por el servicio de correos que, en aquella época, lo pagaba el destinatario, salvo en los casos de franqueo previo o de servicio oficial exento.

Hasta finales del siglo XVIII se señalaba el importe del porteo a pluma; posteriormente se emplearon cuños con los distintos valores y signos, realizándose las combinaciones necesarias para cada caso.

Estos auténticos presellos han sido muy poco estudiados y, por tanto, hay que señalar la importancia del conocimiento de las distintas tarifas para una correcta interpretación.

En el último trabajo de clasificación que he hecho de los porteos de Galicia he catalogado más de 400 signos. Lamentablemente de Puertedeume solo tengo la seguridad de una marca, si bien otras posibles están en estudio.



En tinta roja y azul entre 1799 y 1800.

MARCAS DE ÉPOCA FILATÉLICA

Como decía anteriormente, algunas marcas del periodo prefilatelico se siguieron utilizando después de la aparición del sello adhesivo; es el caso de Puertedeume donde una marca prefilatelica y una administrativa sirvieron para marcar las cartas que salían de su Cartería durante los primeros años de la aparición del sello; así las cartas salían con el sello sin matasellar y con alguna de las marcas citadas en el frente y al llegar a Betanzos o Ferrol se anulaba el sello.

Pero también hubo marcas específicas de este periodo, como son los fechadores y las de certificado.

Timbres de fecha.

Estas marcas surgen como medio de control para el buen funcionamiento del correo. En un principio, en las Administraciones que contaban con matasellos mudos, eran estos los utilizados para anular los sellos y los fechadores, salvo excepciones, se estampaban en el anverso y a la



llegada en el reverso para control. Pero en las oficinas de inferior categoría, que no contaban con otros matasellos, fueron los fechadores los que sirvieron como matasellos.

El primer fechador de uso general fue el de 1842, que con la aparición del sello en 1850, se convirtió en el primer matasellos oficial; para sustituirlo, la Dirección General de Correos publicó una Real Orden, el 16 de septiembre de 1853, en la que se anunciaba la aparición de los nuevos fechadores, que comenzaron a funcionar en 1854. A partir de esta fecha, se utilizarán además los de uso general de 1857, 1874, 1878 y 1882.

En Puentedeume se usaron los modelos de 1857, 1878 y 1882.

Fechador modelo de 1857.




Tinta negra y azul. No lo conozco usado con anterioridad a 1860.

Diámetro exterior 20mm, interior 11mm.

Letras del mes inclinadas a la izquierda.


Fechador modelo de 1878 (Trébol).



Tinta negra y azul.

Diámetro exterior 26mm, interior 16mm.

El bloque fechador está enmarcado por un "trébol" de cuatro hojas.

Fechador modelo de 1882.

Tinta negra y azul.


Diámetro exterior 30mm, interior 19mm.

Bloque fechador en línea limitado por dos líneas paralelas.

Marcas de certificado.


El correo certificado surge por la necesidad de dar una mayor seguridad al correo, a cambio de un incremento en el costo para el usuario. La circunstancia del coste añadido, explica el pequeño porcentaje que suponen los certificados en el total del volumen del correo, en aquella época.

Al igual que en la época prefilatelica, estas marcas servían para indicar el hecho del certificado, pudiendo, en este periodo, ser utilizados o no como matasellos; algunos se encuentran además de en las cartas también sobre los resguardos de los certificados.



Modelo de uso general en toda España.

En tinta negra y azul desde 1894 y siguió en el S.XX. También se uso como matasellos.



Modelo de uso general en toda España, con la R de "recommandé".

En tinta negra y azul desde 1897 y siguió en el S.XX.

MARCAS ADMINISTRATIVAS DE CORREOS

Son las que tenían las Administraciones de Correos como cualquier otro organismo oficial y, que en ocasiones, fueron empleadas postalmente para cubrir la falta de otra marca más apropiada. Como decía anteriormente con referencia a la última marca prefilatelica, esta marca administrativa también se uso como marca de origen para señalar los efectos postales, hasta que Puente deume se contó con el fechador modelo de 1857.



Un diseño prácticamente igual lo encontramos en Sabadell (Barcelona) obliterando sellos en 1852 y otro muy parecido lo tenemos en Ortigueira en 1857 y 1858. Esto me hace pensar que se trata de un modelo general en las carterías españolas y que solo vamos conociendo las que aleatoriamente se usaron como marcas postales.



(Esta marca la di a conocer en el Nº 1 de la revista POR-TEO en abril de 1976, ya llovió)

Utilizada en tinta azul y negra de 1857 a 1860.

MARCAS DE FRANQUICIA PARA EL CORREO OFICIAL

Las primeras marcas de franquicia oficial son conocidas como "Sello Negro", y se venían utilizando sin una normativa hasta que se reguló su uso en el Real Decreto de 7 de diciembre de 1716 que se comenzó a aplicar el 19 de enero de 1717. A partir de esta fecha y por sucesivas disposiciones se formó el reglamento para el uso de la franquicia para la correspondencia oficial.

Estas marcas podían estar impresas (raramente) o estampadas con sello de mano, generalmente con tinta negra, pero también en azul y muy pocas en rojo.

Otra particularidad es que los frentes donde figuran las franquicias, generalmente, llevan las indicaciones, manuscritas o impresas: "Real Servicio", "De Orden del Rey", "Servicio Nacional", "Servicio de Justicia", "Servicio Militar", etc.; con toda variedad de combinaciones y abreviaturas.


Lo poco que se han estudiado estas marcas obliga a partir prácticamente de cero, desde la recopilación del material hasta la reproducción de los dibujos; por tanto, lo más probable es que aparezcan nuevas marcas.



"JUZGADO DE 1ª INSTANCIA"

Tinta negra y azul de 1854 a 1881.

(Con la llegada de la 1ª Republica en 1873 se eliminan las Flores de Lis del corazón del escudo).




"PROMOTORIA FISCAL"

Tinta negra y azul de 1863 a 1877.

Me consta la existencia de una marca del Ayuntamiento, pero al carecer de un original bien estampado no puedo reproducir el dibujo. La franquicia para las corporaciones municipales desaparece con la Real Orden del 18 de agosto de 1856.


Por lo descrito con anterioridad se puede deducir que la categoría administrativa de Cartería se quedaba pequeña para Puente deume, pero quizás, la proximidad de las Administraciones Subalternas de Betanzos y Ferrol impidió subir esta categoría. Es seguro que el trabajo y la responsabilidad de la oficina de correos fuese superior a la categoría asignada y así se justifiquen los 1800 Rs. de vellón anuales, citados al principio, que marcaban una diferencia con el resto de las carterías de la provincia.

Este, como todo trabajo de investigación, queda abierto a la aparición de nuevos datos, así como nuevas marcas, fechas de utilización y colores. Como señalaba es de esperar que aparezcan marcas de franqueo previo y de certificado que, casi con seguridad, serán manuscritas posterior-



mente a 1842, ya que por ser Cartería no recibió las marcas generales que para tales menesteres se crearon en 1842 como parte de la reforma del correo efectuada por su Director General D. Juan Baeza, y que se repartieron a las Administraciones Principales y Subalternas.

Espero que a estas primeras notas le sigan otros trabajos y comunicaciones que nos ayuden a ir dando pinceladas que hagan más comprensible la historia del correo en Puente deume, dentro del gran cuadro de la Historia Postal de Galicia.



RIQUECHE: VIDA E MORTE DUN GUERRILLEIRO ANTIFRANQUISTA

Manuel Domínguez Ferro e Juan J. Sobrino Ceballos

*"A historia é á vez o brazo secular do tempo
-o instrumento do devir e das súas devastacións-
e o remedio, a memoria e o salvamento do que foi,
da consunción e do esquecemento".*

Claudio Magris, *El Danubio*

*"...Alí, a Villahoz,
moi perto de Palencia
na provincia de Burgos,
terra de frío e neve,
de xentes mesturadas de vellas castas,
iberos e mouros,
desterraron a familia galega,
en visporas do Nadal de 1950.
Pódese comprobar:
Téñense testemuños".*

Luis Seoane:
Verdadeiro sucedido nun Nadal, 1972

OS ANOS DA XUVENTUDE

Moi preto de Palencia, pero neste caso no pobo de Villamuriel de Cerrato morreu, tamén en 1950, Francisco Allegue. A súa dona, Antonia Allegue, sobrevivíralle uns anos máis. Foran desterrados polas autoridades franquistas no ano 1948. Como no poema de Luís Seoane, tamén eles tillan un fillo fuxido, Adolfo Allegue Allegue, coñecido polo alcume de Riqueche. A casualidade quere que ambos os dous fuxidos, Riqueche e mais o fillo desa nai da que fala o poema, José Ramuñán Barreiro, alias Ricardito ou Simeón, coincidiran ala por 1948, cando este último, que acompañaba ao famoso Foucellas, viña fuxindo da zona de Teo, acosado pola garda civil.

Igual que os protagonistas do antedito poema de Luís Seoane, Antonia e Francisco foron desterrados a este pobo de Palencia por non secundaren os principios que animaron ao alzamento de 1936. O seu fillo Adolfo botouse ao monte e a finais de outubro de 1949 morría, con todo o seu destacamento, nunha emboscada da garda civil no lugar de Pazos, no concello de Monfero. O rastro de Ricardito pérdese a finais de 1948, pero todos os indicios sinalan a súa presenza tamén na caída de Pazos¹.

Co aniquilamento do o destacamento "Arturo Cortizas" o día 31 de outubro, desaparecía un dos últimos grupos armados que quedaban do Exército Guerrilleiro Galego. Sete guerrilleiros

1. v. OTERO C.; SOBRINO, J. e DOMÍNGUEZ M., "Fuxidos da Fraga", Rev. *Cátedra*, nº 8, 2001

atoparon a morte nunha operación que entrañou un formidábel despregamento de forzas policiais, baixo o mando do tenente coronel Luque Arenas. A presenza no lugar dos feitos do gobernador civil Hierro Martínez proba a importancia propagandística que se lle quería dar á acción.

Adolfo Allegue Allegue (a) Riqueche. Pierna derecha dos balazos con orificio de entrada y salida. Tres balazos en tórax (estómago, pulmón y corazón), hemorragia interna y orificio de salida parte posterior. Un balazo en región maxilar derecha y salida en el interior de la boca.

José Chan [Chao] Rouco. Dos balazos en parietal izquierdo con fractura y hemorragia interna.

Juan Gabeiras N. Un balazo región temporal derecha con fractura de base de cráneo y fuerte hemorragia cerebral.

Juan Freire Barcia. Un balazo con orificio de entrada en la región occipital y salida derecha.

José Temblás. Dos balazos en pierna izquierda, otro en la mejilla derecha con salida en región parietal izquierda que interesa base del cráneo.

Rogelio Alonso. Le falta el ojo izquierdo. Un balazo en región parietal izquierda con orificio de salida en temporal derecha con fractura y hemorragia.

Antonio Jaspe. Tres balazos en tórax con orificio de entrada en la parte anterior y salida en posterior interna... (¿) pulmonar izquierda y estómago con hemorragia interna y gran enfisema.

Autopsia (1 de novembro de 1949)

O conciso informe da autopsia transloce todo o dramatismo da acción policial. O primeiro en caer foi Riqueche. José Chao e Antonio Jaspe morreron ao intentar facer unha saída; o terceiro, Juan Gabeiras (Picovello), a quen a garda civil confunde con outro, probablemente o mencionado José Ramuñán, non morreu aquí, senón no Tellado (Fene) en 1951; e a Juan Freire e Rogelio Alonso matounos probablemente José Temblás, antes de matarse el mesmo, co propósito de evitar que caeran en mans da garda civil².

Entre ese ano de 1949, coa caída de Pazos, e 1951, coas de O Tellado (Fene) e O Puntal (Neda), produciuse o desmantelamento da guerrilla en Galicia, en particular da IV Agrupación, toda vez que a outra organización guerrilleira, a Federación de Guerrillas de Galicia-León comezara o seu declive en 1946. Quedaron, iso si, algúns homes, sós, illados e desesperados. Pero a etapa de máis intensa actividade guerrilleira quedaría definitivamente atrás. A caída de Pazos simboliza, polo tanto, o final dunha etapa iniciada a partir dos anos corenta, que se caracterizou en Galicia por unha forte combatividade -lonxe da imaxe forxada no franquismo dun país adormecido e acovardado-, onde os grupos guerrilleiros, encadrados e sostidos polo PCE, impulsaron a loita contra o réxime dictatorial imposto ao rematar a guerra.

Neste panorama destaca a figura de Adolfo Allegue Allegue, unha das personalidades máis descoñecidas é, ao mesmo tempo, máis suxestivas, do maquis galego. A súa biografía apenas apa-

2. v. OTERO, C.; SOBRINO, J. e DOMÍNGUEZ, M., “Fuxidos...”.

rece salpicada dos habituais episodios novelescos que tanto abundan nas haxiografías ao uso do resto dos maquis que acadaron maior sona. Pero ás máis das veces foron os homes coma el, case descoñecidos, os auténticos protagonistas dunha historia aínda pouco estudada.

Non é moito o que nos queda del. Unhas vagas lembranzas dos seus camaradas, unha muller coa que non viviu, a filla que non chegou a coñecer e uns familiares que aínda conservan uns poucos retallos da súa vida, historias que lles chegaban, como ecos afastados, das súas fazañas no monte, historias que conxugan a verdade cunha morea de lendas.

Adolfo Cipriano Allegue Allegue naceu o día dez de marzo de 1919 en San Pedro de Grandal, posibelmente no lugar da Pallara, no concello de Vilarmaior. Os pais proviñan do lugar de Rieiro, na parroquia de Doroña, no mesmo concello. A familia viviu uns anos na Pallara e, posteriormente, trasladouse a Bouzoa, no mesmo concello. E aquí, nas terras de Vilarmaior, será onde se desenvolva o escenario da súa infancia e xuventude. Os pais aínda hoxe son lembrados con afecto polos veciños. Conservamos algunhas breves descrições do fillo. Coñecidos seus lémbromo como un mozo de estatura normal, moreno. Un informe policial de 1949 apunta outra descripción: "*estatura más bien baja, delgado, rubio, color blanco, cutis fino y frente despejada*"³.

Non era moi alto, de estatura media, moi alegre, moi familiar; moreno, tiña a tez moi branca e pómulos chatos. Sempre sorría. Tiña bigote e barbita. Acórdome moi ben del.

Josefa Gallego. *Mugardos, marzo de 2004*

Riqueche era de mediana estatura, moi activo e politicamente estaba moi preparado. Estivo varias veces na miña casa con outros guerrilleiros.

Antonio Ares. *Ferrol, maio de 2000*

Francisco, a quen coñecían polo Riqueche, estivo emigrado en América; á volta traballou de carpinteiro, oficio que lle ensinou ao seu fillo. O alcume, que xa viña de familia, pasou ao fillo.

Seguíanlle Riqueche, polo pai que estivera en Cuba, e cando voltou a xente dicía: veu o tío Francisquiño de Cuba, veu riquechiño perdido.

Manolo López. *A Cepeira (Vilarmaior), abril de 2004*

Pai e fillo traballaban por toda a comarca amañando carros, facendo camas, mesas ou zocas⁴. O contacto coas xentes, os debates tan en boga sobre a cuestión agraria, a realidade social na que vivía, nuns tempos onde estaban a mudar as formas aparentemente invariábeis da vida campesiña, foron despertando nel unha sensibilidade política.

3. causa 126/49, Tribunal Militar Territorial IV

4. v. Bernardo MÁIZ, "Voces sobre a II República, represión franquista e resistencia galega (1931-1954)", ANUARIO BRIGANTINO, nº 25, 2002.



Francisco Allegue



Antonia Allegue e o seu fillo Adolfo Allegue

Os últimos anos da Restauración constituíron un período de efervescencia política, tanto nas áreas industriais próximas, cunha inquieta burguesía e un proletariado cada vez máis concienciado -concentrado especialmente nos enclaves de Ferrol e A Coruña-, como nos concellos do interior, onde décadas atrás prendera o movemento agrarista.

Nas eleccións municipais de abril de 1931 os candidatos republicanos acadaron unha nutrida representación na comarca. En Vilarmaior constituíuse un novo goberno cun alcalde da ORGA (Organización Republicana Galega Autónoma). Favorecido polo novo clima político xurdiron asociacións, como a Agrupación Socialista, o Grupo Galeguista -constituído en 1935- e a Unión Agraria. As sociedades agrarias acadaron unha auxe extraordinaria. En 1934 existía unha Sociedade Agraria Republicana de Castro, Leiro e Carantoña, de tendencia agario-católica, a Sociedade de Agricultores e Oficios Varios de Leiro, que se integrou en UGT e que estivo presidida por Tenreiro López, fusilado en San Filipe⁵ no 1936, a "Sociedade Agraria" de Grandal, presidida por Jose María Varela Salido, paseado tamén en agosto do 36 en Caamouco⁶, e as que xurdiron en Pontedeume, agrupadas na Federación Agrícola Comarcal. Cunha delas puido estar vinculado Francisco Allegue, motivo que, xunto a súa simpatía polas opcións de esquerda, explica a persecución de que será obxecto.

5. v. X. M. SUÁREZ, *Guerra civil e represión en Ferrol e comarca*, Ferrol, 2002

6. causa 993/36, v. B. MÁIZ, *Resistencia, guerrilla represión. Causas e Consellos de Guerra*. Ferrol, 1936-1955, 2004

Despois da dictadura de Primo de Rivera, celebrábanse na comarca as primeiras manifestacións de carácter popular, coa asistencia de destacados líderes da esquerda republicana, como Casares Quiroga e Antón Villar Ponte; ou das filas anarquistas, como Ángel Pestaña, Federica Montseny e Mario Rico. Abundaban os actos reivindicativos para esixir a liberdade dos presos, como a gran manifestación celebrada en Ferrol en abril de 1931, e as campañas a favor do referendo do Estatuto. As tensións están presentes con motivo da proclamación da folga xeral en toda a comarca en maio de 1932, semanas despois estendida ao resto de Galicia, para protestar polos despedimentos da Sociedade Española de Construcción Naval. A difusión destes actos, ben a través da prensa ou da radio, ben coa asistencia aos mesmos, contribuíron, sen dúbida, como para o resto dos xoves da súa xeración, a formación política de Riqueche.

Era de ideas republicanas, de esquerdas. Moi intelixente, reservábase moito ao falar. Por exemplo, connigo, que eu daquela tiña 16 ou 17 anos, nunca comentou nada, nin de cando estivo no cárcere. Non é de estrañar, eu era un rapaz e podía irme da lingua.

Manolo López. *A Cepeira (Grandal), abril de 2004*

...Un loitador, unha persoa honrada,... tiña ideas moi avanzadas,... moi audaz.

Josefa Gallego. *Mugardos, marzo de 2004*

Durante a guerra foi mobilizado, sendo destinado ao Rexemento de Artillería Mérida 35 de Ferrol. Despois de incorporarse a filas, desertou.

Recordo velo vestido de militar do Exército, foi cando eu vivía na Gándara.

C. Ferrol, *abril de 2004*

O Adolfo desertou da mili co Cobés [José Freire González]. Despois, é posible que se presentara e daquela o mandaran preso pra o castelo de San Felipe no Ferrol. Desde logo, facíanlle a vida imposible. Se pasaba algo na zona xa ían a por el.

V. Rieiro (Vilarmaior), *abril de 2004*

Había un tal Riqueche que anduvo fuxido porque os pais eran de esquerdas e ía a garda civil por alí e os golpeaba sempre. Un fillo de ese Riqueche estivo connigo facendo a mili, pero despois de ir para casa, como a garda civil lles pegaba, foíse para o monte e despois convirtiuse no xefe dunha cuadrilla que andaba nas fragas do Eume agachados. Ao final, colléronos en Pazos (Monfero); cacháronos nunha casa, pois alguén deu o chivatazo. O grupo enteiro morreu loitando.

S. e B. Pontedeume, *abril do 2000*

O TEMPO DOS FUXIDOS

A represión, iniciada nesas datas, cebouse en todas as poboacións; só na comarca de Pontedeume o número de persoas paseadas, executadas ou simplemente asasinadas foi de unhas cincuenta e cinco entre 1936 e 1939⁷. Unha das súas consecuencias foi a fuxida ao monte daqueles sobre os que caera a sospeita de simpatía polo réxime republicano. Acosados, perseguidos, as súas pretensións limitábanse, en moitos casos, a sobreviviren. No noroeste de Galicia diversos grupos fôronse agrupando a medida que avanzaba a guerra. Os nomes de José Neira, Manuel Freire (Cagallo), Luís Trigo (Gardarrios), Ramiro Martínez (Zapateiro), José Vázquez (Patitas), Xesús Lavandeira (Ladrillo), Benigno Andrade (Foucellas), Manuel Pena (Flores), Ramón Rodríguez (O Curuxas) convertéronse en moitas localidades en referentes da primeira resistencia antifranquista.

Francisco Allegue é buscado pola garda civil e pasa varios anos, entre o 36 e o 40, agochado nun oco feito debaixo da corte da casa de Pallara.

Ramón, o fillo do alcalde de Vilarmaior [Antonio Rivera Ponte], foi quen denunciou ao pai de Adolfo. Despois os guerrilleiros andaban tras el, pero por moito que o intentaron non o daban collido. O que caeu foi o pai, que tamén era boa peza; foi entón cando Ramón fuxiu para Barcelona.

S. Grandal (Vilarmaior), maio de 2004

Cando botei o cemento encontreime no chan un burato que tiña a forma dun cadrado de, aproximadamente, 1x1 metros. Estaba cheo de terra e escombros. Máis tarde contáronme que nesta casa viviran os Riqueches, e que fixeran esta tobeira para agocharse dos que os perseguían. Alguén dixo que o oco chegaba ata a metade da estrada que vai a carón da casa. Non sei máis; foron tempos difíciles dabondo para todos.

D. Grandal (Vilarmaior), maio de 2004

O oco comunicábase con outro, pero dentro da mesma casa. Era unha lousa que el pechaba por dentro, e despois púñase enriba desta a bañeira das vacas.

Unha vez estaba facendo uns zocos e avisouno a súa muller de que viña a garda civil. Francisco deixou todo e buliu para o oco. Cando chegaron os gardas e viron as zocas preguntáronlle a Antonia quen as estaba facendo, ao que ela contestou que, ao estar soa, tiña que facer de todo.

Máis dunha vez ameazaban a Antonia coas pistolas e ela sempre negou que soubera onde estaba o seu home. Francisco escoitaba todo desde o refuxio e moitas veces creeu tolear pola impotencia que lle producía todo aquilo.

O pai de Francisco non paraba de preguntarlle a Antonia onde estaba agochado o seu fillo, pois antes de morrer quería velo e falar con el. Antonia nunca llo dixo. Despois de entregarse, Francisco tenlles ensinado aos gardas onde estivera ago-



Casa da familia Allegue en A Pallara (Vilarmaior).

chado e recordáballes como petaban no chan coas culatas dos fusís mentres el oía todo.

Buscábano porque tiña ideas distintas ás deles. Nunca souben que estivera afiliado a ningún partido.

C. Ferrol, abril de 2004

A nai de Riqueche máis dunha vez levou unhas trompadas da garda civil. Incluso fixérona andar pola canle do muíño chea de auga e non paraban de preguntarlle polo seu marido.

S. Grandal (Vilarmaior), maio de 2004

Quen o convence para que se entregue á garda civil é o cura José Pérez Yudá, coa promesa de que non lle ía a ocorrer nada. Isto sucedeu cando caeron os de Sanguñedo [27-9-1940].

Manolo López. *A Cepeira. (Vilarmaior), Xaneiro de 2004*

O mestre de Grandal, Don Primitivo, falou coa muller de Francisco dándolle a súa palabra de que el ía co seu home. Antonia comentouno co seu marido e este estivo de acordo. Francisco presentouse á garda civil na compañía do mestre e do cura Yudá. Non pasou nada.

C. Ferrol, abril de 2004

Por estas datas a familia trasládase a Bouzoa. Riqueche fora detido, pero non coñecemos as circunstancias. Sabemos, non embargante, que estivo no cárcere de Pontedeume primeiro e que despois trasladárono ao castelo de San Filipe, onde debeu permanecer entre os anos 1941 e 1943. En San Filipe contacta posibelmente con Manuel Gómez Varela (Fera Brava) e con

Rogelio Alonso. O primeiro segundo escapou a Francia en xullo do 39 con vinte e seis compañeiros, tras requisar en Ares o bou "Ramón". Entregado polos alemáns, saíu do cárcere no 47 para incorporarse á guerrilla. O segundo estivo no destacamento Arturo Cortizas, con cuxos membros morreu no 49.

Na prisión é posíbel que Riqueche coincidira con membros do PCE. Os campos de concentración, as prisións -como a do convento de San Rosendo en Celanova-, e as minas prisión -as de volframio, sobre todo, no Casaio, Silleda e Bandeira- foron os núcleos embrionarios do Partido na posguerra⁸. Deixárono en liberdade en 1943, pero se ten que presentar regularmente no cuartel da garda civil.

Sei que o chamaron para voltar a facer a mili e non se presentou. Xa estivera no cárcere de Pontedeume sobre o ano 1940 ou 1941. O pai entregouse á garda civil porque o convenceu o cura José Pérez Yudá. O mestre de Cabana, José Pérez Rodríguez [membro da Falange], andaba tras el. Ninguén o volveu a molestar.

C. Ferrol, abril de 2004

Daquela comezaba a tomar corpo a resistencia contra o réxime. A guerra rematara en España, pero no resto de Europa intensificábase un conflito que parecía querer prolongar o enfrontamento contra o fascismo. As forzas democráticas no exilio puxeron as súas esperanzas no triunfo dos aliados. Querían comprometer a participación das potencias occidentais no derrocamento do réxime franquista.

Foi o PCE, partido que posuía unha maior capacidade organizativa, o que apostou decididamente pola loita guerrilleira como medio de acabar co franquismo. Ao mesmo tempo empezou a desenvolver un labor de reconstrución das súas estruturas na clandestinidade. En Ferrol constituíuse un comité local do Partido en 1942, que recrutou os seus membros maioritariamente entre os traballadores de Construcciones Navales Militares, S.A. (Bazán). Na Coruña, Alberto Puente aparece á fronte dunha pequena agrupación. Na zona nordeste, o comité provincial de Lugo, con José Temblás Paz como secretario desde 1944 -morto no 49 en Pazos, despois da súa incorporación á guerrilla-, foi o catalizador do movemento guerrilleiro.

*Tembrás creo fora do Partido Comunista, antes da guerra, claro... e algún outro, outros da CNT, socialistas...*⁹

Despois da súa saída do cárcere, Riqueche regresa a súa casa. Non deixa naqueles tempos de ter problemas coa garda civil. Quizais sospeitábase das conexións que mantiña con xentes próximas ao PCE ou con algúns dos fuxidos. Nunha daquelas ocasións que veu aparecer un camión con gardas civís se lle escoitou dicir: "*Antes de volver ó castelo, voume para o monte*".

8. Harmut HEINE, *A guerrilla antifranquista en Galicia*, Vigo, 1980

9. v. MÁIZ, *Voces...*

Entre as razóns que lle impulsaron a fuxir quizais pesaron as detencións que se sucederon na comarca nos anos 1945 e 1946, coas caídas dos comités do Partido e da Unión Nacional Española de Lugo e Ferrol, e que en Pontedeume supuxeron o encarceramento dos socialistas Salvio Vázquez Blanco, antigo membro da corporación republicana, Eduardo Rodríguez, Manuel Piñeiro (Carabilla) e Ramón Campos, relacionados co cobro das cotas para o Socorro Rojo. O certo é que a altura de 1946 xa parecía actuar de enlace para a guerrilla¹⁰. Puido ser por mediación de Salvio, que fixera amizade cos do monte e para os que facía de enlace, segundo Antonio Abelleira (Toñito), con quen compartiu prisión na Coruña. Despois da detención deste último Riqueche chegou a afirmar: *"Colleron a Salvio, pero a min non me collen"*.

Colléronos en 1945 ou 1946. Eran os encargados de cobrar a cuota. Vinnos no cárcere da Coruña.

Chacho Agras. Pontedeume, abril de 2004

Ao meu pai collérono con Eduardo de Pontedeume [Eduardo Rodríguez Paz] e mandáronos primeiro a Coruña e despois ao penal de Burgos. A miña nai estaba embarazada e moi próxima a parir. O meu pai estivo tres anos no cárcere e Eduardo cinco

Fillo de Salvio. Pontedeume, marzo de 2004

...Dou por seguro que antes ou despois de ir para o cárcere andaba cos de Pontedeume: Salvio, etc. A garda civil andaba atrás eles e de seguro que os foi deixando facer ata collelos a todos, como pasou co Salvio, que caeu en 1945 e casi o matan da paliza que levou.

Manolo López. A Cepeira (Grandal), xaneiro de 2004

Estaban traballando o pai e máis o fillo na miña casa. Botábanlle o eixo ao carro. Unha mañá chegou só o pai e ás preguntas de onde ía o Riqueche, este respondeu que pola mañá cedo o seu fillo pediulle algúns cartos para ir a mercar a Ferrol unhas botas. Daquela foi cando fuxiu. O pai choraba cando o contaba.

P. Andrade, febreiro de 2004

Poido matar a varios falanxistas da zona, pero non o fixo. Estes e a garda civil llo fixeron pasar moi mal a súa nai e familiares. Non paraban de pediren fotos do fuxido. Había xente de dereitas que lle axudaba. Era de estatura normal, moreno e tiña un pómulo máis sainte co outro. De fuxido ten ido a festa de Vilachá. Había un tenente da garda civil en Ponte da Pedra (Monfero) que decía que Riqueche tiña carreira e que disparaba con dúas pistolas á vez.

C. Ferrol, abril de 1999

10. Bernardo MÁIZ, *Galicia na Segunda República e baixo o franquismo*, 1988

No monte Riqueche andou só durante un tempo. Contan que atopou refuxio pola zona de Gunturiz e que despois desprazouse até os arredores de Betanzos e de Oza dos Ríos, onde tivo amoríos cunha muller da zona.

Cando escapou Riqueche ao monte, o pai díxolle á súa muller: "Ao mellor non ben nunha tempada; ti non te preocupes".

E. Grandal (Vilarmaior), maio de 2004

En represalia, os pais foron desterrados a Villamuriel de Cerrato. A policía, ademais, cría que Antonia seguía en contacto co fillo, que pode que pasara algún tempo escondido na casa de Bouzoa. Corría o ano 1948. En Villamuriel viviron dous anos, nunha das covas preto da fábrica de fariñas, onde o pai traballou como carpinteiro; acadou certa sona de manitas. Un garda civil do pobo, casado cunha muller de Caión, traíalle noticias da casa. O pai non lle deixaba de preguntar polo fillo. Morreu en 1950, un ano despois que o seu fillo. A nai aínda viviría uns anos máis. Non é difícil supoñer como debeu pesar no ánimo de Riqueche a orde de desterro contra os seus pais.

As autoridades desterraron ós seus pais a Villamuriel de Cerrato, foi no 47 ou 48; parécese que alí acolleunos unha familia. O pai, Francisco Allegue, morreu alí poucos meses despois de que mataran ao fillo en Pazos. Á nai, Antonia Allegue, deixárona voltar para acó ao pouco tempo; aquí foi acollida na casa de Espada de Grandal. Morreu o 8 de xaneiro de 1988.

Cando mataron a Riqueche, Francisco fora a por unha sella de auga e ao voltar para a casa contáronlle o da morte do rapaz e cando chegou xunto a súa muller, díxolle: "xa poderás estar contenta, matáronnos o fillo". Isto sempre contábanolo Antonia cando regresou.

C. Ferrol, abril de 2004

Cando chegaron a ese pobo de Palencia pasárono moi mal. Viviron nunha coba, pero despois as cousas melloraron poideron instalarse nunha casa. Despois de morrer o fillo deixáronos voltar a Galicia, pero Francisco caeu enfermo e alí quedou enterrado.

A xente encariñouse con eles, incluso cando Antonia xa estaba vivindo aquí, viñeron a visitala persoas dese pobo. Eran moi queridos.

E. Grandal (Vilarmaior), maio de 2004

Recordo tamén que o pai escribíame co nome cambiado, eu tamén facía o mesmo, pero agora non recordo o nome. As cartas xa non as teño, queimábaas según chegaban, non eran tempos para andarse con lérias.

Cando mandaron ós pais para Palencia, Riqueche creo que levaba dous anos no monte.

A raíz do desterro dos seus pais foi cando Adolfo empezou a merodear e matar por esta zona.

O mestre de Cabana (Grandal), José Pérez Rodríguez, andaba tras el. Nunha oca-

sión, cando eu estudiaba polas noites, preguntome: "¿Tu sabes dónde está el Riqueche?" Eu calaba, pero ben sabía onde quería chegar. "Se que eres su amigo, lo único que quiero es saber por donde anda para decirle que si se entrega no le va a pasar nada". Eu seguí coa boca pechada e xa non insistiu máis.

Tivo unha filla cunha muller que traballaba na casa de Río, en Breanca [Vilarmaior]. Era xente moi pudente. Ela marchou para Barcelona... A ela levárona unha vez ao cuartelillo e despois colleron ó pai de Riqueche e careáronlos. Os dous negaron coñecerse.

Manolo López, A Cepeira (Grandal), decembro de 2003

A noiva de Riqueche foise de Vilarmaior para Santa Mariña [Ferrol] e despois marchou para Venezuela coa súa filla. Anos máis tarde instaláronse en Barcelona. A filla casouse e ten dous fillos. Anos máis tarde voltou para Galicia.

Contoume o outro día que cando Riqueche a ía a visitar a Breanca, sabíano o dono da casa, pois os cans ladraban dunha forma distinta.

Paréceme que unha vez Riqueche quíxolle dar unha foto onde estaba con outro, pero ela non a quiso, era dabondo perigoso andar con el naqueles tempos.

C. Ferrol, abril de 2004

Son os anos da constitución en Galicia das primeiras organizacións guerrilleiras, primeiro na banda oriental de Ourense, coa Federación de Guerrillas de Galicia-León e, posteriormente, no noroeste, aparece a IV Agrupación, denominada tamén "Pasionaria", que, entre 1943 e 1945, será o núcleo aglutinador dos diversos grupos de fuxidos que até entón operaban na zona: o grupo de Patitas e Zapateiro no Eume, o de Xosé M^a Díaz (Xaime), Francisco Rey (Moncho) e Amador Domínguez (Jaime Pimentel) nas Mariñas e os fuxidos de Mesía e Ordes, entre os que se atopaban Benigno Andrade (Foucellas), Juan Couto (Simeón), José Ramuñán (Ricardito, Simeón), Lisardo Freijo (Tenente Freixo), Manuel Peña (Flores) e Manuel Ponte (Xastre). Baixo a iniciativa do mestre comunista Marcelino Rodríguez Fernández (Marrofer) celebráronse varias reunións en torno aos anos 1943 e 1944, nas que foi tomando corpo o Exército Guerrilleiro de Galicia, cuxa dirección asumirá Marrofer.

Precisamente, na vinculación á organización guerrilleira, Riqueche coincidirá con outros mozos, como Gregorio Dopico Fernández (Bolichero), enlace de Fedas; e Juan Pérez Dopico (Xan de Xenaro), de Limodre (Fene), que se incorporan en 1945, tras as caídas da organización comunista na comarca e da represión que seguiu á folga do aceite.

En Fiobre (Bergondo) reuníme con Gregorio Dopico; con el estaba Riqueche.

Francisco Rey (Moncho)¹¹

A data clave que sinala o inicio da ofensiva guerrilleira é abril de 1946, cando o Partido Comunista envía a novos cadros a Galicia desde Francia para organizar a loita e reconstruír o apa-

11. v. Xosé NEIRA VILAS, *Guerrilleiros* 1991,

rato do Partido, debilitado polas caídas do ano anterior e que o deixara reducido ao núcleo do Arsenal de Ferrol e a algúns contactos con Pontedeume¹². As dúas cabezas da nova cúpula foron Xosé Gómez Gayoso (López), secretario xeral do Comité Rexional, e Antonio Seoane (Julián), responsable militar da guerrilla. Nas primeiras reunións que sostivo cos xefes guerrilleiros, Gayoso propón unir todos os grupos, deixar as accións locais e iniciar unha campaña de operacións a gran escala -atacados, sabotaxes, cobro de sancións económicas-, despregando ao mesmo tempo un labor propagandístico. Sobre a base das anteriores partidas, creáronse diversos destacamentos: "Enrique Lister", na zona das Mariñas, "Santiago Álvarez" en Ordes e Curtis, e "Manuel Eibe", adscrito á área de Ferrol, Mugardos e Pontedeume. Este último estivo dirixido inicialmente por Gregorio Dopico e tivo a Riqueche como comisario político. Ademais, foron incorporados á IV Agrupación os grupos que operaban na franxa occidental de Lugo que, baixo o nome de III Agrupación, estaban dirixidos por José Temblás.

A partir destes momentos membros da Falange, alcaldes, xerifaltes locais, convértese en obxectivos primordiais das accións guerrilleiras. Entre os anos 1946 e 1947 sinalados xefes da Falange son eliminados, entre outros os de Viveiro, Cambre, San Mateo de Trasancos, Ordes e Mesía. A todos eles se lles responsabilizaba dos labores de represión nas súas respectivas localidades.

A primeira acción na que se viu involucrado Riqueche suscítanos algunhas dúbidas en canto á súa autoría. Tivo lugar o 23 de xaneiro de 1946, cando tres homes, dos cales un deles é identificado como José Vázquez Mauriz (Patita), atentan contra o falanxista Esteban Cortizas Vilar (Bailarín) no Casino de Mugardos. Os soldados que facían garda no Castelo da Palma advertiran a presenza dun automóbil, ás oito da noite, que circulaba a gran velocidade en dirección á vila; despois produciuse un apagamento¹³.

O Bailarín era xefe da Falanxe de Mugardos e foi un dos principais responsábeis, con Manuel Vázquez Fariña, delegado de Orde Pública e alcalde, da cruelísima represión na vila nos primeiros meses da guerra, que lle custou a vida a 30 veciños.

Varias testemuñas -entre eles o enlace da guerrilla, Juan Anido- que sitúan a Riqueche na escena; outras, como é o caso de Josefa Gallego, da familia dos Buzos, discrepan.

Estiveron na miña casa, saíron da miña casa. A miña nai dixo: "¡Aí, en qué mala hora vides!, que están aí as miñas parentes". Lle dixeron: "non se preocupe, que nos imos enseguida, que temos que facer os dous un traballo". Eu vinos aos dous; eran máis ou menos da mesma estatura. Riqueche non era, que eu de el acórdome moi ben. Non tardaron moito. Juan [Gallego] e José [Seoane], o meu primo, estaban coas noivas en Mugardos. Entón saíron de alí, estiveron no bar Tirabeque, sentiron disparos e saíron á porta, que non viron nada; entón, marcháronse.

12. v. SANTIDRIÁN, *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)*, 2002.

13. Causa 86/46, v. MÁIZ, *Resistencia...*

[Os guerrilleiros] *Primeiro foron ao bar de Fernando e alí non estaban, e ao non estar alí, preguntaron e lles dixeron: "está no casino". E foron ao casino. Un quedou de gardaespaldas, outro máis lonxe, para gardar a retagarda; e Patita entrou e dixo: "¡Esteban!". Estaban reunidos, e estaba tamén Lisardo. Chamaron por el e di: "son eu, ¿qué pasa?", e lle disparan.*

Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004

Riqueche non participou na morte do Bailarín, foi Patita e outros dous de mediana estatura, non recordo máis deles. Matárono o 22 de xaneiro de 1946 (sic) ás 7.30 ou oito da tarde.

Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004

A min díxome Pancho [Francisco Martínez Leira] nunha ocasión que quen ía con Patita era Riqueche. Quen o mata é Patita. El vai gardándolle as costas. Estaba na entrada e Patita introduciuse no casino.

Juan Anido. Mugardos, marzo de 2004

Cando O Bailarín caeu, levárono para o hospital, porque non morreu no acto, estivo bastantes días agonizando.

Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004

O Bailarín morreu porque tiña unha enfermidade. Estaba en tratamento; senón fose por iso non morría, que lle meteu seis ou sete tiros no ventre ou por aí, e aguantou, pero se lle complicou co outro.

Juan Anido. Mugardos, marzo de 2004

Outro informante involucra nos sucesos a Jesús López Ardao (Someiro), irmán dun dos xoves de Regüela represaliados no 36. O Someiro, que se entregaría en 1947 á garda civil, figura entre o numeroso grupo de fuxidos que durante a guerra, capitaneou Ramiro Martínez López (Zapateiro) e o propio Patita.

O meu sogro, O Someiro [Jesús López], intentou matar unha vez a un falangista de Mugardos. Armouse un follón caralludo.

Jose Antonio Vilar Fernández. Valedoso (Cabanas), marzo de 2002

Pola súa banda, a garda civil implicou a Manuel Rodríguez Pérez (Galán), de Porcar (A Capela), integrante tamén do grupo do Eume, que uns meses despois foi visto, na compañía de Gregorio Dopico Fernández (Bolichero) e de Manuel Vilar Pazos no lugar do Calvario (Narón), onde foron a cometer un atraco ("*el cual se cree es asimismo (sic) autor del atentado a mano armada cometido en el Casino de Mugardos en enero último contra el falangista del mismo punto Don Esteban Cortizas, produciéndoles heridas que más tarde le causaron la muerte*")¹⁴.

14. causa 515/46, v. MÁIZ, *Resistencia...*

Todos os datos descartan, polo tanto, a intervención de Riqueche e apuntan a Someiro e a Galán, vinculados a Patitas como integrantes da partida que daquela viña actuando na comarca. Membro tamén da partida foi Manuel Piñeiro Antón (Manolo do menor), de Soaserra (Cabanas), con quen colaborou Someiro noutro atentado contra o falanxista de Pontedeume, José Rivera (Pepe o lugués), no lugar de Campolongo, en decembro de 1944.

En 1947 Patitas foi depurado pola organización. Algúns sosteñen que foi por motivo dunha violación, outros atribúen a Francisco Rey (Moncho) a orde de eliminación, debido ás disputas que sostíñan os dous. Co tempo, recorreuse con frecuencia a este procedemento para eliminar toda forma de discrepancia ideolóxica ou de desviación das rixidas normas que, por seguridade, dictaba a clandestinidade. Así ocorreu con Ramón Fraga Couceiro (Parara).

A Patita mataronos eles [os guerrilleiros]. Había moita xente que se desviaba e...claro; decían: "¿a onde va?, a Ourense", e con dicir que ían a Ourense é que o mataban.

Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004

Morto Marrofer nunha emboscada no verán de 1946, a dirección da Agrupación pasou a asumila Manuel Ponte. As partidas, convertidas en destacamentos, foron militarizadas, con xefes militares e comisarios políticos, asignándolles zonas determinadas de actuación. Os grupos, en xeral, non excedían o número de 5 ou 6 guerrilleiros.

O celo excesivo no proceso de militarización das partidas, fondamente criticado por algúns guerrilleiros, levou a algúns dirixentes a propugna-la adopción incluso dun uniforme guerrilleiro. Segundo un informe do dirixente Melchor Díaz, o uniforme consistía nunha "guerrera con una pequeña solapa, con un escudo redondo con la estrella de cinco puntas en el centro y en las letras IV Agrupación Pasionaria. En las solapas lleva entrelazadas las banderas republicana y de Galicia con una pequeña estrella de cinco puntas. El pantalón es liso y del mismo color que la guerrera. Llevan capa y un gorro con una pequeña visera para impedir que la lluvia les caiga en los ojos, un cordoncito rojo y la estrella de cinco puntas. El color del uniforme es gris oscuro, para impedir que en la noche se perciba"¹⁵.

No resumo do asalto á casa de Pazos, aparecido na La Voz De Galicia o 1 de novembro de 1949, recóllese o seguinte aclaración: "Tres de ellos iban uniformados de gris oscuro, con guerreras en cuyas solapas llevaban cruzadas la bandera republicana y la gallega, en cuyo centro había una estrella de cinco puntas". Algúns dirixentes achacaron estas ínfulas militaristas a Manuel Fernández Soto (Coronel Benito), máximo responsábel político e militar tralas mortes de Gayoso e Seoane. Pero seguen existindo opinións discrepantes.

¿Uniforme de que? Tiñamos uns capotes de garda civil que nolos fixera a irmá de Cernada, que era costureira e traía a máquina; traíana eles de noite a coser. O

15. Informe de Melchor DÍAZ sobre as guerrillas, xuño de 1949, v. V. M. SANTIDRIÁN, *Historia del PCE...*

que estaba no concello tamén viña a escribir a máquina e todo iso. De día era Tocho quen escribía, e eu tamén escribía algo. E era isa -xa non lembro o nome- quen nos facía a roupa, os pantalóns. Algo que había que mercar, mercábano os irmáns. Ían ás feiras e mercaban todo nelas. No ían ao comercio. Eu nunca vin ningún uniforme, capotes si.

Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004

Pancho e Riqueche levaban unha gorra coa estrela de cinco puntas.

Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004

A estas alturas xa se foran producindo algunhas defeccións nas filas da guerrilla, entre elas, un dos líderes da guerrilla eumesa: Ramiro Martínez (Zapateiro), concelleiro da corporación republicana de Cabanas deica 1936. O férreo control que o Partido estaba a exercer sobre as partidas, nas que a militancia comunista non era maioritaria, pero si moi influente, sumado á desilusión provocada pola inhibición dos países aliados cara ao réxime franquista, foi minando a confianza dos homes do monte, que vían ademais a victoria cada vez máis postergada. Ademais, o final da guerra en Europa provocou o reforzamento da represión interna. Nos últimos días de 1946, vinte e dous guerrilleiros de Ferrol e Pontedeume fuxiron a Francia nun barco desde o porto do Vicedo, entre eles atopábase Jesús López (Someiro).

Nesas condicións, a loita armada, ademais de absurda, polo suicida, era contraproducente. As xentes, sen perspectivas inmediatas, non o apoiaban como antano. De aí o plan de evacuación a Francia.

Antonio Paleo Saavedra¹⁶

O DESTACAMENTO ARTURO CORTIZAS

Riqueche foi dos que decidiu continuar a loita. Entre finais de 1946 e principios de 1947 aparece á fronte do destacamento Arturo Cortizas, inicialmente encadrado na III Agrupación do Ejército Guerrillero e incorporado á IV Agrupación a finais de 1946, tras a reconstrucción dos destacamentos e os cambios na cúpula guerrilleira que sucederon á morte de Marrofé. Desde 1947 o histórico dirixente do comité lugués José Temblás abandonou a zona onde viña operando e, na compañía de José Chao Rouco (Benita), antigo enlace da guerrilla, incorporouse ao destacamento Arturo Cortizas, participando desde entón en moitas das accións que protagonizou o grupo até a desfeita de Pazos en outubro do 49.

Ao longo de 1947 fóronse sucedendo varias caídas do PCE na Coruña e Ferrol. A situación agrávase coa morte de Manuel Ponte o 22 de abril nunha nova emboscada en Fontao (Frades). Ao día seguinte, o grupo de Riqueche atentaba contra o alcalde de Vilarmaior, Antonio Rivera Ponte (Riveiriña), no lugar de Barrio (Vilarmaior). As testemuñas afirman que cinco guerrilleiros se pre-

sentan nunha taberna da Torre, onde se atopaba O Riveiriña, identificanse como membros do "Exército Guerrilleiro" e, despois de esixirlle 4 000 pesetas ao propietario, increpan a Riveiriña, lévano con eles e mátanos. Un dos guerrilleiros identificados era Juan Pérez Dopico (Xan de Xenaro).

Atopeime con eles sendo eu unha rapaza. Era pola noite. Un deles era o Riqueche, que ben o coñecía. Díxome: "Non os preocupedes, que non imos faceros dano, nós só andamos tralo Ramón. Ídevos para casa e non digades nada a ninguén". Eran tres, non había luz pero distinguíase ben. Ían cuns gabáns de cor caqui e levaban morrales.

E. Grandal (Vilarmaior), maio de 2004

Dixenlle que se fora pola porta traseira, pero cando saliu había alí dous guerrilleiros. Dixéronlle unhas cantas cousas e despois pegáronlle varios tiros sen contemplacións.

Amador Amado. Vilarmaior, febreiro de 2003

Lle apodaban Riveiriña, era moi mala persoa; matáronos os guerrilleiros polas maldades que fixo.

S.O. Vilachá (Monfero), abril de 2003

Mentres tanto, a sucesión á fronte da IV Agrupación recaía en Francisco Rey (Moncho). Baixo a súa dirección a guerrilla incrementa as accións de represalia, o cobro de multas a persoas afectas ao réxime e prosigue coa militarización da organización.

Entre as accións máis sonadas levadas a cabo polo destacamento Arturo Cortizas nos meses seguintes, destacou o asasinato do cura de Taboada, Domingo Antonio Fernández Pérez¹⁷, na corre道ira da Rouca, lugar da Veiga (Os Chaos-Pontedeume), feito que se produciu o día 6 de xuño de 1947. Unha veciña que pola mañá cedo ía pola parte alta da corre道ira, que estaba anegada, viu no fondo da mesma unha egua aparelada e ferida que recoñeceu coma do cura. No chan, o cadáver de Domingo Fernández. Ao revisar o terreo atoparon enriba dun balado lateral, a carón dun carballo, dous cartuchos usados. O cura morrera de dous tiros de escopeta e outro de pistola. Na carteira tiña o carné de Falange. Xunto ó corpo foron depositados varios exemplares do "Mundo Obrero" e o seguinte escrito: "*Pagó éste como pagó el fascista José Otero Castro, asesino de Rodrigo Álvarez. Ejército Guerrillero*". Referíase o texto ao que fora secretario do Concello de Ares, Rodrigo Álvarez Pardo, que foi paseado en agosto de 1936, e a José Manuel Otero, morto polo guerrilla en san Xoán de Piñeiro (Mugardos), en marzo de 1947¹⁸.

Un día antes de que mataran ao cura, andábamos meu irmán e máis eu na procura de leña pola zona; con nós viña un can que empezou a ladrar e a meterse polo

17. v. OTERO, C.; SOBRINO, J. e DOMÍNGUEZ, M, "Fuxidos..."

18. Causa 351/47, v. MÁIZ: Resistencia....

tozal. Meu irmán chamou o can e díxome que liscáramos de alí; eles xa estaban ao acecho. Foi Riqueche e os que ían con el, sempre se comentou iso.

C. Ferrol, abril de 2004

O 14 de decembro de 1947 os guerrilleiros do Arturo Cortizas atracan unha casa en Santa Cruz do Salto (Cabanas)¹⁹. Intervíñeron os guerrilleiros Xan Pérez Dopico (Xan de Xenaro), José Vilariño Fernández, Riqueche e outro máis que non foi identificado. O grupo presentouse na casa de José Antonio Fernández Paz preguntándolle se tiña armas e se fora miliciano nalgunha ocasión. Os guerrilleiros impoñenlle unha sanción de 300.000 pesetas por colaboracionista. Ao non atopar a cantidade, os guerrilleiros marchan cos cartos que tiña, ameazando con volver ao día seguinte polos cartos que faltan e levándose a un fillo como retén.

En xullo de 1948 as detencións de Gayoso e Seoane, e a súa posterior execución, acabaron por desmontar a dirección do Partido en Galicia. A confusión entre o aparato político e o militar é máxima, até o punto que a Dirección do PCE chegou a propoñer o establecemento do comité rexional na zona guerrilleira²⁰.

Ao longo do ano, ao tempo que o Arturo Cortizas incrementaba os golpes, a dirección do PCE, alentada polos cambios na escena internacional e as novas directrices emanadas de Moscova, formulábase o abandono da loita guerrilleira a favor da acción política. O Partido difunde en setembro unha circular para promover a penetración nas institucións legais²¹. Na primavera dese ano o mando guerrilleiro convocou a unha xuntanza na Fraga do Eume a delegados de toda Galicia para discutiren a posibilidade da disolución.

En Galicia o cambio táctico tardou en facerse efectivo e as accións da guerrilla proseguiron malia as disposicións en contra da cúpula comunista en París.

Proba desa desconexión coa cúpula foi a continuación dos atentados. No mes de xullo, o destacamento asasinaba en Doroña (Vilarmajor) a Pedro Maceira Varela (O Gancho de Socamiño). A morte é atribuída pola garda civil a Riqueche. As testemuñas declaran que o tal Maceira fora obrigado a pagar unha multa. Xunto ao cadáver apareceu un exemplar do Mundo Obrero e un debuxo de Franco²².

Matárono porque negouse a darlles diñeiro aos guerrilleiros. Creo que foi a banda de Riqueche. Era boa persoa, non se metía con ninguén. Foi avó de Francisco Amado, o médico de Pontedeume

S.O. Vilachá (Monfero), abril de 2003

19. Causa 1/48, Tribunal Militar Territorial IV

20. v. SANTIDRIÁN, *Historia do PCE...*

21. v. B. MÁIZ, *Galicia na II República...*

22. Causa 523/48, v. MÁIZ, *Resistencia...*

Foron os bandoleiros os que mataron, era o día do Carme, o santo da súa muller. Sei que negouse a darlles diñeiro; díxolles que o gañaran co suor da súa fronte, como fixeraeél. Era un bo home.

Amador Amado. Vilarmaior, febreiro de 2003

Cando mataron o vello [Pedro Maceira] foi porque non quixo darlles diñeiro. Riqueche non o matou, ao contrario, mandou que o deixaran en paz. Cando xa marchaban un tal Pirucho, de Pontedeume, pegoulle uns tiros e o vello caeu morto. Estivo tirado no chan durante dous días ata que chegou o xuíz e levantouse o cadáver. A morte do vello sentoulle mal a Riqueche e co tempo o asasino caeu a mans do seu xefe.

O. Pontedeume, marzo de 2004

A morte de Pedro Maceira desencadeou unha vinganza polas forzas da orde que, poucos días despois da súa morte, acababa coa vida de Andrés Cortizas Fernández e de Ramón Varela Arnoso (Ramón Dalonso)²³.

Andaba agochado [Ramón Varela] desde que fuxira para non presentarse cando a mobilización. Non sei si era guerrilleiro o ía pola súa conta. Dícese que foi a brigadilla a que o matou, creo que por vinganza da morte de Maceiras. Outros din que era un chivato e o liquidaron os da guerrilla. Non o teño moi claro. Non era de Grandal, era de Arnelas (Doroña).

E. Vilarmaior, maio de 2001

Era enlace dos guerrilleiros. Matárono en vinganza polo de Riveiriña.

Manolo López. A Cepeira (Vilarmaior), maio de 2003

Pasou [Andrés Cortizas] escondido moito tempo na súa casa, entre dous tabiques. O corpo apareceu nas Brañas da Ribeira, cando o encontraron creo que era de noite. Foi a garda civil ou a brigadilla, que é o mesmo.

C. Ferrol, abril de 2004

Era de Abercobo, unha bellísima persoa, matárono os guerrilleiros, non estou seguro se foi por diñeiro ou é que era confidente.

D. Vilachá, maio de 2002

Creo que foi a brigadilla, matárono en vinganza pola morte de Pedro Maceira. A súa casa servíalles de apoio aos bandoleiros.

Amador Amado. Vilarmaior, febreiro de 2001

23. Causa 401/48, v. Máiz, Resistencia...

En agosto de 1948, o destacamento incendiaba o edificio do concello de Vilarmajor. A prensa guerrilleira facíase eco da acción:

Las unidades de la IV Agrupación que actúan en la región de Puente deume están dando muestras de gran actividad en estos últimos tiempos.

Unos destacamentos pertenecientes a dichas unidades penetraron recientemente en el pueblo de Villarmajor; situado entre Puente deume y Betanzos, no lejos de la capital.

Las "autoridades municipales" de dicho pueblo son de las que aplican a rajatabla las inicuas disposiciones mediante las cuales lleva a efecto el régimen su política de expolio en el campo. Por esa razón una gran mayoría de los campesinos que son vecinos de dicho Ayuntamiento, además de padecer el abusivo y general control, se encuentran sometidos a expediente y amenazados con multa y otros castigos.

Conocedores de esa situación por referencias que les habían sido facilitadas por los propios campesinos, los guerrilleros decidieron emprender una acción de defensa de la población y de represalias contra los jerifaltes falangistas.

Por ello es por lo que, como se dice más arriba, unos destacamentos guerrilleros penetraron en dicho pueblo hace unos días. Después de neutralizar toda posibilidad de oposición por parte de los enemigos, los combatientes republicanos se dirigieron a la alcaldía y le prendieron fuego, asegurándose de que todos los expedientes de represión y multas contra los campesinos están destruidos por el fuego. La operación fue efectuada con la máxima celeridad y con toda precisión.

El entusiasmo que este hecho produjo en la población campesina subió de punto cuando, unos días después, uno de los destacamentos guerrilleros se presentó de nuevo en el pueblo repartiendo propaganda del Partido Comunista y la IV Agrupación, en la cual se explicaba el sentido de la operación y las razones que habían impulsado al mando guerrillero a realizarla.

Esta acción de los combatientes republicanos ha sido comentada con los más altos elogios, no sólo en Villarmajor, sino en toda la comarca.

"El Guerrillero"

As represalias continuaron contra os membros da Falange. Nas terras de Monfero era por todos coñecida a participación na represión do xefe local, Pedro Doval Varela. A muller do seu irmán Manuel, Amelia Antonia Abeledo Cortizas, rexentaba unha farmacia no Xestal. O 9 de outubro de 1948 o destacamento Arturo Cortizas asaltaba o establecemento e mataba ao matrimonio.

Había tres camaradas apostados enfrente, vixiando a casa, para que non entrara xente. Amarraron un pañuelo na gorxa a un, que era o meu irmán [Juan Gallego Abeledo], como si fose lesionado. "¡Ai, que veño ferido!, a ver que me podían facer, dádeme algunha pomada". E entón a farmaceutica chama ao marido e lle di: "ven, que hai aquí un home ferido", e así que chegou o marido Riqueche sacou a pistola, púxose ela diante e matáronos aos dous

Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004

Ao longo dese ano de 1948 o destacamento foi detectado na zona de Betanzos; algunhas das súas operacións centráronse no cobro de multas a varios veciños, como a de

100.000 pesetas que Riqueche, Rosendo Sar e Vilar Arnoso lle impuxeron ao veciño de Betanzos Manuel Vicaría. Este acaba entregándolles 30.000 pesetas. E a que pagou de forma fraccionada Jerónimo Souto, por un total de 50. 000 pesetas. Nesta ocasión, entre os homes de Riqueche atopábase José Ramuñán Barreiro (Ricardito).

En novembro, o grupo, ao cal se incorporaron os guerrilleiros Benigno Andrade (Foucellas), Ramuñán, Rosendo e Neira -este último pasárase aquela noite á guerrilla- intentaron aforcar a dous veciños de Vilouzas (Paderne): Antonio Díaz Novo e Manuel Vidal Meceiras. Tras o fracaso no intento de consolidar na provincia de Pontevedra un grupo guerrilleiro estábel -a V Agrupación- e acosado constantemente polas forzas policiais, que en maio de 1948 exterminaron á maioría dos seus homes nunha casa de Lourerio (Luou-Teo), Foucellas deixou a zona en compañía de José Ramuñán Barreiro (Ricardito, Simeón). Foucellas caera, ademais, baixo as sospeitas da cúpula guerrilleira, que rexeitaba a súa falta de disciplina e quizais sospeitara dunha posíbel traizón. O mando guerrilleiro incorporouno ao grupo capitaneado por Riqueche. O episodio, tal e como aparece na declaración que fai á garda civil en 1952, despois da súa detención, non deixa de ter algúns puntos escuros. Foucellas afirma que Riqueche lle encarga a execución dos dous homes para probar a súa fidelidade e que, para evitar que morresen, fixo un lazo con trampa.

Preguntado diga si tiene algo que decir, dijo que a últimos del año de mil novecientos cuarenta y nueve [ocho], la partida del Riqueche formada por éste, Rosendo, y tres más, había acordado ahorcar a dos paisanos vecinos de Villouzas, llamados Díaz y Vidal, y al concentrarse varias partidas para entrevistarse con los jefes, en el monte en una base próxima a La Capela, el Riqueche dijo al declarante que debía encargarse él de la ejecución, para congraciarse con los jefes, pues llevaba mucho tiempo con ellos y aún no había hecho nada y entonces el declarante dijo que sí, y fue él mismo el que fue a buscarlos a casa acompañado de los citados y el Ramuñán, y fue el declarante en persona el que hizo el lazo con trampa para que no funcionase, como así ocurrió, y que una vez fueron colgados al ser lanzados a un punto más bajo del árbol donde fueron colgados, como al que atara el declarante le había puesto cuerda suficiente y lazo flojo, debió de soltarse o romper la cuerda por un punto que había sido falseada por el declarante y de esa forma el salvarse él, debía de salvarse forzosamente el que había sido atado por el Riqueche; que a continuación le ordenaron que fuese el declarante el que diese el tiro de gracia a los sentenciados, lo que hizo cuidando de no darles y manifestando a los de la partida que habían quedado muertos, sin ser cierto; hecho este que más tarde fue descubierto salvándose el declarante al no haber podido comprobar la trampa hecha.²⁴

24. v. Luis LAMELA GARCÍA, "Foucellas". *El riguroso relato de una lucha antifranquista (1936-1952)*, 1992

Algunhas semanas despois, Foucellas, moi oportunamente, abandonaba o destacamento²⁵ e volve a operar pola súa conta. Aínda se mantería no monte catro anos máis, cando foi capturado pola garda civil nas proximidades de Oza dos Ríos.

No ano 49 estreitouse o cerco policial sobre a guerrilla na comarca. Dous oficiais da garda civil, Aurelio Varela e Gil Lamela, dirixiron as operacións.

En xaneiro Riqueche participou, xunto co guerrilleiro eumés Francisco Martínez Leira (Pancho), no atentado frustrado contra o alcalde de Mugardos, Manuel Vázquez Fariña (El Pescas), de resultas do cal morrería o falanxista Arsenio Muñiz Fernández. Ambos os dous relaciónanse cos sangentos sucesos derivados da sublevación do 36 en Mugardos.

A noite do día 1, Riqueche e Pancho entraron no café Mugardés en busca do alcalde, pero, ao atascarse a pistola, aquel puido fuxir pola parte de atrás, e foi Muñiz quen recibiu os disparos. Aquel foi o bautismo de fogo de Pancho que, incorporado á guerrilla en 1947, xunto con Juan Gallego (Comandante, Buzo), Manuel Bastida Franco (Chone) e Juan José Romero Ramos -os tres de Mugardos-, foi un dos últimos sobreviventes da guerrilla galega. Morrería polos disparos da garda civil en decembro de 1954, en Ombre (Pontedeume), o lugar onde nacera.

Cando o de Muñiz, foi Pancho e Riqueche. Pancho chegou e estaban todos no mostrador. Estaban Rabina, Muñiz, todos eles [Juan Rabina, Jacobo Zárata, Eduardo Porta, coñecidos falanxistas]. Enton chega el [Pancho] e Riqueche quédase na porta. Había cousa de cinco minutos que estivera alí un garda civil, ¡fíxate tu!, o mesmo chegan e se atopan con el.

Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004

...E Pancho colle e lle dispara, pero se lle encasquillou a pistola.

Juan Anido. Mugardos, marzo de 2004

Estaba Juan Rey e pensou que era unha broma, porque era o día de Aninovo e levantouse cos brazos e dixo: "son eu", e entón Pancho lle disparou, pero aos pés. Cando viu que era certo, deuse a volta, e foi o tío o que lle salvou a vida ao Pescas, porque logo, cando lle quisou disparar el Pescas, se lle encasquillou a pistola

Carmen Filgueiras. Mugardos, marzo de 2004

...Pero niso, xa lles deu marxe para saír pola cociña; había unha escalerilla de caracol e saltaron cara uns terrenos na parte de atrás. O Pescas escapou o primeiro e tamén escapou Rabina e non sei se había outro máis. Muñiz era o último e Pancho se lle acercou á escaleira, viu subir a Muñiz, lle disparou e caíu polas escaleiras, e despois levárono nun carretillo a casa. Iso foi así

Juan Anido. Mugardos, marzo de 2004

25. v. Carlos GARCÍA REIGOSA, *Fuxidos de sona*, 1988



Josefa Gallego, Carmen Filgueiras e Juan Anido

No informe da garda civil aparecen Riqueche, Pancho e Antonio López Jaspe. Segundo as declaracións das testemuñas, algún deles saíu dicindo: *"viñamos polo peixe gordo e palmou un merdán"*²⁶. A garda civil, como represalia, asasinou catro traballadores dous días despois: Florentino Iglesias Varela, cuñado de Pancho, Francisco Loureda Silvar (Kiko), Juan Fuentes (Pitón) e Antonio Martínez Ferro, aos que se lles aplicou a lei de fugas no cemiterio de Catabois²⁷. A resposta tampouco se fixo esperar por parte dos guerrilleiros e o 8 de febreiro Pancho, acompañado do Buzo e Antonio Veiga Mejuto (Cacharrón), disparaba contra o garda civil José Casal na estrada de Ares a Mugardos. Un retén da garda civil, ao mando do tenente José Torres, achegábase momentos despois e atopou, nun improvisado refuxio, unhas hamacas, municións e unha folla co seguinte escrito: *"A páus y-a tiros contra os larpeiros falanxistas. ¡Fora os cupos e as tasas! ¡Morra Franco, culpable d'a ruina dos labradores!"*²⁸.

O tenente Torres estaba no punto de mira da guerrilla. O tenente gañárase unha temíbel reputación na comarca do Ortegal, onde dirixiu a represión, e durante a posguerra destacou como un dos máis activos perseguidores dos maquis. En febreiro de 1949 caeu nunha celada en Xubia na que interveñen Juan Gallego (Comandante, Buzo), Pancho e Riqueche. Sucedeu o día 22, cando baixaban do tranvía de Ferrol o tenente Torres e mailo seu axudante. Pancho e Riqueche cubrían a retirada á outra beira da estrada, detrás duns sebes. Juan Gallego fixo sete disparos.

Siendo las veintiuna quince horas del día de ayer veintidós de Febrero del 1949 y en el lugar del Empedrán de Jubia, Ayuntamiento de Neda, a los pocos metros de

26. causa 06/49, v. MÁIZ, *Resistencia...*

27. v. Francisco GONZÁLEZ VIDAL, *Paco Balón: memorias de un comunista ferrolano*, 1999

28. causa 58/49, v. MÁIZ, *Resistencia...*

descender del tranvía en el que había llegado procedente de El Ferrol para dirigirse a su domicilio, el teniente de este Instituto Armado Don José Torres Santiso, acompañado del Guardia 2º de escolta Julio Domínguez López alumbrando con una linterna ordenó a este que identificara a un individuo que parecía se ocultaba a la vista contra unos zarzales, y en ese instante fue golpeado el Guardia cayendo al suelo a la vez que otro u otros sujetos dispararon varias veces con dos pistolas contra el Teniente Torres Santiso que cayó herido falleciendo a los pocos minutos.²⁹ Veu o tenente Torres cun gardaespaldas. Viñan os dous. Juan estaba paseando pola acera. Os outros estaban detrás, gardándolle as costas. Entón, desconfiou Totrrres de el e lle di: ¡Oe, fai o favor, ven aquí!. Entón Juan botouse a gabardina para detrás e bum, bum, e tamén lle disparou ao uotro e lle pasou rozando, pois lle levou a pel un pouco e empezou a correr, a escapar rúa abaixo. Entón, saíu a viúva ao balcón, lle dispararon e ela meteuse enseguida dentro, e a Torres cando caíu -contome Juan [Juan Gallego]- fóiselle o tricornio rodando pola acera e el decía "cabrón, cabrón".

Juan Anido. *Mugardos, marzo de 2004*

Tivemos que levalo un compañeiro e máis eu. Daquela estaba a facr a mili. Deixáronlle o peito coma un colador. Trasládámolo ao hospital de Mariña e el non paraba de berrar que lle deran a pistola para matarse, dicindo que un bo militar tiña que morrer en sangue quente. Cando xa estaba na mesa de operacións, foise a luz e o capitán Ceriquián (¿) cansouse de chamar a FENOSA; estaba coma un tolo. Non deixaba de berrar e xesticular. Desde o atentado ata que morreu pasaría máis ou menos unha hora. Era un home forte, tiña unha gorxa coma un boi.

P.R. *Cabanas, abril de 2004*

ESTRÉITASE O CERCO

Nos meses que precederon a súa morte, Riqueche volveu á súa antiga zona, onde se movía con máis seguridade. As accións que emprende o destacamento Arturo Cortizas desde marzo deica outubro, cando son exterminados en Pazos, centráronse nos concellos de Vilarmaior, Pontedeume e Monfero.

En marzo, de novo xunto con Pancho, asaltou ao xefe de Falange de Ombre, Celestino Veiga Torre. Na declaración que este realiza á garda civil, conta que fora sorprendido o día 22 por un grupo de bandoleiros cando regresaba para a súa casa. Un deles, a quen identifican como Riqueche, lle dixo que lle entregase a pistola, contestándolle el que non a levaba no seu poder e que a tiña na casa; entón, o mesmo bandoleiro colleuno dun brazo e obrigouno a ir á súa casa para que lle entregase a arma. Outro dos que o acompañaban, Pancho, ao ver unha escopeta de caza colgada, propiedade do declarante, apropiouse dela. Despois, obrigárono a acompañalos, suposta-

29. causa 69/49, v. MÁIZ, *Resistencia...*



Muíño de Casanova (Vilarmaior)

mente coa intención de matalo. Ao marcharen polo camiño, atopáronse coas forzas da garda civil e comezou entre ambos un tiroteo, que o depoñente aproveitou para fuxir. A arma foi atopada sete meses despois, xunta os cadáveres caídos na casa de Pazos. O terceiro era probabelmente Juan Gallego (Comandante).

Na noite do 7 ó 8 de abril de 1949 o destacamento Arturo Cortizas incendia un muíño en Casanova (Vilarmaior)³⁰. Nos arredores aparece propaganda do PCE. Varias testemuñas declaran ante a garda civil que unha partida de bandoleiros, despois de derribar a porta do muíño, prendéronlle lume. Dúas mulleres que se atopan con eles no monte, afirman que estes se presentan como guerrilleiros e que defenden á República. Un mozo recoñece a Riqueche, do que foi veciño antes de botarse ao monte. Riqueche explícalle o sentido da acción: o propietario, Rodrigo Amado Cagiao fora obrigado ao pagamento dunha multa de 80 000 pesetas e aínda non llas entregara. Na mesma declaración o propietario revela que en xullo de 1948 a partida presentárase na súa casa esixíndolle unha cantidade da que non dispuña neses momentos. En represalia, os guerrilleiros lle propinan unha tunda e deciden eliminar o seu sogro. Trátase de Pedro Maceira Varela, que fora eliminado en xullo do ano anterior. Despois de denunciar os feitos e ante o temor ás represalias, Amado traslada a súa residencia a Ferrol.

A crecente presión policial contra o maquis, a finais dos anos corenta, cebouse especialmente sobre as redes de apoio, a chamada "guerrilla do chan", elemento que resultou imprescindible para o mantemento dos guerrilleiros no monte; achegaban información sobre os movementos

30. Causa 126/49, Tribunal Militar Territorial IV

da garda civil, subministraban alimentos, medicinas, armas e municións. Nas súas casas atopaban refuxio as partidas nos constantes desprazamentos que se vían obrigados a facer. Veciños das aldeas de Mugardos, Monfero e, sobre todo, Cabanas loitaron na retagarda con tanta coraxe e persistencia como na fronte faciano a guerrilla. As masivas detencións, en marzo de 1943, de veciños de Regüela e Soaserra, algúns deles familiares de fuxidos (Eibe, Vilar Pazos, Vilar Pereira, Barcia), son boa mostra desta complicidade³¹.

Subindo de Cabanas para arriba podías contar cunha casa si e outra tamén

Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004

Queimáronos os montes de A Capela [ano 1950], por todas as puntas, para que nos collera no medio. Nós tiñamos alí -paréceme que se chama Cabalar- un punto de apoio que tiña unha tenda, creo que se chamaba Antonio, e cando viu aquilo veu ante nós. Entón saíu o Comandante [Juan Gallego] e dixo: "Antonio, ¿qué pasa?". "Saíde todos correndo, que plantan lume a toda A Capela". Toda a xente da aldea, cos raños, palas, picos, saíu a axudarlles a apagar o lume. Enfronte había un campo, que era do propietario da tenda, e entrou para axudarnos a baleirar a cabana, porque tiñamos máquinas de escribir, cousas da imprenta, e quitamos o máis necesario. Todo o pobo axudou. Toda a parte de alá era unha. So había unha casa, á que a llamaban de Ramuñán, onde non podíamos ir, que era un fascistón de carajo.

Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004

Tamén figuraban entre os colaboradores algunhas membros do clero e autoridades locais, como o alcalde da Capela.

[Rodrigo, alcalde de A Capela] levábanos a comida, o leite, ... a información

Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004

Os enlaces "queimados" pasaban á guerrilla. A medida que as autoridades ían acabando coas redes de enlaces, a guerrilla esmorecía inevitabelmente, e aínda foi a máis cando, a raíz da decisión do Partido de militarizar as unidades guerrilleiras e desvinculalas das zonas onde tradicionalmente viñan operando, as poboacións comezaron a recear delas.

Nas casas dos puntos de apoio os guerrilleiros atopaban refuxio temporal. Moitas delas posuían unha cova ou refuxio soterrado no caso de rexistro policial. Nunha ocasión, con motivo do cobro dunha multa a un veciño das proximidades de Betanzos, o destacamento de Riqueche aloxárase na casa de José Pérez Monteiro (Pepito Vilouzás), enlace da guerrilla, nunha corte que tiña saída a un forno.

31. Causa 207/43, v. MÁIZ, *Resistencia...*

Pasaron a noite na miña casa , cearon e ao outro día se foron, avisando que voltarían. Moi cedo, aquel atopounos no corral. Eran sete, de idades diversas, pero máis ou menos xoves, menos un, máis baixo co resto e que aparentaba ter uns 60 anos ou máis. O cabecilla [Riqueche] era barbudo, forte e de altura normal. Viñan moi ben equipados con mochilas, fusiles e moi abrigados; ían cara a San Andrés. Un deles [Riqueche] dirixiuse a José dicindo: "se lle pregunta a garda civil se nos viu, dígalle que si e onde, do demais, nin unha palabra". Saíron xuntos da casa e ao chegar a O Coirel [entre San Xulián de Arca e A Serra Vella] separáronse, fóronse polo camiño das medoñas. Sempre me trataron de vostede.

J. A. Fernández. Tineo (Monfero), xuño de 1999

En Santa Cruz de Meá, na casa de Dolores Loureda, agochábanse con frecuencia Juan Gallego, José Freire e Julián de la Rosa Zamorano (Radista); alí estiveron a punto de caer, en 1948, nunha emboscada da garda civil. Tamén paraban na casa de Andrés o Carabiniro, na Pedreira (Mugardos), en Camouco, na casa de Fina, en S. Martiño (Cabanais), na casa das Balado, en Fene e nas dos Otero e Seijas en Regüela. Francisco Rey (Moncho), o que fora xefe militar da IV Agrupación, describe un destes refuxios.

Recordo que fixemos unha base soterrada en Mugardos, a partir dun alpendre. Fixémola entre Riqueche -este, que era dado a inventar palabras chamáballe "o chintófaro"-, Dopico, Pancho, Cortiñas e eu. Primeiro, un burato de uns dous metros de ancho e máis de cinco metros de longo, moi fondo; estaba preto da estrada. Fixemos logo unha trincheira alongada, con moi bo camuflaxe. Sacábamos a terra coidadosamente, botámola nos sucos abertos, nalgunha leira arada, e voltábamos a arar, ou gardábamos todo elo en combinación co dono, sempre un colaborador noso.

Francisco Rey Balbís (Moncho) ³²

Contaban, ademais, coas bases da fraga, preto das beiras do Eume, onde, a finais de 1948, instalouse a cúpula do Partido e da guerrilla.

Dixeron: "Claro, como viñeron técnicos de Rusia". Dixen eu: "Creo que aquí non necesitamos técnicos de Rusia, porque os fillos do pobo saben traballar coma os rusos.." Tiñan unha técnica para facelo... Sempre buscaban as orillas dos ríos. Estivemos nunha, eu non sei si era Porto Balado ou por alá arriba, e había alí unha explanada onde queimaran carbón Fixemos o hoyo e despois cubrímolos con xestas e puxemos unha lona pintada de verde. Había moitas avionetas de recoñecemento e nunca nos descubriron. E no el río Eume había dous ou tres, ou non sei cantas había... ; era entre peñas, e era alí onde tiñamos a emisora. Alí estivo Julián [de la Rosa Zamorano] ... era aviador.

Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004

Respecto á emisora, parece ser que despois da morte de Gayoso, Francisco Rey (Moncho) fixose cargo dela e, baixo a súa autoridade, Pancho e Riqueche encargábanse das transmisións.

Había dúas chozas na fraga, a nosa e outra máis abaixo. Había un timbre para comunica-las dúas. Alí facíamos "El mural" [periódico guerrilleiro]

Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004

Esta base [destacamento Cortiñas, Cuarta Agrupación] reúne unas magníficas condiciones. Tiene una barraca montada en madera con techo de lona de 7x3 con piso de madera. Está incrustada en el monte, lo que la hace invisible, no siendo estando encima de ella. En su interior hay dos colchonetas que se pliegan en las horas de trabajo y se coloca un tablero en el centro en el que caben 20 camaradas para comer. Existe otra caseta donde está la intendencia y otra barraca hecha suplementaria donde dormían estos días algunos camaradas. La comida se hace con carbón de leña que no hace humo. Tienen hecho con piedra un lavadero en un riachuelo que pasa a tres metros de la barraca. Hay water con canalización subterránea. Tienen montada una ducha con una barrica de unos 30 litros, la que llenan cada vez que un camarada se ducha para cambiarse de ropa. Se cambian de ropa una vez a la semana como mínimo. Todos los camaradas se afeitan cada dos días y tienen sus cepillos y pasta de dientes respectivos. Tienen una máquina de coser donde hacen las compañeras las chaquetas y pantalones. Tienen un aparato de radio miniatura de 20x10x5 que marcha con pilas secas de las lámparas³³.

O das covas foi a máis cando chegou xente de afora coa radio e pola imprenta... Os de por aquí estaban nas covas, bases chamábanlles, pero tiñan as súas casas seguras, puntos de apoio, pero foron vindo máis, uns que escapaban e outros que viñan con mando. Estes foron o que foderon todo, non sabían de andar por aquí, nonos coñecía a xente... Sevil e Pepito e eses vivían nas covas do Xabariz e alí houbo varias asambleas, pero despois os destacamentos marchaban aos seus lugares.

Ramón García³⁴

No ano 1949 a situación do movemento guerrilleiro en Galicia era crítica. O Comité Rexional atopábase dividido. O enfrontamento entre Manuel Fernández (Coronel Benito), secretario xeral e máximo responsábel militar, por un lado, e Melchor Díaz (Diego) e Francisco Rey (Moncho), por outro, prolongáronse nas reunións na fraga cos xefes guerrilleiros (Xan de Xenaro, Pancho, Riqueche, Comandante, José Cortiñas e José Temblás). A desaparición de Manuel Fernández en maio deixou en mans de Melchor Díaz e Francisco Rey o control do Partido e da agrupación guerrilleira respectivamente.

O último día de maio de 1949, o destacamento Arturo Cortizas protagonizaba uns das súas últimas accións: o asalto o domicilio de Hermenegildo Sanjuan, en Pazos (Monfero). Novamente

33. v. V. M. SANTIDRIÁN, *Historia do PCE...*

34. v. B. MÁIZ, *Voces...*



REGISTRO CIVIL DE

ESPAÑA

MINISTERIO DE JUSTICIA

REGISTROS CIVILES

ACTA DE DEFUNCIÓN

Folio

107

N.º 1870699 /00

Certificación Gratuita

(Ley 25/1986, de 24-12)

En Madrid, provincia
de La Coruña, a las once horas y
quince minutos del día dos
de Noviembre de mil novecientos cuarenta y seis,
ante Don Guillermo Rodríguez Calasa Juez
del País y Don Armando García
Narrosa Secretario proprietario, se
procede a inscribir la defunción de Don Salvador Blázquez
garcía, de cuarenta años, natural de
Goardal provincia de La Coruña
hijo de Don ... y de Doña ..., domiciliado
en ... de ... número ...
piso ..., de profesión Labrador
que nació el día ... de ...
de mil ... y de estado (1) soltero

falleció ⁽²⁾ en chepallado el día veintiseis de enero
ochenta a las cuatro minutos, a
consecuencia de ⁽³⁾ Hemorragia interna y externa
por disparo de armas de fuego
según resulta de certificación facultativa y reconocimiento practicado, y su cadáver
habrá de recibir sepultura en el Cementerio de la
sancta

Esta inscripción se practica en virtud de ⁽⁵⁾ disposición su-
marcial instruida al efecto

Riqueche: vida e morte dun guerrilleiro antifranquista

consignándose además ⁽⁶⁾ _____

habiéndola presenciado como testigo

Don Ramón Fajardo Sarda

Don Manuel Rodríguez Calasa, mayores
de edad y vecinos de esta ciudad.

Leída esta acta, se sella con el del Juzgado y la firman el señor Juez, ⁽⁷⁾ y los
testigos de que dafé.



Rodríguez

Ramón Fajardo

M. Fajardo

Jacinto

REGISTRO CIVIL DE MONTEJO (La Coruña)

Con el fin de dar fe de la defunción literal,
de Adolfo Allegue, vecino en el arqui-
ducho de Riqueche, que finó con ve-
la repentina, a consecuencia de
obstrucción en el intestino, de la Sección 3.^a
de la U. N.ª Ramón Fajardo
Montejo, a 24 de Mayo de 1967.

SE

trátase do cobro dunha sanción. En agosto do ano anterior os guerrilleiros presentáranse na mesma casa para requirirille ao dono a entrega de 30 000 pesetas. As dificultades para satisfacer o pagamento de 14 000 pesetas que reclaman nesta ocasión, levou aos guerrilleiros a percorrer as casas do lugar para que todos os veciños contribuíran ao pagamento. Despois de recadar unhas 6 000 pesetas, o destacamento abandona a aldea. Volverían unha vez máis, a finais de outubro, para atoparen a morte nunha celada preparada pola garda civil³⁵. Por entónces xa fora desarticulado en Oural (Lugo) o destacamento Segundo Vilaboy. Ali morreron dous antigos camaradas: Juan Pérez (Xan de Xenaro) e Juan Gallego (Comandante).



Lugar onde morre Riqueche

Fueron a imponerle una multa a un ricachón de la zona, porque a los pocos camaradas que quedaban en la guerrilla no les quedaba más que el hambre. Allí cayeron en la trampa. El terrateniente les dijo que iba a buscar la cantidad que le pidieron y regresó con la guardia civil. Combatieron como héroes, pero murieron todos.


José Sevil³⁶

O mesmo día no que se producía a matanza de Pazos, chegaba a Galicia José Sevil (Ricardo), nomeado xefe político, co obxectivo de facer efectivo o cambio táctico: desligar o Partido da guerrilla, infiltrarse nas organizacións sindicais do réxime e reconverter os xefes guerrilleiros nos novos cadros políticos. Pero xa era tarde. As caídas de 1951 sinalan o momento final da guerrilla.

Sali de Francia para Galicia en julio de 1949. Cuando llegué a Coruña se había producido la caída de varios camaradas en Pazos-Monfero. Conmigo iba un camarada que mandaba el Comité Central para enlazar con Moncho. Fuimos a la base que tenían cerca de Betanzos y Ferrol (supongo que es en la Fraga del Eume) (¿), era una choza de piedras cubierta con ramas. El grupo contaba con 4 hombres más dos que vinieran a Coruña a buscarnos a nosotros dos. Total 6 u 8. En presencia del enlace de Francia se celebró la reunión por la cual Moncho quedó como jefe de la guerrilla y yo como reponsable. Aparte de nosotros había 2 camaradas más en La Coruña y 1 por Lugo, (¿) que no mantenía contactos con nosotros

35. causa 190/49, Tribunal Militar Territorial IV

36. v. Santiago ÁLVAREZ, *Memoria da Guerrilla*, 1991



Por fuerzas de la 140 Comandancia, son muertos en lucha siete bandoleros

*Después de vencer su resistencia desde la casa
en que se hallaban parapetados*

Informado el Jefe de la 140.^a Comandancia (La Coruña) por el Capitán de la tercera Compañía de que en un caserío de la demarcación de ésta se hallaban siete bandoleros que tenían en rehenes a la familia de la casa, compuesta por nueve personas, entre ellas cuatro niños, y que habían obligado a un hijo y a un yerno del dueño de la finca para que saliesen ellos solos y buscasen determinada cantidad de dinero, dispuso aquél las medidas conducentes a la captura de los bandidos.

Estos llegaron a la casa al anochecer del día 29 de octubre último, y las dos personas que salieron en busca del dinero para el rescate, ya que sin la entrega de él nadie quedaría con vida, según habían advertido, lo hicieron al mediodía del siguiente.

Cuando el citado Jefe se dirigía al lugar del suceso tuvo noticias de que la casa se hallaba cercada por fuerza del Cuerpo y que había sido muerto uno de los bandoleros cuando, disparando su arma, intentó ganar la salida.

Un Cabo con seis guardias del «Grupo Volante» fueron los que establecieron el cerco, sin dejarse ver de los bandidos, hasta que regresaban al caserío los dos paisanos portadores de 16.000 pesetas, impidiéndoles el Cabo el acceso y siendo en aquel momento cuando cayó otro de los huidos. Poco más tarde llegó el Capitán con otros cuatro guardias, reforzándose el sitio, al mismo tiempo que se intimaba a los cercados a rendirse. No sólo no obedecieron sino que abrieron fuego contra los guardias, empleando no pocas bombas para tratar de forzar la salida y huir. La fuerza repelió con todo valor la agresión y otro

de los bandidos cayó muerto, oyéndose cómo el que mandaba el grupo ordenaba retirarse de nuevo a la casa y allí quedar parapetados. Fué entonces cuando llegó el Teniente Jefe de la Línea con nuevas fuerzas, que redoblaron el cerco y que disparaban apenas advertían nuevos intentos de salida por parte de los bandoleros.

Ya allí el Jefe de la Comandancia, que se hizo cargo del mando, hubo otro intento de fuga de uno de los bandidos, que también resultó muerto. Y antes de emprender el asalto al caserío y teniendo en cuenta que dentro de él estaba la familia, se intimó de nuevo a la rendición a los que resistían, diciéndoles que se emplearían morteros y gasolina para obligarles a abandonar la finca, a lo que contestaron que no se entregaban por su condición de comunistas y que morirían, pero dejaron salir las personas que estaban en la casa.

Luego se rompió el fuego, y, por último, hecho un reconocimiento en ella, se apreció que había tres bandoleros muertos, quedando extinguidos los siete después de larga y dura lucha y durante la cual todas las fuerzas dieron muestra de valor, serenidad y disciplina, cumpliendo en todo momento las órdenes del Mando.

Se recorrió el armamento que llevaban, entre el que figuraban dos mosquetones, cinco pistolas y un revólver, más numerosas bombas, y por la documentación recogida se identificó a los cadáveres como de peligrosísimos elementos, que afiliados al partido comunista, eran autores de numerosos delitos de sangre y contra la propiedad.

desde hacía mucho tiempo... Con el dinero que traía de Francia nos empezamos a suministrar y organizar en la base. Intentar restablecer los contactos que existieran y aprovisionarnos de máquinas de escribir y 1 multcopista. Se mantenían contactos con París a través de una emisora y un radista.

José Sevil³⁷

A figura de Riqueche resume algúns dos trazos máis salientábeis do maquis galego. Obrigados a botarse ao monte pola represión desde o 36, os fuxidos sostiveron nun primeiro momento unha loita pouco efectiva e sen claros obxectivos políticos, e acabaron convertidos, da man do PCE, nun movemento de resistencia organizado durante a longa noite da posguerra.

A forte presión policial foi minándoo e, unha vez que a situación internacional o desaconsellou -polo inicio da guerra fría e a fin do illamento internacional do goberno de Franco- a dirección do PCE no exilio, inspirada por Stalin, mudou a súa estratexia fronte ao réxime, e moitos guerrilleiros víronse desasistidos.

Un dos dirixentes históricos do PCE, Santiago Carrillo, cría que o Partido depositara excesivas expectativas nas posibilidades da acción guerrilleira. As caídas de finais dos anos corenta explicaas polo fracaso da dirección do Partido en retirar os homes das zonas guerrilleiras para convertelos en cadros políticos, no momento no que xa non se daban as condicións obxectivas que fixeran posíbel a loita armada³⁸. Pero a autocrítica do Partido tórnase ás veces inxusta crítica contra algúns dos xefes guerrilleiros, aos que se lles acusa de actuar como "verdaderos reyezuelos, verdaderos caciques", homes que, como Riqueche, morreron en nome do Partido nunha loita que tiña como finalidade acabar coa dictadura.

AGRADECIMENTOS

A Manolo López, da Cepeira, e a toda a xente de Vilarmaior pola súa axuda inestimábel,
a Carmen Filgueiras, Josefa Gallego e Juan Anido, guerrilleiros da IV Agrupación,
por manteren viva a memoria dunha época.;
a Bernardo Máiz, a Alicia e a Ana, sen o seu apoio nada disto sería posíbel.

37. v. Santiago ÁLVAREZ, *Memoria...*

38. v. V.M. SANTIDRIÁN, *Historia do PCE...*

UNHA VISTA PANORÁMICA DE PONTEDEUME ANTERIOR A 1634


Clodio González Pérez
Museo do Pobo Galego

Poucas son as poboacións que contan con vistas antigas de certa importancia, de antes de que se difundise o gravado, logo a litografía e, por último, a fotografía. Agás contadas excepcións, case sempre se trata de debuxos de escasa calidade artística, pero moi importantes como testemuñas gráficas, pois por elas podemos comprobar agora as grandes transformacións que se foron desenvolvendo ao longo dos séculos, e, en particular, dende que no XIX se desfizeron as torres e os muros defensivos.

Pontedeume é unha delas, e que conste que neste aspecto é unha das privilexiadas, tendo en conta que -polo menos- existen dúas vistas antigas: unha do ano 1798, debida ao párroco da igrexa de Santiago, Juan Valentín García, historicamente moi valiosa, pero de pouca calidade, que se cinguiu, polo que á ponte se refire, a debuxar dúas liñas paralelas como se se tratase dun camiño, sen facer, nin no deseño nin tampouco na lenda que figura á esquerda, ningunha alusión ás construcións que había ao longo da mesma, que si en cambio menciona logo no texto:

[...] Tiene su arranque en la Villa y puerta llamada del Puente, qe. está vajando por la calle principal de ella, y va siguiendo linea recta al sententrion hasta el sitio, qe. llaman del Arrenal entre Norte y Nordeste; tiene de largo 1.015 varas castellanas, 50 ojos o arcos de 24, a 26 y 28 pies en hueco, al principio de dho. Puente se hallan las figuras de un Javali y un Oso de estraña grandeza y echos a la perfeccion, cada uno de una pieza de cantería, de cuya materia tambien es el Puente y en medio de el se halla una Capilla del Espiritu Sto. en qe. se celebra Misa, y pegado se halla un Hospital para Peregrinos, cuydando de uno y otro un Hospitalero, qe. tiene su vivienda encima de dha. capilla...¹.

1. SORALUCE BLOND, J.R.: *Descripción de la villa de Puente de Heume*. Año de 1798, López Torre, Pontedeume, 1984, pp. 9 (debuxo), 14 e 15. Trátase dunha "descripción de la Villa de Puente de Heume" que fica manuscrita na Biblioteca Nacional de Madrid, que lle remitiu o párroco no mes de decembro de 1798 ao xeógrafo Tomás López (1730-1802), para levantar o mapa correspondente a Galicia, pero como a primeira edición do mesmo data de 1784, sería entón para ter en conta nalgunha posterior (*Cartografía de Galicia*. Colección Puertas-Mosquera, Universidade de Santiago de Compostela, 2000, hai dúas reproducións do devandito mapa de diferente época, pp. 165 e 174).



Pormenor da lámina 33: Pontes deume.

A outra vista é do ano 1849 e débese ao artista romántico ferrolán Xenaro Pérez Villaamil. Trátase dun debuxo tomado dende o porto, no que se ven varias embarcacións fondeadas e algunhas casas que daban contra o mar, así como a ponte, co arco que había á entrada da mesma².

Non sabemos se existirá algunha vista panorámica máis de toda a vila ou de parte, pero polo de agora a máis antiga é a que hoxe damos a coñecer, debida ao cartógrafo portugués Pedro Texeira, anterior a 1634.

O AUTOR E A OBRA

Filipe IV, co fin de coñecer ben as costas peninsulares, así como as súas defensas e tamén as carencias, ordenou facer un atlas que abranguese dende o río Bidasoa até o cabo de San Romao, chamado así daquela, na lagoa de Leucate, xa que nesta época o Rosellón ou Roselló aínda non pasara a depender de Francia (faríao pouco despois, en 1659).

A tarefa encomendóuselle ao cartógrafo Pedro Texeira, que se encargaría de facer os debuxos, entre os que hai varios mapas tradicionais e outros que son excelentes vistas panorámicas, nas que se representa o contorno da costa cos seus accidentes, as poboacións cos correspondentes nomes, embarcacións, praias, etc.

2. Ambos os dous debuxos figuran no artigo de J.F. CORREA ARIAS: "A ponte do Ume", *Cátedra. Revista eumesa de estudos*, núm. 2, Pontedeume, 1995, pp. 21 e 43.



P. Teixeira: *Descripción de España...* (fol. 2).

Texeira non é coñecido na historia da cartografía peninsular precisamente por esta obra, que se descubriu hai poucos anos, en 2000, permanecendo até esa data descoñecida³, senón polo extraordinario plano de Madrid, *Mantua Carpetatorum, sive Matritvn vrbs regia*, publicado en 1656, e que aínda hoxe en día continúa sendo unha obra imprescindíbel para coñecer como era a capital a mediados do século XVII.

O autor era membro dunha estirpe de ilustres cartógrafos lusos, que se puxo ao servizo do rei de España, que daquela tamén o era de Portugal. Pedro Teixeira Albernás (que castelanizou os apelidos en Texeira Alborno), naceu en Lisboa contra o ano 1595, e finou en Madrid en 1662, recibindo sepultura na igrexa beneditina de San Martiño, na mesma que tamén sería enterrado, pero máis de cen anos despois, o noso P. Sarmiento (1772).

Sabíase que fixera tal obra, non pola parte gráfica, senón porque existen varias copias da descrición que foi redactando ao mesmo tempo, publicada por primeira vez en 1908⁴, pero, pola contra, non se coñecía ningunha referencia verbo de que existise unha parte gráfica, que fica non se sabe dende cando na Österreichische Nationalbibliothek de Viena⁵.

O orixinal é un precioso manuscrito miniado, no que ademais do propiamente cartográfico, como son os accidentes xeográficos, o autor tamén reproduce a fisionomía das poboacións, coidamos que coa maior fidelidade posíbel. A tarefa, como consta no manuscrito, foi un encargo de Filipe IV:

Nuebe años a que V. Magd. me mandó fuese a oservar y sondar los puertos i plaiaas y cabos de la costa de España. Y considerando no ser justo quedase en bosquexos cosa de tanta ynportancia, tomé el compas y la pluma façilitando el trabaxo que se me ofreçia con pensar servir a V. Magd. para que V. Magd. tenga entera notiçia de las costas y puertos destos sus reynos de España que goze V. Mad. muchos y felixes anos para aumento y bien de toda la Cristiandad.

Sabemos que o equipo estaba en Hondarribia (ou Fuenterrabía) no mes de setembro de 1622, tomando datos para o futuro atlas, e que antes de rematar o devandito ano xa chegara a Galicia, pero o traballo de campo non se concluírá até 1630, e a copia definitiva que coñecemos agora aínda catro anos máis tarde, en 1634.

3. PEREDA, F. / MARÍAS, F. (eds): *El atlas del Rey Planeta. La "Descripción de España y de las costas y puertos de sus reinos de Pedro Texeira (1634)*, Editorial Nerea, Hondarribia, 2002.

4. BLÁZQUEZ, A.: "La descripción de las costas de España por Pedro Texeira Albernás, en 1630", *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos*, 1908, pp. 364-379; e, tamén do mesmo autor, "La descripción de las costas y puertos de España de Pedro Texeira Albernás", *Boletín de la Real Sociedad Geográfica*, núm. 52, 1910, pp. 36-138 e 180-233.

5. PEREDA, F.: "Un atlas de costas y ciudades iluminado para Felipe IV: La "Descripción de España y de las costas y puertos de sus Reynos", de Pedro Texeira", en *El atlas del Rey Planeta. La "Descripción de España y de las costas y puertos de sus reinos de Pedro Texeira (1634)*, pp. 29 ss.

GALICIA

O atlas da Biblioteca Nacional de Viena é un fermoso manuscrito de vitela iluminado á témpera, de 87 folios de 352 x 444 mm., que leva por título: *Descripción de España y de las costas y puertos de sus reynos. Al muy catolico y muy poderoso rey don Filipe IIII. Nuestro Señor. Por don Pedro Texeira Albernas. Cavallero del abito de Christo. Año 1634*. Conta con 12 mapas a dobre páxina (o primeiro é o da península, e o último un mapamundi), e 88 de unha soa, sendo o total de láminas de 102.

Curiosamente Galicia é a que conta con máis, 18, despois dos 21 de Portugal, fronte a 15 de Euskadi, 5 de Cantabria, 9 de Asturias, 17 de Andalucía, 2 de Murcia, 5 de Valencia e 5 tamén de Catalunya.

A primeira lámina -a dobre páxina- corresponde a toda Galicia, pero vista dende o mar, como se o espectador estivese situado fronte ao cabo de Ortegal, a suficiente altura e distancia que lle permitisen divisar toda a panorámica dende Luarca até Caminha, polo que se refire á costa, e polo interior até Puebla de Sanabria, co reino de Portugal ao fondo.

Seguen as láminas da ría de Ribadeo, na que sobresaie o castelo desta vila do que aínda perduran algúns restos; a de Viveiro, coa poboación ben fortificada; a de Santa Marta de Ortigueira; a de Cedeira (*Sedeira*), tamén con murallas; e, pola contra, está Ferrol que non contaba daquela aínda con ningún tipo de defensas. Vén logo a da ría da Coruña, na que salienta a cidade fortificada na súa península, o castelo de San Antón, as casas da Pescadería, a capela de Santo Amaro e, en particular, a Torre de Hércules, na que se distingue claramente a escaleira ou rampla exterior pola que se accedía até o faro, que é unha das testemuñas fidedignas máis antigas de cantas se conservan deste importante monumento romano.

A lámina seguinte -que, consonte coa costa, debera estar antes-, corresponde ás rías de Pontedeume e de Betanzos, con ambas as dúas vilas protexidas con muros. Despois está a de Corme, non máis que unha pequena aldea cun inmenso areal ao fondo; preciosa é a de Camariñas e Muxía, na que xa se sinala a capela da Virxe da Barca; vén logo a de Corcubión con Cee (*Cea*), que debera ficar despois da seguinte, que é a do cabo *Finis Terra*, impresionante pola súa abrupta orografía, que o debuxante e cartógrafo portugués representou magnificamente, non se esquecendo da igrexa, nin tampouco da enorme cruz de madeira que estaba daquela chantada sobre a rocha máis alta. A folla seguinte quedou en branco, que correspondería de facerse á desembocadura do río Xallas e aos areais de Carnota, xa que na seguinte temos a ría de Muros e Noia.

A continuación está a de Arousa: O Caramiñal, A Proba (*A Proua*), Vilagarcía, Cambados, etc., e ao fondo de todo, Padrón; na ría de Pontevedra a principal poboación era a que lle dá nome, ben protexida polas murallas, a ponte do Burgo sobre o Lérez, e varios núcleos, como Portonovo, Aldán e Marín. Na de Vigo podemos comprobar como a actual cidade por entón non era máis que unha pequena vila sen murallas, semellante á da outra banda da ría, Cangas do Morrazo. O artista representa no medio das augas a illa de San Simón coa capela.



Reyno de Galizia (fol. 28).

As láminas galegas rematan con dúas obras de calidade: unha extraordinaria vista de Baiona, coa fortaleza de Monterreal (torre do Príncipe e de Santo Antonio), a Pescadería, a capela da Virxe do Burgo e a ponte da Ramallosa. E, por último, as illas Cíes, con Baiona a un lado, Cangas ao outro, e ao fondo Bouzas e Vigo.

Seguen as páxinas dedicadas a Portugal, que a primeira corresponde á foz do Miño, na nosa banda coa vila da Guarda -así escrito- e o monte de Santa Trega.

PONTEDEUME

A) O DEBUXO

A obra de Pedro Texeira -como queda dito- consta de dúas partes: unha gráfica, que son as láminas, e outra literaria, que corresponde aos textos nos que se describe a costa. A data de remate que figura no orixinal manuscrito é a de 1634, pero tanto a vista como a descrición correspondentes a Pontedeume son anteriores, quizais de finais de 1622, xa que se sabe que antes de rematar o devandito ano o equipo chegara a Galicia ou, como moito, de comezos de 1623.

O artista situouse fronte á entrada da ría, quedando nun extremo á súa esquerda a Punta do Cabalo e no outro, á dereita, a rocha da Marola. Seguindo a liña costeira está o casarío de *Aries* [Ares], con dous barcos coas velas recollidas e na praia varias embarcacións pequenas. En Redes temos un barco veleiro e no areal varias barcas ou dornas, e xa non hai máis poboacións até a ponte de Pontedeume, mandada construír por Fernán Pérez de Andrade o Bo entre os anos 1380 e 1386, en substitución dunha anterior de madeira que xa se menciona na confirmación dos privilexios por parte do rei Juan I ao devandito Fernán Pérez, o 20 de marzo de 1384⁶.

Á entrada da ponte había un cruceiro, que é o mesmo que fica agora ao comezo da estrada da "Feira do oito", en Cabanas, que tamén se cita poucos anos despois de pasar por aquí Texeira nun escrito dirixido ao corrixidor de Betanzos sobre o mal estado da ponte, en 1649:

*[...] y por quanto la ynbención de la mar yba comiendo y gastando la tierra que estava junto a las salidas del d[ic]ho puente se necesitava de hazer y fabricar de nuevo todo el lenzero desde el pié del cruzero asta tierra firme haciendo tres hojos de nuevo [...]*⁷.

Segue a monumental ponte na que se distinguen só 18 arcos, pero que tiñan que ser moitos máis: 78 dise que eran en 1622⁸, e 50 constan na descrición que lle manda o párroco Juan Valentín García en 1798 ao cartógrafo Tomás López⁹.

6. VAAMONDE LORES, C.: *Ferrol y Puentedeume. Escrituras referentes a propiedades adquiridas por el monasterio de Sobrado en dichos partidos en los siglos XII, XIII y XIV, precedidas de una breve reseña histórica de las granjas de Brión, Priro y Noguerosa*, A Coruña, 1909, pp. 77, 78.

7. CORREA ARIAS, J.F.: "Art. cit.", pp. 20, 30.

8. PÉREZ COSTANTI, P.: *Notas viejas galicianas*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1993, p. 406.

9. SORALUCE BLOND, J.R.: *Obr. cit.*, p. 14.

En primeiro lugar sobresaie unha construción que corresponde á capela e ao hospital de peregrinos, que xa figura na confirmación dos privilexios do rei Juan I, en 1384:

*[...] por parte de vos Fernan Perez Dandrade nuestro vasallo nos dijere que por quanto el rrey Don Enrique nuestro padre que Dios perdone vos fizo muchas mercedes que vos avedes f[ec]ho a buestra propia costa e mesion la puente deume e que en la d[ic]ha puente avedes facer una capilla onde se cantase una capellania perpetua por el anima de d[ic]ho rrey nuestro padre e un ospital do se acoxesen los pobres que por el pasasen e que era buestra voluntad de dar e dottar para siempre llamas a la dicha capellania perpetua...*¹⁰

Construción que tamén cita no texto o cartógrafo luso: *En medio se ensancha, donde tiene vn ospital...*¹¹, que existiu até 1843, en que se acorda a reparación e reforma da vella ponte, empregándose na mesma a pedra da devandita capela, polo que xa non aparece no debuxo do romántico Xenaro Pérez Villamil, seis anos posterior.

A seguinte construción que había sobre a ponte era unha torre, como di Pedro Texeira: *y en el otro tercio de la puente vna torre con vn arco que se sierra con su puerta...*¹² Nela estaba unha capela pequena dedicada a Santo Antonio, que quizais xa existise cando estivo aquí Texeira, que se menciona, por exemplo, no Libro Rexistrador de Propiedades do concello do ano 1756:

*[...] Sobre el Pilar de entre el octavo y noveno arco, contando desde la puerta de dicha villa, tiene un torreón y en él un oratorio del glorioso san Antonio de Padua, el que tiene de alto Diez y ocho pies [...]*¹³.

A ponte contou cunha torre máis, situada pola banda de Cabanas, logo de pasar a capela e hospital do Espírito Santo, que, como non a debuxou o cartógrafo luso, deducimos que non existise aínda nesa época, no primeiro cuarto do século XVII. No mencionado Libro Rexistrador de Propiedades do concello de 1756, descríbese así:

*[Logo da capela e do hospital] Siguiendo más adelante sobre el Pilar de entre los arcs quarenta y uno, y quarenta y dos tiene, otro torreón con su techo de madera y teja, y a un costado de el la Ymagen de Nuestra Señora de la Quinta Angustia, que bulgarmente llaman Nuestra Señora del Risco*¹⁴.

10. VAAMONDE LORES, C.: *Obr. cit.*, pp. 77, 78.

11. ZOLLE, L.: "Transcripción", en *El Atlas del Rey Planeta. La "Descripción de España y de las costas y puertos de sus reinos" de Pedro Texeira (1634)*, p. 327.

12. Ídem.

13. LÓPEZ CALVO, A.: "O Libro Rexistrador de propiedades do concello no fondo de Patrimonio do Arquivo Municipal. Uns apuntamentos sobre Pontedeume e o seu alfoz no século XVIII", *Cátedra*, 4, Pontedeume, 1997, p. 71.

14. Ídem, p. 71.

Estas torres desaparecerán nos diferentes arranxos que sofre a ponte, e, en particular, co gallo da riada de 1784 na que estaba o oratorio dedicado á Virxe. A outra debeu ser antes de 1843, pois no contrato de reforma desta data a única construción que se cita é a capela do Espírito Santo.

As obras da actual ponte, que veu a substituír á medieval que mandara construír Fernán Pérez de Andrade o Bo, comezaron en 1863, pero non rematarían até 1887.

Pontedeume estaba ben protexida pola muralla, de boa altura se a comparamos con outras, así como tamén por varias torres, ao menos nove, contando tamén a que daba acceso á ponte, que era unha das maiores, segundo se albisca no debuxo. Fóra dos muros había algunhas construcións, pero poucas e, a teor de como as representou o cartógrafo, non máis que varias casas de pouca importancia. Debido á distancia dende onde está tomada a vista, entre os edificios da vila non se distingue ningún que poida ser agora identificado, como igrexas ou pazos.

A lámina complétase coa vista de Betanzos, tamén coa súa ponte e rodeada de murallas, para seguir Sada, con dúas pequenas embarcacións veleiras varadas no areal, *Sontán* [Fontán, aldea de Sada] con outras dúas, das que unha non ten vela e, por último, o illote de *Lamarola* [A Marola], dando comezo xa a ría da Coruña que, como queda dito, figura indebidamente na folla anterior.

Pontedeume sufrira en 1607 un voraz incendio, do que aínda non se debera recuperar de todo cando chega aquí Pedro Texeira, pero nas mesmas datas, 1622, ordénase levar a termo importantes melloras urbanísticas, como a rede de sumidoiros:


*Por quanto la d[ic]ha vi[ll]a tiene muy grande necesidad, para su limpieza y quitar los malos olores, que las calles se rreparen y que en ellas ayen condutos p[ar]a conducir y heepeler las ymundicias, hordenaron y mandaron que en las cassas aya caños y sumideros que tengan correspondencia a los condutos generales, para que salgan a la mar, y que los v[ecin]os desta vi[ll]a que tubieren cassas en ella hesten obligados, dentro de tr[eint]a dias despues que hesta ordenanza fuere publicada, a hacer la p[ar]te de condutos que les tocare [...]*¹⁵

Por este debuxo coñecemos a fisionomía de como debeu ser a vila na idade Media, coas súas torres, de boa altura se as comparamos coas demais construcións que estaban dentro do recinto murado, ao que se accedía por varias portas, das que as máis transitadas eran a da Ponte (destruída en 1905), a da Vila ou San Roque (saída cara Betanzos, A Coruña, etc.) e a do Porto ou de San Miguel. Ademais houbo outras tres: a da Cortadoría (ou Carnicería), a da Salga e a pequena do "Postigo"¹⁶.

As murallas e as torres, construídas -ou moi melloradas- a partir de 1270, data en que Afonso X lle concede á vila o foro de Benavente, seguiron a mesma sorte que outras moitas, que

15. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia de Puente deume y su comarca*, Santiago de Compostela, 1944, p. 399.

16. En particular do arco da porta da ponte existe testemuña gráfica, pero só pola parte interior, que foi derrubado en 1906 (COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Obr. cit.*, p. 280).



P. Teixeira: Ría de Ares e Betanzos (fol. 33).

foron desaparecendo paseniño ao longo do século XIX, cando xa perderan a importancia bélica de antano e non eran máis que un atranco para o medro das poboacións.

B) O TEXTO

Como queda dito, a parte gráfica complétase coa descrición literaria tamén debida ao mesmo cartógrafo, pero, a diferenza do que ocorreu co atlas, esta segunda xa se coñece hai moitos

anos, dende que se publicou por primeira vez en 1908. A partir desta data saíron, ao menos, dúas edicións, unha do mesmo autor da primeira, A. Blázquez, en 1910, e outra de L. Zolle, en 2002, que é a que se reproduce deseguido:

[...] Del puerto del Ferrol va la costa continuando al mediodía y aze vna punta que llaman del Cauallo. Della se estiende vna plaia de arena donde con façilidad se puede desembarcar. Feneçe esta plaia, que llaman de Segueña, con vn cauo donde, boluiendo la costa al leuante, aze la ría de Betanços que tiene en su entrada de ancho vna grande legua y quanto más se entra por ella se va más ensanchando asta tener dos leguas. Esto en espacío de legua y media donde se diuide en dos braços que entranbos se nauegan, quedando en el de la parte del leuante la uilla de Pontesdeume y el de la del poniente asta la çiudad de Betanços. De la dicha parte del leuante desta ría, pasada la punta que queda dicho de Segueña media legua, está vna buena e espaciosa plaia de arena bien abrigada de los bientos donde dan fondo muchos nauíos en quatro y sinco braças, enfrente de hun lugar que está en la misma plaia que llaman Aries [Ares]. Es de buena población, aunque ny para ella ny para su puerto tiene defença ninguna. Quédale a las espaldas, como lo muestra la tabla, el puerto del Ferrol, media legua más adelante. Por la costa dicha del leuante desta ría vna legua, está otro puerto y junto a él vna villa que dizen Redes, no de tanta población como la de Aries y ni más ny menos abierta y sin defença como ella. El puerto es segurísimo de todos tienpos, ancoran los nauíos muy serca del lugar en sinco y seis braças de fondo y, de ordinario, bienen a este puerto muchos nauíos de corsarios y dan fondo sin se le poder estorbar y, a bezes, saltan en tierra y azen agua y leña como se les antoxa y como se ystuuieran en Olanda. Deste puerto y villa de Redez vna legua está la de Pontesdeume.

Está la uilla de Pontesdeume çitiada en la orilla deste braço de mar de la parte del mediodía. Es lugar noble y de muncha población, cercado todo de buena muralla que con ser muy antigua está oy toda yn pie. Tiene esta villa gran trato de pescado y para la pescaría tiene munchas barcas y redes que llaman armaçones y casi todos los días salen a la mar alta a pescar sardinas que después cargan en muncha cantidad para munchas partes de España. Y de la parte del leuante se entra en esta villa por vna puente que le aze sélebre. Es esta puente de las más grandiosas que tiene España, toda de cantería, fábrica antigua pero tan entera que parese auerse aora acabado. Tiene esta puente de largo largas dos carreras de cauallo. No es demaziado de alta y así tiene gran número de arcos. En medio se ensancha, donde tiene vn ospital, y en el otro terçio de la puente vna torre con vn arco que se sierra con su puerta, fábrica toda ella de muncha consideración y hermosura.

A la parte del mediodía del otro braço de mar que queda dicho se diuide esta ría, está çituada la çiudad de Betanços. Çercada de muros a lo antiguo, tiene en su río o braço de mar otra puente no de tanta grandeza como la dicha pero también de buena fábrica, toda de cantería. Suben algunos nauíos y barcos asta amarrarse en ella. Tiene el mismo trato que todos los demás lugares marítimos desta costa que

*es la pescaría. Dos leguas desta ciudad al poniente se sierra esta ría de Betanços con vna punta que llaman La Marola. A la mar, della cosa de hun tiro de mosquete, está vna ysla del mismo nonbre del cauo y, antes de llegar a esta punta poco menos de vna legua, está vna plaia de arena donde se puede desembarcar. Junto a ella está vna aldea que llaman Sontán [Fontán] y poco más adelante ay otra que dizen Seda [Sada]. De la punta de La Marola ase la costa vna gran ensenada azia la parte del mediodía, en el cabo de la qual se remata vna punta de tierra çercada cassi toda del mar donde está çituada la ciudad de La Curuña [...]*¹⁷

Non hai dúbida que de todo o conxunto urbano de Pontedeume o que máis lle chamou a atención ao cartógrafo luso foi a súa ponte, que era unha das *más grandiosas que tiene España*.

BIBLIOGRAFÍA

- BLÁZQUEZ, A.: "La descripción de las costas de España por Pedro Texeira Albornas, en 1630", *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos*, Madrid, 1908.
- "La descripción de las costas y puertos de España de Pedro Texeira Albornas", *Boletín de la Real Sociedad Geográfica*, núm. 52, Madrid, 1910.
- CORREA ARIAS, J.F.: "A ponte do Ume", *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, núm. 2, Pontedeume, 1995.
- CORREA ARIAS, J.F. / SARMIENTO CALVO, F.: "A ponte do Ume" II, *Cátedra*, 7, Pontedeume, 2000.
- COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia de Puente deume y su comarca*, Editorial Compostela, Santiago de Compostela, 1944.
- HOYO, J. del: *Memorias del Arzobispado de Santiago*, Edición de A. Rodríguez y B. Varela, Santiago de Compostela, s.a.
- LÓPEZ CALVO, A.: "O Libro Rexistrador de propiedades do concello no fondo de Patrimonio do Arquivo Municipal. Uns apuntamentos sobre Pontedeume e o seu alfoz no século XVIII", *Cátedra*, 4, Pontedeume, 1997.
- MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I.: *Toponimia del Concejo de Pontedeume y cartas reales de su puebla y alfoz*, Deputación Provincial da Coruña, A Coruña, 1987.
- PEREDA, F. / MARÍAS, F. (eds): *El atlas del Rey Planeta. La "Descripción de España y de las costas y puertos de sus reinos de Pedro Texeira (1634)"*, Editorial Nerea, Hondarribia, 2002.
- PÉREZ COSTANTI, P.: *Notas viejas galicianas*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1993.
- SORALUCE BLOND, J.R.: *Descripción de la villa de Puente de Heume. Año de 1798*, López Torre, Pontedeume, 1984.
- VAAMONDE LORES, C.: *Ferrol y Puente deume. Escrituras referentes a propiedades adquiridas por el monasterio de Sobrado en dichos partidos en los siglos XII, XIII y XIV, precedidas de una breve reseña histórica de las granjas de Brión, Prioiro y Noguerosa*, A Coruña, 1909.

17. ZOLLE, L.: "Ar. cit.", pp. 327, 328.

FONTES PARA O ESTUDO DA TOPONIMIA DE MUGARDOS

Juan A. Carneiro Rey¹

*Á memoria de miña avoa Pepita
e do seu irmán Xaquín, mugardeses de Meá.*

INTRODUCCIÓN

A toponimia é o estudo da orixe e significado dos nomes propios de lugar. Posiblemente estes sexan un dos exemplos de produtos da intelixencia humana feitos con maior sentido común². Neste traballo preténdese dar a coñecer e divulgar os topónimos do concello de Mugardos obtidos a partir de diversas fontes escritas durante diversos períodos históricos. Non é a nosa intención introducirmos no estudo de cada topónimo, xa que este é un labor que resulta moi complexo e pouco doado para os non especialistas, polo que cremos que se debe deixar aos filólogos³.

Galicia é quizais o país do mundo que conta coa maior cantidade de topónimos. A metade dos núcleos de poboación de España están na nosa terra. O P. Sarmiento calculaba prudentemente que existían en Galicia 100.000 *"nomes xeográficos separados, aínda que non distintos, pois un só nome atribúese a infindos lugares"*⁴. Na actualidade estímase que os topónimos galegos poden chegar ao medio millón.

FONTES

As fontes que utilizamos neste estudo abranguen desde a antigüidade ata a época contemporánea. As primeiras referencias escritas conservadas sobre a zona que estamos a tratar débense a Estrabón, quen xunto cos historiadores e xeógrafos grecolatinos Mela, Plinio e Ptolomeo escriben

1. Profesor de Historia no IES de Mugardos. Pertence ao Departamento de Historia I da Universidade de Santiago de Compostela.
2. O meu máis cordial agradecemento a don Agustín Herme polo seu fundamental apoio loxístico para a realización deste traballo, e sobre todo pola súa amizade.
3. Os estudos filolóxicos de análise toponímica en Galicia contan cunha precisa metodoloxía que abrangue numerosos apartados: modelos de fichas, tipos de informantes e de enquisas, material gráfico e fotografía aérea do SITGA, etc.
4. Fr. Martín Sarmiento: *"Onomástico etimolóxico da lingua galega"*. Edición de Henrique Monteagudo. Vigo, 2002. O primeiro estudoso da nosa toponimia e fundador da lingüística galega foi o P. M. Sarmiento. A súa autoridade intelectual en tantos ámbitos non deixou de lado o estudo dos nomes dos nosos lugares. Para el vai o noso recoñecemento.

sobre o Sinus Artabrorum e os pobos que o habitan: os Ártabros, chamados tamén Arrotrebas. Estes escritos teñen unha cronoloxía que vai desde o cambio de era ata o último tercio do século II d. C.

Na Idade Media as principais fontes conservadas son os distintos documentos monacais: cartularios, apeos, rendas... dos que se poden extraer datos de todo tipo para o estudo dun territorio determinado: aspectos económicos, sociais, legais, demográficos, toponímicos, etc.

Na Idade Moderna contamos con apeos municipais, de principios do século XVII, que nos informan da toponimia menor de diversas xurisdiccións. Pero sen dúbida, a fonte máis extensa que nos documenta dos aspectos toponímicos dun lugar é o Catastro do Marqués de la Ensenada (1752). Inda que é un traballo realizado con fins fiscais, pódenos servir para o noso estudo, xa que toma como base a parroquia e dentro dela cita os nomes das diversas leiras, predios, sitios e lugares que a conforman⁵.

Xa na época contemporánea contamos con fontes catastrais, tanto provinciais como locais. Dentro destas, as máis valiosas para o noso estudo son as que se refiren á contribución rústica municipal ou amillaramientos.

REFERENCIAS MEDIEVAIS


A primeira cita ao territorio no que está situado o actual concello de Mugar dos ten lugar na Alta Idade Media. En efecto, será nos concilios de Lugo e Braga cando se publique o documento coñecido como "*Parroquial Suevo*" ou "*División de Teodomiro*". Ten unha cronoloxía que nos leva a finais do século VI, entre os anos 572 e 582. Trátase dun texto administrativo, civil e relixioso á vez, pois ambas circunstancias eran difíciles de delimitar nesa época.

No *Parrochiale* delimitábanse os territorios pertencentes ás diversas dioceses da Gallaecia, tanto da lucense como da bracarense. Esta ordenación do territorio ten en conta entidades preexistentes, o que nos pode levar ata institucións pre-romanas, ao igual que ocorre nas Galias. Moitos dos fitos utilizados como marcos refírense a monumentos megalíticos, sendo este documento o máis antigo no que se citan estes referentes espaciais. Bezoucos (Bisauco) é un dos 16 arceprestados do Parroquial pertencentes á diocese de Iria⁶. Esta denominación mantense na actualidade non só como termo relixioso, senón tamén xeográfico (península).

Pero sen dúbida as referencias máis numerosas citadas no medievo verbo do territorio que ocupa actualmente o concello de Mugar dos, témolos nas coleccións diplomáticas dos mosteiros que posuían predios nestas terras. Contamos con documentos emitidos por Sobrado, Caaveiro, Couto, Pedroso, Monfero e Montefaro.

5. Fr. Martín Sarmiento laíabase de que os peritos redactores do catastro non indagaran de mellor xeito para proporcionar máis información sobre os lugares visitados.

6. de Jesús da Costa, P.A.: '*Liber Fidei*' *Sanctae Bracarensis Ecclesiae*. Edición crítica. Junta Distrital. Braga, 1965.





Mosteiro de Monfero.

Nos tumbos do mosteiro de **Santa María de Sobrados dos Monxes** existen citas alusivas ás posesións que este tiña en Bezoucos. Así, nun escrito con data de 23 de outubro de 964, cítase indistintamente: "*Bisauquos*" e "*Bisauquis*". Tamén faise referencia a dous lugares propiedade de Sobrado aquí: "*villa Littoriana*" e "*Iliobre*". Bisauco aparece como un commiso en disputa entre os bispos de Lugo e Iria xa en 921, o que indica o valor e a riqueza deste territorio. Ao longo do século X faise referencia a Bezoucos en diversos documentos dos anos 955, 966 e 971; así como en séculos posteriores⁷.

Na cartulario de **San Xoán de Caaveiro** cítanse lugares propiedade deste convento. No ano 1065, o 15 de outubro, alúdese ao lugar de "*Chantelos*", sito na freguesía de "*Santi Vincenti de Mediano*"⁸. Un documento de 28 de decembro de 1067 cita "*villa Mugarbos*" e "*porto de Mugarbos*", diferenciando ambos topónimos. A partir desta data as referencias continúan regularmente ao longo dos séculos seguintes.

Outros lugares de distintas freguesías de Mugarbos son nomeados nos documentos relixiosos medievais. En 1085 Meá cítase como "*Sancti Vincenti de Meano*". No ano 1092, aparece "*Voado*" en "*Sancti Iacobi de Francia*". En 1099 fálase de dous lugares: "*Chantellos de Susano*" e

7. de Loscertales, P.: *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*. Madrid, 1976.

8. É dicir, na actual parroquia de Meá, nome que deriva do patronímico latino Medianus, que nunca se pode transformar en Mehá. Esta última forma comézase a utilizar nalgún documento relixioso do século XVIII, pero sobre todo xeneralízase a partir do século XIX, despois dun tempo en que as dúas formas: Meá e Mehá conviven. De todos os xeitos o topónimo correcto "*Meá*" é o que consta na Toponimia Oficial de Galicia, publicada pola Xunta. Este topónimo ten variantes como *Meán*, *Meana*, *Meáns*, *Vilameá*, *Vilameán*, *Montemeá*, *Montemeán*, etc. ao longo de Galicia e Portugal. En zonas de Castela adopta a forma Villamediana, Montemediano, etc. Ao ser a península de Bezoucos unha zona moi poboada na época romana polos seus abundantes e variados recursos naturais, é probábel que o nome da parroquia derive dun influente possesor romano: Medianus. Ao igual que sucede coa veciña villa romana de Noville, nome derivado do seu propietario o liberto Nobilius. En total, os lugares chamados Meá ou que conteñan esta raíz elévanse a máis dun centenar entre Galicia e Portugal.



Pinturas do Claustro. Montefaro.

"*Chantellos de Iusano*", dándonos a entender que se trata de dous sitios co mesmo nome, situados orograficamente a distintas altitudes. Así mesmo, noutro documento con data de 30 de marzo de 1128 cítase outro lugar de Mugardos, situado preto da parroquia: "*Simou*"⁹.

Na colección diplomática de **San Martiño de Xuvia ou do Couto** documéntanse referencias a este territorio, tanto xerais como concretas. O 15 de marzo de 1076, o mosteiro tiña propiedades en "*terra de Bisauquis*". O 18 de outubro de 1093 noméase a "Plantario" (Chanteiro), situado "*subtus monte de Nandi*"¹⁰. En 1174 esta colección diplomática dános outros dous topónimos mugardeses: "*Riilu*" e "*Pedrosis*"¹¹.

Outro dos mosteiros medievais que tiñan posesións nas terras de Mugardos é o de **San Salvador de Pedroso**. Foi fundado polo rei de Galicia Afonso Raimúndez (futuro emperador Afonso VII) e a súa nai a raíña dona Urraca no ano 1111. Cando se acoutan as súas propiedades fanse constar terreos en "*San Gíao de Mugardos*", "*Sancti Iohannis de Pinario*" (Piñeiro) e "*Sacti Vicentii de Meos*" (Meá)¹².

Tamén tiña terras en Mugardos o mosteiro de **Santa María de Monfero**¹³. A mediados do século XII cítanse propiedades en "*Ovaña*" e "*Boado*"¹⁴.

9. FDEZ. DE VIANA et al.: *El monasterio de San Juan de Caaveiro*. A Coruña, 1999.

10. Actualmente consérvase este topónimo na enseada situada entre o castelo da Palma e a punta de San Martiño.

11. MONTERO DÍAZ, S.: "La colección diplomática de San Martín de Jubia". *Boletín de la Universidad*, ano VII; nº 25. Santiago de Compostela, 1935.

12. CAL PARDO, E.: *El monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos*. A Coruña, 1984.

13. LÓPEZ SANGIL, J.L.: *Historia del monasterio de Santa María de Monfero*. A Coruña, 1992.

14. Ovaña ou tamén Obaña cítase nos documentos medievais desde o século XII polo menos. Deste lugar sairá unha familia fidalga que toma como apelido o seu lugar de orixe (algo usual na época, ao igual que ocorre cos Andrade, por poñer un exemplo próximo e coñecido). Ao longo do século XVIII os documentos citan indistintamente "Obaña" e "Obaño". Máis tarde pérdese o apelido e o topónimo vaise deturpando por pseudocastelanización en "El Baño", ao pensarse que a letra inicial do topónimo era o artigo en galego. Por último, continuando con esta alteración toponímica, o lugar noméase como "O Baño", que é como se coñece actualmente.

Coa fundación no ano 1392 do convento de **Santa Catarina de Montefaro** por Fernán Pérez de Andrade "O Bóo", este nobre dótao de numerosas posesións. O mosteiro vai recibir foros da vila e porto de Mugardos, ademais doutros lugares situados en Meá, Simou, Franza, Chantelos, Lubre, Cervás, Chanteiro, Ares, Guille, Limodre, Pontedeume, Cabanas, Miño, Ferrol, A Coruña...

REFERENCIAS MODERNAS

Da época do Antigo Réxime contamos con varias fontes toponímicas: apeos datados a principios do século XVII. Pero sobre todo do **Catastro de Ensenada**, de mediados do século XVIII.

Existe un apeo que foi realizado a raíz dun problema que se presenta entre o convento de Montefaro e a xurisdicción civil. Os preitos entre os veciños de Mugardos e os frades do mosteiro son continuos ao longo de toda a súa historia común. A vinculación de Mugardos e a súa subordinación a Montefaro entre finais do século XIV e principios do século XIX viuse sempre afectada por litixios que non perseguían outra cousa que liberarse das cargas impostas polos frades aos mugardeses. Un destes preitos suscitase polos dereitos sobre a pesca que reclamaban os monxes. En resumo, non era máis que un deses conflitos suscitados no Antigo Réxime entre a xurisdicción eclesiástica e a civil. Neste caso entre o convento de Montefaro e o conde de Lemos, a quen pertencían os dereitos sobre o mar dentro da ría de Ferrol.

Con este motivo, en 1611, sendo alcalde de Mugardos Alonso de Toimil, realízase unha demarcación para deixar claros os límites de cada señorío. Posteriormente, no ano 1625, confírmase as delimitacións recoñecidas na visita realizada en 1611. As testemuñas xuran diante dunha fonte, utilizada como marco, antes de acoutar as xurisdiccións da vila, do conde de Lemos e do couto de "Besoucos", pertencente ao señorío da igrexa de Santiago.

O trazado dos límites comeza no secadoiro do cabo de Leiras e segue polo camiño antigo ata dar a unhas casas, que serven tamén de marco á xurisdicción¹⁵. Os límites utilizan como marcos fontes: fonte da Fraga, fonte do Carballo, fonte da Bulla, fonte do Garrio, fonte da Queira, fonte do Sabugueiro, fonte do Rego e fonte de Nande. Tamén se citan como marcos monumentos da prehistoria recente: mámoas, algo que xa era habitual desde máis de mil anos antes, como xa vimos no Parrochiale. Por último úsanse como marcos outros elementos máis ou menos salientables na



Busto do Marqués de la Ensenada na súa vila natal, Alesanco (A Ríoxa).

15. Esta circunstancia indica a pouca entidade poboacional de Mugardos nesta época, xa que con só indicar o propietario das casas quedaba claro o límite xurisdiccional.

paisaxe: pedras particularmente relevantes, pontes, lugares, campos; así como accidentes costeiros: cabo de Nande, de Leiras.

Un dos documentos máis importantes para o estudo da nosa historia moderna e contemporánea é o catastro mandado facer polo ministro de Fernando VI o marqués de la Ensenada. Este catastro tiña como fin a "única contribución", é dicir, eliminar as innumerables taxas e impostos de orixe medieval, e ademais obrigar a que cada persoa cotizara proporcionalmente segundo as súas propiedades¹⁶.

O catastro foi realizado en 1752. A unidade territorial utilizada foi a parroquia. Unha serie de peritos, escribáns e veciños de recoñecida seriedade, sinalaban os límites territoriais de freguesías, predios, lugares, etc.; así como as características económicas, sociais e eclesiásticas de cada parroquia. Consta de varios apartados: Interrogatorio General, de 40 preguntas; así como unha "Relación del Mayordomo", "Real de Legos", "Real de Eclesiásticos", "Personal de Legos" e "Estados"¹⁷.

A terceira pregunta do Interrogatorio General dános a coñecer os límites de cada parroquia cunha serie de topónimos que na súa maior parte seguen a existir na actualidade. Di así: *"Qué territorio ocupa el término, quanto de Levante á Poniente, y del Norte al Sur; y quanto de circunferencia, por horas y leguas; qué linderos, ó confrontaciones; y qué figura tiene, poniéndola al margen"*.

As demarcacións parroquiais de Mugardos segundo o Catastro son as seguintes:

FRANZA

Demarcaciones deesta Feligresia

- 3º *"Ócupa el término de ella desde L. á P. media legua de N. á S. ótramedia y tendrá de circunferencia legua y Media que podrá andarse entres horas, linda por L. con las feligresias de san salvador de Maniños y san Juan de Piñeiro, por el N. con la de sn. Vicente de Meá, por el N. con la ría del ferrol, y por el S. con la feligresia de sn. Vicente de Camouco. Cuia división y demarcacion principiando en la Corredera vieja llamada de laescada sigue derechamente al espiño de Magurrás, desde éste ala peña rusa, desde laqual corre ala fuente de Punido desde esta circulando al poniente confina con el soto nominado de Juana, y bolteando ácie al S. limita con la Medoña de dn. Nicolás Piñeiro, desde ésta vá siguiendo al Marco de piedra de grano establecido Junto ala Capilla suadbocacion de nuestra señora de Lodairo,*

16. Malia a fidelidade dos peritos, está demostrada a desviación ou ocultación de datos dos cultivos máis productivos ou rendíbeis.

17. Así, podemos saber que na freguesía de Meá, por exemplo, tiñan terreos confrarías de Ferrol, o convento de Montefaro, San Xiao de Mugardos, a condesa de Lemos, particulares de Ferrol, etc.

Maxco de piedra de oxano establecido 1747.
 Junto ala Capilla Inabocacion de nuef-
 tra Señora de Lodoizo, desde el qual
 pasa al molino viejo de Juan Robo, yae
 alli dotto Maxco de piedra puesto en
 el vicio de Sello de este sigue al campo
 dela pena y doblando al N. corre
 al vicio de Figueiro cego yal Maxco
 de Teuoxedo desde este va confinando
 ala fuente de Foubab, y consiguiente-
 mente al vicio ocanto de parvina
 desde este al moxerri dos caridos ter-
 minando al Poniente y va siguiendo
 al vicio do espino delas Zairbas yal
 Rio dela Vaxca que limita en la
 Maxina donde concludio.



Especies de Tierras sus
Canidas, y Calidades.

Habrà en el termino de esta feligresia
 Doce mil setecientos quaxenta, y quatro

Demarcaciones de la Telegrafía

3º Tiene de distancia esta Telegrafía desde S. a. 1/2 media legua, y lo mismo desde el N. al S. y de Circunferencia una legua, que para Caminarla se ocupará un ora, linda principiando por la parte de S. en la punta del Rio da Barca desde este sigue ala piedra do Couto, y desde este al Carpintero da Galba, siguiendo al sitio do Feal, y Rio de este nombre, y desde este ala Pedreira do Baquero, sigue al maxco do maxanon, desde este ala Fuente da Roca y de este ala Corredora de mi terra, y desde allí al derredor de Cauo de Lixas conjoiningte con la max, siguiendo ala orilla deste, asta la punta del Rio da Barca primera demarcacion.



4º y
10

Dentro de Cuas demarcaciones abia de Tierra de Sembradura.

desde el qual pasa al molino viejo de Juan Rojo, yde alli áotro Marco de piedra puesto en el sitio de selle de este sigue al campo dela pena y doblando al N. corre al sitio de rigueiro cego yal marco de reuoredado desde este va confinando ala fuente de roibal, y consiguientemente al seixo ôcanto de pardiñas desde este al moxon dos candios terminando al Poniente y vá siguiendo al sitio do espino delas Gaibas y al rio dela varca que limita enla Marina donde conclue".

(Na marxe dereita debúxanse os límites parroquiais)

MEÁ

Demarcaciones dela Felegresia

- 3º *"Tiene una distancia esta Felegresia desde L. a P. media legua, y lo mismo desde el N. al S. y de circunferencia vna legua, que para caminarla se ocupará vn ora, linda principiando por la parte de L. enla punta del Río da Barca desde este sigue ala piedra do Couto, ydesde este al Espiñeiro da Gaiba, siguiendo al sitio do Feal, y Río de este nombre, ydesde esta ala Pedreira dos Baqueiros, sigue al marco do marañón, desde este ala Fuente da Rega y de este ala Corredera de mi terra, ydesde allí al dezedoiro de Cauo de Leiras confinante conla mar, siguiendo ala orilla deste, asta la punta del Río da Barca primera demarcación".*

(Na marxe esquerda debúxase a superficie da parroquia)

MUGARDOS

Demarcaciones de la Felegresia

- 3º *"Al capitulo tercero dixerón que el termino de esta dha Villa y Jurisdizion tendrá de distancia desde L. a P. un quartto de Legoa y del N. al S. latercia parte de dha distancia, y de circunferencia tres quartos de Legoa que paracaminar les ocupara oraymedia, linda por N y P con la mar ôrria de Jubia por L con la Frâ. de san Vicente de Meá S. contémino dela Villa de Ares empezando sudemarcacion en dha Ria y fuente del Castillo de sanmartín hasta llegar ala Peña Blanca, siguiendo hasta la Fuente llamada sabugueiro, desde alli al Río de agarrios, desde este va suviendo al marco de Marañón, desde el al fuente dela Bulla, desde esta aottra fuente quellaman de rega, desde allá al marco das Casas vellas, ydesde este ala Már dando la buelta por dha Rya de Jubia hasta llegar adha Fuente del Castillo de San Martín primera demarcacion, su figura hes la del margen".*

(Na marxe esquerda aparece debuxada a superficie da freguesia)

PIÑEIRO**Demarcaciones de esta Felegresia**

- 3º. *"Ocupa el termino de ella desde L. â P. un quarto de Legua, de N. al S. ôtro, y de circunferencia media Legua quepodra ândarse en media ôra. Linda por L. conla frâ de sta. eulalia de Limodre, por P. con la de Santiago de Franza, por N. con la de san Salvar de Maniños, y al S. con la de sn. Vizte de Caamouco. Cuiâ demarcacion y división principia en el marco situado junto ala Capilla su advocación de ntra sra de Lodayro, y siguiendo â L., corre hasta el Marco llamado do chao do Monte. Desde este aôtro igualmente de piedra de grano establecido en el termino que se dize da esfarrapa. Desde el qual sigue en derechura al sitio denominado Porto da Choca; y desde este circulando âzia el N. âla Puente llamada de Sar; desde ésta al lugar ó sitio da Pereira de Pomido; Y desde este, al Marco de Soto de Juana. Desde allí bolteando azia el P. corre ala Medoña de Dn Nicolas Pineyro; y desde élla alaprimerâ demarcación, donde concluye".*

(Na marxe dereita aparece o debuxo da freguesía)

REFERENCIAS TOPONÍMICAS CONTEMPORÁNEAS

No ano 1929 realizase unha **"Acta de reconocimiento de la línea límite y señalamiento de los mojones comunes a los términos municipales de Ares y de Mugardos"**. Foi confirmada pola **"Dirección General del Instituto Geográfico y Catastral"**.

Este texto respondía a unha Orde para a formación do Catastro parcelario de España e dar así cumprimento a unha *"Ley para la publicación del Mapa"*, de 30 de setembro de 1870 e confirmada o 23 de marzo de 1906. Realizase este recoñecemento de límites cunha serie de persoas que dan fe: alcaldes, concelleiros, comisionados e peritos. O concello de Mugardos vai ser representado polo seu alcalde accidental don Miguel Picallo. Polo concello de Ares farao o seu alcalde don Xoán L. Lourido

O primeiro marco delimitará os concellos de Fene, Mugardos e Ares e sitúase no lugar de A Malata (as parroquias limítrofes son Santa Olalla de Limodre, San Vincenzo de Caamouco e San Xoán de Piñeiro). Os límites entre Fene e Mugardos cara ao mar acéptanse como estaban, e así fican na actualidade. O segundo marco estaba en Chao do Monte, continuando polo monte do Piñeiro. Os marcos divisorios entre os concellos de Ares e Mugardos seguían pola *"Ermita de la Ascensión"* de Lodairo, Seselle, A Balsa, Regueiro Cego, *"Molino del Viento de la Seaña"*, *Camino de Simón (Simou)*, *Camino del Bugallón*, *Casa de la Pallota*, *Fuente del Bugallón*, *camino de la casa de la Pallota*, *camino de la fuente del Bugallón*, *Fuente del Seijo*, *río Bugallón*, *río Lameira*, *Molino de Lameira*, *Soto del Baño*, *camino das Viñas*, *Viñas*, *Fuente de Prados*, *Fuente Prados*, *Prados*, *río Frades*, *Pedra dea Pegas*, *Fuente del Espiño*, *Pegal*, e *Fuente de San Martín*.



Muelle de Mugardos.

Pedra do Couto. Limita Meá e Franza.



Os marcos adoitaban ser paralelepípedos graníticos de distintas alturas, especificados na "*Acta*". Ás veces teñen gravada unha cruz. Outras veces os límites situábanse mesmo na parede dunha casa, ou ben á beira dunha estrada ou camiño, seguindo a dirección destes; tamén se poden aproveitar os carteis indicadores de localidade e que están cravados en postes, etc.

Catastros e "Amillaramientos" constitúen as fontes toponímicas escritas máis ricas do século XX. O "**Catastro de Rústica**" realizado nos anos 1956 e 1957 polas Delegacións Provinciais de Facenda, compilan unha gran cantidade de microtopónimos. Pero son sen dúbida os "**Amillaramientos**" realizados polos concellos os que reúnen unha maior cantidade de toponimia menor, que inclúe os citados nos catastros de Facenda.

O concello de Mugardos realiza o seu "amillaramiento" con vistas á contri-



Enseada de Obaña.

bución rústica no ano 1947, co resultado seguinte: a parroquia de Santiago de Franza conta con 3.610 predios e lugares; a de San Vincenzo de Meá posúe 1.651; a freguesía de San Xiao de Mugardos ten 1.286 e por último a de San Xoán de Piñeiro conta con 1.120. Naturalmente a proporción entre topónimos e número de predios é directa. Así, a parroquia de Franza conta, segundo este "amillaramiento", con 665 topónimos; Meá ten 344; Mugardos conta con 310 topónimos menores e Piñeiro con 232. En total o número de microtopónimos do concello ascende a 1.551, oficialmente rexistrados entre 1947 e 1955. A gran maioría destes nomes de lugar, un 36%, comeza polas oclusivas xordas: "C" e "P".

Unha das dificultades que se lle presentan ao investigador na localización de topónimos nestas fontes, responde ao feito de que os escribáns non sexan coñecedores da zona e van transcribir o nome de lugar tal como soa en boca do paisano. Isto pode desembocar nunha escritura do documento con certas alteracións como o seseo, gheada, ausencia de artigos, abreviaturas, etc. Temos por exemplo que o topónimo *Pedras Albas* se transforma por obra do escribán en *Pedra Salva*. En moitos casos non é posible comprobar o topónimo correcto por simples razóns cronolóxicas (perda da memoria histórica, desaparición das fontes orais...). Así, temos topónimos como *B. Alejo*, ou *B. Nordeste*, tal como constan na documentación municipal; podemos deducir que estas abreviaturas poden corresponder a que o primeiro lugar chámase *Borreiro*, segundo atopamos noutro sitio do documento; respecto ao segundo topónimo podemos supoñer que a abreviatura se refira a un nome propio: *Benigno*, nome do propietario que consta noutro apartado.

É frecuente tamén a utilización ou ausencia de artigo para o mesmo topónimo: *Acea* ou *A Acea*, *Balsa* ou *A Balsa*, etc. Tamén abunda a imposición do castelán, ás veces en combinación co galego: *A Barrosa* ou *La Barrosa*; *A Cabra* e *La Cabra*; *La Mestra*; *La Pecheira*. Mesmo a

"gheada" manifestase en topónimos como: *Jafo* (Gafo), *Regenjo* (Reguengo), que estaba de forma correcta no Catastro de Ensenada; e a castelanización en topónimos como: *Jardín*, *Junqueira*, *Junquera*. Topónimos que constan con esa mesma acepción nos documentos notariais de propiedade.

A partir da comprobación "in situ" dalgúns topónimos aquí expostos puidemos reconstruír o nome orixinal, citado polo escribán de varias maneiras distintas: Cal Dobal, Caldoval. Un exemplo ben gráfico é o dun predio que atopamos en Meá e que se cita das seguintes maneiras: *Froixil*, *Froxil*, *Froisel*, *Fruxil*, *Frusil*, *Frogil* e *Fragil*. De todos os xeitos procuramos deixar o microtopónimo nas súas diversas variantes, pois o fin deste traballo non é outro que o de facer constar o que hai nos documentos oficiais.


Na actualidade existe unha Comisión de Toponimia, dependente da Xunta de Galicia, que se encarga do estudo e recuperación dos topónimos de Galicia. Segundo o **Nomenclátor** oficial deste organismo, a toponimia dos **lugares** (hábitat tradicional dentro do territorio parroquial) que conforman cada parroquia do concello de Mugardos é a seguinte:

Freguesía de Santiago de Franza: **A Amora, O Arrueiro, As Barcias, Boado, O Campo do Río, A Cancela, Cantarrá, O Casal, A Chousa, O Curuto, As Escadas, A Fraga, Franza, A Marnela, O Mexote, O Monte, O Morteirado, A Penela, O Penso, O Redondo, A Regueira, O Seixo, Seselle, O Vilar, Xuncedo.**

En total esta parroquia conta con vintecinco lugares. Estes non sempre coinciden ao longo do tempo, pois uns lugares poden ser abandonados polos seus habitantes nun determinado momento histórico ou ser absorbidos por outros núcleos máis puxantes; outros lugares, pola contra, poden ser formados en épocas máis recentes. Por exemplo, a mediados do século XIX Franza contaba con 1.110 habitantes e tiña, entre outros, un lugar: **Río de Miño**, do que non se volve falar en estatísticas posteriores. Por outra parte, na Xeografía de Galicia, dirixida por Carreras Candí nos anos 20 do século pasado, aparecen especificados lugares como **Franza de Embaixo** e **Franza de Enriba**, ademais doutros dous non contemplados no Nomenclátor oficial actual: **Igrexa** e **San Victorio**.

Freguesía de San Vicente de Meá: **A Areosa, O Bailón, A Barca, A Cañota, O Capricho, Os Casás, O Castro, Catro Camiños, Chantelos, Os Corzás, O Cristo de Meá, A Cruz de Meá, O Feal, As Fieiteiras, O Galiñeiro, Novás, A Pedreira, O Penedo, A Penela, Rilo, A Seaña, O Souto da Cana.**

En total son vinte e dous lugares que non se corresponden sempre no tempo, pois como ocorría coa parroquia anterior, a mediados do século XIX Meá contaba con 716 habitantes e tiña, entre outros, os lugares de **O Coto, A Xesteira, A Pallota** e **Promontorio**, non contemplados actualmente. Cara a principios do século pasado cítanse, ademais dalgúns dos lugares actuais, os lugares de **O Coto** e **A Xesteira**.

MUGARDOS: DIVISIÓN PARROQUIAL

Freguesía de San Xulián de Mugardos: **O Apelón, A Areosa, O Baño, Casas Novas, O Cristo, O Esteiro, A Fraga, As Lagoas, Mariocos, Mugardos, O Peteiro, A Redonda, As Roibeiras, Simou, As Viñas.**

Conta con quince lugares. A mediados do século XIX tiña 1.782 habitantes e posuía oito lugares, tres deles non se contemplan actualmente no Nomenclátor oficial: **Espasante, Pedrosos e Pontellas**. A principios do século XX especificábase **O Baño de Embaixo** e **O Baño de Enriba** e tamén se citan, entre outros lugares: **Valiosos, Pedrosos e Pontellas**.

Freguesía de San Xoán de Piñeiro: **A Abeleira, O Camiño Grande, O Chao do Monte, A Chousa, A Estación, A Fonte, A Gallada de Piñeiro, A Igrexa, O Lodairo, Pumido, A Teupoeira.**

En total conta con once lugares. Cara á metade do s. XIX esta parroquia contaba con 167 habitantes. Non se especifican outros lugares distintos aos actuais nas diversas estatísticas realizadas en séculos anteriores.

CONCLUSIONES

Para rematar este traballo fixemos unha clasificación léxico-semántica dos distintos topónimos recollidos. Naturalmente, en moitos casos un mesmo topónimo pode ser incluído en varios apartados. Tampouco se recollen todos os topónimos nesta clasificación, xa que se este é composto

unicamente se citará unha vez. Un exemplo: "Chousa" verase recollido no seu respectivo apartado nunha ocasión, e non se incluírán neste os topónimos como "Chousa de Arriba", Chousa do Medio", "Chousa da Cruz", etc.

Na relación toponímica por parroquias, que vai a continuación da clasificación léxico-semántica, non se contemplan os topónimos citados en fontes anteriores ós "amillaramientos" de 1947.

Debemos sinalar así mesmo que existen copias manuscritas do Catastro de Ensenada realizadas en épocas posteriores que, en ocasións, non coinciden exactamente co orixinal. Comprobamos algunhas variantes na toponimia das parroquias: Mehá por Meá, Modoña por Medoña ou en antropónimos: Pineyro por Piñeiro, por poñer un exemplo.



Simou.

Santa Lucía.



Como hipótese de traballo, ao final sinalamos unha serie de topónimos recollidos do Catastro de Ensenada referidos á parroquia de Meá e que non constan en ningunha relación toponímica posterior. Posiblemente desapareceron por múltiples causas ao longo destes dous séculos e medio transcorridos: asimilación de predios, urbanización, obras públicas, etc. Pero tamén, por outra banda, podemos dicir que a fragmentación da superficie agrícola en Meá continuou nestes dous últimos séculos. En efecto, no Catastro de Ensenada (1752) aparecen sinalados uns 1.600 lugares e sitios, mentres que no "amillaramiento" de 1947 o número é lixeiramente superior: 1.651 predios. Se temos en conta que se perderon como mínimo oitenta microtopónimos entre 1752 e 1947 e os predios rexistrados na actualidade superan aos do Catastro, podemos supoñer que o minifundismo acentuouse neste tempo na parroquia de Meá.

CLASIFICACIÓN LÉXICO-SEMÁNTICA

Moitas veces os topónimos serven para establecer unha unidade lingüística e cultural entre pobos. No golfo Ártabro existe un sufixo de orixe prerromana: -obre. Na actualidade consérvanse preto de medio centenar de lugares con ese sufixo, a gran maioría deles dentro do espazo territorial que os historiadores clásicos lle outorgaban ao pobo coñecido como Ártabros ou Arrotrebas. -obre vén significar: "poboado situado en altura". Na península de Bezoucos e nas súas proximidades contamos con topónimos como Maiobre, Ixobre, Barallobre, Sillobre, Bañobre, Callobre, etc.

Para o estudo toponímico de Mugardos e algúns lugares limítrofes realizamos unha clasificación léxico-semántica. Clasificamos os topónimos en: orotopónimos, hidrotopónimos, fitotopónimos, zootopónimos, toponimia viaria, relacionados coa vida relixiosa, co asentamento humano, coa explotación e aproveitamento do terreo e, por último, derivados de "poseedores", tanto latinos coma xermánicos. En ocasións un mesmo topónimo pode ser incluído en varias subdivisións.

RELACIÓN TOPONÍMICA:

1. OROTOPONIMIA

1 a. Constitución do Terreo: *Area, Albela, Barral, Roiberal, Penelas, Ruibal, Lousa, Lousas, Pedras Albas, Pelado, Pelada, Penosa, Lodais, Lodeiro, Lamas, Cobos, Barreira, A Areosa, Sobre da Area, Area Morta, Area Grande, A Pedreira, Pedrós, Pedrachá, Pedrido, O Pedroso, Os Pedrosos, Monte das Pedras, O Penedo, A Penela, A Louseira, Lousido, A Lousada, Lamalonga, O Lodairo, A Lameira, Roibeiras, A Roiba, A Barrosa, As Barrosas, Barracido, O Campo, A Camposa, O Campón, Barreiro, A Area, Seixo, A Pena, As Pedras, Pedragoso, O Prado, O Pereiro, A Lousa, Pedregal.*

1 b. Elevacións: *Monte do Espiño, Requeixo, Cotarela, Monte, Picacho, Monte longo, Coruto da Revolta, Monte Pequeno, As Ribas, Lomba, Coruto de Abaixo, Alto da Pena, Monte, O Coto, O Peteiro, Outeiro, Cotellón, O Curuto, Coitelada, O Bailón, A Bailadora, Monte Grande, Monte Redondo, Monte Novo, Alto da*

Pena, Entre os Montes.

1 c. Zonas Chás: *Caibancas, Queibancas, Chanado, Cha, A Chaira, O Raso, Chao do Monte.*

1 d. Covas: *Cova da Figueira, A Garita, Cova dos Mouros, Cova, Covas, Foxo.*

2. HIDROTOPONIMIA

2 a. Augas Correntes: *Campo do Río, Regueiriño, A Regueira, Regueiral, Regueiras, Rilo, Río, Río Pequeno, Río Seco, Agarriós, Sar, Regueiro, Regueiro Cego, Rego.*

2 b. Mananciais: *A Fontegrande, A Fonte, Fonte Seca, Fontemerdeira, Fontevella, Fonte da Bulla/ do Seixo/ do Espiño/ de Prados/ de San Martiño/ da Queira/ da Fraga/ do Rego/ do Carballo/ do Sabugueiro/ do Cuco/ Picho/ da Cana/ de Lagartixas, Pozo.*

2 c. Augas Estancadas: *O Lago, As Lagoas, Corgo, Corgos, Estancado, Estancados, Pozas, Charca, Cabaneiro, Cabaneiros.*

2 d. Terras de Ribeira: *Beiramar, O Esteiro, Esteirón, Gaveiras, Escallos, Cabo, A Marnela, Punta Leiras, Os Lastrados, Faro, Costeira, Orillamar, Promontoiro.*

2 e. Outros: *A Barca, Redes, Almirantes, A Marnela, As Mareas, O Salto de Arriba/ de Abaixo, Boado, A Balsa, As Balsas, Barcia, As Barcias, Barcas.*

3. FITOTOPONIMIA

3 a. Árbores Froiteiras: *A Abeleira, Pumido, Figueirido, Nogueirosa, Maciñeira, Mazaído, Filgueiras, Castiñeiro, Pereira, Abeledo, Nogueiras, Cerdeiriñas, Figueiras, Pumariño, Castañeiro, Castañeira, Pereiro, Pereiras, Abeleiras, Castiñeira, Pumar, Nogueirido, Figueroa, Grandal.*

3 b. Outras Árbores: *A Amora, O Carballo, Ameneiro, Carballo, Marmulo, Pinabeta, Pinabetas, Aneiros, Cornido, Sabugueiro, Carballeira, Salgueiral, Olmeiros, Piñeiro, Loureiros, Salgueiro, Teixeira, Salgueiras, Ameneiros, Palmeira, Oliveira, O Bugallón, Carballal, Carballás, Cerqueiro.*

3 c. Cultivos: *As Viñas, Viñanova, Viña, Tras as Viñas, Fabás Millote, Fabar, Morteirado, Naveira, Naveiras.*

3 d. Outros: *Fieiteiras, Peras, O Xuncal, A Xunqueira, Bimbieira, Xuncedo, A Xesteira, Xestido, Abruñeiros, Toxo, Flores, Xardín, Xestal, Espiñas, Souto da Cana/ de Xoana, A Cañota, Bouza, Santaxes, Tilleira, Recinal, Landios, Cerneiros, Lestás, Fruxil, Silveira, Xestido, Moncedo, Espiño, Espiños, Xuncada, Panizo, Xunqueiros, Cardoeiro, Cardoeira, Cardeiriño, Brado, Corrada, Canaval, Canedo, Canado, Cascas, Canota, Canotas, O Feal.*

4. ZOOTOPOINIMIA

4 a. Animais Domésticos: *Monte da Cabra, Monte do Cabalo, Coto do Cabalo, Campo dos Carneiros, Galiñeiro, Cabalo, Galo, A Cabra, Gateiro, Cuchoso, Pito, Carnucho, Choca Pita, Costa da Pita, Pita.*

4 b. Animais Salvaxes: *Os Corzás, Cervás, Lobeira.*

4 c. Aves: *O Pombal, O Pegal, Pedra das Pegas, As Gaivotas, Carboeiro, Pegos, Paxaro, Paxaros, Merlo, Lavandeira.*

4 d. Outros: *Cantarrá, O Sardiñeiro, A Teupoeira, Sardiñas, Baralloca, Barallocas, Cárvido, Armeiro, Armeiros, Almeiros, Almeiras, Abelleira, Chichoso, Choca, Zancado, Arneiro, Xurela.*

5. TOPONIMIA VIARIA

Catro Camiños, A Gallada, O Curveiro, O Cal, Carreiras, Carreiros, Sendeiro, Corredoira, Paso, Porto, Carreiro, Carreira, Porta, Carretera da Estación, Ponte, Gallado, Pontellas, Brea, Caldoval, Camiño Grande, Camiño do Francés, Camiño do Castro, Camiño da Calzada, Confurco, Portela, Volta, Socamiño, Feira, Camiño, Camiño Vello, Revolta, Vieiros.

6. TOPÓNIMOS RELACIONADOS COA VIDA RELIXIOSA / HAXIÓNIMOS

O Cristo/ de Meá, A Cruz de Meá, Barreiro da Cruz, Freira, San Xiá, Arca das Ánimas, Cabildo, Igrexa Nova, A Igrexa, Rego dos Frades, Rectoral, O Convento, Monte das Ánimas, A Tenencia, San Antonio, San Victorio, Santa Lucía, San Telmo, San Martín, Capela, Cruceiro/ de Meá, Capilla, Catedral, Cementerio, Igrexario, Campanario, San Xoán, San Fernando.

7. TOPÓNIMOS RELACIONADOS CO ASENTAMENTO HUMANO

7 a. Toponimia Antiga e Medieval: *O Castro, Os Castros, O Casal, Vilares, O Vilar, Vigo.*

7 b. Vivenda e Agrupamento de Vivendas: *A Torre, As Torres, Os Casás, Casas Novas, O Pazo, Caserón, Cabanas, Arrueiro, Pazos, Casa, Casarón, Cabana, Cabaneiras, Casanova, Cabaneira, Casavella, Casa Blanca.*

7 c. Construcións Relacionadas coa Actividade económica: *Pelamios, As Telleiras, O Curro, Os Muíños, Muíño do Vento, O Dique, A Rampla, A Acea, A Malata, A Estación, Caseta, Casetas, Pallota, Pallotas, Cabaqueira, A Telleira, Vacariza, Fábrica, Lavadoiro, Lavadoira, Pardiñas, Peirao, Alimpadoiros, Cercado, Balados, Paredes, Boqueiro, As Cancelas, Armado, Cancela, Caseto, Cubo, Cubo de Fábrica, Cortes, Palleira, O Balado, Armada, A Graña, A Cancela, A Muralla, Alpendre, Palleiro, A Cerca, Porto, A Canteira.*

8. EXPLOTACIÓN E APROVEITAMENTO DO TERREO

8 a. Terreos de Labradío: *O Morteirado, Campolongo, Leiro, Chanteiro, Chantelos de Arriba/ de Abaixo, Agra, Agro, Cortiña, Novás, A Senra, A Rega, Lugar, Roza, Horta, AgraFonte, Terreo, Panceiras, Cortiñas, Gaiba, Gateira, Horta do Pan, Horto, Rozal, Horta do Río, Peza, Cotellón, Ferrado, Couto, Carteirós, Chousa, Rañoeira, Rañoeiro, Cuartos, Octavos, Terra, Leiro, Labradío, Leira, Leiras, Quintas, Tercios, Horta da Casa, Bouza, Prados.*

8 b. Terreos Incultos: *A Fraga, O Souto, Sequeiral, Pelado, Veque, Camposa,*

Catoira, Ermeiros, Fragavella, Fero.

8 c. Forma / Situación dos Terreos: *A Eira, A Redonda/ de Arriba/ de Abaixo, O Redondo, As Cancelas, A Chousa, Corralón, Redondelo, Peteiro, Peteira, Regoña, A Ragoña, Tenza, Volta, Revolta, Revolto, Revoltos, Xunto da Casa, Traseira da Casa, Escada, As Escadas, Cerrado, Cómaro, Punta da Eira, Punta da Pena, Eixo, Rodelas.*

9. DERIVADOS DE PROPIETARIOS

9 a. Latinos: *Noville, Meá, Reguengo.*

9 b. Xermánicos: *Seselle.*

9 c. Modernos: *Baamonde, Casteleiro, Benito, Francisco, Pérez, Xulián.*

AMILLARAMIENTOS (1947)

FRANZA

A

A.DE SOUTO	ABELEIRA	ABELEIRAS
ACCEA	ACEA	ACEA (A)
ACEAS	ACESA	AGRA DA FONTE
AGRAFONTE	AGRO	ALAMPADORES
ALIMPADO	ALIMPADOIROS	ALMIRANTE
ALMIRANTES	ALTO DA PENA	AMENEIROS
AMORA	ANTEIRO	ARANJUEZ
AREA	AREOSA	ARMADA
ARMEIRO	ARMEIROS	ARNEIRO
ARNEIROS	ARRIBAS	ARUMEIRO
ARUNEIRO	AVELEIRO	

B

B. ALEJO	B. DE NORDESTE	BAAMONDE
BAJOS	BALADO	BALADO (O)
BALADO DE ARRIBA	BALADOS	BALEIRA
BALEIRA	BALSA	BALSA (A)
BALSA (LA)	BALSAS	BAÑO
BAÑO GRANDE	BARCIA	BARCIAS
BARRA NOVA	BARREIRA	BARREIRO
BARREIRO DA CRUZ	BARRO	BARROSA
BARROSA (A)	BARROSA (LA)	BARROSAS
BARROSO	BASTIDA	BELLÓN
BENITO	BEQUE	BIEIROS
BILARIÑO	BLANCO	BOADO

BOCA	BOQUEIRO	BORREIRO
BORREIROS	BRADO	BREA
BUGUEIRO		
C		
C. DE ARRIBA	CA DA TAL	CABANEIRA
CABANEIRO	CABANEIROS	CABARQUEIRAS
CABO	CABO LEIRAS	CABRA
CABRA (A)	CABRA (LA)	CACHENLO
CADAVAL	CADOVAL	CAGAMEXA
CAGARRO	CAJA MEXA	CAL
CALAVEIRA	CALDOVAL	CALVA
CALZOBOS	CAMINO	CAMPANARIO
CAMPO	CAMPO DE ABAIXO	CAMPÓN
CAMPOSA	CANABAL	CANABAL DE ABAJO
CANABAL DE ARRIBA	CANADIDOS	CANADINOS
CANCEDO	CANCELA	CANCELA DE ABAIXO
CANCELA DE ARRIBA	CANCELAS	CANCELO
CÁNDIDO	CANDIOS	CANEDO
CANEDO DE ABAIXO	CANEDO DE ARRIBA	CANIDA
CANIDO	CÁNIRA	CANOTA
CANOTAS	CANSIDA	CAÑOLAS
CAÑOTA	CAÑOTAS	CAPILLA
CAPILLA DE LLOVIRA	CAPILLA LODAIRO	CARBAL
CARBALLAL	CARBALLO	CARBALLO DE ABAIXO
CARBALLO DE ARRIBA	CARDEIRIÑO	CARBANCAS
CARTELLE	CARRIDA	CARRERA
CARRETERA ESTACIÓN	CARSULLO	CARUELO
CASA BELLA	CASA BLANCA	CASA BLANCA DE ABJO.
CASA B. DEL MEDIO	CASA B. DO CAMIÑO	CASA DE LA FUENTE
CASA VELLA	CASABELLA	CASAL
CASAL (O)	CASAL DE ARRIBA	CASAL DEL MEDIO
CASAVELLA	CASCAS	CASCAS DE ARRIBA
CASCAS DE CORUTO	CASCAS SEIJO	CASCOS
CASETO	CASTELEIRO	CASTELLANO
CASTIÑEIRA	CASTRO	CASTROS
CASTROS (LOS)	CATOIRA	CEMENTEIRO
CENELLO	CERCA	CERDEIRAS
CERDEIRIÑAS	CERQUEIRO	CERRADO
CERVAZA	CJO	CINCHOSO
CINCHOSO (EL)	CIRUTO	COBA
COBA (DA)	COBA DO LOGO	COBOS
CODESAL	CÓMARO	CONDE

CONTA
 CORRADA
 CORTIÑA
 CORUTO
 COSTA DE PITA
 COUTO VIEJO
 CUBEIRO
 CUCA

CORBATAS
 CORTADORES
 CORTIÑA DE BARREIRO
 CORUTO DA REVOLTA
 COSTEIRA
 COVA
 CUBO
 CUCHOSO

COREOS
 CORTES
 CORTIÑAS
 CORUTO DE ABAJO
 COTILLÓN VILAR
 CRUCERO
 CUBO DE FÁBRICA
 CURUTO

CH

CHACOUTAS
 CHOCA (LA)
 CHOUSA DAS ARMAS
 CHOUSA DE CANCELO
 CHOUSA DO MEDIO
 CHOUZA IGLESIA

CHANADO
 CHOUSA
 CHOUSA DE BAIXO
 CHOUSA DE S.VICTORIO
 CH. DOS BARREIROS

CHINCHOSO
 CHOUSA DA IGLESIA
 CHOUSA DE BARREIROS
 CHOUSA DE VILARIÑO
 CHOUZA

D

DINOS

DONAS

E

EFIMO
 EIXO
 ERMEIROS
 ESCADA
 ESCADAS
 ESTANCADOS
 ESPÍNAS
 ESPÍÑOS

EIFIMO
 ENSENANDA
 ERNEIRO
 ESCADA (LA)
 ESCALLOS
 ESCOLLOS
 ESPÍÑO

EIJO
 ENTRE LOS MONTES
 ERNEIROS
 ESCADA DE ARRIBA
 ESTANCADO
 ESPÍÑA
 ESPÍÑO DE VILAR

F

FABÁS
 FAFOS
 FEAL
 FIGUEIRAS
 FOXO
 FONTE DA CANA
 FRAGA
 FRAGA DE ABAIXO
 FRANZA DE ARRIBA
 FUENTE (LA)

FÁBRICA
 FAIBA
 FENE
 FLORES
 FONTE
 FONTE PICHÓ
 FRAGA BELLA
 FRANZA
 FREIRA
 FUENTE DE LAGARTIJAS

FÁBRICA DEL SEIJO
 FALIA
 FERMEIROS
 FOJO
 FONTE (DA)
 FORJA DE PAN
 FRAGA VELLA
 FRANZA DE ABAJO
 FUENTE

G

GAFO
GAFO DE CORUTO
GAIBA DE ARRIBA
GALEGA
GALLADO
GARATO
GATEIRA
GAVIA
GESTEIRA
GRANDAL
GÜIÑA

GAFO DE ABAJO
GAFOS
GAIBOTAS
GALERÍA
GANCHO
GAROCHO
GATEIRO
GAVIOTA
GLORIA
GRAÑA

GAFO DE ARRIBA
GAIBA
GAITEIRO
GALLADA
GARATA
GARROCHO
GAVEIRAS
GESTAL
GLORIA (LA)
GUIÑA

H

HERMEIROS
HIDREIRO
HORTA DO RÍO
HUERTA DEL PAN

HERMEIROS DE ARRIBA
HIRMEIRAS
HUERTA
HUERTO

HERMINOS
HIRMEIROS
HUERTA DE CASA

I

IDREIRO
IGLESIA (LA)

IGLESARIO
IGLESIAS

IGLESIA
IRMEIRO

J

JAFO DE ABAJO
JARDÍN
JUIÑA
JUNQUEIROS

JAFO DE ARRIBA
JUANA
JUNCADA
JUNQUERA

JAQUEIRA
JUBÍN
JUNQUEIRA
JUNTO DA CASA

L

LABANDEIRA
LAGOA
LANDIOS
LEIRA
LIMPIADOR
LODAIS
LOUREIRO
LOUSADA
LUGAR

LABRADÍO
LAMAS
LAVADOIRA
LIMPADOIRO
LODAIRO
LODEIRO
LOUREIROS
LOUSAS
LUGAR (EL)

LAGO
LAMBORES
LAVADOIRO
LIMPADOIROS
LODAIRO DE ABAJO
LOSAS
LOUSA
LOUZAS DE CARBALLO
LUGAR DE VERGARA

M

MACIÑEIRA
MADRILLA

MACIÑEIRAS
MADRIELA

MACHADO
MAINEDO

MAIÑEIRO
 MANILLA
 MARMULO
 MARNELO
 MENOS
 MEXOTE
 MONTE
 MONTE GRANDE
 MONTE PROPIO
 MORTEIRADO DE ABJO
 MURALLA

MANCIA
 MARIÑEIRAS
 MARMULLO
 MARTIÑO
 MESTRA
 MONCEDO
 MONTE DE PRADOS
 MONTE LODAIRO
 MONTE REDONDO
 MORTEIRADO DE ARRBA

MANCIÑEIRO
 MARIÑEIRO
 MARNELA
 MENCINEIRO
 MESTRA (LA)
 MONCIDO
 MONTEGRANDE
 MONTE NUEVO
 MORTEIRADO
 MORTEIROSO

N

NAVALLAS
 NEVALLOS
 NOGUEIRAS
 NOVILLA

NAVALLOS
 NIBAR
 NOGUEIRIDO
 NOVILLE

NAVEIRAS
 NOGUEIRADO
 NOVALLO
 NUVILLE

O

OLIVEIRA
 ORILLAMAR

ONTEIRO
 OUCERO

ONTEIRO DE ARRIBA
 OUTEIRO

P

P. DE CACHANDO
 PANIZO
 PAZO
 PE DA GAITA
 PECHEIRA (LA)
 PEDRAGOSO
 PEDRAS ALVAS
 PEDREIRA
 PEGAL
 PELADO
 PENOSA
 PERAS
 PEREJO
 PERILLO
 PICHÓ
 PIEDRAS
 PINAVETA
 PITO
 PONTE DO PAZO
 PORTA DA MAESTRA

PÁJARO
 PARDIÑAS
 PAZO (O)
 PE DE GAITA
 PEDRA ALBA
 PEDRAS
 PEDREGAL
 PEDREIROS
 PEIRAO
 PENELA
 PENSO
 PEREIRAS
 PÉREZ
 PICACHO
 PICHÓN
 PIELES
 PINAVETAS
 POMBAL
 PORTA
 PORTA DE CARTELLE

PÁJAROS
 PAREDES
 PAZOS
 PE DO SOUTO
 PEDRA DO COUTO
 PEDRAS ALBAS
 PEDREGOSO
 PEDRÓS
 PELADA
 PENETE
 PEÑA
 PEREIRO
 PERGOZO
 PICACHO PUMIDO
 PIEDRA SALVA
 PINAR
 PITA
 PONTE
 PORTA DA PENA
 PORTA DO TORO

PORTEJO
 POZO
 PRADO
 PRADO DE ABAJO
 PRADO DO MEDIO
 PREGOSO
 PROPIO
 PUERTO
 PUERTO PENIQUEIRO
 PUMIDO DE ARRIBA
 PUNTA DA PENIA

POZAS
 POZO DE LA CRUZ
 PRADO DA FONTE
 PRADO DE ARRIBA
 PRADO NOVO
 PREGOZO
 PUERTA
 PUERTO DE EULALIA
 PUMAR
 PUNTA
 PUNTA LONGA

POZAS (LAS)
 POZO DE LA SEÑORA
 PRADO DAS PEREIRAS
 PRADO DO LAGO
 PRAGO BALEA
 PREGUNTOIRO
 PUERTA DEL CURA
 PUERTO DEL SEIJO
 PUMIDO
 PUNTA DA EIRA

Q

QUINTAS

R

RANORA
 REBOLTA
 RECENAL
 RECTORAL
 REDONDO
 REGO
 REGUEIROS
 RETORAL
 REY DE MIÑO
 RIEGO
 RÍO (DO)
 RÍO SEIJO
 RIVAS
 RODELAS
 ROIBAL
 ROSABELLA DEL ESTE
 ROZA

RAÑOAL
 REBOREDO
 RECENEL
 REDELO
 REGA FONTE
 REGUEIRA
 REQUE
 REVOLTA
 REY DO MIÑO
 RIEGO DE BARREIRO
 RÍO DE NOVILLO
 RÍO DEL SEIJO
 RIVEIRA
 RODELOS
 ROSA
 ROSA PITA
 RUIBAL

RAÑOAS
 REBOUREDA
 RECINEL
 REDONDA
 REGATEIRA
 REGUEIRO
 RESEJO
 REY
 RIBAS (LAS)
 RÍO
 RÍO SECO
 RÍOS
 RODAIRO
 ROIBA
 ROSABELLA
 ROSAVELLA DEL OESTE

S

SAAVEDRA
 SAN JUAN
 SAR
 SEAÑO
 SEIJO
 SENANDE DE ARRIBA
 SERRÁN
 SILVEIRA

SALGADO
 SAN MARTÍN
 SARDINAS
 SEIJA
 SEIXO
 SENRA
 SESELLE
 SILVERIO

SALGUEIRO
 SAN VICTORIO
 SATAYUDO
 SEIJAS
 SENANDE
 SERNEIROS
 SETEYUDES
 SILVEIROS

SIRMEIROS
SOUTO
SOUTO DE XUANA
SUEIRAS DE ARRIBA

SOBRE LA FUENTE
SOUTO DA CANA
SUARDIÑAS
SUIRELA

SOTO XUANA
SOUTO DA FONTE
SÚAS VIÑAS

T

TABLEIRO
TEJEIRA VIEJA
TEJERO
TEMBENTA
TENZA DE ARRIBA
TERRA DA VILA
TIMBENTA
TORÍN
TRANSFORMADOR

TEJEIRO
TEJEIRO
TELLEIRA
TEMPA
TERCIO
TERRA DE VILA
TOJERO
TORRE
TUMBADOIRO

TEJEIRA
TEJERA
TELLEIRO
TENZA DE ABAJO
TERCIOS
TILLEIRA
TOJO
TORRES

U

UNIÓN

V

VACARIZA
VEIRAMAR
VIEIROS DE ABAJO
VILAR
VILARMARÍN
VIÑA
VIÑAS (AS)

VALE
VICTORIO
VIEIROS DE ARRIBA
VILARES
VILARIÑO
VIÑA DE BARCA
VUELTA

VALES
VIEIRAS
VIEIROS
VILARES DE ABAJO
VILAS
VIÑA GRANDE
VUGUEIRO

X

XARABÍN
XOANA
XUANA
XUNQUEIRA

XARDÍN
XOTO DE XUANA
XUNCEDA

XESTIDO
XUAN
XUNCEDO

Z

ZANCADO
ZUNCARDOS

ZANCADOS
ZUNCARDOS DE ABAIXO

ZUNCADOS

MEÁ**A**

ABRUÑEIRO
AGUILLAS DE ALBAY
ANEIROS
AREOSA
ARMEIROS
ATRÁS

ACEA
ALPENDRE
ANGURIO
ARES (LOS)
ARTÁS
AUCARÉS

ADRES (OS)
AMENEIRO
AREA GRANDE
ARES (OS)
ASTÁS
AUTOPES

B

BAILÓN
BALADO DE ARRIBA
BARALLOCAS
BARCAS
BARREIRAS (LAS)
BASTIÁN

P. BAILÓN
BALADOS
BARCA
BARREIRA
BARREIRO
BENITA

BALADO
BARALLOCA
BARCA (LA)
BARREIRA DA CRUZ
BARREIROS
BUGUEIRO

C

CABALLO
CABRA (LA)
CABRAS
CALBALLÁS
CALO
CNO. AREOSA
CAMINO VIEJO
CAMPÓN
CANTEIRA
CAÑOTA (A)
CARBAIXALES
CARBOEIRO
CARDOEIRO
CARREIRAS
CARTEIRÓS
CASALES
CASARONE
CASAL (O)
CASAS VIEJAS
CASILLA
CASTAÑOS
CASTIÑEIRO
CESTEIRÓN
CORDENEIRO

CABARCOS
CAGALLAS
CAIBANCAS
CALA
CALLOTAS
CAMINO GRANDE
CAMIÑO (DO)
CANA (DA)
CANTERA
CAÑOTAS
CARBALLAL
CARDIDO
CARIÑO
CARREIROS
CARTELLE
CASANOVA
CASAL
CASAL DE ABAJO
CASÁS
CASTAÑEIRA
CASTELEIRO
CAZARRÓN
CIÑANOVO
CORTIÑA

CABO DE LEIRAS
CAGALLOS
CAL
CALDOVAL
CAMINO (SOBRE)
CAMINO VELLO
CAMPO
CANCELA
CAÑOTA
CARALÉS
CARBALLO
CARDOEIRA
CARNEIRA
CARRETERA (ARRBA)
CASA
CASARÓN
CASAL (EL)
CASAL DE ARRBA
CASÁS (LOS)
CASTAÑEIRAS
CASTIÑEIRA
CERDIDO
COBA
CORZÁS

COTARELA
COTO (DEL)
CRUCERO DE MEHÁ
C.DE M.DE ABAJO
CUADRA

COTO
COTOS
CRUZ
C.DE M. DE ARRIBA
CUBOLLAL

COTO (EL)
COUTO (DO)
CRUZ DE MEHÁ
CRUZ DO LAGO

CHANTELO
CHOUZA DE P.
CHOUZA PENEDO

CH
CHANTELOS
CHOUZA

CHOUZA
CHOUZA DE GAIBA

ERLÁS
ESLÁS
ESTÁS

E
ESCALERILLA
ESPIÑAS
ESTEIRO

ESCRIBANO
ESTACIÓN
ESTEIRÓN

FÁBRICA
FERO
FOJO
FONTEGRANDE
FTE. DE BRILLE
FRAGA
FRANCISCO
FROIXIL
FRUXIL

F
FEAL
FIEITEIRAS
FONTE
FTE.DA BULLA
FTE. LOCAYO
FRAGAVELLA
FROGIL
FROXIL

FEAL (DO)
FIGUEROA
FTE. BELLA
FTE. DA REGA
FTE. SAGRADA
FRAGIL
FROISEL
FRUSIL

GAIBA
GALEGOS
GALIÑEIROS
GATEIRO
GRANDE
GUILLAR

G
GAIBA DE ARRIBA
GALILLEIRO
GALO
GESTAL
GRAÑA
GUILLAR DE ABAJO

GAITEIRO
GALIÑEIRO
GALLEGOS
GESTEIRA
GUILLÁN
GUARDA LOBO

H
HUERTA

H
HTA. DA CASA

J
JUBIAS

J
JULIÁN

JURELA

L

LABRADÍO
LAGO (DEL)
LARTAS
LOBO (DEL)
LODAIRO
LUGAR
L. DO CHUCO
L. LOLO

LADO
LAGOA
LASTÁS
LOBO (DO)
LOMBA
LUGAR DE ARRIBA
L. DO LOBO
LUMIN

LAGO
LAGOAS
LOBO
LOCAYO
LOUREIRO
L. DE PARGA
L. DO MONTE

LL

LLOPALLEIRO

M

MACHADO
MEHÁ
MOLINO
MONTE ARRIBA

MALAYA
MERLO
MOLINO DE VICENTE
MUGARDOS

MARMULO
MEXOTE
MOLINO DE VIENTO

N

NOVÁS

NOVILLE

O

OUTEIRO

P

PALMEIRA
PALLOTA
PASANDINO
PEDRA SALVAS
P. DE ARRIBA
PEDROSO
PENEDO
PENELA
PEPA DA CRUZ
PEREIRO
PIEDRAS
PIÑEIRO
PORTA
PORTO
PREGUNTOIRO
PROMONTORIO

PALLEIRA
PALLOTAS
PAZO DA CRUZ
PEDREIRA
PEDREIRAS
PEJOS
PENEDO (EL)
PENELAS
PEREIRAS
PEREIRO
PILÓN
PISONA
P. DE CARBALLAL
POZAS
PROMARIÑO
PUMARIÑO

PALLEIRO
PANETO
PEDRA DO COUTO
PEDREIRA DE ABAJO
PEDRÓS
PEN
PENEDO PIÑEIRO
PENOSA
PEREIRAS (LAS)
PIATEIRA
PINOS
PIZONA
P. DE TERRA
PRADO
PROMARIÑOS

Q

QUEIBANCAS

QUINTANCAS

R

RAFEIRO
REDONDELO
REGUEIRA
REGUEIRO
REGUENJO
REQUEJO
RIBA
RIEGA
ROIBEIRAS
ROZALES

RAÑOeira
REGA
REGUEIRAS
REGUEIRO DE ABAJO
REJENJO
REVOLO
RIBA DA VELLA
RILO
ROSARIO

RAÑOeiro
REGO
REGUEIRIÑO
REGUEIROS
REQUEIJO
REVOLTA
RIBA DA VOLTA
RÍO DA VELLA
ROZAL

S

SABUGUEIRO
SANTA LUCÍA
SARES
SASTRE
SEAÑO
SILVEIRA
SOCAMIÑO
SOUTO
S. DE CHANTELOS

SALGUEIRAL
SANTAJES
SARTAXES
SAURA
SEBASTIÁN
SO
SOCARIÑO
SOUTO DA CANA
SUCAMIÑO

SALIÑeiro
SANTA-XES
SARTAXIAS
SEAÑA (LA)
SERRÓN
SOA MANEIRA
SOTO D'XUANA
S. DE CHANTELO
SUSAPETA

T

TAS
TILLEIRA
TRASERA DE CASA

TERRENO
TORRES (AS)

TIERRA
TRABANCA

V

VAQUEIROS
VIÑA GRANDE
VIUDAS (LAS)

VÍCTOR DA VILA
VIÑA NOVA

VILARIÑO
VIÑAS

X

XANVENDAS

XANSIA

XASTRE

MUGARDOS**A**

A. GERISCOS
 AGARRÍO
 AGRO EN PONTELLA
 A. DE ABAJO
 ALVELO
 ARCA ÁNIMAS
 ARES
 APELÓN

ABRUÑEIRO
 AGARRÍOS
 ALBELA
 ALMEIRAS
 AMENEIROS
 ARENOSA
 ARES (LOS)

ACEA GUISCOS
 AGRO
 A. DE ARRIBA
 ALMEIROS
 ANGURIZ
 AREOSA
 ARMEIROS

B

BAILÓN
 BALSAS
 BAÑO DE ARRIBA
 BARLOSOS
 BARREIROS
 BERTO
 BESTA RUZA
 BLANCO (EL)
 BRAMEIRAS
 BUGALLÓN

BAILOSOS
 BAÑO
 BARBAIZOS
 BARRAL
 BARROS
 BERTUCO
 BESTARUZA
 BOCACHA
 BRAVA

BALADOS
 BAÑO (EL)
 BARCIAS
 BARREIRO
 BASTEIRO
 BESTAROUZO
 BETO
 BOUZAS
 BRAVA (LA)

C

CABALO
 CABO LEIRAS
 CAIBANCAS
 CALLE
 CAMPOS
 CÁNTARO de la MARINA
 CAÑOTAS
 CARCA NOVA
 CARNUCHO
 CASA VIEJA
 CASAS BELLAS
 CASETA
 CATEDRAL
 CERBALLO
 COBA (tras da)
 COBO
 CORGOS
 CORNIDO

CABANAS
 CACHUMBA
 CALAS (LAS)
 CAMPO
 CANDOCIA
 CACHUMBA
 CARCAMÓN
 CARDACHA
 CARRETERA
 CASAL
 CASARÓN
 CASETAS
 CEMENTERIO
 CERCA
 CERRADA
 COBOS
 COJO
 CORRALÓN

CABILDO
 CADAVAL
 CALDOVAL
 CAMPO (DO)
 CANIDO
 CANCELA
 CARCAMONA
 CARDIDO
 CASA CAÍDA
 CASAL DE ABAJO
 CASERÓN
 CASTAÑO
 CEMENTERIO (tras del)
 CERCA ÁNIMAS
 COBAS
 COCHERA
 COJO (EL)
 CORREDOIRA

CORTIÑA CORZÁS CRUCEIRO (O)	CORTIÑA BAÑO COTELLÓN CRUCERO	CORTIÑA de SIMOU CRISTO CUARTOS
CHA (EL) CHOUSA DE CRISTO	CH CHANTEIRO CHOUZA DEL CRISTO	CHOUSA
DEMONTE	D DOCAYA	
ESPASANTE ESTRABÍS	E ESPIÑO ESTRAVIZ	ESTEIRO
FARO FIGUEROA FORO FRAGAS FUENTE DEL CUCO	F FERMÍN FONTE FRAGA FRAGA DO REY FUENTE GRANDE	FIGUEIRAS FONTE DA BULLA FRAGA DE PONTELLO FUENTE
GALÁN GANUCHO GESTEIRA GRANXAS	G GALLEGOS GARRÍOS GOLPE GRILA	GANGOS GELPIS GRANJA DE BAÑO GUIÑA
HORTA DE ESTEIRO HTA. DE CASA HUERTAS	H HUERTA HTA. DE ESTEIRO	HTA. DAS ÁNIMAS HTA. DE GALÁN
IGLESARIO IGLESIAS	I IGLESIA	IGLESIA NUEVA
	J JAIBA	
LABRADÍO LAGOA (DA)	L LAGO LAGOA DE ABAJO	LAGOA L. DE ARRIBA

LAMBORCA
LAMEIRO
LOBEIRA
LOMBA
LOUREIROS
LOUSIDOS
L. DE BABÍO

LAMBORES
LAUSIA
LOBO
LONGA
LOURIDO
LUGAR (EL)
L. DE MANGUELA

LAMEIRA
LEIRAS
LOBOS (LOS)
LOUREIRO
LOUSIDO
L. DE ABAJO

M

MALAYA
MARÍAS
MONTE PEQUEÑO
MUG. DE PORTELA

MANGUELA
MERLO
MUGARDOS

MANLLELA
MONTE
MUG. DE ARRIBA

N

NAVEIRA

O

OLAYA
OLMEIROS

OLAYA DE LA CASA
OUTEIRO

OLIVEIRA

P

PALLOTA
PASANTES
PAYOTA
PEDRAS
PEDROSAS
PEDROSOS
PELAIMOS DE ARRIBA
PEQUEÑO
PETEIRO DE ABAJO
PETRA
PINAR
PINO (EL)
PITA DE ABAJO
POLAINOS
PONTELLAS
PORTO MACEIRAS
PREGUIZA
PROMARIÑO DE ABAJO

PALLOTAS
PASO BAÑO
PAYOTE
PEDREIRA
PEDROSO
PEGAL
PELAINOS
PETEIRA
PETEIRO DE ARRIBA
PEZA GRANDE DE CORNIDE
PINO
PIÑEIROS
PITEIRILLA
POLVORÍN
PORTELLAS
PRADOS
PREMONTOIRO
PUMARIÑOS

PAREDES
PASO ROQUE
PEDRA DO COUTO
PEDROSA
PEDROSO DE ABAJO
PENEDO
PEPE LEITE
PETEIRO
PETEIRO (EL)
PIEZA GRANDE
PINO BAÑO
PITA
POLAINAS
POMARIÑO
PORTELLAS
PRAGA
PROMARIÑO

R

RAITEROL

REGA

REAL

REDONDA
REGUENGO
REVOLTOS
RÍO PEGROZO
ROIBERAL

REDONDO
REVOLTA
RIVAS
RÍO SECO
ROZA

REGO GRANDE
REVOLTO
RIVERO (EL)
ROIBEIRAS

S

SALGUEIRAL
SAN MARTÍN
SARDIÑA
SEAÑO
SIMÓN

SAN ANTONIO
SAN XIÁ
SAU FON
SENDERO
SIMOU

SAN FERNANDO
SANTA LUCÍA
SEAÑA
SEQUEIRAL

T

TEJERA
TIERRA

TELLEIRO

TEIROS (DO)

U

URBANO

V

VAQUEIRO
VIÑA
VIÑAS

VAQUEIROS
VIÑA (LA)
VISTA ALEGRE

VENTUREIRA
VIÑA DO HORDIA
VUIA

X

XANSIA

XANXIA

XARRIGAL

Z

ZANCHA

PIÑEIRO

A

ABELEDIO
ABELEIRA DE ARRIBA
AGRA FONTE
ARMADA
ARNEIRO

ABELEIRA
ABELEIRAS
AIRE
ARMADA (LA)
ARRIBA

ABELEIRA DE ABAJO
ABELLEIRA
ALMIRA
ARMADO
ATAJEA

B

BABERNA

BABERNO

BAIXOLO

BALIXA
BELLO DE ABAJO
BOLEIRA

BALSA
BEQUE
BOUZA

BEDO ABAJO
BOADO
BRADA

C

CABAQUEIRA
CAL
CAMPELA
CANCEL
CAPILLA
CARBALLO
CASA BELLA
CASAL (DO)
CASILLAS
CERCADO
CERDEIRIÑAS
CORTES
COTO
CRUCEIRO
CRUZ

CABARQUEIRA
CAL DE ARRIBA
CAMPO
CAÑOTA
CAPILLA LODAIRO
CARREIRO
CASABELLA
CASCAS
CASTRO
CERCADO DE CORTES
CERTA VILA
CORTES de ABAJO
COTO DE EIJO
CRUCERO
CTO. De ARRIBA

CAGA E MEXA
CAMINO GRANDE
CANCE
CAÑOTAS
CARBALLEIRA
CARRETERA del SEIJO
CASAL
CASILLA
CERCA
CERCEDO
COCIDO
CORTES de ARRIBA
COSTA DA RIBEIRA
CRUCERO de ABAJO

CH

CHARCA
CHOCA PITA
CHOUSA do RÍO

CHAO DO MONTE
CHOUSA
CHOUSA dos BARREIROS

CHOCA
CHOUSA GAFO
CHOUZA

D

DAFONTE

DODAIRO

E

EIJO
EIXO DE ARRIBA
ESCAÑOS
ESTANCADAS

EIJO DE ABAJO
ERA DE CORTES
ESPIÑO
ESTANCADO

EIXO
ESCALLOS
ESTACIÓN

F

FABAR DO MEDIO
FOJO
FONTE DE ABAIXO
FONTE dos ACEITEIROS
FRANCÉS

FERIA DEL CUATRO
FONTE
FONTE DE LODAIRO
FOXO
FRANZA DE RIBA

FERRADO
FONTE (DA)
FONTE DO ESTANCO
FRAGA

G

GALÁN
GALLARDIO
GONZÁLEZ

GALLADA
GATEIRA

GALEGA
GUES DA FONTE

H

HUERTA

HUERTA DE CASA

I

IGLESARIO

IGLESIA

J

JARDÍN

JUMBADOIRA

L

LAS
LEIRO DE ABAIXO
LENÓN
LODAIRO DE PAU
L. de ABAJO
L. de RÍOS
LUGAR VELLO
LUGAR DE LODAIRO

LEIRA
L. de ABAJO
LIRO
LODEIRO
L. de ARRIBA
LUGAR
LUGAR DA FONTE

LEIRO
LEIRO de ARRIBA
LODAIRO
LOUREIROS
L. de CHOSA
LUGAR NOVO
LUGAR DE GONZÁLEZ

M

MONTE LONGO
MONTE PROPIO

MONTE PEDREIRA
MOUCIDO

MONTE PEQUEÑO

O

OBEIRO
OLIVEIRA

OCTAVOS

OLEIROS

P

PAGO
PEDREIRA
PENEDO
PEREIRAS
PERELAS
PICHO
PITA
PITAS
POLAIRA
POZO

PAINCEIRAS
PEDRÓS
PENEDO (DO)
PEREIRO
PERITO
PINAVETA
PITA DE ABAJO
PITA DE REGUSO
POMAR
PRADO

PAZO
PEIRALLAS
PENELAS
PERALAS
PERURES
PIÑEIRO
PITA DE ARRIBA
PLEITO
PONTE DO RÍO
PRADO SEIXO de ABXO.

PRADO de CHSA. do RÍO
 PORTA DA VILA
 PTE. DE PIEDRA
 PUNTA

PRIMEIRO
 PTA. DE MOURO
 PUERTA

PRUMIDO
 PUENTE
 PUMIDO

Q

QUINTAS

RAGOÑA (LA)
 REGA
 REGUEIRAL
 REQUE DE ARRIBA
 RÍO LEIRO

R
 RAÑOAL
 REGOÑA
 REGUEIRAS
 REVOLTA
 ROSAS

REDONDO
 REGUEIRA (LA)
 REGUEIRO
 RÍO

SADA (DE)
 SAN XOÁN DE PIÑEIRO
 SAR DE ARRIBA
 SOTO

S
 SALGUEIRO
 SAR
 SEIXO

SAN JUAN
 SAR DE ABAJO
 SITIO DE CASA BELLA

TABAQUEIROS
 TEMPOEIRA
 TEMPUEIRA

T
 TEJERA
 TEMPOEIRO
 TERCIOS

TELLEIRA
 TEMPOURA
 TEUPUEIRA

VIERAS
 VIÑA
 VIÑAS (TRAS AS)

V
 VILA
 VIÑAS

VILAR
 VIÑAS (DAS)

Z

ZANCADOS

CATASTRO DE ENSENADA (1752): TOPONIMIA DA PARROQUIA DE MEÁ AUSENTE NOS AMILLARAMIENTOS DE 1947

AMOREIRA (MOREIRA)
 ANIDO

A
 ANGUEIRA
 AUGARÍOS

ANGURÍS

	B	
BALADO (SO)	BASTIDA	BEQUE
	C	
CAÍNZO	CALEJÓN	CALLEJÓN
CAMIÑO	CAMIÑO (SOB)	CAMPO DE CHANTELOS
CAMPO DO FIDALGO	CANTEIRO	CANTEIROS
CAÑAS	CARRETEIROS	CARVALLÁS
CASAVELLA	CASALES	CASTAÑEIRO
CIROLA	COLMEAS	CORTIÑAS
COSTEIRA		
	CH	
CHOUSA DA CANCELA	CH. DA CRUZ	CH. DA REGUEIRA
CH. DE MEÁ	CH. DE REVOLTAS	CH. DO CAMPANARIO.
CH. DO REGUEIRO		
	F	
FABEIRO	FERREIRAS	FESTAL
FIGUEIRA	FRANCISCO PÉREZ	
	G	
GAIBAS	GALÁN	GOLDROS
GOLPE		GREGUES
	H	
HORTA DO REY	HORTA DO REY (SOA)	
	I	
	INJERTOS (ENGERTOS)	
	L	
LAGAR (SO)	LAGO DE GARRA (DAGARRA)	LAMEIRO
LEDOS	LEIRO	LOUREIROS (SO OS)
LUGAR DE AVAJO		
	M	
MEÁ	MONTE DO CAÍNZO	
	N	
NOGUEIRA	NOGUEIRAS	

PEDRO DÍAZ

P
PEREIRA

PUNTA LONGA

REBOLTAS
REGA DA BARCA
REGAS DE RILO
RÍO

R
REBOLTAS DA BARCA
REGA DE RILO
REGUEIRO DA FONTE
ROCIÑAS

REBORDELO
REGAS
REGUEIRO DE MEÁ

SEIJOS
SOUTO DE VILA

S
SIMOU

SOUTO DE RILO

TORRE

T
TORRENTE

VILARES

V
VIÑA REDONDA

FONTES CONSULTADAS

Catastro do Marqués de la Ensenada (1752): Parroquias do concello de Mugardos: Santiago de Franza, San Vincenzo de Meá, San Xiao de Mugardos, San Xoán de Piñeiro. Fondo Real Intendencia de Galicia. Arquivo do Reino de Galicia. A Coruña.

"Acta de reconocimiento de la línea límite y señalamiento de los mojones comunes a los términos municipales de Ares y de Mugardos" (1929). Dirección General del Instituto Geográfico y Catastral. Madrid. Arquivo Municipal de Mugardos (AMM).

Franza. Contribución Rústica. Amillaramientos (1947-1955). AMM.

Meá. Tributación. Contribución Rústica. Amillaramientos (1947). AMM.

Mugardos. Riqueza Rústica. Amillaramiento (1947). AMM.

Piñeiro. Amillaramiento da Riqueza Rústica. (1947). AMM.

Catastro do concello de Mugardos (1956-7). Delegación Provincial del Ministerio de Hacienda. A Coruña.

Nomenclátor. Xunta de Galicia. Parroquias do concello de Mugardos.

APUNTAMENTOS DA SANIDADE EUMESA. A BOTICA DE ZAMORANO (1874?-2004)

Xosé Paz Fernández

Pretender escribir algo sobre unha temática na que un se ve metido a cotío, e da que forma parte, ten dúas consecuencias: a que o leva a que coñeza mellor o tema ca outros, alleos a ese vivir momento a momento nese lugar; e a outra (quizais a peor para o autor) que é a do respecto que o enche ao redactalo, polo aquel de se estará ben isto, se será suficiente e por que non pescudaría máis e mellor neste tema.

Quizais un non sexa a persoa máis axeitada para avanzar nestas liñas, pola responsabilidade que pode representar, pero xa embarcado nesta tarefa, pretendo levala ao cabo encetando esta recompilación de datos achegados ás miñas mans. Algúns extraídos de documentos familiares, outros achados no Arquivo Municipal de Pontedeume (A.M.P.) durante a pescuda que noutroa fixen para o Cancioneiro Popular Eumés (Iª e IIª parte), e finalmente noticias e apuntamentos de última hora que encheron un baleiro de datas que non achabamos e que nos foron facilitadas polo amigo J. Sobrino, compañeiro investigador eumés. Todos eles nos darán a coñecer unha pequerrecha historia de feitos pasados e de xentes relacionadas coa sanidade: médicos, boticarios; e doutras que dalgún xeito tiveron conexión co establecemento ou desenvolvemento das boticas da nosa vila eumesa e que nos farán saber un pouquiño máis arredor das persoas que formaron parte dos servizos sanitarios noutroa en Pontedeume.

A MEDICINA


Ningún dubida de que o fin da Medicina é o ser humano, xa se encontre enfermo ou san, de aí o seu carácter humanista; ciencia na que se encontran parellas, dende hai moito tempo, varias ramas da curación; e ciencia que procura o benestar físico, mental ou social, sen trastornos de ningunha clase, e que fixo que o médico, o boticario e o medicamento naceran xuntos, pero por insinto e encarnados os dous primeiros nunha soa persoa.

O home na loita pola vida sentiu na súa propia carne a dor e instintivamente andou á procura dos remedios máis ou menos axeitados para aliviar a doenza que padecía. Pero os remedios non sempre resultaban efectivos e o home comezou a sentirse impotente ante a enfermidade. Como

tampouco coñecía a orixe dela, pensou en que podía ser cousa dos espíritos ou dos deuses que posuían o poder do ben e do mal, e por iso acudiu aos feitizos dos bruxos, compostos de raíces, plantas e moito misterio.

Así as lameiras, os baños, plantas, restos e partes de animais foron os precursores dos medicamentos. Os homes foron facendo pouco a pouco a distinción entre as plantas útiles e as que eran prexudiciais, e en canto aos residuos de animais tamén foron seleccionándoos pouco a pouco, podéndose dicir que foron avanzadas agoireiras do que logo no paso dos séculos se fixo: sintetizar ou illar vitaminas, soros, extractos, hormonas, vacinas, etc.


Xa na antigüidade a medicina e a farmacia foron practicadas conxuntamente polos sacerdotes exipcios e hebreos. Os gregos espallaron a Farmacia en Europa. Os romanos aumentaron moito o emprego de drogas medicinais. Na Idade Media a farmacia estivo cultivada especialmente polos monxes, encontrándose a alquimia e a superstición mesturadas con ela perante moitos séculos.



Pero os tratamentos curativos con estas cousas, tanto materiais como empíricas, foron evolucionando e quedaron nas mans dos médicos. Os árabes foron os que iniciaron a separación definitiva da Medicina da Farmacia, e así comezaron a existir os profesionais especializados en preparar os medicamentos que os médicos prescribían.

No século XIII foi publicada a Carta Magna de Farmacia, na que se declaraba incompatible o exercicio das dúas profesións e ilegal toda asociación entre médicos e farmacéuticos. Este último gremio pasou a ser un artesanado dependente dos médicos. Ao principio, só os monxes podían equipararse en coñecementos aos médicos universitarios, sendo o resto dos boticarios simples artesáns, expertos na confección dos medicamentos. Seguiron así as cousas ata case o século XIX, no que se comezou a empregar a verba farmacia-botica no sentido que arestora ten e que diferenciaba os médicos dos farmacéuticos. A verba máis axeitada para esa época sería botica, que vén de bote, xa que as raíces, extractos etc. se gardaban nos botes de cerámica.

Así mesmo os médicos-sanadores subdividíronse, e uns dedicáronse á cirurxía e outros a "escoitar aos pacientes" e diagnosticalos. Con estas separacións de traballos as profesións de médi-



cos e cirurxiáns quedaron illadas das boticas; deste xeito namentres o "profundador" estudiaba a enfermidade acababa recomendando ou receitando "algo" que ía ser preparado ou dispensado por outro compañeiro que completaría o fin do seu traballo: o boticario.

As raíces, herbas, substancias químicas, metais, barros, etc. pasaron a ser os preparados oficiais deste novo gremio científico dedicado a mellorar a saúde dos enfermos. E dentro deste, chegaron a existir verdadeiras sagas familiares de boticarios como veremos no decurso deste traballo.

En España no 1650 foi declarada a rama de Farmacia como Arte Científica. Os médicos seguiron a considerar moito tempo o boticario como un auxiliar menor, admitían a súa condición de técnico no medicamento, xamais a de humanista e moi poucas veces a de sanitario..., pero o boticario non servía ao medicamento, servía ao ser humano enfermo, anque nos remedios desta actuación humanística fosen en especial os técnicos.

O PORQUÉ DESTE TRABALLO

Como dicíamos antes, no tempo no que andamos á procura de apuntamentos para o traballo dos Cancioneiros Eumeses, achamos e limos moitas redaccións que nos empuxaron a tomar nota delas posto que estaban relacionadas coa nosa profesión, rama da sanidade, pensando en que algún día poderíamos empregalas para algunha colaboración. E vén a ser agora que co gallo de se cumprir os cen anos da existencia dunha das boticas eumesas, xurdiunos a idea de dar ao prelo unhas liñas que posuíamos sobre a súa orixe e historia. Con elas fixemos medrar e enriquecer o que xa tiñamos proxectado sobre a sanidade eumesa, e así logramos recuperar tamén moitos datos dos seus dirixentes e familiares, e de feito o logramos, e tamén coidamos que reconstruímos outros aspectos descoñecidos da sanidade que axudaron ao melloramento da calidade de vida e saúde dos eumeses nunha época xa moi arredada.

O interese que nos empurra a facer isto é o amor a unha profesión: a de mancebo de botica que o autor destas liñas profesa, dende hai corenta e catro anos, e así tamén intentar dar a coñecer o que xa dixemos antes, aspectos da sanidade eumesa noutrora, chea de moitos nomes de veciños da vila que chegaron a ter relación directa con ela.

HISTORIA LOCAL

A primeira referencia do A.M.P., tal como se fose a primeira pedra, para nós, do edificio da sanidade eumesa atopámola coa elección do primeiro médico oficial da vila, na persoa de Jacinto de Prado solicitante que é nomeado polo Concello o día 16 de xaneiro de 1775.

E se dicíamos denantes, que se en etapas máis ben antigas se tiña recorrido a moitos remedios empíricos, noutras xa máis avanzadas acódesese tamén polas crenzas aos remedios divinos, coa proliferación de misas, actos relixiosos, novenas, procesións, etc. para paliar os efectos das enfer-

midades daqueles tempos nos que veremos que predominaba a "peste". Dese xeito encontramos reflectido no A.M.P. no ano 1829 :

"En las casas consistoriales (...) a 22 de mayo de 1829, estando juntos los Sres. De Justicia y Ayuntamiento de ella, que abajo firman digeron: Que mediante la Reyna Nuestra Señora se halla gravemente enferma y el Soberano tener mandado se hagan rogatibas públicas para suplicar a la Divina Magestad la conserbación de la interesante vida de la Reyna Nuestra Señora, alivio de su enfermedad y restablecimiento de su salud, acuerdan: se haga rogación por tres días siendo el primero el domingo 24, siguiente 25 y 26 del corriente asistiendo los pendones, estando y durante dicha rogación estén cerradas las tiendas de comercio, comestibles, tabernas y aguardientes, para lo cual y concurrencia del vecindario para dirigir sus preces al cielo (...)"

Anque nestas datas aínda non se encontraba establecida ningunha botica na vila, achamos a mención dun boticario no Padrón municipal de 1838. Este veciño que se indica vive na praza de San Roque chámase Tomás Portal. Neste mesmo Padrón figura outro compañeiro de profesión que máis adiante exercerá na vila: Manuel Punín Grande, de 48 anos.

O APELIDO DUNHA BOTICA.

No ano de 1845, vaise iniciar en Pontedeume, con Inocencio Díaz Gutiérrez, o asentamento dunha sucesión ou saga de boticarios que continuará ata os tempos de hoxe. Non embarcante até uns anos despois desa data non será establecida a oficina de farmacia propia do seu fillo Antonio que será coñecida como a "Botica de Zamorano".

Indo ao Padrón Municipal de Pontedeume do ano 1845 acharemos a confirmación do empadroamento que acabamos de dicir:


"Inocencio Diaz y Gutierrez (natural de Vivero-Lugo) de 36 años, boticario, casado con Juana Burgos, de 20 años (Ferrol). Sus padres son: Nicolás Díaz (Vivero) y Luisa Gutierrez (Madrid). Los padres de Juana son: Tomás Burgos y Josefa Garrido."

E remitíndonos á documentación familiar deste apelido, atopamos que retrocedendo uns anos o pai de Inocencio xa posúe esa mesma profesión e que existe un *"Título de Boticario para D. Nicolás Díaz Fariñas, natural de la Villa de Biberos, Diocesis de Mondoñedo"*.

E o documento continúa: *"Nos Dn. Juan Diaz Boticario Maior de S. M. (...) Jueces, Alcaldes mayores, Examinadores perpetuos del Tribunal de Merito-Medicato de los Boticarios y cosas pertenecientes a la Facultad de Farmacia en todos los Reynos y Señoríos de S. M. (...) pare-*

Típica botica catalana sec. XVIII (Reproducción de Lola Anglada).





ció presente D. Nicolás Díaz Fariñas, Natural de Biberos, que es un hombre de baja estatura con una cicatriz grande bajo de la mandibula inferior y pelo castaño obscuro (...)"

A titulación está outorgada porque o estudante leva máis de "cuatro años con Maestros libremente, sin pena, ni calumnia alguna puede usar y exercer la expresada Facultad de Boticario, y los casos y cosas á ella tocantes y concernientes, en todas las Ciudades, Villas y Lugares de los Reynos y Señoríos de S.M., asentar y poner su Botica pública en ellos. Y del susodicho recibimos juramento de que releerá el Misterio de la Purísima Concepción de la Virgen María Nuestra Señora, de usar bien y fielmente su Facultad, y de dar a los pobres las medicinas que pudiere de limosna, lo que prometió cumplir. Dado en Madrid a nueve de septiembre de mil setecientos ochenta y cinco años."

Existe outro documento que nos fala deste primeiro "Zamorano", Nicolás, e que é un escrito de xustificación de orixe familiar pedido polo propio boticario sobre a súa dona, para o seu interese persoal e o dos seus fillos. Nos tempos que corrían, estas solicitudes estaban moi en uso e xeraban moito papelorio. Así este documento que consta de oito folios, abrangue seis declaracións de testemuñas veciñais entre os que se contan figuras rexedoras importantes da política local do lugar a onde se vai solicitar; e del recollemos só unha parte por ser moi longo. No encabezamento desta xustificación pódese ver un selo e ler o seguinte:

"HISPANIARUM REX CAROLUS IV - D.G.
SELLO QUARTO, QUARENTA MARAVEDIS, AÑO DE MIL OCHOCIENTOS Y DOS


D. Nicolás Díaz Zamorano, Vecino de la Villa de Vivero, Obispado de Mondoñedo, yestante ahora en esta de Torralba de Oropesa, ante Vm. en aquella via y forma, que mas aya lugar en derecho, parezco, y digo : Que combiene al derecho mio, y de mis Hijos (havidos en el legitimo, y único matrimonio, que he contrahido con mi Mujer D^a Luisa Gutierrez, natural de esta otra Villa) hacer autentica información, y tenerla en mi poder por donde conste sea esta hija de Padres honrados, y descendientes por una y otra linea de Gentes buenas y Christianos viejos, sin mezcla alguna de Moros, Judios y Hereges, ni de los nuevamente combertidos a nuestra Santa fe Catolica, ni de oficio o ejercicios viles. Y para que se verifique:

Suplico a Vm. se sirba admitirla y mandarla ejecutar, recibiendo solemne juramento a los tres testigos que estoy pronto a presentar (y lo mismo á otros tres ó quatro), que Vm. podrá examinar de oficio para Cumplida comprobación de lo dicho .


(...) de esta Villa de Torralba en donde así lo mandó y firmó el Sr. Juan She de Rivera, su Alcalde ordinario a tres de Junio de mil ochocientos y dos pr. ante mí el Escribano de la misma, qe doy fe."

Se nos fixamos nos nomes que acabamos de citar, decatarémonos que o primeiro título que mencionamos antes está dirixido a Nicolás Díaz Fariñas (1785); neste segundo, o documento de

Apuntamentos da sanidade eumesa



Título de Boticario de Nicolás Díaz Fariñas (9-9-1785).



Documento-xustificación de orixe familiar (3-6-1802)

orixe familiar vemos que está asinado por Nicolás Díaz Zamorano, sendo os dous a mesma persoa. A partir desta data, vai ser suprimido polos descendentes, ás veces, o segundo apelido para contar con este engadido do topónimo "Zamorano".

O título do segundo boticario, Inocencio Díaz Zamorano, fillo de Nicolás, tamén xa ten suprimido o Gutiérrez, e está datado en Madrid a 25 de outubro de 1828 pola *"Real Junta Superior Gubernativa de Farmacia"*, e conta que *"D. Inocencio Díaz Zamorano, natural de la Villa de Vivero, Diocesis de Mondoñedo, de edad de veinte y ocho años, estatura regular, color trigueño, pelo y cejas negro y ojos pardos habiendo acreditado legalmente (...) da la Real Junta licencia y facultad cumplida al referido D. Inocencio Díaz Zamorano para ejercer (...)"*.

A PRIMEIRA BOTICA EUMESA

Aínda que levamos contando de títulos e persoas da mesma familia que poderían estar exercendo na vila a sanidade, aclaramos que posuían a titulación pero que non exercían nela. No intre destas datas, Pontedeume non contaba cun establecemento chamado botica; e iso véno a demostrar o Concello eumés, que intentando a mellora da saúde dos veciños da vila e bisbarra propón nunha sesión do 27 de marzo de 1852 o seguinte:

"(...) El ayuntamiento que vela sobre el bien estar de sus administrados, considerando que la medida adoptada en la última sesión de crear dos plazas de médico y cirujano dotadas de los fondos del común para que los domiciliarios enfermos tengan siempre quien les asista en sus dolencias y enfermedades, no produciría los efectos deseados, si los facultativos no tubiesen á mano las oportunas medicinas, que haya que aplicar como sucederá si no se proporciona una botica de que absolutamente carece este Pueblo y todo su Partido, indagó e hizo las diligencias mas en busca de un Farmaceutico quese estableciese en el, sin haber podido hallarlo hasta quese ofreció a hacerlo D. Felipe Romero, boticario y vecino del Ferrol; y habiendo concurrido hoy ante la Corporación afin de arreglar el asunto, después de conferenciar a cerca de el lo necesario, se constituyo a establecer en esta villa una botica provista de todo lo preciso dentro del término de dos meses lo más tarde, y el Ayuntamiento en recompensa y para ayuda del costo dela traslación, formación de cajonería y otros gastos, acordó se le satisfagan dos mil reales de vellón, en que ambas partes quedaron conformes."

As crenzas da época fan implorar a curación e o afastamento das enfermidades que estas datas lles deparan e sobre todo dunha que causará moitos decesos entre a poboación. E así pódese ler nunha *"Sesion ordinaria del 14 de octubre de 1854"*:

Dióse cuenta de un oficio del Sr. Cura Párroco de esta villa fechado el 12 del corriente por el que comunica a la corporación estarse haciendo una novena a la Virgen Santísima de los Dolores y Glorioso S. Roque a espensas de varios devotos

cuya termina el próximo domingo, con la misa, solemne, sermón y procesión por la tarde implorando que Dios nos libere de la peste de que estamos amenazados y que lo noticia por sí la corporación quiere asistir a la misma."

No Padrón de 1866 encontramos unha familia que ten que ver cos sanitarios eumeses: a familia de Juan Rosado, de 36 anos, e Manuela Punín de 42 anos (filla do outro boticario eumés) que viven na rúa de Santiago cos seus fillos: Leonardo Rosado, de 12 anos, solteiro, (que será médico e exercerá máis adiante na vila); e Helena de 11 anos e Teolindo.

Retomando de novo os documentos municipais se xa vimos antes que no Padrón de 1845 se atopaba o boticario Inocencio Díaz, agora imos encontrar reflectido no libro de actas do concello o seu fillo, Antonio Díaz Zamorano, que quere entrar a formar parte da comunidade eumesa, como nos conta o seguinte fragmento da acta dunha sesión extraordinaria do Concello do 5 de setembro de 1872:

"Se dio cuenta de una solicitud de D. Antonio Diaz Zamorano, licenciado en farmacia, vecino de Santa Marta de Ortigueira exponiendo que conviniendo a sus intereses avocindarse en esta población pedía a la Corporación se sirviese comprenderlo en el padrón de habitantes de este distrito; a cuyo fin adjuntaba una cédula de empadronamiento expedida por el Sr. Alcalde de su vecindad en 12 de julio último y en su vista acuerda el Ayuntamiento declararle vecino de esta villa en calidad de residente, inscribiéndosele como tal en el padrón de habitantes de este distrito".

O tempo de duración das epidemias pasa pouco a pouco, pero ás veces tarda en desaparecer coma é no caso desta época que segue a espallarse en pleno ano 1855. De agosto encóntrase redactado o seguinte:

*"D. Antonio Bouza, Alcalde 2º de esta Villa y su distrito, ejerciendo funciones de 1º expone que:
Teniendo dispuesto el Sr. Párroco de esta Villa en cumplimiento de V. ordenanza y mandato en su consecuencia de S.E. el Sr. Arzobispo de esta Diócesis, que los días domingo, lunes y martes próximos y hora de 10 de la mañana se hagan rogativas públicas en esta Iglesia parroquial para pedir al Altísimo suspenda el azote de su divina ira a los pueblos, afligidos del cólera morbo y que a nosotros nos libre de igual calamidad, se hace saber a éste religioso vecindario, para que pueda concurrir a tan piadosos actos los días y horas señalados."*

Seguindo a cadea familiar na botica que nos atinxe, vemos novos nomeamentos que veñen a dar a titularidade a Antonio Díaz Zamorano y Burgos. Como *"Bachiller en Artes" segundo o "Director del Instituto de La Coruña, Distrito, Universitario de Santiago"*, datándose o 17 de xuño de 1872. Este segundo apelido vemos que tampouco xa lle corresponde pois era Díaz Burgos, non embargante segue engadíndoo o mesmo que o seu pai Inocencio e o seu avó Nicolás.

Tamén, expedido polo claustro da Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago, lemos o "Título de Licenciado", da mesma Facultade, o 26 de xuño de 1872. Así mesmo encontramos unha testemuña oficial deste título autorizada e verificada por D. Ramón Álvarez González, avogado, notario e arquivado do Distrito Notarial de Pontedeume. Neste escrito dáse fe da titulación, confirmando que Antonio Díaz Zamorano de corenta e seis anos, viúvo e farmacéutico, presenta a documentación anterior (1899).



EL CLAUSTRO DE LA FACULTAD DE *Farmacia* DE LA UNIVERSIDAD DE *Santiago*.

Por cuanto Don *Antonio Díaz Zamorano* natural de *Vigo* provincia de *Lugo* de edad de *veintiseis* años, ha acreditado en debida forma que reúne las circunstancias prescritas por la actual legislación para obtener el Título de Licenciado en la Facultad de *Farmacia* y hecho constar su suficiencia en esta Universidad de *Santiago* en el día *veintiseis* del actual habiendo otorgado en los garzones *la calificación de Aprobado*.

En virtud de la autorización concedida por el Decreto de 21 de Diciembre de 1868, se le expide este Título para que pueda ejercer libremente la profesión de *Farmacéutico* en los términos que previenen las leyes y reglamentos vigentes.

Dado en *Santiago* a *veintiseis* días de *Junio* de mil ochocientos *setenta y dos*.

FIRMA DEL INTERESADO.
Antonio Díaz Zamorano

En nombre del Claustro de la Facultad,
El Rector de la Universidad,
Antonio Barrios

El Secretario de la Facultad,
P. A.
Marcelino Vázquez

El Decano de la Facultad,
Antonio Barrios

El Secretario general de la Universidad,
Marcelino Vázquez

Título de Licenciado en la Facultad de *Farmacia*,
a favor de *Antonio Díaz Zamorano*.
Registrado al folio *27* del libro correspondiente al número *47*.

Título de Boticario de Antonio Díaz Zamorano (26-6-1872).

Polo que se le no que está a seguir, a 28 de agosto de 1875 a vila eumesa conta xa nestas datas con dúas boticas. E a proba está no que vén a continuación:

"En atención a la preferencia que hace un año viene dispensándose a la Botica de D. Antonio Díaz Zamorano para suministro de medicinas a los enfermos pobres del distrito y presos de la cárcel del partido, se acordó que a lo sucesivo continúe también suministrando dicho Farmaceutico las medicinas con lo cual obtendrá seguramente el Ayuntamiento la economía y la varatura de precios que se observa en las que hasta aquí ha facilitado, comparado con las cuentas del otro farmacéutico de este pueblo D. Manuel Punín."

Supoñemos que a subministración de medicinas continuado a esa clase social foi o que fixo de que fose coñecida no paso do tempo como a botica dos pobres.

No mes de marzo de 1877 por parte do Concello é remitida a un sanitario eumés a citación seguinte:

*"Al Sr. D. Ramón Portal, medico titular del distrito.
Habiendo sido nombrado para los reconocimientos facultativos de los soldados, se le cita a las 8 del día 10 del mismo, en el patio de la casa palacio del Excmo. Sr. Conde de Lemos."*

Entrando no mes de maio deste mesmo ano áchase a confirmación da posesión de A. Díaz Zamorano como alcalde presidente do Municipio. Uns meses máis tarde, o Concello eumés vai coordinar pouco a pouco por medio da Comisión de Sanidade as obrigas e dereitos de quen vai desempeñar a praza de médico local. Deste xeito, regúlanse os custos por consulta, para a xente pobre e a rica, polas distintas horas do día ou da noite e tamén pola distancia do desprazamento.

Namentres exerce de alcalde da vila o boticario Antonio Díaz achamos a súa sinatura nunha subhasta dos bailes de Carnaval e Piñata do ano 1879, na que o custo da entrada por persoa foi valorada nunha peseta. Exactamente un ano máis tarde o novo alcalde é José María Lence, e A. Díaz Zamorano pasou a ser concelleiro. E case xunto con esta información, achamos o pagamento por unhas contas presentadas polos boticarios Manuel Punín e Antonio Díaz, importe das receitas subministradas a veciños pobres do distrito e presos do cárcere.

Un dos boticarios asentados na vila vai facer unha solicitude ao Concello, que supoñemos é un traslado de local (20 de setembro de 1880):

"Se dio cuenta y el ayuntamiento se enteró de la solicitud presentada por D. Manuel Punín pidiendo licencia para abrir un mostrador para su establecimiento de farmacia en la casa de su pertenencia frente al paseo Calzada de la Plaza de S. Roque a cuyo fin presentaba el plano de la obra que intentaba hacer. Se acuerda conceder licencia."

Coidamos que os diferentes pensamentos, as envexas ás veces, e as diverxentes ideoloxías encontradas van a ser os causantes de cesamentos de rexedores locais. O 24 de xuño do 1881 o gobernador civil suspende das súas funcións ao alcalde e a varios concelleiros, e nomea un delegado para dar posesión ao novo alcalde, que será o outro boticario da vila: Manuel Punín Paz. Uns meses máis tarde desta suspensión de concelleiros, Manuel Vidal (músico e persoa moi relevante na vila) xuntamente con A. Díaz Zamorano e Antonio Rigueira, os tres afectados, recorren o acordo do Concello, cualificándoo de *"descabellado acuerdo del Ayuntamiento"*, cunha instancia *"por si hubiera lugar a sanción contra estos tres vecinos"*.

O deber da atención sanitaria vai sendo considerada polos concellos que intentan esconter as posibles deficiencias que se puideran orixinar nas festas patronais. Dese xeito dá lugar o seguinte escrito:

*"Al Sr. Juez Municipal de Castro. 7 de septiembre de 1881.
La Comisión de festejos, que tengo el honor de presidir se ha asociado de D. Leonardo Rosado Punín para desempeñar su cometido respecto a las fiestas que se celebrarán en este pueblo el próximo día de mañana, cuyo Sr. se halla también prestando la asistencia como tal médico a un dependiente del mismo, que ha sufrido varias lesiones en el día dos del actual. Lo que tengo el honor de participar a Vd. contestando su comunicación oficial del día de hoy".*

Tamén neste ano por parte do Concello é remitida unha circular aos boticarios da localidade sobre a súa obriga de estancia nas oficinas de farmacia, e pídeselles que supriman as súas ausencias.

Pero así como hai reprimendas por parte das autoridades, tamén hai satisfaccións como a que nos fala dun ofrecemento inusual neste mesmo ano. Cóntase polo Concello que é solicitada a praza de practicante por Manuel Gonzalez Moreira, ofrecéndose a desempeñala gratis.

Ao mesmo tempo por parte das autoridades é remitida aos boticarios Manuel Punín Paz e Antonio Díaz Zamorano unha circular que lles comunica que as receitas que dispensen para presos terán que ir visadas polo médico do cárcere e polos médicos titulares as que sexan para os pobres.

A Comisión de Sanidade Local vai a ser referendada oficialmente o día 30 de xuño de 1890, segundo nos conta un oficio do Concello, quedando constituída da maneira seguinte:

"Ramón Portal Montenegro (médico), José Castro Ares (boticario), Gumersindo Varela Varela, Domingo Alvarez Freire, Juan Piñeiro Arias, Remigio Vizoso Punín, Antonio Díaz Zamorano, Manuel Vidal López (comerciante), Ramón Irijoa Oscuro (comerciante), Rodrigo Pardo Tenreiro, Leonardo Rosado (médico), Antonio Corral Meirás (médico), Antonio López Losada, Pedro María del Río, Eduardo Varela Balado."

Volvemos a achar nun Padrón Municipal unha reseña sobre o boticario Zamorano e deste xeito sabemos da familia quen convive con el: *"Antonio Díaz Zamorano, nacido el 18 de octubre de 1850. Hijos: Leopoldo Díaz Rosado, nacido el 27 de diciembre de 1874, Antonio Díaz Rosado, el 17 de diciembre de 1875 y Leonardo Díaz Rosado, el 21 de julio de 1878," e tamen "Antonia Varela (sirvienta) nacida el 6 de julio de 1830".*

No ano 1893 atopamos o nome de Antonio Díaz co encargo dunha festa local. Segundo o Concello *"por turno y como cofrade corresponde ser el vicario de San Nicolás de Tolentino el próximo año (1894) y llevar dicha fiesta".*

E un dos últimos documentos oficiais que achamos sobre Antonio Díaz Zamorano está oficiado polos rexedores do "Colegio de Farmacéuticos de la Provincia de La Coruña" informándoo da súa inclusión como socio desa corporación provincial co nº 57. Dátase este documento o 13 de novembro de 1899 e está asinado por José Villar Marleto e G. Pardo Reguera.

Agora unha vez máis, o Concello liquida uns pagos ás boticas (1 de xuño de 1901) por cousa dos medicamentos subministrados en diversas partidas. Observemos que son tres institucións sanitarias a cobrar, e non dúas como ata agora, sendo os importes os seguintes:

"Cuenta de 231 pts. con 25 cts a D. Antonio Díaz Zamorano por medicamentos que facilitó a vecinos pobres del distrito durante el año de 1900. La de 347 pts. 75 cts al farmacéutico D. José Castro, y la de 25 pts 75 cts a D. Leopoldo Díaz Rosado también farmacéutico por igual concepto."

Entrados no ano 1904 realízase o traslado da botica de A. Díaz Zamorano dende unha casa de número impar da Rúa de Santiago para a Praza Real esquina Rúa Real. No primeiro asentamento preto da fonte de Santiago podíase encontrar unha estrutura ovalada cuns estantes moi sinxelos e o chan cuberto de madeira de tea, que quixera ser unha incipiente idea do que sería a nova botica.

Antigo local da botica na Rúa de Santiago.





Unión da botica coa rebotica. Zamorano 1904.

Este local seguiu destinado despois do traslado a oficina de farmacia do seu fillo Leopoldo Díaz Rosado (vimos hai unhas liñas que exerce na vila en 1901) e á morte deste (1907) e do seu irmán Antonio pasou a ser alugado para tenda de ultramariños a unha señora coñecida como “a arxentina” e logo para taberna, que frecuentarían sobre todo os mariñeiros eumeses. O “botame” de Talavera, de Antonio Díaz seguirá no intre deste traslado con el. O outro “botame”, o do fillo Leopoldo, novo e máis moderno e luxoso, quedará na botica e será repartido entre os fillos uns anos despois do seu falecemento.

No edificio nº 4 da praza principal da vila é reinstalado o novo despacho farmacéutico de Antonio Díaz Z., onde comunica o baixo (a botica e a rebotica) coas escaleiras de entrada ao edificio. Sobre o lintel do marco da porta de madeira que o separa das escaleiras son colocados uns números metálicos conmemorando o ano deste feito. A estrutura da oficina de farmacia é semicircular, con oito columnas de madeira traballadas semellando unha mestura de arte grego-romano que terminan cun adorno de follas, formando dunha balastrada superior moi rechamante e finalizada nunha especie de cogomelos ou buxainas en toda a longura dela. Áchase pintada de branca-crema, con esvaecidos ou patinados verdes, e este local posúe dous escaparates comunicados coa praza Real e a rúa Real e dúas portas de entrada así como un banco de madeira formando ángulo recto dentro do recinto de despacho ao público e unha báscula de pesar.

O semicírculo que describe a botica, separado do público por un mostrador de mármore, está atravesado polo medio por unha entrada de arco que comunica coa rebotica, e conformado con portas sobre as que van asentados caixóns, con rótulos en porcelana branca con nomes de produtos da botica (flor de sauco, f. de azufre, f. de malva, sulfato de cobre, colofonia, f. de tila, etc.). Entre as portas e caixóns aproximan a súa altura á dunha mesa un pouco alta (noventa centímetros) estando cubertos con longas franxas de mármore branco igual ás do mostrador.

Apuntamentos da sanidade eumesa



Parte do “botamen” de Antonio Díaz Zamorano.



Detalle da balaustrada con columnas, realizado en 1904.

Os artistas que realizan este belido traballo, despois de moitas visitas para ver motivos dalgunhas casas da Coruña, son Juan José Domínguez Suevos e Leonardo, un dos fillos do boticario -o primeiro, no paso de moi pouco tempo é sogro do segundo-. Juan José está casado con Juana Brage Gómez, é orixinario de Mugardos e está domiciliado na rúa Cátedra de Pontedeume, asimismo é pai de María Domínguez Brage, que será esposa de Leonardo Díaz Rosado.

Sendo moi recente o traslado da botica encontramos unha curiosidade no seguinte apuntamento datado o 16 de xaneiro de 1906, na que o garda municipal Bernardo Cortizas, no afán de levar a cabo a súa obriga, expide unha multa que se recolle, coma tantas da época, nos libros do Concello, e que di así:

"Multa a D. Antonio Diaz Zamorano por la hija política regar a las 10 de la mañana las plantas que tiene en el balcón y que dan a la Calle Real, cayendo agua a la vía pública".

Ás veces os sanitarios eumeses tamén participaban do lecer popular tomando parte nos actos culturais que se organizaban. De El Eco de Puente deume, nº 24 e datado o 20 de xaneiro de 1907 recollemos o seguinte:

"El día 3 de los corrientes celebró su primera misa en la parroquia de Santiago, en Puente deume Don Recesvinto Anca y Alvarez. (...). La orquesta, compuesta por los instrumentistas D. Eduardo, Ricardo, Francisco y



Primitivo “botame” e morteiros de bronce, supóñense de Nicolás Díaz ou Inocencio Díaz.

Eduardo (hijo) Pita, Teolindo Rosado, Jesús Calvo, Andrés Patiño y Gerardo Bellas; y el coro por D. Juan Blanco, Leopoldo Díaz (boticario), Manuel José Castro (boticario), Román López y José Salgado, se han dejado oír con suma armonía bajo la dirección del organista Don José Roberes (...)."

Pouco tempo despois, o día 2 de outubro de 1907, falece o boticario Juan Leopoldo Manuel Díaz Rosado, fillo maior de Antonio Díaz Zamorano. Contaba 32 anos, e o seu pai 56. E duns meses máis adiante aínda achamos unha cita de tres establecementos farmacéuticos, que agora volvemos a mencionar como resumo dunha sesión supletoria á do día 12 de outubro de 1907 que di así:

"Seguidamente Yo Secretario di cuenta de la relación del Patronato de Farmacéuticos Titulares inserta en el B.O. de 7 del corriente, por la que se fijan á este ayuntamiento 2.388 pts. con 25 cts. como dotación para tres farmacias y pago de medicamentos (...)."

O día 27 de outubro de 1909 vai formar parte da sanidade local un novo médico, e por isto solicita a súa inclusión como residente. Encóntrase esta petición recollida nunha nova sesión do Concello, co seguinte xeito:

"De igual forma se dio cuenta de otra instancia que suscribe D. José Goyanes Cedrón, médico cirujano residente en este pueblo, solicitando se le cuente el tiempo de su residencia aquí desde el 26 de agosto último, para que, transcurridos los 6 meses que marca el artículo 16 de la vigente Ley Municipal, se le considere como vecino y se le adicione en el padrón de habitantes de este Municipio en unión de los individuos que constituyen su familia (...)."

O día 23 do nadal de 1909, o médico asentado na vila eumesa, Ramón Portal Montenegro, natural de Miño, falece aos 80 anos.

Segundo o Rexistro Civil, no día 7 de marzo de 1913, cando conta 62 anos, falece Antonio Díaz Zamorano y Burgos, esposo de Elisa Santos López en segundas nupcias. Do anterior matrimonio con Helena Rosado tivera tres fillos.

Pasados uns anos, no 1918, segundo o Libro de Juntas de Sanidad tamén falece o sogro deste Zamorano, o médico Leonardo Rosado Punín, por "broncopneumonía grippal"

En abril de 1925 ábrese no Concello eumés un expediente de provisión para a propiedade da praza de Farmacéutico Titular do Municipio. A este concurso van presentarse para acadar a praza Mariano Cambronerio Ezquerro e Pío García Novoa. O primeiro contaba cunha idade de 60 anos, viúvo; e o segundo estaba casado e achábase establecido na vila. O boticario que acada esta propiedade terá un soldo anual de 537 ptas. Imaxinamos que a solicitude de Mariano Cambronerio é debida ao falecemento hai uns anos de Antonio Díaz Zamorano.

Existe un documento expedido dous anos máis tarde, o vinte e tres de abril de 1927 por D. Eulogio Gunturiz Pastor, licenciado en Dereito, xuíz municipal encargado do Rexistro Civil da Vila de Pontedeume e o seu termo, no que inscribe a defunción de Elisa Santos López, de sesenta e sete anos de idade, como viúva de D. Antonio Díaz Zamorano (do que non deixou descendencia) natural e veciña que foi de Pontedeume, da rúa Real.

Convocábase, como dicíamos, concurso de provisión de praza de farmacéutico titular no ano 1925. Por D. Ramón Álvarez González, avogado e notario, é presentada ás autoridades unha solicitude a favor do farmacéutico Mariano Cambronerio Ezquerro. Nesa mesma data de 1925, D. Ramiro Prego Punín, avogado, tamén cursa outra solicitude para a titularidade a favor de D. Pío García Novoa.

E dunha sesión do concello datada a 21 de setembro recollemos o seguinte:

"D. Manuel Sanluis Calvelo, Secretario interino del Ilmo Ayuntamiento de esta villa: Certifica (...) el ayuntamiento en pleno, por considerarlo con méritos preferentes, acordó por unanimidad nombrar a D. Pío García Novoa, vecino de esta villa, Farmacéutico titular en propiedad de este Municipio con el sueldo de 537 ptas. anuales. Firmado Alcalde D. Constantino Amado Cagiao."

No referente aos médicos locais, tamén vai ter lugar outra convocatoria no mes seguinte co correspondente concurso entre os doutores municipais para ver a quen lle vai corresponder o desempeñar a praza de 1ª categoría. E a finais de ano ten lugar o resultado entre os dous existentes outorgándose a J. Allegue del Río, que toma posesión cun estipendio de 3.000 ptas. anuais.

O día 25 de xuño do 1932, segundo o Colexio Oficial de Farmacéuticos (C.O.F.), Eugenio Naveira Quintiá, propietario e director facultativo da botica Zamorano, solicita a praza de Farmacéutico Titular por falecemento do outro boticario da vila. E nun escrito que achamos dirixido ao Concello expón o seguinte:

"Que hallándose vacante la plaza de Inspector Farmacéutico por fallecimiento del que la desempeñaba, D. Pío García Novoa, es de necesidad que se haga el nombramiento de persona que la desempeñe interinamente mientras tanto no se cubre en propiedad (...)."

O secretario do Concello de Pontedeume expide o vinteito de xuño a seguinte certificación a propósito do anterior:

"Ramón Alvarez Placer, Secretario del Ilmo Ayuntamiento de Puentedeume. CERTIFICO: Que en (la sesión) (sic) el acta de la sesión celebrada por esta Corporación el día veinticinco de actual, consta el particular que copiado literalmente dice: "Dada cuenta de una instancia en la que el Farmaceutico D. Eugenio Naveira Quintiá, solicita que en la vacante que existe de Farmaceutico titular por"

fallecimiento de D. Pio García Novoa que la venía desempeñando, se le nombre con carácter interino, la Corporación, después de discutir ampliamente el asunto, acordó dejar a estudio el referido escrito, toda vez que no fue incluido en la orden del día y por esta circunstancia y la de ser desconocido, de casi todos los señores Concejales, el escrito en cuestión, no han podido comprobar si procede o nó acceder a lo interesado por dicho Sr. Naveira. (...)"

Transcorridos uns poucos días da anterior certificación vólvese a encontrar outra que nos vai a revelar que a adxudicación da titularidade farmacéutica vai a traer cola... Así unha nova certificación do Secretario do Concello:

"D. Ramón Alvarez Placer, Secretario del Ylmo (sic) Ayuntamiento de Puente deume certifica:

Que en el acta de la sesión celebrada por la Corporación municipal el día 2 del actual, consta lo siguiente: "Dada nuevamente cuenta de la instancia en que el Farmaceutico D. Eugenio Naviera Quintiá solicita que se le nombre Farmaceutico titular interino por haber fallecido el que la desempeñaba (sic), el Concejal D. Miguel Montero, negó facultad a la Corporación par proceder a dicho nombramiento sin que previamente se anunciase el concurso previsto en el artº 24 del R. D. de 16 de Agosto de 1930 (Gaceta del 20) y aun suponiendo que el art. 27 faculta a la Corporación para hacerlo, no debe Puente deume por si solo, proceder a tal designación sino que este Ayuntamiento deberá convocar a los demás que integran la Agrupación o agregados, que son Cabañas, Monféro, Miño y Villarmayor, y constituir la mancomunidad prevista en el referido decreto y que esta sea la que elija el titular en cuestión.

Hizo tambien presente que no se tenía conocimiento oficial del fallecimiento del Sr. García Novoa y que por esta y las razones precedentes la Corporación no podía acceder a lo solicitado por el Sr. Naveira.

Constestole la presidencia al Sr. Montero, refutando sus argumentos y expresando que él deja a salvo su responsabilidad pero que debe procederse a la designación del Farmacéutico con carácter interino, sin perjuicio de dar cuenta a la Dirección General de Sanidad para que se anuncie el correspondiente concurso para elegir propietario..

Intervino tambien el Sr. Fonte D. Eduardo, apoyando la pretensión del Sr. Naveira y después de hacer nuevamente uso de la palabra el señor Montero, ratificando los conceptos expresados y de suspenderse la sesión por unos minutos para ponerse de acuerdo, el Sr. Presidente declaró suficientemente discutido este asunto sometiendo a votación nominal, votando en pró ,o sea a favor de que se nombre farmaceutico titular interino, los Concejales D. Nicolás Villar, D. Eduardo Fonte, D.

José Viñas, D. José Varela, D. Manuel Feal, D. Manuel Blanco y la Presidencia, y en contra votaron, D. Eusebio Martinez de Eguía, D. Miguel Montero, Don Jesús Paz Espada, D. Santiago Filgueiras y D. Manuel Vazquez Pereira, y visto el resultado de la votación, el Sr. Presidente declaró que quedaba nombrado farmacéutico titular interino de este Ayuntamiento D. Eugenio Naviera Quintiá".

Firmado: El Alcalde. Miguel Regueira.

Decreto: Consistorial de Puente deume a doce de julio de mil novecientos treinta y dos.

De acuerdo con el adoptado por la Corporación municipal, según expresa la precedente certificación, ofíciase a D. Eugenio Naveira Quintiá, para que se presente a tomar posesión de su cargo, désele esta y expídasele el correspondiente título".

As titularidades de inspectores municipais para os farmacéuticos sempre foi, e aínda o é agora, unha materia pendente. A falla de convocatorias por parte do Estado carrexou problemas e baleiros neste campo da sanidade, xa que as prazas non son repostas e están a extinguirse conforme se van xubilando ou falecendo os boticarios actuais. Non é nada de estrañar que tres anos máis tarde (novembro de 1935) se volvese a solicitar a praza de Inspector Farmacéutico Municipal de la Agrupación o Mancomunidad de Municipios de Cabañas, Miño, Monfero, Puente deume y Villarmayor.

Frascos do "botame" de Leopoldo Díaz Rosado.



Así, de novo, noutra documentación municipal existe o seguinte escrito:

"Presentado contra recibo, por D. Leonardo Diaz, a las once del dia de hoy 8 de noviembre de 1935.

Sr. Alcalde del Ayuntamiento de Puente deume.

D. Eugenio Naveira Quintiá, mayor de edad, viudo, Farmacéutico y de esta vecindad, a Vd. Expone:

Que estando vacante la plaza de Inspector Farmacéutico Municipal de la Agrupación o Mancomunidad de Municipios de Cabañas, Miño, Monfero, Puente deume y Villarmayor, a Vd. me dirijo como Presidente de ese organismo para que:

Se acuerde provistar la mencionada plaza vacante por medio de concurso restringido que autoriza el artº 61, transitorio, del Reglamento vigente".

A principios do ano 1936, en marzo, sendo alcalde López Seijo, é nomeado practicante de asistencia pública domiciliaria, con carácter interino do Concello eumés, Manuel Mallo Concha.

A guerra que comeza vai causar moitos males nos Zamorano. Vanse producir denuncias a esta familia e ao seu contorno e pasará a quedar illada por moita xente que ten medo da amizade que lle profesa e que deixa de acudir á "botica de abaixo" polo se acaso..... Isto vai derivar en feitos noxento-repulsivos que acabarán en sucesos moi cruentos que conmocionarán durante moito tempo a toda a bisbarra eumesa pola morea de persoas afectadas neles, xa que aos poucos meses do comezo dela, desaparecen familiares e aíns á familia, despois de ser "paseados". Deste xeito, Rodrigo Álvarez Pardo, avogado, procurador e secretario do Concello de Ares, é fusilado en Pontedeume nos primeiros días de agosto con outras dúas persoas. Uns días máis tarde o sogro deste, o herdeiro da botica Zamorano, Leonardo Díaz Rosado, de 58 anos, fillo de Antonio Díaz Zamorano, tamén é fusilado en Caamouco-Ares na compañía doutras sete persoas.

A vida seguiría o seu curso. E aínda que ás cousas que pasaban non se lles podía poñer tope había que vivirlas como se podía. Así, chegando ao nadal dese mesmo ano principiase un expediente de nomeamento para inspector farmacéutico municipal interino que quedará terminado o día 13 de xaneiro do 1937 a favor de Santiago Botas Blanco, novo propietario da outra botica eumesa, por adquisición aos herdeiros de Pío García Novoa.

A primeiros de xuño do 1938 Eugenio Naveira Quintana, que segue a ser propietario e boticario, inicia un novo expediente pedindo a vacante de farmacéutico titular do Concello. Alega que anque a praza se encontra provista interinamente dende hai máis de seis meses sen haberse anunciado o regulamentario concurso para aquela provisión, pide que o alcalde convoque aos dos demais concellos que integran o Partido Farmacéutico a fin de que os mesmos dean cumprimento ao disposto polos regulamentos correspondentes.

Dun mes máis tarde encóntrase unha providencia que aclara que as interinidades non poden durar máis de seis meses e resultando que o inspector farmacéutico municipal interino, Sr. Botas, foi nomeado para tal cargo con ese carácter dende hai máis dun ano, o Concello de Pontedeume acorda deixar sen efecto o referido nomeamento e deseguido dispón que se anuncie aos Concellos que integran o Partido Farmacéutico a convocatoria para a súa provisión en propiedade da vacante de inspector farmacéutico.

Tamén de xullo de 1938 hai outra providencia que di:

"Oficiase al Sr. Delegado de Hacienda de la provincia, haciéndole saber el cese del Sr. Botas a fin de que se sirva no retener el sueldo a favor del mencionado funcionario, participándole así bien que se acordó provistar previo concurso y con carácter de interino, dicha vacante".

Malia os gravísimos e moitos problemas (retencencias, ameazas, amedrentamento aos paisanos clientes, denuncias falsas, intento de queima de local, etc.) a familia Zamorano resistiu os problemas e continuou coa supervivencia da oficina sanitaria. Aguantou todos os embates que lle acaeceron dende o ano 1936, ata que uns anos despois de terminada a loita nacional púidose poñer á fronte da sucesión dun dos primitivos boticarios eumeses o seu neto, Leopoldo Leonardo Díaz Domínguez, titulado o 9 de febreiro de 1942, que dirixiría a oficina de farmacia ata o seu falecemento en setembro de 1973, figurando como titular dela co seu nome e o engadido de Sucesor de Díaz Zamorano.

Tras o seu falecemento seguiron varias rexencias. O nome de Botica do Licenciado Leopoldo Díaz Domínguez, Sucesor de Díaz Zamorano, pasou a denominarse como "Botica Herederos de L. Díaz Domínguez" sendo a primeira rexente María Teresa Chuclá Cuevas, a segunda María de los Angeles Cal Yáñez, e un terceiro rexente Antonio Díaz Villar (sobriño). Dende 1980 a farmacia volveu a ser dirixida pola familia na persoa de Celsa Álvarez Iglesias, actualmente titular da botica, que é sobriña neta do anterior boticario, Leopoldo Díaz Domínguez, e tataraneta de Antonio Díaz Burgos- Zamorano iniciador desta saga de boticarios en Pontedeume.

Da outra botica eumesa posuímos poucos datos. Sabemos que de Manuel Punín, instalada no Paseo da Calzada da Praza de San Roque (1880), pasou a José Castro (1901). Seguidamente a Pío García Novoa, ata o seu falecemento, na rúa Real aos poucos metros da de Zamorano. Logo foi vendida a Santiago Botas e máis tarde a Manuel Vicente Álvarez entre o ano 49/50. Este foi boticario municipal titular ata o seu falecemento no 1967, ano no que a botica ao ser vendida polos seus herdeiros pasou a María Teresa Castro Mouzo, actual propietaria e Farmacéutica Titular Municipal.

BIBLIOGRAFÍA

PUERTO, F. Javier: "Farmacia y asistencia sanitaria. Revista de Farmacia y Humanidades".
SUÁREZ, X.M.: *Guerra Civil e represión en Ferrol e comarca*. Concello de Ferrol, 2002

FONTES CONSULTADAS

Arquivo Municipal de Pontedeume

Arquivo do Rexistro Civil de Pontedeume.

El Eco del Eume

Ecos del Eume.

Títulos familiares:

1785. Nicolás Díaz Fariñas.

1828. Inocencio Díaz Gutiérrez.

1872. Antonio Díaz Burgos.

1942. Leopoldo Leonardo Díaz Domínguez.

1977. Celsa Álvarez Iglesias.

ESCAVACIÓNS ARQUEOLÓXICAS NO CASTELO DE MOECHE

Emilio Ramil González

DESCRICIÓN DO CASTELO

O Castelo presenta planta poligonal adaptada ao contraforte onde se localiza, cunha clara inclinación leste-oeste, ocupando unha superficie de 1.350 metros cadrados. Deféndese do contorno mediante un foxo escavado na rocha, de 5 metros de ancho e 3 metros de altura, que vai diminuindo cara ao oeste; polo que sabemos, este foxo cumpría unha meirande lonxitude en orixe, xa que hai uns 32 anos reencheuse no seu sector NO. Rodearía, pois, todo o perímetro da construción, mesmo o fronte da porta principal, no oeste. Entre o foxo e os muros exteriores discorre un paseo de circunvalación dende o que se accede ao baluarte a traveso de dúas poternas. Dende ese baluarte, de planta irregular que define a súa capacidade defensiva e o seu control do contorno, accédese ao interior da edificación a traveso da Torre de Homenaxe, de planta cadrada e porta con reixa. Arredor do Patio de Armas central artículanse as catro dependencias que conforman a edificación; nunha delas, situada no oeste, vemos unha escaleira helicoidal en cantería que sobe até o Paseo de Ronda, que discorre polas ameas superiores.


Non se tiña, até as intervencións arqueolóxicas actuais, unha idea clara da funcionalidade concreta das diferentes habitacións, que se repartirían en dúas plantas en alzado, sendo tres no caso da Torre, que gaña en altura. Ás superiores habería que facerlles corresponder unha función nobre, como o denuncia nunha delas a presenza dunha cheminea de cantería imbuída no muro; para as restantes, as hipóteses eran moitas, mais non sería prudente ningunha especulación até finalizar o estudo histórico rigoroso que se está a realizar, froito dunha exhaustiva recollida de datos procedentes da derradeira intervención arqueolóxica.


LOCALIZACIÓN

XEOGRÁFICA: Coordenadas:

-Latitude 43° 33'03''

-Lonxitude 7° 59'30''





Cuadrículas quilométricas U.T.M.:

X: 581, 550 m.

Y: 4822, 450 m.

ADMINISTRATIVA:

Lugar: Castelo

Parroquia: San Xurxo

Concello: Moeche

ACCESO:

Estrada C-642 (Viveiro-Ferrol), punto quilométrico 61. 600 m. (Balocos)

Estrada LC-103 (Moeche-Somozas)

Ramal do Campo do Foxo até o lugar de Castelo.

CARTOGRAFÍA:

1: 50.000 do M.T.N., Folla 7 (Cedeira)

1: 25.000 do M.T.N., Folla 7-IV (Somozas)

1: 10.000 da C.O.T.O.P., Folla 7-33

FOTOGRAFIA AÉREA:

Voo Xeral de España 1/ 18.000

C.E.C.A.F. (Exército do Aire)

-Pasada F H-7 nº 9 (15-7-1986)

-Pasada E H-7 nº 11 (15-7-1986)

-Pasada E H-7 nº 10 (15-7-1986)

APUNTES HISTÓRICOS

O Castelo de Moeche localízase na parroquia de San Xurxo, dominando o val, situado nunha elevación rochosa moi preto da igrexa parroquial.

A documentación sobre este monumento histórico é moi pobre. Até o momento da intervención do ano 1991, todos os estudos realizados baséanse nos escasos datos achegados por Benito Vicetto, Montero y Aróstegui, Couceiro Freijomil e, sobre todo, nunha primeira obra xeral de Avelino Comerma e Batalla (1903), un traballo loábel pero que non resolve a insuficiencia de datos existentes nin resposta axeitadamente ás interrogantes que hai que formularse verbo de diferentes aspectos: data de construción e posíbeis reformas ao longo do tempo, distribución e tipoloxía de cubertas e pisos, funcionalidade das súas diferentes dependencias, etc. Hai que engadir o clarexamento dos acontecementos históricos que o tiveron como protagonista, principalmente no referente á súa hipotética destrución durante o movemento *irmandiño*.

Ata a data, investigadores contemporáneos, como Rafael Usero, Paz Varela Campos, Jesús Matesanz Vellas e Marcelino Abuín, seguen en xeral o discurso histórico adiantado por Comerma,

aínda que cada un dos autores mencionados profundan e achegan datos novidosos no referente á súa particular investigación. Debemos destacar o traballo realizado por Edward Cooper que recolle datos subministrados polo preito Tabara-Fonseca, e sobre todo a publicación de Ángel Rodríguez González baseada no citado preito.

En síntese, a achega dos estudos históricos é moi limitada até a análise detallada do preito Tabara-Fonseca. Podemos resumir mencionando as dúas versións ás que fai referencia Cooper: a protesta de Pedro Padrón, procurador de Ferrol, contra Fernán Pérez de Andrade, e o posterior asalto dos irmandiños dirixidos por Roi Xordo, posterior ao ano 1432; ou ben o asalto realizado no ano 1431 contra Nuño Freire de Andrade. Evidentemente o asalto realízase anticipándose á revolta irmandiña do ano 1467 en toda Galicia, arrasando o Castelo. Finalizada a revolta irmandiña o Castelo reconstrúese, como atestan testemuñas do preito Tabara-Fonseca.

APUNTES ARQUEOLÓXICOS: ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA DO ANO 1991

O proxecto arquitectónico desenvolvido no ano 1991 de restauración do elemento pétreo, cantería e cachotería do Castelo de Moeche permitiu a realización previa dunha escavación arqueolóxica combinando a metodoloxía de traballo de escavación en área, que respectou os niveis habitacionais, e as sondaxes estratigráficas que permitían achegarnos tanto aos aspectos constructivos da edificación como ás fases de ocupación.

A oportunidade da escavación arqueolóxica no Castelo, en conexión con outras tarefas de urxente realización como os traballos puntuais de consolidación, dado o deficiente estado de conservación que presentaba nalgúns zonas, obrigaron a realizar unha urxente primeira campaña. A intención, dado o volume de obra previsto, que se estendía a toda a construción e mesmo ao seu contorno, situounos diante dunha ampla superficie que fixo necesaria a fixación de criterios de selección dos puntos concretos a escavar, en orde a facer posíbel combinar os intereses que propiciaban o proxecto de restauración centrado en estruturas internas e as zonas que, segundo criterio arqueolóxico, fixeron supoñer unha mais rendíbel recollida de materiais.

O método a empregar tivo en conta estes dous enfoques, utilizando a escavación en área, que respecta os niveis habitacionais, e a de sondaxes estratigráficas que, acadando a rocha natural, permite unha axeitada lectura estratigráfica que globaliza os coñecementos sobre esta edificación, tanto nos aspectos constructivos como en posíbeis fases de ocupación.

As sondaxes e as cuadrículas en área distribuíronse segundo unha cuadriculación cartesiana na que un dos eixes levou orientación N-S. Cada un dos cadrados base cumpriu 16 metros cadrados, até un total a escavar de 320 metros cadrados.

A planificación dos traballos, en relación cos fins propostos, cobrou as seguintes características:



Patio con restos do torreón e canle.

a- A selección das zonas para sondaxe estratigráfica estivo en función da inclusión dentro do cadrado base dalgunha estrutura que permitiu o recoñecemento das súas cimentacións. Foron elixidas tendo en conta as preferencias expostas polo arquitecto responsábel do proxecto de restauración.

b- Os cadrados de escavación en área repartíronse homoxeneamente por todo o recinto naquelas zonas dunha meirande potencia suposta. Nalgún caso foron limítrofes coas sondaxes estratigráficas co fin de facer máis doada calquera ampliación destes cando se fixo necesario.

A recollida de material ergolóxico, para a súa agrupación, tratándose dun recinto habitacional, tivo en conta as divisións das diversas dependencias, con acoutamentos que marcaron as concentracións significativas que axudan a clarexar a funcionalidade das estancias, un dos fins desta intervención arqueolóxica.

A estratigrafía é moi uniforme ao longo do área escavada. Varían os niveis en potencia segundo a zona, por mor do desnivel da rocha na que se asenta a cimentación, xa que vai gañando en altura, en dirección N-S.

Retirada a capa vexetal aparece a capa 1. Este primeiro nivel consiste nunha terra de revolto mesturada con pedra miúda; a súa potencia varía entra 10-50 cms. É unha capa moi alterada ao longo dos anos, onde se mesturan materiais da época cos modernos. Nalgúns casos, nas zonas de menor potencia, o nivel 1 sitúase directamente sobre a rocha nai. Normalmente está sobre a capa

2, consistindo este nivel nunha estrutura horizontal (a base do que sería o piso do Castelo), construída esta preparación do empedrado utilizando elementos pétreos xistosos sen traballar, colocados de xeito absolutamente irregular. Hai zonas nas que a preparación do empedrado mesturouse coa derradeira fiada de cimentación dalgún muro. Os muros exhumados non teñen máis de tres fiadas e a súa cimentación está directamente sobre a rocha nai.

En todas as catas saen derrubes procedentes dos muros do Castelo.

Exhumáronse, como datos estruturais mais salientábeis, agás a preparación do empedrado:

1- **A cimentación** de dous grosos muros que fan esquina en ángulo; conservan tres fiadas de cachotería, cimentándose directamente sobre a rocha. O seu tamaño e aparencia recordan a cimentación dunha torre, anterior á actual construción. A altura dos muros varía entre 20-50 cm. e o ancho é de 150 cm. Está construído en cachotería de lousa e xistos.

2- **O pozo do Castelo.** Atópase encostado á cara externa dun muro que separa unha das habitacións do Patio de Armas. Ten forma circular, pero moi irregular, cun diámetro medio de 140 cm. e unha profundidade de 9,90 m. Escavado na rocha, rematouse en cachotería, agás a derradeira fiada construída con perpiaños de cantería, material utilizado para facer o peitoril do pozo.

3- **Canle.** Exhumouse parte dunha canle feita con pezas de cantería de diferente lonxitude. Consérvanse 285 cm. de lonxitude na zona do patio que se corresponde a 4 pezas ademais doutra situada na habitación próxima ao pozo, cunha lonxitude de 69 cm. A altura de cada unha das pezas é de 22 cm. e o ancho de 30 cm.; o ancho interior da canle é de 11 cm.

Ao longo do patio, en dirección á porta interior de acceso á Torre de Homenaxe, continúa a canle, pero construída en cachotería. Exhumáronse nesta zona do patio varias cimentacións de muros, moi alterados, que se entrecruzan, pero a súa función non puido determinarse.

Entre o material ergolóxico máis significativo destacaremos a cerámica, vidros, metais, ósos e cunchas.

Extraéronse unha cantidade superior a 4.000 fragmentos cerámicos, recoñecéndose a tipoloxía das pezas, a forma exacta dalgún cacharro ao recuperarse fondo, barriga e bordo. Predominan as vasillas globulares e as xerras sobre outras formas como cuncas ou fontes, vasillas de colos curtos e bordos con espesamento externo semicircular, vasillas con colos exvasados e bordos rectos ou lixeiramente apuntados, ou bordos en bisel, pestanados por unha moldura, e bordos rectangulares con moldura cóncava na cara superior. Os fondos son rectos, planos, cóncavos ou de pé realizado.

As asas son de cinta decoradas con incisións profundas ou incisións estreitas e alongadas; hai decoracións brunidas, impresas por dixitación ou estriadas.



Cerámica medieval.

Hai fragmentos vidrados por toda superficie da peza ou ben soamente no interior.


As pastas varían de moi finas a groseiras, mesmo os desgraxantes, fundamentalmente micáceos e de seixo, variando a cor da pezas entre negro, marrón, castaño, laranxa, roxas e ocre, pero sobre todo grises.

A fabricación varía dende as pezas feitas a man que presentan numerosas irregularidades no grosor das paredes, a torno lento con estrías irregulares sinuosas, e a torno rápido con estrías regulares e paralelas circundando o contorno da peza.


O tipo de cocción tamén varía sendo fundamentalmente a reductora pero variando durante a postcocción a atmosfera, dende a saturada de fume á apertura do forno durante a mesma ou ben soamente ao rematar a postcocción, provocando as variacións de cor.

Os anacos de vidro son escasos, predominando algún bordo, e a decoración de liñas incisas.

Entre os restos metálicos destacaremos materiais en cobre, bronce e ferro; numismas de cobre, marabedís dos Reis Católicos, Filipe IV e Carlos II. Alfinetes de bronce, variada tipoloxía de cravos, chatolas, bisagras, ferraduras, picarañas, eixadas; destacando unha pequena chave de baúl, moi ben conservada. Mención especial merece o achádego no fondo do pozo do Castelo, sobre a propia rocha, mesturado con cerámica e terra enlamada, dun puñal de ferro (RAMIL GONZÁLEZ, 1994/94); fáltalle a empuñadura, conservando o espigo de ferro, tendo inserido a




1927




192



194



198



1919



garda na inflexión que hai no extremo da folla, oposta á punta, un ovalo decorativo en bronce; nos extremos do eixe maior ten soldados senllos botóns de sección semicircular, conformando a garnición; a folla é de sección triangular.

Hai unha gran variedade e cantidade de fragmentos óseos, cranios, queixadas, cabeiros, costelas, etc.; pertencentes a xabaryl, cocho, mula, cabalo, ovella, vaca; nembargantes soamente recuperamos cunchas de ostras.

Ao rematar a campaña de escavación, formulamos a necesidade de continuar sondando todas as habitacións do Castelo, o exterior do mesmo e o foxo; a escasa potencia estratigráfica, a mínima porcentaxe habitacional escavada non nos permitía valorar adecuadamente hipóteses relativas a sistemas constructivos, funcionalidade das dependencias e contextualización estratigráfica.

O material ergolóxico, fundamentalmente a cerámica, sitúanos nunha cronoloxía entre os séculos XIII-XVII, pero as remodelacións ou reconstrucións realizadas no Castelo, a escasa potencia estratigráfica, provocaron unhas profundas alteracións nos niveis arqueolóxicos, indicándonos a necesidade dunha segunda campaña de escavación.

No ano 2002 reiniciáase a restauración e rehabilitación do Castelo de Moeche, actuación propiciada pola nova corporación municipal, con subvención do Ministerio de Fomento e da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Consecuentemente reiníciáanse as escavacións arqueolóxicas en áreas do edificio que non se tocaran na primeira intervención.

BIBLIOGRAFÍA

- ABUÍN DURO, M., 2001. *El Patrimonio y la representación de la Memoria*. Diputación de la Coruña.
- COMERMA Y BATALLA, A., 1903. *Los Castillos Feudales de Moeche, Narahío y Andrade, Ferrol*.
- COOPER, E., 1991. *Castillos señoriales en la corona de Castilla*. Valladolid. Junta de Castilla y León.
- MATESANZ BELLAS, J., 1994. *Los Mesía de Moeche*. O Castro-Sada.
- MONTERO Y AROSTEGUI, J., 1858 *Historia y descripción de El Ferrol*.
- RAMIL GONZÁLEZ, E., 1993/94. *O Puñal Medieval do Castelo de Moeche* (A Coruña). Brigantium, Volume 8, p.p. 301-306.
- TOMÁS BOTELLA, V., MARTINEZ NAVIA OSORIO, L., LORENZO RIVERA, C., RAMIL GONZÁLEZ, E., 1991. *Datos para un Inventario do Patrimonio de Moeche*.
- USERO, R., 1984. *A Merindade de Moeche nas suas relacións con Cedeira*. Moeche.
- VARELA CAMPOS, P., *La imagen del noble en el arte a través del ejemplo de los Andrade. S. XIV, XV, XVI*. Tese de Licenciatura. Santiago de Compostela.
- VICETTO, V., *Historia del siglo XV en Galicia*. Ferrol. Establecimiento tipográfico de Taxonera, 1865-1873.

INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA REALIZADA NO ANO 2002

Sondaxes arqueolóxicas e limpeza do foxo e pozo no Castelo. Primeira fase.

RESUMO PROXECTO TÉCNICO:

-PROXECTO DE REHABILITACIÓN DO CASTELO DE MOECHE **PRIMEIRA FASE:**

- 1-Limpeza de paramentos interiores e exteriores da Torre de Homenaxe.
- 2-Limpeza de paramentos interiores do recinto amurallado e as diversas habitacións.
- 3- Limpeza do contorno do Edificio Histórico: O Foxo do Castelo.
- 4- Posta en valor dos restos arqueolóxicos procedentes da primeira intervención arqueolóxica que teñan interese patrimonial: Pozo do Castelo, Canle granítica de desague, Cimentación de Torre de cronoloxía anterior ao actual edificio.
- 5- Adecuación do piso interior do Castelo, Patio de Armas e diversas habitacións

Para a intervención arqueolóxica desenvolvida interesounos especialmente, en relación ao proxecto técnico, os puntos 3, 4 e 5.

- 3. Limpeza do contorno do Edificio Histórico: O Foxo do Castelo.

O Foxo defende o Castelo, situado a pé de ladeira, polo oeste, escavado na rocha. Ten 5 metros de ancho e 3 metros de altura, decrecendo en dirección leste-oeste.

A estrutura defensiva atopábase enteiramente cuberta de maleza, monte baixo e incluso especies arbustivas.

Intervención:

A intervención que se propuxo foi a realización da limpeza integral do mesmo utilizando ferramenta manual, sen alterar o subsolo durante os traballos arqueolóxicos, definindo a estrutura exacta deste elemento defensivo.

- 4. Posta en valor dos restos arqueolóxicos procedentes da primeira intervención arqueolóxica que teñan interese patrimonial: Pozo do Castelo, Canle granítica de desague, Cimentación da Torre de cronoloxía anterior ao actual edificio.

Os restos arqueolóxicos citados atopábanse illados da terra e maleza de abandono por un xeotextil, agás o pozo, que simplemente estaba en situación de abandono, cuberto de maleza.

Intervención:

Propuxemos a reescavación até o xeotextil por medios manuais, para evitar posíbeis danos ás estruturas, e posterior limpeza que fixemos extensiva ao Pozo.

A descuberta dos restos arqueolóxicos permitía completar cotas, así como o seu coñecemento pola arquitecta responsábel do proxecto técnico para valorar e concretar a futura actuación no Patio de Armas do edificio histórico. Forma parte dunha actuación global preventiva e de posta en valor. A tarefa coidamos que era obrigada e oportuna que evitar os riscos de destrución que todo proxecto de rehabilitación leva no subsolo, ao tempo que axuda a cumprir unhas correctas directrices de actuación patrimonial.

- 5. Adecuación do piso interior do Castelo, Patio de Armas e diversas dependencias.

Para acadar este obxectivo era preciso completar o coñecemento arqueolóxico do subsolo das diversas habitacións do edificio e tomar cotas para que a arquitecta responsábel do proxecto técnico puidera definir e concretar a actuación de rehabilitación interior.

Intervención:

Sondaxes valorativas manuais.

Os fins propostos serían:

1º- Achegar os datos e coñecementos necesarios para definir a actuación arquitectónica.

2º- Completar o recoñecemento de particularidades constructivas do edificio, mediante a exhumación dos posíbeis niveis de derrube e pavimentado, para definir materiais utilizados e a súa disposición. Outros elementos probábeis, como escaleiras interiores de madeira, quizais podían ser testemuñadas.

3º- Descubrimento de niveis de destrución que confirmarían ou desbotarían episodios históricos contemplados en fontes documentais ou remodelacións de edificio.

4º- Contextualización estratigráfica da/s etapa/s do Castelo, que puidera ser a base de apreciación das súas diferentes fases de utilización.

5º- Caracterización ergolóxica do proceso histórico presente no Castelo, en relación co punto 4º.

6º- Ao través do estudo dos restos materiais, obter cronoloxías plausíbeis que achegarían datos á historia da edificación e ao seu ámbito de influencia, como contribución a estudos máis xerais sobre a Baixa Idade Media na zona. Achegarse á realidade do amplo dominio da Casa dos Andrade na zona centro-occidental da comunidade galega.

7º- Contribuír a un mellor coñecemento da realidade desta fase histórica en Galicia, mediante o estudo detallado dos seus testemuños.

Plano de Traballo.

Na primeira intervención arqueolóxica no Castelo de Moeche as sondaxes e as cuadrículas en área distribuíronse segundo unha cuadriculación cartesiana na que un dos eixes levaba orientación N-S. Cada un dos cadrados base cumpría 16 metros cadrados (4x4 m.), até un total de 20 cadrados.

Propuxemos completar, para a nova toma de datos, a escavación cun cadrado de intervención en cada unha das habitacións e no Patio de Armas, agás no interior da Torre de Homenaxe por carecer de potencia estratigráfica, como amosou a primeira intervención arqueolóxica.

A recollida de material arqueolóxico, para a súa agrupación, tratándose dun recinto habitacional, tería en conta as divisións das diversas dependencias, con acoutamentos que marcarían as concentracións significativas que axuden a clarear a funcionalidade das estancias, un dos fins desta intervención arqueolóxica.


Propuxemos inicialmente a escavación arqueolóxica dun total de 96 metros cadrados, distribuídos en 6 unidades de sondaxe manual de 4x4 m. A intervención comprendería as tarefas seguintes:

- a- Comprobación estratigráfica do subsolo. Comprobación da orixe de todos os indicios arqueolóxicos. A exhumación de estruturas levaría a súa contextualización estratigráfica e certificación de seu contexto cronolóxico e cultural.
- b- Documentación do subsolo. Recolleríanse, de xeito que permitira unha mellor contextualización, aqueles restos materiais que puideran documentar e centrar cronoloxicamente a secuencia estratigráfica.
- c- Documentación gráfica. Para reproducir axeitadamente as características do subsolo recoñecido realizaríase:
 - . Plano acoutado de planta a escala 1: 100 no que se reflectan as unidades escavadas e as estruturas descubertas, se fose o caso.
 - . Debuxo e fotografado dos perfís estratigráficos máis representativos das unidades de sondaxe.
 - . Reportaxe fotográfica da escavación.

Aplicamos técnicas de documentación estratigráfica tridimensional, utilizando o sistema de rexistro baseado no concepto de unidade estratigráfica, diferenciando as unidades, sinalando características e compoñentes, rexistrando todo en fichas. Comprobouse a calidade dos depósitos, primario ou secundario, a súa natureza e orixe.

Os resultados iniciais da intervención arqueolóxica motiváronnos a solicitar á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural permiso para reformular as sondaxes arqueolóxicas, necesarias para acadar os obxectivos do proxecto de actuación arqueolóxica e arquitectónica. Comunicamos o seguinte:

- 1- A unidade de sondaxe situada no Baluarte adaptouse a 2x3 metros cadrados, sendo imposible escavar 4x4 metros cadrados porque cortábamos o acceso a través da poterna á zona norte do foxo utilizado como entulleira e lugar onde se queimaba a maleza procedente da limpeza do elemento defensivo.
- 2- Propuxemos unha sondaxe arqueolóxica de 3x3 metros cadrados no foxo para recoñecer adecuadamente a súa estrutura e o nivel de recheo até a rocha, a obra



Escavacións arqueolóxicas no Castelo de Moeche



PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE LA REHABILITACIÓN DEL
CASTILLO DE MOECHE - FASE I

ESCALA: 1/100

PARTE: CASTILLO DE MOECHE

SITUACIÓN: MOECHE - SAN XURXO - A GARCÍA

ARQUITECTO: ALFONSO GARCÍA

DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO
CULTURAL

PLANTA TOPO

P.1

orixinal. O proxecto de execución formulará na seguinte fase de intervención a recuperación integral deste elemento defensivo, xa que nesta fase só se realiza unha limpeza superficial do mesmo, limpeza do manto vexetal que o cobre.

3- Dada a escasa potencia estratigráfica do Castelo, exhumándose sen embargo estruturas anteriores á actual construción, faise necesario ampliar puntualmente algunha unidade de sondaxe para poder documentar os restos escavados, situando as ampliacións no plano de intervención que se presenta no informe preliminar.

O 13 de marzo do 2002, o director xeral do Patrimonio Cultural resolve autorizando as modificacións e ampliación de sondaxes propostas.

TRABALLO REALIZADO

A actuación arqueolóxica foi executada conforme ao proxecto previsto, coa modificación solicitada e autorizada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, ampliación e variación dalgunha sondaxe por necesidade, tanto do proxecto de execución como polos primeiros resultados da intervención arqueolóxica.

Indicabamos no Plano de Traballo do Proxecto Arqueolóxico que realizaríamos a escavación de unidades de traballo de 4x4 metros situadas en cada unha das habitacións e no Patio de Armas, seguindo a cuadrícula cartesiana na que un dos eixes leva orientación N-S, completando a primeira intervención arqueolóxica, tomando como base o plano de Castelo cuadrículado. Debemos salientar que, como consecuencia desta proposta, as medidas das unidades de sondaxe non son exactas, 4x4 m., no caso de coincidir con medianeiras da construción, como se pode observar no plano do Castelo.

De acordo co exposto as actuacións realizadas, conforme os 5 puntos do proxecto de rehabilitación e conforme o manifestado no proxecto arqueolóxico que só interesaban os puntos 3, 4 e 5, así como a modificación posterior, foron as seguintes:

- 3. Limpeza do contorno do Edificio Histórico: O Foxo do Castelo.

Realizamos a limpeza integral do mesmo e unha sondaxe para valorar a súa estrutura orixinal.

- 4. Posta en valor dos restos arqueolóxicos procedentes da primeira intervención arqueolóxica que teñan interese patrimonial: Pozo do Castelo, Canle granítica de desaugue, Cimentación da Torre de cronoloxía anterior ao actual edificio.

Completamos a limpeza e reescavación do Pozo e Canle, deixando protexida a cimentación da Torre para evitar as posíbeis agresións como consecuencia da utilización do espazo interior do Castelo, o patio, como base para traballos de limpeza e consolidación dos paramentos, lugar de colocación de pedra, estadas; en definitiva, lugar de paso.

- 5. Adecuación do piso interior do Castelo, Patio de Armas e diversas dependencias.

Iniciamos a escavación das seguintes unidades de traballo, definidas por letra e número conforme o plano cuadriculado do Castelo, pero que xa podemos relacionar cunha determinada funcionalidade:

-G7, F7. Habitación da servidume.

-C5. Xente de Armas.

-A9, B9, C9. Cociña.

-D2. Baluarte.

-D11. Patio de Armas. Cabalarizas.

-E9, E10. Patio de Armas.

Autorizada a modificación e ampliación do proxecto, completamos a escavación de:

-A8, B8. Ampliación Cociña.

-G8, F8. Ampliación Servidume.

-G2, G3, F3. Ampliación Baluarte.

-Torre de Homenaxe. Limpeza até cota de obra, -40 cm.

A intervención arqueolóxica permitiu o recoñecemento e valoración do subsolo do Edificio Histórico, acadando os obxectivos propostos, achegando datos novidosos e interesantes que provocaron a necesidade de redefinir a actuación arquitectónica, como por exemplo o descubrimento de niveis de destrución dunha fortaleza anterior ao actual Castelo que confirma un episodio histórico importante dentro da historia galega como é a revolución irmandiña na comarca de Ferrolterra.

3- LIMPEZA DO CONTORNO DO EDIFICIO HISTÓRICO: O FOXO DO CASTELO

Nunha primeira fase de intervención no foxo medieval realizamos a limpeza integral da estrutura defensiva respectando a súa estrutura actual, é dicir, só limpeza de maleza sen tocar a superficie terrosa, a primeira capa de colmataxe do foxo.

Denantes da intervención o foxo atopábase enteiramente cuberto de maleza. Procedeuse inicialmente á limpeza manual de matogueira, silvas e vexetación arbórea, esta de forma selectiva, cortando pequenos espiños brancos, maciñeiras bravas, loureiros de menos de 10 anos, pequenos castaños e bieiteiros.

De acordo co criterio da arquitecta responsábel do proxecto, a tala de arbores é selectiva. Non se danaron os carballos, castiñeiros, freixos e bieiteiros crecidos, plantados dende hai tempo, situados no contorno do foxo, fundamentalmente na parte superior externa do mesmo, sobre os restos do parapeto externo, illando a estrutura defensiva do seu contorno inmediato.

A limpeza do elemento vexetal completouse coa queima controlada do mesmo.

Finalmente realizase a definitiva limpeza, deixando a capa superior do foxo a terra.

Esta actuación confirmamos a idea preconcebida de forma do foxo en U; apréciase nalgũa zona o corte vertical da rocha que forma a parede lateral do foxo, sobre o nivel de colmataxe. De todas formas considerabamos que só a realización dunha sondaxe podía confirmar esta primeira hipótese de traballo, documentándose o nivel de colmataxe, valorando a profundidade da defensa en orixe. Ao tempo acadáriase obxectivo de propoñer, nunha seguinte fase de actuación, a recuperación da estrutura orixinal do foxo, recoñecido previamente nesta fase de intervención.



Escavación do foxo.

Sondaxe valorativa no foxo

Extensión inicial: 30 metros cadrados, 4 de ancho x 7,50 de longo.

Extensión final da sondaxe. 2, 10 m. de ancho x 3, 50 m. de longo; o resultado inicial da escavación fixo innecesario estender a intervención a toda a superficie proposta inicialmente porque o obxectivo final, recoñecer a estrutura orixinal, acadouse coa valoración da metade da superficie prevista.

Profundidade: 6, 80 metros dende a capa superior recoñecida ao rematar a limpeza da maleza.

A sondaxe limita coa parede interna do foxo situada ao norte e remata aproximadamente á metade do elemento defensivo.

Previo ao inicio da escavación realizase unha limpeza en profundidade da cara interna da rocha, xisto de Moeche, que forma a cara interna do foxo, apreciándose desta forma as marcas que deixaron os picos utilizados para escavar esta defensa do Castelo.

Estratigrafía: A estratigrafía estrutúrase en dous niveis:

Nivel 0: Formado polo manto vexetal e a terra vexetal.

Capa 0: Manto vexetal con abundantes restos de lixo, do uso moderno do foxo como vertedoiro de lixo.

Capa 1: Terra vexetal de cor pardo escura con abundantes raíces; escasa potencia, entre 10-20 cm.

Nivel 1: Formado polo abundante derrube procedente do parapeto.

Capa 2: Terra de cor parda clara con abundante pedra pequena e mediana procedente do parapeto; aparece moi limpa, sen material.

Capa 3: Substrato, xisto con pegadas de corte. Apréciase o corte en plano inclinado da rocha en ambas as dúas partes da sondaxe; inicialmente, na parte superior aparece con corte vertical pero ao profundar na escavación documéntase a inclinación e aproximación das dúas paredes do foxo até a súa unión, dando unha forma en V. O motivo desta unidade de sondaxe foi documentar a estrutura orixinal do foxo; a limpeza do elemento vexetal deixou ao descuberto as paredes da rocha nai, nalgunha zona cortadas verticalmente e enfrontadas, semellando polo tanto un foxo en U. Descoñecíamos o grao de colmataxe do mesmo, e propuxemos unha sondaxe co obxectivo de acadar a profundidade orixinal, apreciar os traballos extractivos, cortes na rocha e estrutura real da defensa. O resultado amosa finalmente un foxo en V que acada unha profundidade, dende o actual solo, de 6, 80 metros, pero debemos sumar 3, 40 metros dende o mencionado actual solo do foxo até a parte superior do parapeto interno, en total 10, 20 metros.

4 - POSTA EN VALOR DOS RESTOS ARQUEOLÓXICOS PROCEDENTES DA PRIMEIRA INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA QUE TEÑAN INTERESE PATRIMONIAL: POZO DO CASTELO, CANLE GRANÍTICA DE DESAUGUE

O Pozo do Castelo atópase encostado á cara externa do muro medianeiro que separa a cociña do Patio de Armas, sendo de forma circular, irregular, cun diámetro medio de 140 cm. e unha profundidade de 9, 90 m. A Canle exhumada conserva parte en pezas de cantería e parte en cachotería, realizándose unha descrición máis exhaustiva no capítulo adicado a apuntes arqueolóxicos.

Procedeuse á limpeza e reescavación do manto vexetal e terra acumulada por 12 anos de abandono. Utilizamos medios manuais, recuperando as estruturas mencionadas, parte do peitoril do pozo encostado ao muro medianeiro e catro pezas graníticas do canle, así como o inicio da parte realizada en cachotería.

Finalizada a recuperación do pozo e canle, tómanse cotas e delimitase o espazo reescavado até a definitiva reformulación do proxecto de execución. Facemos unha reportaxe fotográfica denantes da intervención e ao remate da mesma.

5-ADECUACIÓN DO PISO INTERIOR DO CASTELO, PATIO DE ARMAS E DIVERSAS DEPENDENCIAS.

SONDAXES ARQUEOLÓXICAS.

Unidade de sondaxe C5-Xente de Armas

Extensión: 8, 58 metros cadrados. N-S, dende o acceso ao Torreón até o perfil S., 3, 30 m., L-O, limita coa escavación do ano 1991, 2, 65 m.

O proxecto de execución contempla a construción dun empedrado nesta habitación da Xente de Armas. A necesidade de tomar referencia de cotas para evitar danar posibles restos arqueolóxicos, obrigounos a situar esta sondaxe. No ano 1991 realizamos sondaxes encostadas ao muro que separa esta habitación do Baluarte.

Estratigrafía: A estratigrafía antrópica estruturase en dous niveis:

Nivel 1: Forman este nivel as capas modernas, moi revoltas, con material actual mesturado con cerámica medieval.

Capa 0: Manto vexetal herbáceo como consecuencia do abandono que sufriu o Castelo dende o ano 1991, ano no que se realizara unha limpeza integral da superficie de todo o recinto interior da construción.

Capa 1: Terra escura que é un recheo con cascallo groso, tella e materiais modernos mesturados con anacos de cerámica medieval e restos faunísticos. A potencia media é de 25 cm.

Nivel 2: Formado por unha capa estratigráfica que documenta o nivel medieval de construción do actual Castelo.

Capa 2: Recheo de xistos de gran tamaño, utilizados para nivelación do subsolo, evitando as desigualdades do substrato xeolóxico, que é un filón de xisto con orientación leste-oeste

Estructuras.

Exhumáronse tres restos estruturais:

1- Cimentación do Torreón. O soporte ou base do Torreón son os xistos de gran tamaño que van servir tamén de recheo de nivelación.

2- 3- Dúas estruturas semellantes de sección cadrada, realizadas en cachotería que denominaremos contrafortes, malia que posibelmente a súa función non sexa actuar como tales contrafortes; o que se localiza no perfil oeste mide 98x60 cm. e o situado no perfil leste 72x50 cm. Durante a escavación realizada no ano 1991 saíron varios contrafortes, a maioría encostados a muros medianeiros ou ben aos paramentos internos das paredes da fortaleza que son suficientemente anchos para precisar reforzos internos. Por outra parte os medianeiros non necesitan a actuación de contrafortes; consideramos a posibilidade dunha reforma nas intencións da obra,



Cerámica medieval.

é dicir, que nun principio estas estruturas con forma de contrafortes ían servir de base a modo de repisas ou soporte dos pisos de madeira, considerándose posteriormente a súa ineficacia, substituíndoas polas repisas corridas ao longo dos muros, actualmente conservadas.

Materiais.

A máxima concentración de material localizouse no ángulo sueste do cadrado de escavación, saíndo unha bolsa de cerámica, fragmentos óseos, mesturados con cristais e material moderno. A cerámica é medieval pero aparece en depósito secundario, moi alterada a estratigrafía polas remocións do subsolo.

Unidade de sondaxe D11. Cabalarizas. Patio de Armas.

Superficie: 10, 40 metros cadrados. N-S 4 m., L-O 2,60 m.
Fondura acadada: 37 cm.

Estratigrafía: Estruturase nun só nivel arqueolóxico.

Nivel 1: Formado por dúas capas naturais:

Capa 0: Manto vexetal herbáceo.

Capa 1: Solo natural que é a rocha de xisto. Apréciase no extremo leste da

cata a cimentación da muralla do Castelo actual colocando as primeiras fiadas directamente sobre a rocha. As desigualdades do filón de xisto que en superficie descomponse con facilidade, resólvense con recheo de terra parda escura que aparece por todo o cadrado mesturada con algún anaco cerámico, e unha potencia entre 22-37 cm.

Estructuras.

Non se recuperan restos estruturais, pero a rocha nai co recheo terroso serviría de base para a colocación dun pavimento pisado, endurecido con arxila sobre o que se colocaría empedrado de lousas, dato que nos aparece noutra cata do Patio de Armas. A información histórica sitúa nesta zona as cabalarizas, hipótese que consideramos moi probábel; os cabalos necesitan un chan moi duro e regular cando están nas cabalarizas para poder coucear sen problemas, e xustamente é nesta área do Castelo onde a rocha agroma case en superficie, precisando soamente a construción dun empedrado regular.

Materiais.

Os restos materiais son moi escasos, apenas algún anaco cerámico medieval que aparece coa terra de nivelación.

Unidade de sondaxe E9-E10. Patio de Armas.

Esta unidade de sondaxe toma parte da superficie de dous cadrados diferentes segundo o cuadrículado base do Castelo. Xa indicamos anteriormente que por causas de muros medianeiros ou ben como consecuencia do límite das actuais sondaxes coas unidades de escavación da campaña do ano 1991, determinarían as medidas da actual intervención, como sucede na unidade de sondaxe E9, E10.

Superficie: 12, 40 metros cadrados. N-S 4 m., L-O 3, 10 m.
Fondura acadada: 30 cm.

Estratigrafía: A estratigrafía antrópica estrutúrase en dous niveis arqueolóxicos:

Nivel 1: Formado por dúas capas estériles:

Capa 0: Manto vexetal herbáceo.

Capa 1: Terra pardo escura con cascallo e moi pouca potencia, resultado da colmataxe por abandono do Castelo.

Nivel 2: Forman este nivel dúas capas relacionadas co uso e abandono do actual Castelo.

Capa 2: Derrube de lousas de pequeno e mediano tamaño procedentes da teitume dos beirís que se apoiaban nos canzorros localizados nos paramen-

tos dos muros da construción ao longo do Patio de Armas. A base de sustentación serán postes de madeira, documentándose un dos furados de poste como veremos máis adiante.

Capa 3: Empedrado de lousa ou base do mesmo. Parte do cadrado de escavación presenta arxila cunha base de pedras de mediano tamaño que van nivelando o substrato de xisto. Noutra parte da cata consérvase o lousado orixinal, grandes lousas con barro pisado formando o solado do Patio de Armas.

Estructuras.

Destacaremos dous restos estruturais que se conservan in situ.

1- Lousado orixinal do Patio de Armas.

Consérvase unha lousa coa súa base de sustentación, calzada sobre pedras de xisto de mediano tamaño tomadas con arxila amarela, situadas sobre a rocha nai, amosando tamén a lousa sobre a súa superficie restos de arxila endurecida; ten 1,60 m. de lonxitude, 64 cm. de anchura máxima e un grosor medio de 18 cm.

2- Furado de poste.

Próximo ao ángulo nordeste da cata de escavación sae un furado de poste circular, cun diámetro de 26 cm., escavado na rocha, recuperándose ao escavalo cuñas de pedra que axudaban á fixación do poste de madeira. Localízase enfronte a un dos canzorros situados na cachotería do muro medianeiro que separa a habitación da servidume do Patio de Armas. Non hai dúbida sobre a súa funcionalidade, relacionada co canzorro, como soporte do teitume dun voo do Patio de Armas do Castelo actual.


Materiais.

Non abundan nesta unidade de traballo os restos ergolóxicos, pero si recuperamos anacos de cerámica medieval, restos faunísticos, algunha cuncha de ostra, única especie malacolóxica documentada nesta intervención, e dous numismas medievais.

Unidade de sondaxe A9-B9-C9. Cociña.

A8-B-8. Ampliación.

A funcionalidade de cociña atribuído a este espazo do Castelo pola documentación histórica confirmouse na escavación do ano 1991, recuperándose numerosos fragmentos de cerámica, algúns rotos e recuperados in situ, recompoñéndose case todo o cacharro, cerámica con restos de feluxe e clara funcionalidade relacionada coa alimentación. No piso superior deste espazo localízase a cheminea da construción.



A sondaxe da actual campaña limitouse ao espazo que non se escavara anteriormente, adosado ao muro medianeiro que o separa da habitación contigua, e á cara interna da muralla da construción, motivo polo que participan parte de tres cadrados diferentes, segundo cuadrículado base do Castelo. Malia isto, evidentemente estamos diante dun espazo arqueolóxico homoxéneo, no referente a resultados de intervención no subsolo. Precisamente os resultados iniciais suscitaron a necesidade de realizar unha ampliación da sondaxe, para obter unha visión completa dos restos estruturais exhumados.

Como indicamos anteriormente a estrutura interna do Castelo determina as medidas das unidades de sondaxe. Neste caso, as unidades de traballo esténdense a ambos lados do muro medianeiro de separación entre a cociña e a habitación contigua. Malia a uniformidade dos resultados, describiremos por separado o resultado da intervención, diferenciando as sondaxes de ambos lados do medianeiro.

A9-B9-C9. Cociña.

Superficie: 9, 28 metros cadrados. N-S 5, 80 m., L-O 1, 60 m.

Fondura acadada: 2, 05 metros.

Estratigrafía: A estratigrafía antrópica estruturase en tres niveis:

Nivel 1: Formado por dúas capas modernas:

Capa 0: Manto vexetal herbáceo

Capa 1: Terra escura con 35 cm.de potencia resultado da colmataxe e remocións modernas do subsolo; sae material completamente moderno, como plástico con restos de tella e lousa.

Nivel 2: Está formado por unha capa relacionada co momento de construción do actual Castelo.

Capa 2: Terra moi plástica de cor amarelento relacionada co remate de construción da parede medianeira entre a cociña e a habitación contigua, utilizada para nivelar o solo, cunha cronoloxía aproximada a finais do século XV.

Nivel 3: É o nivel antigo, relacionado coa primeira construción de Moeche, o Castelo ou Torre altomedieval arrasada polos Irmandiños no ano 1431.

Capa 3: Derrube pétreo procedente das paredes da muralla altomedieval que protexían a Torre. Parte do derrube utilizouse a partir do 1468 para construír as primeiras fiadas das paredes do Castelo actual.

Estructuras.

Baixo o derrube pétreo da capa 3, sae parte dun muro, observándose que pasa baixo o muro medianeiro que separa a cociña da habitación contigua, que o utiliza como base de sustentación; a



Muralla medieval baixo o actual castelo.

súa dirección non corre en paralelo á parede que forma parte da muralla do actual Castelo, senón que discorre en diagonal á mesma; aparece delimitado entre o perfil oeste e o muro medianoiro. Propuxemos a necesidade dunha ampliación para recoñecer a estrutura exhumada, dimensións e funcionalidade.

A8-B8. Ampliación.

A estratigrafía é exactamente a mesma que describimos para A9-B9-C9.

Estructuras.

Ao retirar o derrube pétreo, finalizada a escavación desta ampliación, sae a cara externa do muro exhumado, que se corresponde en realidade cunha muralla defensiva anterior ao actual Castelo; mide 2,60 m., escavándose en total unha lonxitude de 4 metros; continúa en dirección ao perfil oeste, dirección que a leva baixo a parede da actual muralla. Ao avanzar na escavación comprobábase que sae parte da antiga muralla nas catas realizadas no Baluarte, e na habitación da servidume.

Materiais.

O material recollido nesta área de escavación é escaso, pero segue a dinámica xeral de toda a escavación, material moderno mesturado con material antigo, é dicir, cerámica moderna con cerámica medieval, restos óseos e malacolóxicos, concretamente ostras, así como ferros, sobre todo cravos e chatolas.

Unidade de sondaxe A9-B9-C9. Habitación contigua á Cociña.

Separados por un muro medianeiro, os datos históricos atribúen a este espazo unha función de habitación ou dormitorio.

Superficie: 6, 525 metros cadrados. N- S 4, 50 m., L-O 1, 45 m.

Fondura acadada: 1, 60 metros.

Estratigrafía: A estratigrafía antrópica estruturase en tres niveis:

Nivel 1: Formado por tres capas modernas.

Capa 0: Manto vexetal herbáceo.

Capa 1: Terra gris escura relacionada cun cortello moderno e una potencia de 10-12 cm.

Capa 2: Terra escura con material moderno mesturado con cerámica antiga; correspóndese coa capa 1 documentada nas outras unidades de traballo; ten unha potencia de 37 cm.

Nivel 2: Está formado pola capa relacionada coa construción do actual Castelo.

Capa 3: Terra amarela de grande plasticidade, moi mesturada con arxila, e inicios de derrube procedente da muralla antiga.

Nivel 3: É o nivel relacionado coa fortaleza derrubada polos Irmandiños.

Capa 4: Derrube pétreo procedente do reforzo da antiga muralla altomedieval, que se escava até a cimentación sobre o substrato de xisto.

Estructuras.

Exhumáronse dous tipos de restos estruturais:

1- Banquetas de cimentación das paredes do actual Castelo.

1.1- Banqueta de reforzo de cimentación da muralla; sobresa 27 cm. da parede interna, recuperándose até 1, 37 m. de lonxitude, construída con pedras de mediano a gran tamaño de xisto.

1.2- Banqueta de reforzo de cimentación do muro medianeiro; sobresa 15 cm. da cara do muro recuperándose ao longo de toda a parede.

2- Reforzo defensivo da antiga muralla altomedieval.

Exhúmase parte do muro, cunha lonxitude de 1, 45m, e unha anchura de 1, 65 metros. Está delimitado cara ao norte pola banquetta de reforzo de cimentación da parede da actual muralla nesta zona, definida anteriormente como estrutura 1.1. Aparece roto cara ao sur, seguramente por mor da construción do muro medianeiro que separa esta habitación da cociña, reaproveitando precisamente o material pétreo da antiga construción para erguer a nova edificación. A dirección do antigo reforzo da muralla é leste-oeste, situándose baixo a banquetta de cimentación da parede

medianeira, definida anteriormente como estrutura 1.2. Ao non seguir a aliñación nin a anchura da muralla antiga e coincidir coa cimentación do muro medianeiro ao lugar previsíbel de encontro entre os dous muros antigos exhumados, ao tempo que a súa coincidencia constructiva co observado nas sondaxes do Baluarte onde se puido documentar a antiga muralla con reforzo defensivo, coidamos estar diante nesta unidade do traballo con outra parteda antiga muralla e un reforzo defensivo alterado polas obras da actual construción. Construído, igual que todas as estruturas escavadas, a base de fiadas horizontais utilizando pedras de xisto, lousa e toelo con algunha peza de granito, de mediano e gran tamaño.

Materias.

Cerámica medieval feita a man e torno, de diferente coloración na pasta, con restos de feluxe, mesturada con restos óseos e algún cravo de ferro.

Unidade de sondaxe G7, F7. Habitación da servidume. G8-F8. Ampliación.

A documentación histórica sitúa neste espazo da construción actual a habitación da servidume. A profunda alteración do subsolo impide que podamos atribuír con seguridade esta funcionalidade á área escavada, pero si podemos documentar parte da antiga muralla da fortaleza alto-medieval asaltada polos Irmandiños.

Superficie: 11, 52 metros cadrados.

Fondura acadada: 1, 40 metros.

Estratigrafía: A estratigrafía antrópica estruturase en tres niveis:

Nivel 1: Formado por dúas capas modernas de colmataxe e recheo.

Capa 0: Manto vexetal herbáceo.


Capa 1: Capa de terra con moita tella fragmentada e unha potencia de 30 cm., acompañada de material moderno e algunha cerámica medieval.

Nivel 2: Este nivel ven determinado por dúas capas relacionadas coa construción e abandono do actual Castelo.

Capa 2: Terra de cor pardo escuro con abundantes restos de lousa e tella fragmentada con carbonciños e moito material medieval. Sería a capa de abandono.

Capa 3: Distínguese esta capa por aparecer moi endurecida a súa parte superior, con arxila e lousa miúda, moi pisada como dándolle forma de base dun lousado de habitación, hoxe desaparecido. Báixase a capa cunha potencia de 30 cm., aportando cerámica medieval, ostras, ósos, mesturados con anacos de tella e lousa.

Nivel 3: Este nivel correspóndese o momento de destrución da fortaleza antiga.



Está formado por unha soa capa que sinala a cota da muralla altomedieval.

Capa 4: Arxila amarela con pedra marca esta capa, situada sobre a fiada superior dun muro que adoptaba en principio forma circular recordando un posíbel pozo, ou ben parte dun muro máis ancho. Para definir a estrutura exhumada fíxose necesario realizar unha ampliación da sondaxe.



Interior castelo, muralla medieval.

G8-F8. Ampliación.

Superficie ampliación: 18, 17 metros cadrados. N-S 3, 95 m., L-O 4, 60 m.
Fondura acadada: 1, 40 m.

Estratigrafía: A estratigrafía é igual á descrita anteriormente, a correspondente a G8-F8.

Estructuras.

A escavación da ampliación da sondaxe confirma a exhumación de parte da muralla relacionada cunha fortaleza altomedieval anterior á actual construción. Escavouse unha lonxitude de 6, 15 metros cunha anchura media de 2, 35 metros e dirección nordeste-suroeste. Recuperamos parte da cimentación realizada en cachotería de fiadas horizontais con pedras de mediano e gran tamaño. A materia prima é a utilizada posteriormente na actual fortaleza, en moitos casos reaproveitada, xistos verdes, toelo ou serpentina de Moeche, e lousa negra facies serra da Faladoira. A cara exterior da antiga estrutura defensiva atópase desfeita pola posterior construción a finais do século XV da parede da muralla do Castelo actual, así como dun contraforte da mesma.; aproveitan a pedra da muralla altomedieval para levantar a actual. As pedras da antiga construción están tomadas con arxila amarela a diferenza da construción actual que se toman con morteiro pobre.

A cara interna da antiga muralla conservase presentando un paramento regular reforzado na cimentación por unha banqueteta. Ao longo da superficie interior que delimita a defensa esténdese unha capa de carbóns con arxila avermellada, mostra dos restos dun incendio que afectou á construción, claramente o derribo e incendio irmandiño.



Inicio de escavación e limpeza do Baluarte.

Na capa 3 documentáramos restos de incendio, con toda seguridade relacionado co piso superior do actual Castelo, pero o que afecta á construción antiga é moito maior e máis extenso.

A cimentación da muralla altomedieval realízase sobre o solo natural, substrato de xisto moi irregular, pero nivelado coa propia rocha descompuesta mesturada con arxila conseguindo unha base endurecida e horizontal. Cerca do perfil nordeste a muralla inicia unha curva, que nos indica claramente que adopta unha forma circular ou tendente a circular, rodeando o torreón central.

Materiais.

Recupéranse numerosos fragmentos cerámicos, en capas inferiores carbonizados, pero de cronoloxía medieval, así como restos óseos e malacolóxicos, recuperando unha bolsa de ostras encostada á cara externa da antiga muralla cara ao perfil leste, o que indica a posíbel localización dun concheiro altomedieval.

Unidade de sondaxe D2. Baluarte.

G2-G3-F3. Ampliación Baluarte.

Indicabamos na introducción deste informe os motivos da modificación de determinadas unidades de traballo a causa de factores como proxecto técnico, funcionalidade de situación dalgunhas sondaxes e límites de espazo determinadas pola propia construción. Inicialmente a cata do Baluarte non se puido adaptar ás medidas propostas no proxecto e, finalmente, como consecuencia do resultado da intervención foi necesario ampliar a escavación nesta área do Castelo.

Superficie inicial: 10, 40 metros cadrados, reducidos a 5, 40 metros cadrados finalmente, reformulando a extensión para situar unha sondaxe no foxo e recoñecer a súa estrutura en orixe.

N-S 2 m., L-O 2, 70 m.

Fondura acadada: 2, 20 m.

Estratigrafía: A estratigrafía antrópica estrutúrase en tres niveis:

Nivel 1: Formado por dúas capas modernas de colmataxe e abandono.

Capa 0: Manto vexetal herbáceo.

Capa 1: Terra gris clara con pedra miúda moi recente, anacos de material actual e unha potencia de 20 cm.

Nivel 2: Formado por unha capa de nivelación relacionada coa construción actual, pero moi revolta por remocións modernas.

Capa 2: Terra de cor moi claro con abundante pedra miúda, e abundantes restos cerámicos modernos como louza e medievais, ademais de ósos e cunchas; a potencia desta capa varía entre 30-45 cm.

Nivel 3: Este nivel ven determinado por unha capa relacionada coa antiga estrutura defensiva, a muralla altomedieval.

Capa 3: Derrube pétreo con arxila procedente da defensa.

A derradeira capa é o substrato, xisto de Moeche.

Estructuras.

Encostado ao perfil leste exhúmase parte da muralla altomedieval. Conserva unha altura de 1, 50 metros, realizada en cachote de fiadas horizontais con pedras de mediano e gran tamaño tomadas con arxila amarela moi plástica, e acuñacións a base de pedras diminutas. Cimentase a derradeira fiada directamente sobre a rocha nai, que aparece cortada, apreciándose o traballo da gabia de cimentación enfrontada á cara externa da muralla, a 82 cm., documentándose nidiamente o corte da rocha en noiro. A parte superior da rocha conserva os restos dun posíbel parapeto de reforzo, exhumándose só os restos do mesmo, pedras grandes colocadas a óso.

Apréciase perfectamente a curva da muralla, en dirección norte-sur semellando conservarse ao longo do Baluarte. Escavouse a 65 cm. do nivel superficial.

A necesidade, cara ao futuro proxecto de valorización patrimonial do Castelo de Moeche, de determinar o grao de conservación dun elemento tan singular como a antiga muralla relacionada coa fortaleza arrasada polos irmandiños fixo necesario realizar unha ampliación da sondaxe situada no Baluarte, sendo necesario ademais por estar nunha zona conflictiva para a formulación de solucións dentro do proxecto técnico, por ser a zona de paso obrigada dende a porta principal do Baluarte cara ao acceso á Torre de Homenaxe, e en definitiva ao interior do actual Castelo.


G2-G3-F3. Ampliación Baluarte.

Superficie: 31, 02 metros cadrados. N-S 6, 60, L-O 4, 70 m.

Fondura acadada: 1,50 metros.

A escavación toma parte das tres catas nomeadas segundo cuadrilado base, limitando coa porta de acceso á Torre de Homenaxe.

Estratigrafía: A estratigrafía é igual á descrita para a unidade de sondaxe D2, variando só a potencia das capas modernas.



Muralla no Baluarte.

Estructuras.

Exhumamos a continuación da muralla altomedieval, que escavamos até 1, 40 m. de profundidade, sen chegar a detectar a cimentación da mesma. A causa da necesidade da ampliación e non estar previsto inicialmente tocar este espazo da construción, limitados pola infraestrutura da obra prevista, e polos prazos de escavación, non foi posíbel continuar a escavación en área e profundando até chegar ó solo natural; pero cumpriuse o obxectivo de comprobar si continuaba a antiga defensa da fortaleza altomedieval, así como o seu estado de conservación dende o punto de vista do seu carácter como patrimonio arqueolóxico monumental.



Muralla e torreón do castelo medieval asaltado polos Irmandiños.

Un extremo da muralla escavada neste punto do Castelo ten un remate moi regular e apóia-se noutro muro facendo esquina en ángulo recto; é un reforzo defensivo da muralla; escavamos dende a rocha que aflora ao leste até o remate do reforzo defensivo, en total 3, 10 metros. Recuperamos o ángulo deste reforzo defensivo que aparece moi ben conservado ao longo de 1, 15 m., dirección N-S, paralelo á liña da muralla, pero cara ao sur atópase cortado pola construción da cimentación, con sistema de triple banquetta, da parte frontal exterior da Torre de Homenaxe. A muralla conserva unha anchura de 1, 80 m., dende a rocha situada ao leste (que serviría de cimentación á continuación da muralla até acadar os 2, 30-2, 40 m.) até o paramento externo situado ao oeste, e unha lonxitude N-S, dende o perfil N., até o apoio no reforzo defensivo, de 2 metros.

Materiais: Cerámica moderna e medieval, restos óseos e malacolólicos, e abundantes cravos e chatolas

Torre de Homenaxe. Limpeza até cota de obra -40 cm.

Realízase unha limpeza en área da superficie da Torre do Homenaxe. A cota de obra do proxecto de execución é -40 cm., dende o actual nivel do solo, para colocar o piso empedrado contemplado no proxecto.

Consecuentemente propuxemos unha limpeza e reescavación, xa que este espazo foi escavado na campaña do ano 1991, en gran parte, considerando que no subsolo tiñamos documentada

unha capa de recheo ou nivelación sobre a rocha nai, que incluso aflora por partes como por exemplo na porta de acceso dende a Torre ao Patio de Armas.

Como resultado da intervención recuperamos a continuación do canle de desaugue que tiñamos escavado na primeira campaña, saíndo ao longo de toda a superficie dende a Porta de acceso dende o Patio até o Baluarte, parte en cachotería parte escavado na rocha. Esta vai aflorando ao longo de toda a superficie, agás dende o centro da Torre até o sur, dirección porta de comunicación co Baluarte, onde documéntanse os restos da antiga muralla; só consérvase parte da cimentación da mesma, derradeiras fiadas colocadas directamente sobre a rocha nai, que aparece moi descomposta por partes, como se fora traballada para nivelar o terreo e asentar a cimentación da muralla. Esta non presenta cara externa nin interna, atopándose neste espazo, moi alterada por mor dos traballos de cimentación da actual Torre de Homenaxe.

Aparece a soleira da Torre, e coñecemos pola escavación realizada no Baluarte, a cimentación da mesma, reforzada por unha triple banquetta que se estende en dirección leste-oeste, dende a rocha nai que xa indicamos que afloraba ao leste até a poterna de acceso ao Baluarte.

CONCLUSIÓNS PROVISIONAIS

A intervención arqueolóxica realizada no Castelo de Moeche, primeira fase, acadou os obxectivos propostos. En relación ao proxecto técnico de execución interesaba, dentro do proxecto da actuación arqueolóxica:

- 1- A recuperación do Pozo e Canle do Castelo para a súa posta en valor.
- 2- Recoñecer a estrutura orixinal do Foxo para a súa posta en valor.
- 3- Aportar datos, coñecementos e cotas para definir determinados aspectos da actuación arquitectónica.
- 4- Completar o recoñecemento de particularidades constructivas do edificio, mediante a exhumación dos posíbeis niveis de derrube e pavimentado, para definir materiais utilizados e a súa disposición.

En relación ao proxecto arqueolóxico, ademais do xa mencionado, interesaba:

- 1- Descubrimento de niveis de destrución que confirmaran ou desbotaran episodios históricos contemplados en fontes documentais ou remodelacións do edificio.
- 2- Contextualización estratigráfica da etapa/s do Castelo, que puideran ser a base de apreciacións das súas diferentes fases de utilización.
- 3- Caracterización ergolóxica do proceso histórico presente no Castelo, en relación co punto 2.
- 4- A través do estudo dos restos materiais, obter cronoloxías plausíbeis que

acheguen datos á historia da edificación e ao seu ámbito de influencia, como contribución a estudos máis xerais sobre a Idade Media na zona. Achegarse á realidade do amplo dominio da Casa dos Andrade na zona centro occidental da Comunidade Galega.

5- Contribuír a un mellor coñecemento da realidade desta fase histórica en Galicia, mediante o estudo detallado das súas testemuñas.

Evidentemente, até o estudo detallado de todos os restos ergolóxicos e todos os datos recollidos durante a intervención arqueolóxica, non debemos máis que adiantar unhas conclusións provisionais que poden verse modificadas. De todas formas si podemos asegurar que a exhumación da estrutura defensiva amurallada está relacionada co torreón recuperado na escavación realizada no ano 1991. Documentase polo tanto a existencia dun asentamento defensivo que responde á tipoloxía de torreón altomedieval reforzado con defensas perimétricas, que semellan circulares, consistentes en muralla e foxo. Coñecemos un asentamento da mesma tipoloxía e cronoloxía altomedieval no concello de Ortigueira, no que realizamos dúas intervencións arqueolóxicas, o Castelo do Casón.

A exhumación dos restos estruturais mencionados, relacionados estratigraficamente cun nivel de incendio moi potente, indícanos unha destrución violenta da construción.

Consideramos, como hipótese de traballo, o levantamento da fortaleza na época altomedieval, pero aínda descoñecemos a familia reponsábel da súa construción. É posíbel que Henrique II, dentro da súa política mercedes henriqueñas, ceda a Freire de Andrade esta primeira fortaleza de Moeche, no ano 1369. No ano 1431, durante a primeira Guerra Irmandiña, a fortaleza sería asaltada polos irmandiños dirixidos por Roi Xordo, sendo arrasada. Permanecería abandonada até o ano 1469, finais da Revolución Irmandiña, momento no que os Andrade xa unidos ós Lemos obrigáran os seus vasallos a levantar unha nova fortaleza; non se realizaría a reconstrución do antigo torreón amurallado, que realmente tería máis unha función defensiva e de control dun territorio, non un lugar de residencia; construírías unha nova fortaleza, de maiores dimensións, unha complexa estrutura que serviría de residencia, senón permanente, si para pasar largas tempadas, o actual Castelo de Moeche que até a intervención arqueolóxica considerabamos o único castelo medieval do concello, pero debemos levar a época da súa construción a finais do século XV, inicios do século XVI.

A intervención arqueolóxica que propoñemos a continuación pretende, igual que na primeira fase, servir de apoio ao proxecto arquitectónico de actuación controlando as obras de 54 alteración do subsolo para evitar posíbeis danos a niveis arqueolóxicos, pero ao tempo asegurar a conservación dos restos arqueolóxicos exhumados na anterior intervención que non serán postos en valor pola súa incompatibilidade co proceso de rehabilitación do Castelo en determinadas habitacións e Patio de Armas, así como completar a investigación iniciada na primeira fase coa exhumación de parte da muralla da anterior fortaleza altomedieval completando a súa escavación fundamentalmente no Baluarte.

MELCHOR RICOY, MESTRE DE OBRAS

Carola Macedo Cordal e Carmen Otero Roberes

*Non desmaiare...!
Ampara alén...!
Eixiña o labrexo...!
Vaidal-a chumeira...!
Carguen mociños...!
que está chegando
ó seu descanso...!
Ala por todos...!
Cantiga de canteiro*

INTRODUCCIÓN

Un dos oficios máis estendidos en Galicia foi o de canteiro, xa que a pedra era o elemento fundamental da construción, sendo Pontevedra lugar de orixe de moitos deles. Desde aquí saían a traballar polas catro provincias e, algúns, non poucos, chegaron a esta comarca; como a figura á que van adicadas estas páxinas, que, aínda que traballou como mestre de obras, vén dunha tradición vencellada co traballo da pedra.

Tiñan os canteiros unha fala propia "verba dos arxinas", e cantigas, que regulaban o esforzo dos traballadores.

ACHEGAMENTO Á SÚA VIDA

Nace o 11 de xullo de 1731 en Campo Lameiro, nese momento pertencente á xurisdicción de Cotobade e freguesía de San Miguel do Campo (Pontevedra) e por avatares da vida fixará a súa residencia en San Martiño (Cabanas, A Coruña). Foi o maior de cinco irmáns: Alberto, Mateo, Mariana e Ángela; pero será co primeiro co que vai traballar en moitas obras ao longo da súa vida, ambos os dous mestres de obras, contratistas e, ás veces, proxectistas das mesmas. A nosa elección de centrar este traballo na vida e obra de Melchor e non na dos dous irmáns débese a dúas razóns: unha é que a obra de Alberto está máis estudada e a súa figura é máis coñecida, e, por outra, o vencello que Melchor ten con nosa vila polo seu casamento e establecemento da súa residencia en Cabanas. Eran fillos de Raphael Ricoy Barro e Raphaela Bordel Caneda, veciños e naturais de Campo Lameiro. Murguía pensaba que o seu avó era Juan Ricoy, mestre ebanista en Pontevedra no século XVII, pero, en realidade, foron os seus avós paternos Matheo de Ricoy e Ángela Barro, veciños tamén da parroquia de San Miguel do Campo; e, os seus avós maternos, Matías Bordel e Valentina Caneda. Criouse Melchor nunha familia e nunha vila de canteiros e supoñemos que comezou aquí a súa aprendizaxe. Non hai que esquecer que na súa familia aparece o apelido Barro e non pode ser simple casualidade que se acostumase chamar "Barrosos" aos canteiros que provi-

ñan da provincia de Pontevedra, en especial aos de Cotobade; deles di Otero Pedrayo *"los barrocos tienen fama tradicional, forman asociaciones técnicas que emplean una jerga propia; han trabajado en todas las ciudades españolas, y en Galicia...Ellos trabajaron los pazos y las iglesias barrocas, y en todas partes son aún maestros en su arte"*.

Traballou Melchor co seu irmá Alberto, as máis das veces como o seu axudante, sendo este o que firmaría a maior parte dos contratos. Debido a esto, atopamos que algunhos traballos de Melchor foron atribuídos ao seu irmán, e viceversa. Malia que fixeron moitas obras xuntos, tamén despregaron o seu labor por separado, acadando certa sona na época e traballando cos mellores arquitectos dese momento.

A época destes irmáns coincidiu cunha etapa de crecemento na que eles desenvolveron o seu negocio de cantería, chegando a ser bastante coñecidos entre o gremio. Alberto tiña contactos coa Inquisición¹ e é de supoñer que usaría esta influencia coa igrexa para conseguir contratos de obras, nos que podemos incluír os que realizou para o Arcebispo Raxoi (Pazo de Raxoi, que era o Seminario de Confesores, Consistorio e Cárcere; Pazo do Inquisidor Martínez Nubla...). Melchor, na súa estancia en Santiago residiu co seu irmán no mesmo Seminario que estaban a construír, pero entre os dous houbo desavinzas debido á relación que Alberto mantiña coa criada e que Melchor desaprobaba. Aínda que este se mudará a Cabanas definitivamente por motivo do seu matrimonio, o traballo en Santiago non remata até 1772. En 1761 casa en Cabanas con Paula Valerio (tamén chamada Paula López) natural desta parroquia, coa que ten polo menos dous fillos, os que constan vivos ao falecemento da súa nai: o licenciado Francisco Ricoy, e o que foi párroco de San Andrés de Cabanas, Bernardo Ricoy.

Nesta parroquia realiza xunto co seu irmá a igrexa de San Martiño, ademais dalgúns reparacións na Casa Grande, e supoñemos a súa probábel participación nas outras obras que o seu irmá Alberto realiza baixo a tutela do arcebispo na vila de Pontedeume e arredores, xa que, aínda que non apareza o seu nome, sabemos que estaba en San Martiño do Porto acompañando a Alberto cando este é chamado para facer as torres da igrexa parroquial de Pontedeume. Realizarían ademais: a casa do arcebispo ou "Pazo de Raxoi", os almacéns do peirao e a desaparecida capela de Covés. En solitario fai a obra da fachada do convento dos Agostiños. Dende Cabanas sae para traballar noutras zonas de Galicia, como Silleda, onde proxecta e realiza a igrexa de Santa María dos Desamparados, e participa na construción da Carrilería e Real Plantío, estrada que ía de Santiago a Pontevedra, e de aí a Ponte Sampaio.

Foi ademais o fundador da Betarra, a casa familiar que construíu en Campo Lameiro, aínda que renunciou a ela para asentarse en Cabanas, onde faleceu o 22 de xaneiro de 1811, meses antes que a súa esposa Paula. Foi enterrado neste concello polo seu fillo Bernardo, na capela maior da igrexa de San Andrés, como así consta na partida da defunción *"En la parroquial iglesia de San Andrés de la villa de Cabañas y sepultura principal de la capilla mayor de ella, se le dio a el cadáver de don Melchor Ricoy, marido de doña Paula López Balerio, residente de dicha villa, que sin*

1. Segundo a información que se atopa nos documentos da familia Santos Ferro, descendentes de Matheo Ricoy.

poder haber sido administrado de los Santos Sacramentos, falleció el día veintidós de enero del año de mil ochocientos once, por haberle Dios llamado a mejor vida en un repentino ahogo, del que falleció, y su sepultura se verificó el día veinticuatro del mismo, asistiendo a sus exequias, que se verificaron el mismo veinticuatro y veinticinco, cuantos sacerdotes pudieron ser hallados en la circunferencia y comunidad de San Agustín de Puente deume. Y para que conste lo firmo. Firmado "Bernardo Ricoy".

A SÚA OBRA

PONTEDEUME

Raxoi encarga a nova fachada do Convento de Sto. Agostiño a Melchor que, como contrasta da mesma, cobra pola obra 66.000 reais. Nesta construción aprécianse características renacentistas na composición xeométrica sinxela; non embargante, hai elementos barrocos na porta principal que presenta unha moldura crebada con decoración de oreilleiras, xunto a outra moldura ornamental máis grande, que busca efectos de claroscuro e xigantismo, propios de este estilo.

CABANAS

Melchor e Alberto van traballar xuntos na construción da igrexa de San Martiño do Porto, que ten unha fermosa fachada barroca. Edificio de planta rectangular, na que se inscriben unha nave, un presbiterio e unha pequena sancristía. Consta dunha soa nave abovedada, dividida por arcos faixóns apoiados en piares pegados ao muro, que se unen entre si formando arestas nos laterais. Chégase ao presbiterio a través dunha bóveda de aresta. Pasando a porta de entrada atopamos un coro ao que se accede por unha escaleira lateral. No exterior, a fachada componse dunha espadana de dous corpos e dun frontón curvilíneo que remata nos extremos en dúas estípites; a porta está enmarcada por molduras mixtilíneas e, sobre ela, un frontón semicircular partido na parte alta pola figura de San Martiño a cabalo que

San Martiño do Porto.





Igrexa dos Desamparados.

aparece compartindo a súa capa cun mendigo. Por riba desta imaxe ábrese unha ventá e, sobre ela, unha decoración de placas.

Tamén aparecen nomeados Melchor e o seu irmán como autores de melloras na Casa Grande. O seu nome está na relación de débedas deixadas polo último propietario, Francisco Antonio Riobóo, onde se mencionan algunhas das obras realizadas: dous lagares de cantería e *"unha cheminea grande de perpiaño de cantería"*, a reedificación do pombal e o alpendre anexo, dos que se fala como *"casa para leña, granera y palomar enzima hecho de nuevo en la huerta"* e ademais da *"portada para entrar los carros"*, probabelmente o portalón da finca.

SILLEDA-STA MARÍA DE ABADES

